O CTG é un corpus textual de orientación terminolóxica que recolle documentos publicados pertencentes a rexistros especializados do galego contemporáneo. Contén textos publicados nos campos do dereito, da informática, da economía, das ciencias ambientais, das ciencias sociais e da medicina, totalizando máis de 13 millóns de palabras (Gómez Guinovart 2008). Trátase dun corpus desenvolvido no Grupo TALG e pode consultarse libremente na web (<http://sli.uvigo.es/CTG/>). O CTAG é unha versión do CTG etiquetada gramaticalmente e lematizada (Gómez Guinovart e López Fernández 2009). Na web (<http://sli.uvigo.es/CTAG/>) pode consultarse unha sección do CTAG de máis de 2 millóns de palabras, correspondente a unha selección de textos do dominio das ciencias ambientais.

2.4. Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG) e Corpus Xelmírez

O TMILG é un corpus diacrónico do galego, de máis de vinte millóns de palabras, elaborado no ILG baixo a dirección do profesor Xavier Varela (Varela Barreiro 2004). Este corpus medieval do galego, que contén a totalidade das obras non notariais publicadas da Galicia medieval (literarias, históricas, relixiosas, xurídicas e técnicas) e a práctica totalidade das obras notariais publicadas, está dispoñíbel na web (<http://ilg.usc.es/tmilg/>) para a libre consulta, previa alta no sistema. O Corpus Xelmírez, accesíbel quer de xeito independente (<http://sli.uvigo.es/xelmirez/>) quer a través do RILG, inclúe os textos do TMILG xunto aos correspondentes ao Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina (Galicia) (TMILL-G) e ao Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá (Galicia) (TMILC-G), permitindo a recuperación de información de textos da Galicia medieval redactados en calquera destas tres linguas. Este corpus lingüístico da Galicia medieval constitúe o alicerce do Inventario

Toponímico da Galicia Medieval (Martínez Lema et al. 2010), un recurso toponomástico dispoñíbel na web (<http://ilg.usc.es/itgm/>) baseado nos datos do Corpus Xelmírez.

3. REPERTORIOS LÉXICOS

3.1. Dicionario de Dicionarios

O *Dicionario de dicionarios* é un exemplo ilustre da confluencia harmoniosa de tradición e modernidade na lexicografía galega. Este dicionario é, en realidade, unha colección de obras lexicográficas dos séculos XIX e XX, recompiladas e transcritas baixo a coordinación do profesor Antón Santamarina no ILG. Todos os textos foron anotados para facilitar as consultas por lemas, por sinónimos, por voces en castelán, por localidades ás que se adscriben, pola súa presenza en refráns ou en poemas citados, etc. Publicado orixinalmente en formato CD-ROM, o *Dicionario de dicionarios*, na súa terceira edición (Santamarina 2003), recollía 345.742 entradas (equivalentes a 136.164 lemas diferentes) correspondentes a 25 obras lexicográficas, incluídas todas as obras históricas da lexicografía galega (Rodríguez, Carré, Eladio, Real Academia...). A colaboración entre o ILG e o Grupo TALG fixo posíbel a publicación na web deste dicionario a partir dunha versión ampliada da súa edición en CD-ROM. Como resultado, a primeira edición web do *Dicionario de dicionarios*, con 392.768 entradas documentadas en 32 obras, pode ser consultada libremente desde 2006 como un recurso único (<http://sli.uvigo.es/DdD/>) ou integrado no RILG, facendo que o acceso a este valioso material lingüístico sexa moito máis doado e directo do que era desde disco. O *Dicionario de dicionarios* de Antón Santamarina representa unha contribución fundamental á historia da lexicografía e á cultura galega, e ten tamén unha utilidade práctica innegábel como dicionario da lingua, aínda non superado en extensión como conxunto por ningún outro.

3.2. Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval

A mesma colaboración interuniversitaria entre Vigo e Compostela que permitiu levar o *Dicionario de dicionarios* do CD-ROM á web, facilitou tamén a edición web do *Dicionario de dicionarios do galego medieval*, unha obra complementaria á anterior e inspirada nela, que recompila as entradas de 13 obras lexicográficas do período medieval, cun total de 53.564 lemas. O repertorio, que foi compilado, transcrito e anotado no ILG baixo a dirección de Ernesto González Seoane, foi publicado orixinalmente só en CD-ROM (González Seoane et al. 2006). e adaptado posteriormente á web para a súa libre consulta como recurso independente (<http://sli.uvigo.es/DDGM/>) ou integrado no RILG.

3.3. Galnet (WordNet)

WordNet é unha base de datos léxica, orixinalmente concibida para o inglés, configurada como unha rede semántica onde os nós son os conceptos (representados como grupos de sinónimos) e as ligazóns entre os nós son as relacións semánticas entre os conceptos léxicos. Os nós da rede están formados por nomes, verbos ou adxectivos agrupados pola súa sinonimia. Deste xeito, cada nó desta rede léxico-semántica representa un concepto lexicalizado único e agrupa o conxunto de variantes sinonímicas dese concepto. No modelo de representación do léxico de WordNet, todos os nós están conectados por relacións semánticas. No caso dos substantivos, algunhas das relacións léxico-semánticas máis frecuentes representadas no WordNet son as de hiperonimia/hiponimia e as de holonimia/meronimia; no caso dos adxectivos, as de antonimia; e no caso dos verbos, as de implicación, hiperonimia/hiponimia, causativa e oposición. Galnet (Gómez Clemente et al. 2013, Gómez Guinovart 2014) é a versión

galega do WordNet que está a ser elaborada polo Grupo TALG no marco de desenvolvemento do Multilingual Central Repository (González Agirre e Rigau 2013), unha plataforma web de libre consulta que abrangue na actualidade os léxicos WordNet de cinco linguas (inglés, español, catalán, vasco e galego) enlazados interlingüísticamente e categorizados por diversas ontoloxías. Na versión actual, en constante actualización, Galnet inclúe máis de 30.000 palabras agrupadas en 20.000 conceptos, e está dispoñíbel na web para consulta (<http://sli.uvigo.es/galnet/>) e tamén para descarga (<http://adimen.si.ehu.es/web/MCR/>).

3.4. Dicionario CLUVI inglés-galego

O *Dicionario CLUVI inglés-galego* é un dicionario bilingüe baseado na colección de textos ingleses traducidos ao galego que forma parte do Corpus CLUVI e constitúe, ao noso entender, o primeiro dicionario baseado en corpus da lexicografía galega. Todas as palabras inglesas que aparecen nas súas entradas están documentadas nos textos en inglés traducidos ao galego recompilados no corpus paralelo CLUVI. Alén diso, todas as traducións galegas recollidas no dicionario para esas palabras son traducións reais identificadas nas versións galegas dos textos ingleses do corpus. Finalmente, para cada tradución identificada, o dicionario fornece un exemplo real do seu uso tal como está documentado no corpus. O *Dicionario CLUVI inglés-galego* está accesíbel na web do Grupo TALG para libre consulta desde 2005. A súa segunda edición electrónica, publicada en setembro de 2008, consta de 20.000 entradas con 30.000 traducións e 60.000 exemplos, ao tempo que amplía os datos lexicográficos contidos nos artigos da primeira edición con información sobre americanismos e variantes ortográficas e con notas de interese gramatical, tradutolóxico e normativo. O obxectivo destes engadidos é que a ferramenta resultante poida ser realmente útil tanto na docencia do inglés como na tradución inglés-galego. Aínda que as entradas desta obra están redactadas só na dirección de tradución inglés-galego, o sistema de busca implementado permite recuperar tamén as entradas a partir das súas traducións ao galego, converténdose así tamén nun dicionario galego-inglés. O *Dicionario moderno inglés-galego*, publicado en versión impresa no 2012 (Gómez Guinovart et al. 2012), constitúe unha edición revisada e adaptada ao formato papel desta segunda edición do *Dicionario CLUVI* (Álvarez Lugerís e Gómez Guinovart 2014). O acceso ao dicionario na web pode facerse consultando directamente o recurso (<http://sli.uvigo.es/diccionario>) ou a través da plataforma RILG. Tamén resulta posíbel descargar o recurso de modo directo (<http://hdl.handle.net/10230/20053>) ou a través da plataforma europea Meta-Share (<http://metashare.elda.org/>).

3.5. Termoteca

A Termoteca é un banco de datos terminolóxico para o galego baseado nos textos de especialidade monolingües e paralelos recompilados, respectivamente, no Corpus Técnico do Galego e no Corpus CLUVI. A información terminolóxica extraída dos corpus inclúe, en primeiro lugar, os propios termos, xunto cos seus contextos, variantes formais intralingüísticas e interlingüísticas coas súas frecuencias de uso; en segundo lugar, a súa definición ou definicións, cando se poden documentar nos corpus; e, por último, as relacións semánticas que establecen con outros termos do corpus, cando aparecen explicitamente codificadas nos textos. As técnicas utilizadas para tirar toda esta información son de tipo lingüístico-computacional e estatístico, e os seus resultados son sempre revisados e complementados por especialistas (Gómez Guinovart, 2012). A base de datos terminolóxica da Termoteca conta, na actualidade, cuns 8.000 rexistros con información sobre 16.120 termos documentados no CLUVI ou no CTG pertencentes aos ámbitos do dereito (termos en galego e español en rexistros bilingües e monolingües da Termoteca), da socioloxía (termos en galego, español,

francés e inglés en rexistros tetralingües e monolingües), da economía (termos en galego e español en rexistros monolingües e bilingües), da ecoloxía e ciencias ambientais (termos en galego en rexistros monolingües), da medicina (termos en galego en rexistros monolingües) e da informática (termos en galego e inglés en rexistros monolingües e bilingües), a partir dos datos das seccións especializadas correspondentes destes dous corpus. Cada rexistro da Termoteca inclúe toda a información relativa a un concepto especializado, expresado cun termo galego documentado nos corpus, e do que se poden recoller tamén no mesmo rexistro ás súas variantes documentadas, tanto intralingüísticas (termos sinónimos, variantes ortográficas ou variantes dialectais) como interlingüísticas (traducións ou, con maior propiedade, equivalencias). A información especificada na Termoteca para cada variante, incluída a variante común ou non marcada, abrangue o lema do termo, a súa categoría gramatical como conxunto, a análise morfosintáctica dos seus compoñentes, a súa definición, a súa frecuencia de aparición e un contexto de uso documentado no corpus. Todos os rexistros da Termoteca están catalogados, ademais, segundo o seu campo temático, en referencia a unha árbore conceptual xerarquizada da materia, e poden incluír información sobre as relacións semánticas (antonimia, hiperonimia, holonimia, etc.) que gardan con outros rexistros do banco de datos. A Termoteca é un recurso de libre consulta na web (<http://sli.uvigo.es/termoteca/>) e no RILG, e está dispoñíbel tamén para descarga (<http://hdl.handle.net/10230/17104>) a través da plataforma europea Meta-Share (<http://metashare.elda.org/>).

3.6. Neoteca

A Neoteca é o banco de datos sobre neoloxía do galego desenvolvido polo Observatorio de Neoloxía do Grupo TALG sobre o que se elaborou o seu dicionario de neoloxismos (López Fernández et al. 2005). Na versión actual, contén máis de 10.000 rexistros neolóxicos identificados e documentados nun corpus de prensa galega publicada desde 1997 (Gómez Clemente e Rodríguez Guerra 2003). A Neoteca pódese consultar libremente na web como recurso independente (<http://sli.uvigo.es/NEO/>) ou integrado no RILG.

4. CONCLUSIÓN

A integración dos recursos existentes nos centros de investigación é un obxectivo prioritario no campo das Humanidades, como en calquera campo científico. A integración nunha plataforma informática común dos recursos de tecnoloxía lingüística da lingua galega xerados de xeito independente polo Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela e polo Grupo TALG (Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega) da Universidade de Vigo, sen dúbida contribúe tanto ao avance da investigación e do coñecemento científica da lingua, como á divulgación e valorización do labor filolóxico realizado durante anos de traballo polos grupos de investigación destas dúas entidades. A implementación da plataforma RILG nun servidor web de acceso libre e uso gratuíto garante esta vocación de transferencia social do coñecemento compartida por todos os participantes no proxecto.

BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ LUGRÍS, A. e X. GÓMEZ GUINOVART (2014): “Lexicografía bilingüe práctica baseada en corpus: planificación y elaboración del Diccionario Moderno Inglés-Galego”, in M. J. Domínguez Vázquez, X. Gómez Guinovart e C. Valcárcel Riveiro

- (eds.): *Lexicografía de las lenguas románicas II. Aproximaciones a la lexicografía contemporánea y contrastiva*. Berlín: Gruyter.
- GÓMEZ CLEMENTE, X. M. e A. RODRÍGUEZ GUERRA (2003): *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*. Vigo: Universidade de Vigo.
- GÓMEZ CLEMENTE, X. M., X. GÓMEZ GUINOVART, A. GONZÁLEZ PEREIRA e V. TABOADA LORENZO (2013): “Sinonimia e rexistros na construción do WordNet do galego”, *Estudos de lingüística galega* 5, pp. 27-42.
- GÓMEZ GUINOVART, X. (2008): “A investigación en lexicografía e terminoloxía no Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo (CLUVI) e no Corpus Técnico do Galego (CTG)”, in E. González Seoane, A. Santamarina e X. Varela Barreiro (eds.): *A lexicografía galega moderna. Recursos e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Instituto da Lingua Galega, pp. 209-228.
- GÓMEZ GUINOVART, X. (2012): “A Hybrid Corpus-Based Approach to Bilingual Terminology Extraction”, in I. Moskowich-Spiegel Fandiño e B. Crespo (eds.): *Encoding the Past, Decoding The Future: Corpora in the 21st Century*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholar Publishing, pp. 147-175.
- GÓMEZ GUINOVART, X. (2014): “Do dicionario de sinónimos á rede semántica: fontes lexicográficas na construción do WordNet do galego”, in *Actas do XV Colóquio de Outono*. Braga: Centro de Estudos Humanísticos da Universidade do Minho.
- GÓMEZ GUINOVART, X. e S. LÓPEZ FERNÁNDEZ (2009): “Anotación morfosintáctica do Corpus Técnico do Galego”, *Linguamática* 1.1, pp. 61-71.
- GÓMEZ GUINOVART, X., A. ÁLVAREZ LUGRÍS e E. DÍAZ RODRÍGUEZ (2012): *Diccionario moderno inglés-galego*. Ames: 2.0 Editora.
- GONZÁLEZ AGIRRE, A. e G. RIGAU (2013): “Construcción de una base de conocimiento léxico multilingüe de amplia cobertura: Multilingual Central Repository”, *Linguamática* 5.1, pp. 13-28.
- GONZÁLEZ SEOANE, E., M. ÁLVAREZ DE LA GRANJA e I. BOULLÓN AGRELO (eds.) (2006): *Diccionario de diccionarios do galego medieval*. Anexo 57 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- LÓPEZ FERNÁNDEZ, S. et al. (2005): *Novas palabras galegas. Repertorio de creacións léxicas rexistradas na prensa e en Internet*. Vigo: Universidade de Vigo.
- MARTÍNEZ LEMA, P., R. DOURADO FERNÁNDEZ e C. OSORIO PELÁEZ (2010): “Un novo recurso para os estudos toponomásticos: o Inventario Toponímico da Galicia Medieval (ITGM)”, in X. Sousa Fernández (ed.): *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Instituto da Lingua Galega, pp. 239-263
- SANTAMARINA, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*, 3ª ed. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- SANTAMARINA, A. (2008): “Os dicionarios históricos. Trazos dun dicionario histórico galego e consideracións sobre a súa viabilidade”, in E. González Seoane, A. Santamarina e X. Varela Barreiro (eds.): *A lexicografía galega moderna. Recursos e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Instituto da Lingua Galega, pp. 343-392.
- VARELA BARREIRO, X. (2004): “Un proxecto do ILG no abalo da gramática histórica da lingua galega”, en R. Álvarez, F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, vol. 2, pp. 649-684.

Variación diacrónica na expresión do sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo en galego*

RAMÓN MARIÑO PAZ
Instituto da Lingua Galega-USC

1. A VARIACIÓN NAS FONTES MEDIEVAIS (SÉCULOS XIII-XV)

Procedentes, en última instancia, da desinencia latina *-STĪ*, nas fontes do galego medieval exploradas para a realización desta pescuda¹ detéctanse ata sete variantes diferentes para a expresión do sufixo número-persoal das segundas persoas do singular do pretérito de indicativo. Con todo, cómpre recoñecer desde xa que unha destas variantes só a pode presentar con carácter hipotético:

- 1) *-sti* (*amasti*), aínda sen abertura en *-e* do primitivo *-Ī* latino, proceso que no galego medieval só se consumou tardiamente (cf. Mariño Paz 2009: 83-92);
- 2) *-schi* (*amaschi*), con palatalización consonántica debida quer á influencia asimilatoria do *-i* final (cf. Piel 1989: 230), quer á indución causada polos contextos en que estas formas verbais fosen seguidas de vogal, e nomeadamente a dos clíticos *o(s)*, *a(s)* (cf. Rübecamp 1932-1934: 342; Fernández Rei 1990: 87; Ferreiro 1999: 296; Mariño Paz 1998: 123)²;
- 3) *-chi* (*amachi*), como resultado dun probable proceso asimilatorio que simplificaría a secuencia *-sch-*: *-schi* > *-chi*;
- 4) *-ste* (*amaste*), con abertura en *-e* da vogal átona final;
- 5) *-sche* (*amasche*), con palatalización consonántica e abertura da vogal átona final;
- 6) *-che* (*amache*), como resultado dun probable proceso asimilatorio que simplificaría a secuencia *-sch-*: *-sche* > *-che*;
- 7) *[-stes]* (*amastes*), con adición analóxica de *-s*. O rexistro desta variante no corpus medieval explorado é discutible, como explicarei máis adiante

A lectura das táboas 1 e 2 amosa que, sobre a base do inapelable predominio da variante *-ste* tanto na lírica profana coma na mariana, en cada unha das cales acapara

* Este artigo constitúe unha ampliación e reelaboración de Mariño Paz (2013). Mantendo nel os datos do galego medieval que xa avancei neste traballo de 2013, o que fixen foi engadir agora os do galego medio e os do galego contemporáneo e recompoñer, en consecuencia, a sección de conclusións.

¹ Case todos os rexistros do galego medieval contabilizados para este traballo foron recollidos por medio do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG). Os do manuscrito 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca recadáronse directamente do volume que contén a edición da *Crónica Xeral Galega* realizada por Ramón Lorenzo (TC). Tamén se tomaron directamente do texto da súa recente edición (CAP) os datos do *Cancioneiro de Afonso Pérez*.

² Repárese en que se deu palatalización en [tʃ] tanto en voces en que houbo grupo [stj] (BĚSTĪA > *bescha* > *becha*, CHRĪSTĪANU > medieval *creschão*, *crischão*) coma en casos nos que o que houbo foi [sti], como os topónimos *Moeche* < (VĪLLA) MŎDĚSTĪ e *Nouche* < (VĪLLA) NAUSTĪ (cf. Ferreiro 1999: 172-173; Cabeza Quiles 2008: 237, 277, 285).

arredor de dous terzos do conxunto dos rexistros anotados³, cómpre salientar, por minoritario que sexa, o uso de variantes con palatalización consonántica (-*sche* e -*sch'*) só nas *Cantigas de Santa María*, onde alcanzan un 5,4% de representación sustentado no seu emprego en só catro das composicións da colección (as que levan os números 125, 216, 274 e 281⁴). Este dato está en liña con algo que se vén afirmando mesmo desde antes da aparición do clásico estudo de Rübecamp (1932-1934), que revelou que nas cantigas marianas afloran trazos lingüísticos caracteristicamente galegos que na *koiné* da lírica profana ou non acharon cabida ou aparecen con menor frecuencia⁵. Pois ben, neste antigo traballo o investigador alemán xa advertiu que “ao lado dos traços tipicamente galegos das *Cantigas* [de Santa María] [...] debemos especialmente mencionar [...] a desinencia -*sche* em vez de -*ste*, da 2ª pes. sing. do pret. perf. simples, que não é rara nas *Cantigas* e que forma a fase anterior do galego moderno -*che*; nos Cancioneiros não há nenhum exemplo desta forma” (Rübecamp 1932-1934: 342). Direi, a xeito de puntualización, que ao meu modo de ver a variante -*sche*, se non é rara, si é polo menos moi minoritaria no cancionero mariano de Afonso X.

OBRA	<i>sti</i>	<i>schi</i>	<i>chi</i>	<i>ste</i>	<i>sche</i>	<i>che</i>	<i>stes</i>	<i>st'</i>	<i>sch'</i>
Lírica profana	5	0	0	11	0	0	0	1	0
Cantigas de Santa María	28	0	0	109	6	0	0	18	3
Crónica Xeral Galega (ms. 8817 BN Madrid)	8	13	0	18	18	0	[1]	0	0
Crónica Xeral Galega (ms. 2497 BU Salamanca)	1	0	1	8	1	7	0	0	0
Geral Estoria	0	0	0	69	0	0	0	0	0
Crónica Troiana	0	0	0	14	24	0	0	0	0
Historia Troiana	0	0	0	31	0	0	0	0	0
Miragres de Santiago	0	0	0	34	2	7	0	0	0
Cancioneiro de Afonso Pérez	0	0	0	5	0	0	0	0	0
Crónica de Santa María de Iria	0	0	0	4	0	0	0	0	0
TOTAL (447)	42	13	1	303	51	14	[1]	19	3

Táboa 1. Números de rexistros das variantes do sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo en fontes do galego medieval.

A considerable presenza que tanto na lírica profana coma na mariana atinxen as variantes que aínda manteñen -*i* en posición átona final é un trazo compartido por un texto cronoloxicamente próximo delas como é a *Crónica Xeral Galega* producida durante o reinado de Fernando IV, entre 1295 e 1312. A cercanía cronolóxica destes rexistros tórnase evidente se consideramos que as cinco documentacións de -*sti* na lírica profana se concentran en tres cantigas que, transmitidas exclusivamente a través dos apógrafos renacentistas elaborados en Italia, son obra de Afonso X (*bevisti*, *sofresti*, LP 18.20) e de dous trovadores activos na súa corte: Johan Garcia de Guilhade (*fezisti*, LP 70.33) e Pedr'Amigo de Sevilha (*fezisti*, *fuisti*, LP 116.15). Non nego, con

³ Máis aínda: de agregarmos a estes os datos de -*st'*, obteríamos un 70,6% na lírica profana e un 77,5% na mariana. E, de considerarmos en conxunto as tres variantes sen palatalización consonántica, recadaríamos nada menos ca o 100% na profana e o 94,6% na mariana.

⁴ Na 216 e na 281 -*sch(e)* coexiste con -*st(e)*. É ben sabido que nos textos galegos anteriores á estandarización iniciada na década de 1980 —e, concretamente, nos textos medievais— é habitual o emprego alternante de distintas variantes adscribíbles á mesma variable lingüística.

⁵ Rübecamp (1932-1934: 280) recoñeceu a Carolina Michaëlis de Vasconcellos e a Eugenio López-Aydllo como investigadores que, antes ca el, xa repararan neste feito, aínda que non o ratificaran coa achega sistemática dos datos pertinentes. Segundo Rübecamp (1932-1934: 342), como ben se sabe, “há [...] certas ligeiras diferenzas que nos permiten ver nas *Cantigas* a dirección galega da evolución lingüística, em oposição aos Cancioneiros, cujo quadro geral tem um carácter mais português”.

todo, que é posible que no proceso de transmisión destas pezas se introducísen modificacións que afectasen á variable morfolóxica que estudo nestas páxinas.

OBRA	<i>sti</i>	<i>schi</i>	<i>chi</i>	<i>ste</i>	<i>sche</i>	<i>che</i>	<i>stes</i>	<i>st'</i>	<i>sch'</i>
Lírica profana	29,4	0,0	0,0	64,7	0,0	0,0	0,0	5,9	0,0
Cantigas de Santa María	17,1	0,0	0,0	66,5	3,6	0,0	0,0	11,0	1,8
Crónica Xeral Galega (ms. 8817 BN Madrid)	13,8	22,4	0,0	31,0	31,0	0,0	[1,8]	0,0	0,0
Crónica Xeral Galega (ms. 2497 BU Salamanca)	5,6	0,0	5,6	44,4	5,6	38,8	0,0	0,0	0,0
Geral Estoria	0,0	0,0	0,0	100	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Crónica Troiana	0,0	0,0	0,0	36,8	63,2	0,0	0,0	0,0	0,0
Historia Troiana	0,0	0,0	0,0	100	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Miragres de Santiago	0,0	0,0	0,0	79,1	4,6	16,3	0,0	0,0	0,0
Cancioneiro de Afonso Pérez	0,0	0,0	0,0	100	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Crónica de Santa María de Iria	0,0	0,0	0,0	100	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
MEDIAS	9,4	2,9	0,2	67,8	11,4	3,1	[0,2]	4,3	0,7

Táboa 2. Porcentaxes de uso das variantes do sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo en fontes do galego medieval.

Sobre a *Crónica Xeral Galega* cómpre lembrar aquí que chegou a nós a través de dous manuscritos: o 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid, de entre 1295 e 1312, e o 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca, que parece datar de finais do século XIV e só contén a tradución parcial da *Crónica General* afonsina que tamén ofrece o testemuño custodiado na Biblioteca Nacional. Segundo Lorenzo (cf. TC, vol. I, pp. XLVII-LVII), moitas das variantes do manuscrito salmantino teñen que ver con modernizacións de distintas solucións observables no hoxe depositado en Madrid. Ora ben, no tocante á variación *-i/ -e* como vogal átona final do sufixo verbal que estamos a estudar, o manuscrito de Salamanca presenta resultados pouco definidos, pois, fronte a tres casos de modernización *-i > -e*, revela dous de transformación *-e > -i* (e trece máis de mantemento de *-e*):

	Ms. 8817	Ms. 2497
-e : -e	comische (TC 92.43) ⁶ demandasche (TC 106.42) conprische (TC 114.94) posesche (TC 114.94) desche (TC 114.98) f[a]lle[ç]iste (TC 129.103) deste (TC 130.123) tolliste (TC 132.43) feziste (TC 197.63) feziste (TC 201.61) feziste (TC 240.41) feziste (TC 240.42) tomasche (TC 240.42)	comjste demandache enujaste poseche deste feçiste deche tolliste fezeche feziste feziste fecheche tomasche
-i: -e	disesti (TC 106.32-33) amaschi (TC 132.50) fezeschi (TC 240.43)	disiste amache fezeche
-e: -i	faleçische (TC 114.95) trouxeste (TC 197.61)	faliçichi trouuisti

Táboa 3. Vogal átona final do sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo nos dous manuscritos da *Crónica Xeral Galega*.

Tampouco se advirte un criterio decididamente modernizador no relativo á variación *-st-* > *-sch-* > *-ch-*, xa que non son poucos os casos en que aparecen no manuscrito de Madrid desinencias con *-st-* que non presentan palatalización no salmantino —máis tardío— e mesmo algúns outros en que a *-sch-* do primeiro lle corresponde *-st-* no segundo:

⁶ O número situado á esquerda do punto indica a páxina, mentres que o que está á dereita indica a liña.

	Ms. 8817	Ms. 2497
-st- : -st-	disesti (TC 106.32-33) f[a]lle[ç]iste (TC 129.103) tolliste (TC 132.43) trouxeste (TC 197.61) feziste (TC 201.61) feziste (TC 240.41)	disiste feçiste tolliste trouuisti feziste feziste
-st-: -ch-	deste (TC 130.123) feziste (TC 197.63) feziste (TC 240.42)	deche fezeche fecheche ⁷
-sch-: -ch-	demandasche (TC 106.42) posesche (TC 114.94) faleçische (TC 114.95) amaschi (TC 132.50) fezeschi (TC 240.43)	demandache poseche faliçichi amache fezeche
-sch-: -sch-	tomasche (TC 240.42)	tomasche
-sch-: -st-	comische (TC 92.43) conprische (TC 114.94) desche (TC 114.98)	comjste enujaste deste

Táboa 4. Variación *-st-* > *-sch-* > *-ch-* no sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo dos dous manuscritos da *Crónica Xeral Galega*.

Dá a sensación, por tanto, de que para a man que contra finais do XIV elaborou o manuscrito depositado na Biblioteca Universitaria de Salamanca *-sti*, *-chi*, *-ste*, *-sche* e *-che* eran —as cinco— variantes dispoñibles no galego coetáneo que ela utilizou libremente, aínda que con preferencia notoria por *-ste* e *-che*. Esta fonte, daquela, parece revelar tanto unha última resistencia á extinción das variantes con *-i* coma un visible avance das que acusaban palatalización consonántica, entre as que xa salientaba aquela que nas fontes do galego medio conservadas se había de alzar como maioritaria, *-che*, que no manuscrito de finais do trescentos aparece ata en sete dun total de dezaioito casos: *amache*, *deche*, *demandache*, *fecheche*, *fezeche* (dúas veces) e *poseche*⁸.

A coexistencia de variantes distintas nunha mesma pasaxe, esperable nunha situación de variación lingüística non contrarrestada por ningún factor estandarizador de suficiente potencia, obsérvase en varias ocasións no manuscrito 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid. Véxanse os seguintes dous fragmentos:

Tu es traydor a *Deus* et a mī, [ca] **feziste** matar a todoslos mouros *que* tijná comjgo, et **tomaschelle** todoslos seus bēes que aujā, et **feziste** a muytos *perder* cōsello et anda[r] pobres et mesquinos; [et] enpus ysto **fezeschi** aynda muytos tortos *que* tj eu ño digo (TC, 240.41-44).

⁷ Se non se trata dun simple erro do copista, a consoante africada palatal xorda do lexema de *fecheche* (por *fezeche*) poderíase explicar como resultado dunha asimilación anticipatoria.

⁸ Para a localización destas formas véxanse os datos consignados nas táboas 3 e 4.

Et o mouro enderençou contra ti et tu nõno **ousaschi** atender et **uoluisti** as espadoas a fugir (TC, 626.13-14).

Con moitas cautelas, presento tamén a que para min é a única posible ocorrencia da desinencia *-stes* para unha P2 de pretérito de indicativo en todo o corpus medieval explorado que está inequivocamente escrito en lingua galega⁹: *ousastes* (TC 628.32). Repárese en que na seguinte pasaxe o suxeito de *ousastes* recibe nunha ocasión o tratamento inequívoco de *vós* (*catenuola*), mentres que nos restantes se lle aplica o de *tu*, como pode verse a través dos clíticos (*te*, *ti*, *tj*, *chi*), posesivos (*teus*) e formas verbais (*dizes*) que se seleccionaron para concordaren con el:

Desi leuantouse Pero Uermudes et dise contra o conde Garçia Ordones:

—Boca maa en *que* Deus nõca poso uerdade, como **ousastes** soltar a [lengoa] en falar na barua do Çide? Ca a sua barua he muyto onrada et nõca foy uiltada nõ uençada. Et *sequer* nõbra[r]te deuja, *quando* lidastes¹⁰ en Cabra çento por çeto, et derriboute do caualo et *prendeute* pela barua, et *prende*u et matou todos teus caualeyros, et leuouti *preso* en hũu roçĩ de albarda, et todolos seus caualeyros *tj* messarõ a barua. Et eu, *que* *aqui* estou, messey ende hũa muy grã polegada; et *catenuola*, ca bẽ coydo *que* ainda nõ est yguada. Poys barua messada como pode *dizer* mal da *que* sempre foy onrada? Et, se *dizes* de nõ, eu *chi* meterey as mãos ante el rrey, meu señor, *que* *aqui* esta. (TC 628.30-40)

Non se pode ignorar, por tanto, que hai oscilación entre o trato de *tu* e o de *vós* nesta pasaxe, polo que non podoo presentar este *ousastes* como un indubitable rexistro de P2. O testemuño é certamente inseguro, e o cotexo co fragmento da *Crónica de Castilla* (ca. 1300) que nesta pasaxe se traduce, aínda que proporciona unha pista valiosa, non pode *per se* despexar por completo a dúbida que suscita o texto galego¹¹. Non fixen unha comprobación directa respecto disto en ningún dos manuscritos que transmitiron a *Crónica de Castilla*, mais na recente edición de Patricia Rochwert-Zuili o que se ve é que, agás *osastes*, todos os demais tratamentos que na pasaxe se dan son inequivocamente de P2:

Dessý leuantósse Pero Bermúdez, et dixo contra el conde Garçi Ordóñez:

— Boca mala en que Dios nunca pusso verdat, ¿cómmo **osastes** soltar la lengua en fablar en la barua del Çid? ca la su barba muy loada e mucho onrrada es, e nunca fue dessonrrada nin vençada. Et siquier menbrársete deuiera quando **lidiaste** en Cabra con él çiento por çiento, et él derribó a **ti** del cauallo e prísote por la barba, et prisieron todos **tus** caualleros, et leuó a **ti** presso en vn roçín de albarda, e sus caualleros **te** mesaron la barba. Et yo,

⁹ Como explico na nota 15, hai un caso análogo nun poema en castelán con galeguismos de Alfonso Álvarez de Villasandino (ca. 1350-ca. 1424).

¹⁰ Considero que este *lidastes* é, con certeza, unha P5, xa que, ao meu entender, o seu suxeito é plural: 'ti (boca maa) e o Cide'.

¹¹ Menos aínda o pode facer o correspondente fragmento da edición da *Estoria de España* realizada por Menéndez Pidal, manifestamente próximo do galego anteriormente transcrito, onde se le *osastes* e non *osaste* nun contexto en que tamén se observa oscilación entre o tratamento de *tu* (*te*, *ti*) e o tratamento de *vós* (*uuestra*): "Desi Pero Bermudez leuantosse en pie, e dixo al conde don Garcia: 'Boca en que Dios non puso verdat, ¿como **osastes** soltar la **uuestra** lengua pora fablar en la barba del Çid? [...] Et membrarte deui de como en la lid de Cabra lidieste con mio Çid çiento por çiento et matote todos los çient caualleros, et derribo a ti del cauallo con su lança; et desque fuste en tierra, fizote sobir en vn rocin...'" (PCG, vol. 2, p. 622; as énfases son da miña responsabilidade).

que aquí estó, **te** messé vna grant pulgarada, e **cátate**, que avn bien cuydo yo que non es aùn yguada. Pues ¿barua messada, cómmo ha de fablar nin de parescer delante de la que sienpre fue onrrada? Et si **dizes** que así non es, yo **te** porné las manos sobr'ello ante el rey mi señor (in Rochwert-Zuili 2010: 224; as énfases son da miña responsabilidade).

Así e todo, non podo deixar de indicar que o feito de que o “**cátate**” do anterior anaco da *Crónica de Castilla* apareza como “catenuola” na *Crónica Xeral Galega* revela que, así como o responsable da fonte castelá se mantivo firmemente no tratamento de *tu* en todo este fragmento, o seu tradutor ao galego tivo en mente, *tamén*, o tratamento de *vós*. Podería ser, por tanto, que ao escribir aquí *ousastes* estivese pensando en *vós* e non en *tu*.

Esta variante *-stes* como desinencia de P2, actualmente viva sobre todo no galego da zona máis occidental da provincia da Coruña e da banda meridional da ría da Arousa (cf. Fernández Rei 1990: 87-88), deriva dun mecanismo de innovación analóxica tan espontáneo e estendido que, do meu punto de vista, resulta natural pensar que a súa utilización no galego oral da Idade Media debeu de ser máis frecuente do que deixa adiviñar o seu escasísimo (e discutible) emprego na lingua escrita daquela época. Por tanto, creo que, se é certo que este concreto uso de *ousastes* na *Crónica Xeral Galega* puido ser inducido pola forma castelá empregada na correspondente pasaxe da *Crónica de Castilla*¹², non o é, en troques, que a aparición en galego de *-stes* como variante do SNP da P2 do pretérito de indicativo deba considerarse necesariamente como unha innovación xerada por castelanismo.

Na *Crónica Troiana*, elaborada en Betanzos ou Pontedeume e acabada en 1373, só comparecen as variantes *-ste* e *-sche*, con claro predominio da segunda, que alcanza o 63,2% de representación, sobre a primeira, que só acada o 36,8%. O manuscrito a través do cal se nos transmitiu esta obra presenta dúas partes ben diferenciadas. Consonte Lorenzo (cf. CT, p. 82), a primeira, escrita polo clérigo Fernán Martís, escribán de Fernán Pérez de Andrade, está en xeral máis coidada ca a segunda e canto ás escollas lingüísticas manifesta unha preferencia clara polas variantes que son tipicamente galegas e non portuguesas. Polo contrario, Lorenzo afirma que a outra parte, escrita se cadra por máis de unha persoa, foi realizada con menos atención ca a primeira e revela unha preferencia non tan marcada polas variantes que son exclusiva ou preferentemente galegas, aínda que estas tamén se encontran nela (cf. CT, pp. 116-118). No entanto, no tocante á variable sometida a estudo nestas páxinas, é a segunda parte a que presenta o perfil máis nitidamente galego, pois, ao paso que na primeira conviven *-ste* (como variante maioritaria) e *-sche*, na segunda só se atesta a solución con palatalización consonántica¹³. As limitacións das fontes de estudo dispoñibles non nos permiten dicir nada en relación coa variación diatópica que podería estar na base destes usos diferenciados.

Nos *Mirages de Santiago*, de entre finais do século XIV e principios do XV, son clara minoría, fronte a *-ste*, as variantes palatalizadas *-sche* e *-che*. Ora ben, é moi digna

¹² Alvar e Pottier (1983: 204-205) sinalan que esta variante, hoxe considerada vulgar en castelán, foi moi usada por clásicos do século XVI como Garcilaso, Boscán e Valdés, pero advirten que “vulgarmente” debeu de se empregar xa con anterioridade.

¹³ Na parte escrita por Fernán Martís lense *acordaste* (139.7), *andaste* (139.5), *descendiste* (127.24), *enviaste* (314.8), *fezeste* (314.7,9), *feziste* (127.22, 2 veces), *fuste* (23.15), *ouueste* (139.4), *passaste* (309.60), *prometiste* (314.22), *quebrätaste* (314.8), *tomaste* (315.7) e, por outra parte, só *enviasche* (314.23), *faleçische* (314.23) e *matasche* (315.10); na outra, *achasche* (401.28), *come[ti]sche* (514.23), *desche* (401.33), *falische* (318.83), *fezische* (401.30), *fusche* (401.26,28,29), *matasche* (514.20), *pagasche* (401.34), *podesche* (425.6,10), *quebrantasche* (401.31), *tollische* (318.83, 401.33), *tomasche* (422.8, 479.20), *uëesche* (514.24), *ueesche* (514.22), *uische* (401.29) e *uoluische* (401.29). Obsérvese que no capítulo 314 Fernán Martís fixo un uso alternante de ambas as variantes.

de atención a non desdeñable presenza (16,3%) que neste texto alcanza esta última, que, como xa dixemos, é a segunda máis usada no coetáneo manuscrito salmantino da *Crónica Xeral Galega* e tamén a que habería de tornarse maioritaria nas fontes do galego medio. Catro das sete ocorrencias desta variante *-che* nos *Miragres de Santiago* concéntranse no capítulo VIII, 15 (*côfesache, fezeche* —2 veces— e *fillache*, MS, páx. 201), ao paso que as outras tres están máis dispersas polo manuscrito: *conosçiche* (MS, páx. 31), *mãdache* (MS, páx. 94) e *perdoache* (MS, páx. 148). Da variante *-sche* só se contabilizan dúas ocorrencias —*chamasche* (MS, páx. 212) e *seruische* (MS, páx. 200)—, ao paso que as de *-ste* chegan a trinta e catro.

O testemuño que nos proporcionan outros catro textos en verso (*Cancioneiro de Afonso Pérez*, ca. 1380-1430)¹⁴ e en prosa histórica ou literaria dos séculos XIV (*Geral Estoria, Historia Troiana*) e XV (*Crónica de Santa María de Iria*) resulta pouco enriquecedor para os obxectivos desta pescuda, xa que os tres manifestan un uso monocorde (é dicir, do 100% dos casos) da variante máis común na documentación medieval conservada: *-ste*. O mesmo acontece cos rexistros detectados no chamado *Cancioneiro galego-castelán* (CGC), algúns dos cales non poden considerarse inequivocamente galegos por apareceren en poemas de lingua híbrida galego-castelá¹⁵.

Debido á rareza con que nelas se dan os contextos comunicativos idóneos para o emprego de segundas persoas do singular de pretéritos de indicativo, o número de rexistros recompilables noutras fontes (notariais, xurídicas e relixiosas) é tan escaso que non achega matices de interese a todo canto xa vai dito. As variantes que nesas fontes recadei foron soamente dúas:

- 1) *-ste*: alén do seu uso constante nos *Foros de Castelo Rodrigo*¹⁶ (FCR), podemos tamén mencionar outros casos como *cuydaste* (SAS, páx. 42, anos 1301-1350), *deste* (CDMO, vol. II, páx. 1264, ano 1306) ou *feseste* (LNAP, páx. 157, ano 1457).
- 2) *-sche*: *fizische* (PP, páx. 29, anos 1301-1340).

2. A VARIACIÓN NAS FONTES DO GALEGO MEDIO (SÉCULOS XVI-XVIII)

Se nas fontes medievais consignadas nas táboas 1 e 2 recadei un total de 447 formas verbais da P2 do pretérito de indicativo, nas do galego medio que figuran na táboa 5 só puiden recoller 80, das que nada menos que 43 (o 53,75%) proceden dunha única obra: o *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos* (1746-1747) de Martín Sarmiento. Trátase, con certeza, do esperable tributo que cómpre pagar polo drástico devalo na produción e conservación de textos en galego que naquela época se deu, tributo que nos obriga a achegarnos con cautela aos escasos datos aquí colleitados, que non poden ofrecernos máis ca vagos indicios sobre a variación que a respecto desta variable lingüística se viviría no galego oral do quíntos, o seiscentos e o setecentos.

¹⁴ O número de rexistros de *-ste* nesta fonte é de cinco, e non de catro, como afirma Monteagudo (CAP, pp. 89 e 98). Con todo, no glosario do texto (CAP, pp. 155-170) Monteagudo si consigna o uso de *pasaste*, que omite no estudo lingüístico.

¹⁵ Nun poema escrito nun castelán trufado de galeguismos que é obra de Alfonso Álvarez de Villasandino (ca. 1350-ca. 1424) e que se integra nesta fonte dáse un uso de *-stes* como desinencia dunha P2 dun pretérito de indicativo: “Non me quexo de ti agora, | Amor, si padesco mal, | pues me *distes* por sennora | noble vista angelical” (CGC, páx. 183).

¹⁶ O testemuño desta fonte cómpre tomalo con reservas posto que, como xa declarou Cintra na súa edición do texto, a súa lingua preséntase como unha “extraordinaria mistura de traços galego-portugueses com leoneses, sem que seja possível indicar facilmente quais os que predominam” (in FCR: XV). Non se trata, por tanto, dun texto no que poidamos procurar con garantías información sobre as variantes en uso no galego medieval para a variable morfolóxica que neste artigo estudamos.

OBRA	-ste	-stes	-che	-ches
Diálogo de Alberte e Bieito (ca. 1595-1596)	2	0	1	0
Juan Gómez Tonel (1612)	0	0	2	0
Pedro Vázquez de Neira (1612)	0	0	1	0
Historia de Yria (ca. 1617-1630)	0	0	3	0
José Noguerol y Camba (1708)	0	0	1	0
Coloquio de 24 galegos rústicos (1746-1747)	1	0	43	0
José Cornide Saavedra (ca. 1761)	0	0	4	0
Diego Cernadas y Castro (XVIII ²)	0	0	2	1
Décimas contra Cernadas (ca. 1760-1770)	0	0	3	6
María Francisca de Isla (ca. 1774-1777)	0	0	1	1
Romance da urca de Santo Antón (1777)	0	0	2	0
Anónimo ao prior de Camanzo (1788)	0	0	1	0
Juan Sobreira Salgado (ca. 1790)	0	0	5	0
TOTAL (80)	3 (3,75%)	--	69 (86,25%)	8 (10,00%)

Táboa 5. Número de rexistros e porcentaxes das variantes do sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo rexistradas en fontes do galego medio.

Con esas imprescindibles cautelas, direi que os datos reunidos semellan apuntar a que a variante *-che*, aparecida na nosa escrita entre finais do XIV e principios do XV, experimentou desde entón un intenso proceso de difusión a custa das variantes sen palatalización consonántica, proceso que, superado o extenso hiato do XVI e o XVII — para o que só podo ofrecer nove rexistros de P2 de pretérito de indicativo—, acabou situándoa nas fontes escritas do século XVIII como a solución máis utilizada, con moitísima diferenza respecto das situadas en segundo (*-ches*) e terceiro lugar (*-ste*). Canto a isto resulta moi revelador o testemuño da *Historia de Yria* de entre 1617 e 1630, xa que nos ofrece *imbiache* (HY, 13r), *amache* (HY, 13r) e *honrrache* (HY, 13r) alí onde a *Crónica de Iria* do século XV que nela se trasladou dicía *enviaste* (CI, 5.6), *amaste* (CI, 5.6) e *onrraste* (CI, 5.6). Dada a extrema debilidade da tradición escrita en galego que naquel tempo se padeceu, paréceme probable que na lingua oral se vivise un proceso de propagación desta variable non idéntico, mais si polo menos parangonable co que se deu na escritura coetánea, xa que os autores que daquela se valían da nosa lingua apenas podían contar con obras en galego doutras persoas que puidesen servirles de modelo e que os inducisen a empregar na escrita variantes distintas das que eles empregarían acotío nas súas comunicacións orais.

Canto á súa posible distribución diatópica, cómpre salientar que *-che* se rexistra tanto en textos que sen reservas podemos considerar occidentais (os pontevedreses *Diálogo de Alberte e Bieito* e *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*), centrais (probablemente os dous sonetos de 1612, o poema ourensán de Noguerol, os mariñeses de Cornide, o ferrolán d’*O romance da urca de Santo Antón*, o compostelán de María Francisca de Isla, o anónimo ao prior de Camanzo) ou centro-occidentais (as composicións de Cernadas e probablemente tamén as décimas contra o propio Cernadas). Na obra do padre Sobreira, ademais de catro rexistros sen ningunha localización xeográfica, topamos cun *levácheme* (PDG, pp. 3, 23) proveniente de Ribadavia e Ribasil. Esta variante *-che*, por tanto, usouse naquel tempo en varios textos asociados a lugares ou comarcas onde segundo o ALGa 1 o que hoxe prevalece é *-ches*, alternando por veces con *-che* (Pontevedra, Compostela, As Cruces, As Mariñas, Ferrol, Ourense).

As primeiras documentacións da innovación *-ches* son só da segunda metade do XVIII. Todas elas xorden en papeis producidos no círculo de Cernadas, e fano en todos eles en coexistencia coa variante *-che*, o que invita a pensar que *-ches*, xerada como consecuencia dunha evidente analoxía, nacida como o resultado dunha especie de excrecencia segregada por *-che*, debía de estar daquela iniciando a súa fase de expansión a custa da solución máis antiga e máis difundida. Se, en razón das súas biografías, podemos considerar compostelán o uso de Isla e entre compostelán e lousamés o de Diego Cernadas¹⁷, coído que o das décimas contra o párroco de Fruíme se pode asociar tamén a un espazo xeográfico non moi distante do de Compostela e Lousame, pois, de par da mencionada variación entre as desinencias *-che* (*chegache* -2 veces-, *volueche*) e *-ches* (*chegaches* -2 veces-, *dechés*, *falaches*, *foches* -2 veces-), vense nel trazos como o cheísmo, a forma (*a*) *man*, os plurais *alguns*, *mans* e *razons*, o verbo *poñer* (e non *pór*) e o demostrativo invariable *esto* (e non *isto*) (cf. DC).

Á vista dos datos reflectidos na táboa 5, podemos postular que a variante *-ste*, que é con diferenza a máis rexistrada nas fontes medievais, debeu de vivir xa nesta época unha intensa traxectoria recesiva que, prolongada ata hoxe, acabaría por reducila ao carácter marxinal que na actualidade ten. Tanto os seus dous testemuños de finais do XVI coma o de mediados do XVIII parecen poder vincularse con bastantes garantías á cidade e contorna de Pontevedra, onde hoxe en día xa non se usa na lingua oral.

De *-stes* non achei rexistros nestes textos, mais xulgo probable que se empregase xa naquel tempo no galego oral. A meu ver, aínda que non se admitise o seu rexistro na pasaxe da *Crónica Xeral Galega* (1295-1312) antes reproducida, a vitalidade do seu uso en certas áreas da Galicia actual move a crer sen reservas que tamén se utilizaría no galego oral dos séculos XVI, XVII e XVIII. Creo ademais que apuntan tamén nesta dirección, entre outros, o feito de que esta variante apareza no noiés *Encuentro y coloquio [...] na pontella da Chainsa* (1837) (cf. (cf. Mariño Paz 2003: 213), o de que se use nunha das cántigas contidas no *Cancionero popular gallego y en especial de la provincia de la Coruña* (1885-1886) de José Pérez Ballesteros (cf. Sánchez Rei 2006: 260) e, así mesmo, o de que, xa nos inicios do século XX, Vicente García de Diego deixase constancia do seu uso nos *Elementos de Gramática Histórica Gallega (Fonética-Morfología)* (1909): “en la segunda [persona del singular] las formas son *-ste* y *-che* < ant. *-sche*, á las cuales se les ha agregado por analogía la *s* como signo de segunda persona, originando las formas *-stes*, *-ches*” (García de Diego 1909: 115-116).

Non hai rastro nestas fontes posmedievais nin das variantes rematadas en *-i*, cuxos últimos testemuños son do manuscrito salmantino da *Crónica Xeral Galega*, nin das que presentan a secuencia consonántica *-sch-*, que comparecen por derradeira vez nos *Miragres de Santiago*, onde só se dan en dúas ocasións (o 4,6% dos casos). Estas variantes, por tanto, desapareceron da escrita galega hoxe coñecida entre o final do trescentos e o inicio do catrocentos.

3. A VARIACIÓN NAS FONTES DO GALEGO CONTEMPORÁNEO (SÉCULOS XIX-XXI)

En relación coas das dúas fases anteriores, as fontes dispoñibles para o estudo do galego contemporáneo multiplícanse así en cantidade como en diversidade tipolóxica, de tal maneira que o investigador que a elas se aproxime poderá recadar informacións non soamente máis abundantes, senón tamén máis variadas. Nas páxinas que seguen reunirei datos tomados do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), de gramáticas e propostas normativas e de textos escritos en distintos xéneros desde mediados do século XIX ata

¹⁷ Recórdese que Diego Cernadas (1702-1777), natural de Compostela, foi durante moitos anos abade da freguesía de Fruíme (concello de Lousame, no SO da actual provincia da Coruña).

hoxe, de modo que para o estudo desta etapa da historia da lingua galega contarei con información proveniente dun considerable número de textos escritos, mais tamén con achegas procedentes do estudo da lingua oral e con observacións de diverso estilo e intención elaboradas por gramáticos e analistas lingüísticos da Galicia moderna.

3.1. Os datos do ALGa

No que se refire á variable morfolóxica que neste artigo se estuda, o ALGa 1 (mapas 7, 52, 53, 54, 76, 105, 127, 144, 185 e outros) mostra que no galego oral popular de mediados da década de 1970 a situación era, esencialmente, a que a seguir se sintetiza.

A variante *-ches* usábase daquela por case todo o dominio galegofalante, coa excepción de zonas situadas nos extremos occidental e oriental. Ora ben, esta solución empregábase en alternancia con *-stes* en puntos do SO da provincia da Coruña e do Salnés, ao paso que en bastantes lugares do leste da Coruña, do centro e sur de Pontevedra e dunha boa parte de Lugo e Ourense estaba en variación con *-che*¹⁸. No entanto, en numerosas localidades deste extenso territorio *-ches* aparecía xa como a única variante en uso.

Pola súa parte, *-che* utilizábase polo leste da provincia da Coruña, o sur da de Pontevedra, a práctica totalidade de Lugo e Ourense e mais as áreas asturiana, leonesa e zamorana. Ora ben, só en puntos do confín oriental do noso territorio administrativo e tamén do occidente de Asturias, León e Zamora se empregaba en exclusiva esta variante *-che*¹⁹. Nalgúns lugares con alternancia de *-che* e *-ches* os entrevistadores do ALGa observaron que *-che* era a variante preferida pola xente máis vella. Un destes entrevistadores, Francisco Fernández Rei, afirmou en 1990 que a variante *-ches*, asentada máis densamente no occidente do territorio, estaba daquela a avanzar sobre *-che*, “que se refuxia como forma única cada vez máis contra a parte oriental” (Fernández Rei 1990: 87).

A solución *-stes* presentábase con consistencia nunha franxa de terra costeira ou próxima á costa entre Camariñas e Sanxenxo, pero entraba en variación con *-ches* en puntos do límite oriental desta zona. No Baixo Miño pontevedrés *-stes* usábase en alternancia con *-ste*, variante marxinal que tamén se rexistraba nos confíns orientais leoneses e zamoranos.

A comparación entre estes datos e os extraídos dos textos escritos no século XVIII induce a pensar que entre ambos os puntos cronolóxicos se produciu unha importante expansión de *-ches*, probablemente a custa, sobre todo, de *-che*. Vexamos se os outros tipos de fontes confirman ou non esta impresión.

3.2. Os datos das gramáticas e as propostas normativas

Con toda a certeza, a precisión informativa que podemos esperar destoutro tipo de obras é moito menor ca a que ofrece un atlas lingüístico. No concreto caso do idioma galego, esta carencia derívase do feito evidente de que todas as gramáticas e propostas normativas previas á realización do ALGa a mediados da década de 1970 se fixeron, en maior ou menor medida, con limitacións parangonables coas que Saco Arce (1868: 233) recoñeceu para a súa no Rexurdimento:

¹⁸ Anos despois de seren realizadas as entrevistas do ALGa, Dubert García (1999: 176) detectou a variación *-che* / *-ches* na comarca de Santiago de Compostela. Para este autor, non era posible trazar no espazo compostelán unha nítida distribución social e/ou xeográfica do uso de ambas as variantes e só se podía apuntar “que as formas sen /s/ son minoritarias e que alternan en tódolos informantes coas que conteñen a consoante /s/ analóxica”.

¹⁹ Cómpre matizar que Fernández González (1978: 171) anotou en textos ancareses algún esporádico caso de desinencia *-chi* (*mercachi*) que no ALGa 1 só se reflectiu entre as notas de rodapé do mapa 7. Non coñezo outros rexistros desta forma no galego contemporáneo. Paréceme probable que, máis ca unha supervivencia das variantes medievais en *-i*, sexa unha ocasional realización de *-che* con elevación da vogal átona final.

Para trazar este cuadro de diferencias subdialécticas del gallego, nos hemos apoyado principalmente en el exámen de las pocas composiciones que existen escritas en el mismo, atendiendo al lugar del nacimiento o residencia de sus autores. Si personas inteligentes tuviesen á bien comunicarnos las particularidades mas notables del gallego de sus respectivos lugares, podríamos sin duda presentar un cuadro mas extenso y completo, á la vez que exacto, de los subdialectos gallegos, toda vez que no nos es dado tomar personalmente informes por medio de largos y detenidos viajes.

Boa proba destas carencias informativas é o feito de que nos diversos textos gramaticais galegos do século XIX non haxa ningunha referencia ás variantes non palatalizadas *-ste* e *-stes*. Ora ben, se no caso de *-ste* é posible que debamos imputar en exclusiva este silenciamento ao seu presumible descoñecemento por parte dos estudiosos daquel tempo en razón do seu xa probable carácter marxinal, no de *-stes* creo que debeu de pesar moito a súa identificación coa variante castelá *-stes* (*tú cantastes*) para a desinencia da P2 do pretérito indefinido, que xa naquel tempo foi censurada por Álvarez Giménez (1890: 55) como trazo vulgar do castelán falado en Galicia²⁰. Naquela altura, R[odríguez] Rodríguez (1892/1893: 340) trazou incluso un paralelismo entre a escolla preceptiva entón e hoxe vixente para o castelán e a que el postulaba para o galego ao declarar que, así como “*ensillastes y cabalgastes se consideran hoy [...] como dos palabras bárbaras, entre los castellanos doctos*”, a variante galega *-ches* debería ser reputar como un “defecto filológico” en que incorrían “sobre todo [...] las personas poco instruidas y [...] los escritores de pluma fácil”. Ao seu ver, a eiva de *-ches* non era outra ca a de presentar un *-s* final analóxico.

Canto a *-che* e *-ches*, ningunha das fontes gramaticais decimonónicas ofrece información de relevo acerca da súa dinámica evolutiva. Podemos dicir, con todo, que, aínda que en todas elas se recoñece a coexistencia de ambas as formas, nas gramáticas de Mirás (1864), Cuveiro (1868) e Saco Arce (1868) obsérvase unha presenza indiscutiblemente maioritaria de *-che*, quer nos paradigmas verbais que nelas se presentan como modelos, quer nos textos que nelas se incorporan como anexos ou complementos. Saco Arce (1868: 75) mesmo rubricou coas seguintes palabras o rango prioritario que el lle concedeu a *-che* na súa gramática: “La terminación principal es sin duda *che*: el uso le añadió la *s* ya por eufonía, ya por analogía con todos los demás tiempos, los cuales terminan con esta letra dicha persona”. Polo contrario, Valladares (1970 [1892]) outorgoulles ás dúas variantes un tratamento case estritamente igualitario, ao paso que Manuel R[odríguez] Rodríguez (1892/1893), que, como xa vimos, rexeitou por vulgar a solución *-ches*, deixou de feito constancia da súa considerable frecuencia de uso no galego do treito final do XIX.

Na nosa tradición gramatical as solucións *-ste* e *-stes* comparecen por primeira vez nos *Elementos de gramática histórica gallega (fonética-morfología)* de García de Diego (1909: 115-116), mais fano nunha pasaxe en que non se proporcionan datos sobre a distribución que entón presentaban as variantes desta variable morfolóxica: “en la segunda [persona del singular del pretérito de indicativo] las formas son *-ste* y *-che* < ant. *-sche*, á las cuales se les ha agregado por analogía la *s* como signo de segunda persona, originando las formas *-stes*, *-ches*”. Posteriormente, só se acolleron referencias ao uso de *-ste* nas gramáticas ou obras misceláneas de Santiago y Gómez (1918: 198),

²⁰ Curiosamente, para Pérez Ballesteros (1885-1886: II, 134) este trazo do castelán de Galicia era consecuencia dunha transferencia realizada desde o galego: “*Viñeche*: viniste. También es común añadir una *s* á algunas personas del pretérito perfecto de indicativo, cuyo defecto trasciende á la lengua castellana cuando la adoptan gallegos sin ilustración”. Reiterou esta opinión un pouco máis adiante (Pérez Ballesteros 1885-1886: II, 173).

Couceiro Freijomil (1935: 146, 159), Carballo Calero²¹ (1979: 213, 215, 216, 218, 220, 221) e Carré Alvarellos (1967: 85, 95, 98, 100, 103, 105, 112, 113), e só na gramática de Carballo Calero (1979: 213, 216, 218, 220, 221) se deu noticia do emprego de *-stes*, unha variante sobre a que nos dous primeiros terzos do século XX debeu de seguir gravitando o estigma da súa identidade co vulgar castelán *-stes*.

Polo contrario, *-che* e/ou *-ches* son solucións de mención inescusable en todos os textos gramaticais ou paragramaticais dos séculos XX e XXI. Un tratamento autenticamente paritario das dúas só se ve no apéndice de gramática galega de Cornu (1906) e nas edicións revisadas en 1980 dos manuais de aprendizaxe *Galego 1* e *Galego 2* do Instituto da Lingua Galega, que inicialmente contemplaran só o emprego de *-ches* (Instituto de la Lengua Gallega 1971, 1972)²². Decantación a prol de *-che*, ou ben patente predominio presencial desta variante, haina nas obras de García de Diego²³ (1909), Santiago y Gómez²⁴ (1918), Lugrís Freire²⁵ (1922), Couceiro Freijomil²⁶ (1935) e, xa nos nosos días, nas que a respecto disto se arredaron do ditame normativo de 1982: Costa Casas *et alii* (1988: 158, 183) e Freixeiro Mato (2000: 310). Pola súa parte, a de Carré Alvarellos (1967) amósase caótica, sen ningún criterio claramente definido, na atribución das variantes *-che*, *-ches* e *-ste* aos paradigmas de verbos regulares, auxiliares, reflexivos e irregulares que recoñece. Finalmente, *-ches* recóllese por primeira vez como variante única en R. A. (1919: 18-27) e como variante prioritaria na primeira edición da *Gramática elemental del gallego común* (1966) de Carballo Calero, quen na sétima edición engadiu a respecto disto esta interesante nota de rodapé:

En los perfectos, conservamos en el texto, como en las ediciones anteriores, las formas con desinencia palatalizada, por ser las más típicas del gallego moderno frente al portugués y al castellano. Pero las formas con desinencia no palatalizada son muy frecuentes en el gallego oral, y hoy tiende a preferirlas la lengua literaria²⁷ (Carballo Calero 1979: 213).

Anos despois, consignaron exclusivamente *-ches* na exposición dos paradigmas verbais as gramáticas que se ativeron ao uso prescrito pola Real Academia Galega e o

²¹ Cito pola sétima edición desta gramática, mais cómpre aclarar que, polo que atinxe a isto, o seu autor non introduciu cambios desde a primeira, de 1966, na que xa consignaba o uso de *-ste*, *-stes*, *-che* e *-ches*.

²² Na terceira edición de *Galego 2* xustificouse así esta decisión: “Na segunda persoa, ó lado da forma *cantache*, tamén hai *cantaches*; dada a grande extensión das dúas o uso dunha ou doutra podemos aceptalo como optativo” (Instituto da Lingua Galega 1980: 167).

²³ Nos paradigmas presentados nesta obra de García de Diego advírtese unha presenza maioritaria de *-che*, ao paso que *-ste* se sitúa en segundo lugar e *-ches* só se menciona nos casos de *fuches* (145) e *viches* (p. 146). Do emprego de *-stes* dáse noticia nas páxinas 115-116, mais esta variante non se selecciona nunca na exposición dos paradigmas.

²⁴ Este autor seleccionou a variante *-che* para a exposición dos paradigmas verbais, mais recoñeceu que tamén se usaba *-ches* “en algunos verbos”: “La segunda persoa de singular de dicho tiempo [pretérito de indicativo] ha cambiado la terminación *isti*, equivalente a un pronombre personal en dativo en la terminación *che* en cada una de las tres conjugaciones: *semellache*, *respondiche*, *destroiche*; en algunos verbos varía esta segunda persoa del singular del pretérito perfecto en dos modos. Ejemplo: *fuches* o *foche* (fuiste)” (p. 199). Anteriormente xa dixera, de forma confusa, que “a algunas personas [na realidade, só á P2] del pretérito perfecto de indicativo es comun añadirle una *s*”, exemplificando con *volveches* e *viñeches* (p. 197); así mesmo, como formas de pretérito de indicativo conservadas en galego mencionara *houveste* e *pudeste* (p. 198).

²⁵ Lugrís seleccionou *-che* como única variante na exposición dos paradigmas dos verbos “ausiliares” (pp. 49, 51, 53), irregulares (pp. 56, 57, 60, 62, 64, 66, 67) e regulares da segunda e a terceira conxugacións (pp. 43, 45). No entanto, na primeira conxugación admitiu *falaches* como variante de *falache* (p. 40). Cómpre ponderar que esta gramática naceu cunha neta vocación prescritiva, polo que é lóxico que nela se perciba pouca atención ás variantes que o seu autor non consideraba dignas de seren utilizadas no galego culto.

²⁶ Nos verbos regulares Couceiro Freijomil deulle cabida a *-ste*, *-che* e *-ches* (p. 146), mais nos irregulares só contemplou *-che* (pp. 150-162), coa única excepción de *ser*, para o que si recolleu a variación *-ste / -che / -ches* (p. 159).

²⁷ Os gráficos inseridos na epígrafe 3.3 mostran que Carballo Calero errou nesta apreciación de que a lingua literaria de finais da década de 1970 tendía a preferir as variantes sen palatalización consonántica.

Instituto da Lingua Galega, é dicir, Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 316) e Álvarez / Xove (2002: 244-245).

O primeiro ditame normativo verbo desta variable lingüística deuse nas *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977), nas que se admitiu tanto *-che* coma *-ches*:

A forma *ti andaste(s)* é minoritaria ó lado de *ti andache(s)*. Adoptouse a alternancia *-che / -ches* na 2ª persoa de perfecto por rexistrárense ámbalas dúas en moitos lugares, anque tamén hai sitios onde só se emprega *-che* ou *-ches* (*Bases* 1977: 37).

Este foi, con certeza, o ditame que determinou que nas edicións revisadas de 1980 os manuais *Galego 1* e *Galego 2* do Instituto da Lingua Galega pasasen a admitir o mesmo *-che* ca *-ches*, cando anteriormente só acolleran *-ches*. Dous anos despois o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega inclináronse exclusivamente a prol de *-ches*, por ser esta aquela das dúas variantes maioritarias que amosaba naquel momento maior forza expansiva e por ser tamén a máis empregada polos falantes e mais polos escritores:

A desinencia da segunda persoa de perfecto era en latín *-sti*. En galego consérvase como *-ste* (*cantaste, colleste, partiste*) nunha pequena zona nos concellos de A Guarda e Tomiño; como *-stes* (*ti cantastes, collestes, partistes*) nunha franxa estreita entre Camariñas e Sanxenxo ó longo das Rías Baixas; como *-ches* (*cantaches, colliches, partiches*) en case todo o resto da Coruña e Pontevedra, así como na parte occidental de Ourense e SO de Lugo; e como *-che* no resto de Lugo e Ourense²⁸. Estas formas con *-s t i* palatalizado xa aparecen documentadas no século XIII, aínda co *s* sen assimilar ó *ch*: *fezische, quisische*, etc.

Aínda que todas elas son formas xeradas polo propio galego, a escolla (feita xa realmente por toda a tradición literaria moderna) non ofrece dúbidas a favor das maioritarias *-che* e *-ches*. Postos aínda a seleccionar unha forma única, debemos inclinarnos a favor de *-ches*, porque é (polo menos demográfica e literariamente) a maioritaria. Outro argumento, aínda, a favor da forma *-ches* é o seguinte: na área de *-che* (*cantache*, etc.) a énclice dos pronomes de terceira persoa non é, normalmente, a esperada (*cantácheo* ou *cantacho*), senón a que supón unha forma verbal acabada en *-s* (*cantáchelo*). Isto indica que a área de *cantaches* (apoiada pola analoxía con *cántalo, cantábalo, cantáralo, cantaralo, cántelo, cantáselo*) está gañando terreo a expensas da outra (Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega 1982: 71).

A meu ver, os gráficos presentados na epígrafe 3.3 constitúen indicios consistentes de que *-che* e *-ches* foron, en efecto —e con diferenza—, as dúas variantes máis utilizadas na literatura moderna anterior a 1982. Ora ben, tamén se deduce deles que, quitando casos particulares, a primacía de *-ches* sobre *-che* só chegou a consagrarse na literatura posterior a 1916, xa que na publicada entre 1840 e 1915 as porcentaxes de uso da que fora a variante máis común nos Séculos Escuros (*-che*) foron aínda moi considerables.

A decisión do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega non foi acatada nin polos defensores do denominado “reintegracionismo de mínimos”, que se

²⁸ Na 13ª edición revisada, de 1995, engadiuse aquí “e na maior parte do galego exterior” (p. 108).

ativeron no tocante a isto á escolla a favor de *-che* que xa en 1980 fixera a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, nin tampouco pola Associação Galega da Língua (1983), que se decantou por *-che* ou *-ste* por seren estas as variantes que, ademais de propiciaren a harmonía coa solución portuguesa, carecían do *-s* analóxico, que “em todas as partes”, segundo ela, se consideraba vulgar:

Devem-se preferir as formas *andache*, *colheche* e *partiche* a *andaches*, *colheches* (ou *colhiches*), *partiches*. Estas formas com *-s* final, aínda que algo maioritárias demograficamente segundo parece, nom devem ser preferidas às primeiras, pois que *andache*, *colheche* e *partiche*, sem o *-s* final, som harmónicas coas correspondentes portuguesas (*andaste*, *colheste*, *partiste*) e espanholas, assi como mais conservadoras e etimológicas (argumento este de peso para o ILG).

Em harmonia co português, e aquí tamém co espanhol, devemos preferir claramente as formas sem *-s* final, e rejeitar as outras, por serem em todas as partes, a pesar da maior ou menor freqüência, consideradas vulgares e analógicas de outras segundas persoas (*andas*, *andavas*, *colheras*, *colherás*, *partirias*, *dixesses*, *dixeres*, *dizeres*). A preferência literária por *andaches*, em todo caso pouco significativa, assi como o hipotético carácter avançador desta forma, devem pesar menos que a conveniência de manter a ligazón — e a comunicación— galego-luso-brasileira, tam desconsiderada polos autores das *Normas*.

Aínda máis, este mesmo norte leva-nos a incluír nos paradigmas, ao lado de *andache*, a forma *andaste*, que, além de importante demograficamente (vai de Camarinhas à Guarda, grosso modo), representa a dimensom supragalega do noso idioma, e só por isto debe ser conhecida e prezada (Associação Galega da Língua 1983: 95-96).

Cómpre matizar que, consonte os datos do ALGa 1 anteriormente referidos, a variante *-ste* carecía na década de 1980 da “importancia demográfica” que a AGAL daquela lle concedía.

En definitiva, a información recolectada nesta epígrafe permítenos afirmar que a maioría dos textos gramaticais ou paragramaticais anteriores a 1982 (os de Mirás, Cuveiro, Saco Arce, R[odríguez] Rodríguez, García de Diego, Santiago y Gómez, Lúgrís Freire e Couceiro Freijomil) presentou *-che* como a principal variante da variable morfolóxica que neste traballo se estuda. O tratamento paritario de *-che* e *-ches*, aínda que xa se advirte na gramática de Marcial Valladares, de 1892, só se deu máis tarde no apéndice de gramática galega de Cornu, de 1906, e nas edicións revisadas en 1980 dos manuais de aprendizaxe *Galego 1* e *Galego 2* do Instituto da Língua Galega. A primeira gramática que lle outorgou un tratamento prioritario á variante *-ches* foi a de R. A. (1919), seguida bastantes anos depois da de Ricardo Carballo Calero, de 1966. Se por unha parte todo isto induce a pensar que o avance de *-ches* a custa de *-che* foi tardío, tamén é certo que no ánimo de moitos dos nosos gramáticos debeu de pesar o preconceito, probablemente inspirado polo castelán, de que as solucións con *-s*, *-ches* e *-stes*, deberían considerarse vulgares, polo que non lles parecerían dignas de seren mencionadas, e menos aínda recomendadas. Fronte ás de *-che* e *-ches*, as mencións das variantes non palatalizadas foron moito menos frecuentes, e especialmente as de *-stes*, da que só se informou nas obras de García de Diego e Carballo Calero.

3.3. Os datos da tradición literaria

Nas fontes das catro primeiras décadas do século XIX (cf. Mariño Paz 2003: 213; Mariño Paz 2012: 356) o que se observa é que a variante *-che* se mantén comodamente

como a máis usada para a expresión desta variable morfolóxica, mais dando paso xa a unha presenza de *-ches* moi superior á que descubrimos nos textos do galego medio. Non é raro que ambas as solucións coexistan na mesma obra de principios do XIX e convén subliñar que *-che*, hoxe minoritaria na comarca de Santiago, aparece con moita abundancia nos textos composteláns desta época, cousa que apunta, cando menos indiciariamente, a un recuamento do seu uso no galego oral desta comarca nos dous últimos séculos. Nestas fontes de inicios do XIX *-ste* e *-stes* só se ofrecen, e sen competencia de *-che(s)*, no noiés *Encuentro y coloquio [...] na pontella da Chainsa* (1837), o que suxire que naquela contorna do suroeste da provincia da Coruña a variante *-ste*, hoxe abandonada no uso oral, aínda podería usarse naquel tempo en alternancia con *-stes*.

De mediados do século XIX en diante, a irrupción en escena do galeguismo determinou un constante incremento do número de publicacións en lingua galega. Desde logo, os límites en que este meu estudo debe moverse non me permiten facer un seguimento exhaustivo dos usos observables para a variable morfolóxica en análise nas fontes escritas desde 1840 ata a actualidade, polo que se me impuxo a necesidade de facer unha selección. Tendo en conta os datos fornecidos por Bugarín López (2007), procedentes da análise dun corpus de 2.064.847 ocorrencias presentes en textos orais e escritos producidos de 1975 a 1999, seleccionei as P2 dos pretéritos de indicativo dos tres verbos irregulares (*ser*, *ter* e *ir*²⁹) e dos tres verbos regulares (*levar*, *pasar* e *chegar*) con maior frecuencia de uso no galego de hoxe e analicei o seu emprego na nosa moderna tradición escrita por medio do Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG). Os resultados desta pesquisa preséntoos a seguir fraccionados en catro grandes etapas históricas, todas elas dotadas, a meu parecer, de características propias que produciron o efecto de singularizaren o galego escrito que en cada unha delas se cultivou. A primeira, de 1840 a 1915, correspóndese coa traxectoria seguida polo galeguismo desde o seu alborear ata a irrupción do nacionalismo. A segunda, de 1916 a 1936, é a feraz época do nacionalismo prebélico, sostido fundamentalmente polas Irmandades da Fala e o Grupo Nós e empeñado nunha dinámica purista e descastelanizadora que na época anterior operara con menor esixencia. A terceira, de 1937 a 1981, cobre todo o treito que vai da implantación do franquismo en Galicia á publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982) da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega; foron anos en que, superada a conmoción inicial, o cultivo do galego iniciou unha recuperación orientada primeiro polo círculo da Editorial Galaxia e máis tarde tamén pola gramática de Carballo Calero, de 1966, e polas propostas normativas que se fixeron no tardofranquismo. Finalmente, a cuarta, de 1982 a 2002 (o ano dos textos máis tardíos recollidos no TILG), é xa a época da estandarización, na que o cultivo do galego se viu definitivamente orientado polas prescricións emanadas das institucións encargadas de definir a variedade estándar.

Os resultados obtidos nesta exploración expóñoos nos gráficos 1, 2, 3, 4, 5 e 6, nos que, para aforrar información innecesaria, reunín baixo unha soa entrada as distintas variantes que en cada caso poden presentar os temas verbais. Así, por exemplo, a suma dos rexistros de *fuches* e *foches* agrúpanse baixo a entrada *fuches*; os de *fuche* e *foche*, baixo a entrade *fuche*; os de *tiveches*, *tuveches*, *tuviches* e *toveches*, baixo *tiveches*; etc.

²⁹ Aínda que os pretéritos de indicativo de *ser* e *ir* son idénticos, considereinos aquí como o que de feito son: unidades pertencentes a dous paradigmas verbais diferentes.




Gráfico 1. Variantes da P2 do pretérito de indicativo do verbo *ser* no galego escrito de 1840 a 2002 (Fonte: TILG)³⁰.




Gráfico 2. Variantes da P2 do pretérito de indicativo do verbo *ter* no galego escrito de 1840 a 2002 (Fonte: TILG)³¹.

A variante *-che*, maioritaria aínda nas fontes de entre 1800 e 1840, perdurou durante moitos anos con altas porcentaxes de uso na nosa escrita. En xeral, e non sen aparentes excepcións como a de *levar* (cf. Gráfico 4), no século XX foi experimentando un devalo suave que só a partir de 1982 se foi facendo un pouco máis brusco. Con todo, convén aclarar que a non desprezable persistencia desta variante na última das fases aquí recoñecidas débelle moito ao feito de que bastantes dos seus rexistros de entre 1982 e 2002 proceden de autores que a este respecto se ativeron ás recomendacións da Asociación Socio-Pedagóxica Galega ou de textos de carácter oral ou esencialmente oral, xa se trate de gravacións de finais do século XX que se incorporaron ao TILG, xa de pezas do cancionero popular. Con certeza, unha investigación a fondo, allea ás intencións deste artigo, desvelaría detalles importantes relativos á particular dinámica evolutiva de certos verbos ou tipos de verbos.

³⁰ Número total de rexistros: 611. De 1840 a 1915: *-che* 65, *-ches* 100, *-ste* 1, *-stes* 0. De 1916 a 1936: *-che* 43, *-ches* 84, *-ste* 2, *-stes* 6. De 1937 a 1981: *-che* 29, *-ches* 75, *-ste* 10, *-stes* 3. De 1982 a 2002: *-che* 40, *-ches* 138, *-ste* 1, *-stes* 14.

³¹ Número total de rexistros: 297. De 1840 a 1915: *-che* 43, *-ches* 34, *-ste* 1, *-stes* 0. De 1916 a 1936: *-che* 35, *-ches* 37, *-ste* 3, *-stes* 3. De 1937 a 1981: *-che* 11, *-ches* 26, *-ste* 2, *-stes* 0. De 1982 a 2002: *-che* 16, *-ches* 86, *-ste* 0, *-stes* 0.




Gráfico 3. Variantes da P2 do pretérito de indicativo do verbo *ir* no galego escrito de 1840 a 2002 (Fonte: TILG)³².




Gráfico 4. Variantes da P2 do pretérito de indicativo do verbo *levar* no galego escrito de 1840 a 2002 (Fonte: TILG)³³.

De *-ches* hai que dicir que o seu uso experimentou un progreso sostido desde as fontes de mediados do XIX —e mesmo desde 1800, se consideramos tamén as anteriores— e que este progreso se rubricou na fase histórica que se iniciou co ditame normativo de 1982. Non resulta significativa a aparente excepción de *levaches*, xa que a diminución de emprego que lle observamos entre 1916 e 1936 se basea sobre un número moi reducido de rexistros: só 4, fronte aos 9 de *levache*.

³² Número total de rexistros: 370. De 1840 a 1915: *-che* 44, *-ches* 44, *-ste* 0, *-stes* 1. De 1916 a 1936: *-che* 18, *-ches* 46, *-ste* 1, *-stes* 2. De 1937 a 1981: *-che* 15, *-ches* 51, *-ste* 0, *-stes* 0. De 1982 a 2002: *-che* 33, *-ches* 113, *-ste* 0, *-stes* 2.

³³ Número total de rexistros: 88. De 1840 a 1915: *-che* 17, *-ches* 13, *-ste* 0, *-stes* 0. De 1916 a 1936: *-che* 9, *-ches* 4, *-ste* 0, *-stes* 0. De 1937 a 1981: *-che* 8, *-ches* 10, *-ste* 1, *-stes* 0. De 1982 a 2002: *-che* 9, *-ches* 17, *-ste* 0, *-stes* 0.




Gráfico 5. Variantes da P2 do pretérito de indicativo do verbo *pasar* no galego escrito de 1840 a 2002 (Fonte: TILG)³⁴.




Gráfico 6. Variantes da P2 do pretérito de indicativo do verbo *chegar* no galego escrito de 1840 a 2002 (Fonte: TILG)³⁵.

As variantes *-ste* e *-stes* tiveron escasísima acollida na nosa escrita moderna. Sobre todo de 1982 en diante, moitos dos seus contados rexistros proceden de coleccións de literatura popular e non de literatura de autor, o que quere dicir que se trata de rexistros que o que fan é reproducir os tradicionais usos orais de determinadas zonas e non a libre escolla de certos escritores. Obviamente, o mesmo cabe dicir dos rexistros extraídos de gravacións de lingua oral realizadas a partir da década de 1970. As porcentaxes de uso destas variantes son ínfimas no caso dos tres verbos regulares aquí analizados.

4. CONCLUSIÓNS

A variante máis utilizada en toda a documentación medieval analizada é *-ste*, que atinxe máis de dous terzos de representación no conxunto dos textos considerados para a elaboración das táboas 1 e 2 (o 67,8% dos casos). Só na *Crónica Troiana* cede a primacía a outra das variantes en liza (*-sche*), ao paso que no manuscrito madrileño da *Crónica Xeral Galega* comparte a primeira posición con esta mesma variante. En catro das fontes exploradas, datables nos séculos XIV e XV, *-ste* é a única solución detectada. É moi probable que todo isto queira dicir que no galego oral da Baixa Idade Media *-ste* foi a solución máis empregada para a expresión do sufixo número-persoal que aquí

³⁴ Número total de rexistros: 83. De 1840 a 1915: *-che* 5, *-ches* 7, *-ste* 0, *-stes* 0. De 1916 a 1936: *-che* 6, *-ches* 10, *-ste* 0, *-stes* 0. De 1937 a 1981: *-che* 7, *-ches* 21, *-ste* 0, *-stes* 0. De 1982 a 2002: *-che* 2, *-ches* 25, *-ste* 0, *-stes* 0.

³⁵ Número total de rexistros: 132. De 1840 a 1915: *-che* 18, *-ches* 9, *-ste* 0, *-stes* 0. De 1916 a 1936: *-che* 10, *-ches* 17, *-ste* 0, *-stes* 0. De 1937 a 1981: *-che* 9, *-ches* 15, *-ste* 1, *-stes* 0. De 1982 a 2002: *-che* 7, *-ches* 44, *-ste* 1, *-stes* 1.

estudamos, aínda que é evidente que en certas áreas do territorio poderían preponderar outras variantes que terían unha distribución diatópica que hoxe non podemos precisar.

Para as variantes con *-i* en posición átona final, con minoritarias pero importantes porcentaxes de uso en textos poéticos e prosísticos do século XIII e da primeira parte do XIV, non atopei ocorrencias posteriores ás dúas (*faliçichi* e *trouuisti*) que se dan no manuscrito 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca, que data de finais do trescentos. A meu ver, este dato está en perfecta sintonía co que hoxe sabemos sobre a cronoloxía do definitivo paso a *-e* do *-i* procedente de *-Ī* átono final latino nos distintos casos posibles: salvo en reliquias que permaneceron como fósiles na toponimia (*Estramundi*, *Trasmundi*), a dita abertura vocálica estaba xa próxima á consumación ao rematar o século XIV e debeu de se completar na centuria seguinte (cf. Mariño Paz 2009). As solucións con *-e* son as únicas rexistradas en seis textos en verso ou en prosa historiográfica, literaria ou relixiosa dos séculos XIV e XV (*Geral Estoria*, *Crónica Troiana*, *Historia Troiana*, *Miragres de Santiago*, *Cancioneiro de Afonso Pérez* e *Crónica de Santa María de Iria*).

As variantes galegas con palatalización consonántica en *-sch-*, ausentes na lírica profana, alcanzaron un uso residual nas *Cantigas de Santa María* pero maioritario no manuscrito 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid e, con máis contundencia aínda, na *Crónica Troiana* acabada en 1373. Dada a súa proximidade cronolóxica, o contraste entre os datos das *Cantigas de Santa María* e os do manuscrito 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid induce a pensar que a decantación a prol das formas sen palatalización no cancionero mariano de Afonso X pode obedecer a unha preferencia polas variantes máis conservadoras que daquela presentaba esta variable, e non a un mecánico reflexo da frecuencia de uso que cada unha delas tería no galego oral de entre 1270 e 1312, aproximadamente. As formas con *-ch-* (*-chi* ou *-che*) son de aparición serodia, pois só as vemos en dous textos de entre finais do XIV e principios do XV: o manuscrito 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca (onde acadan un 44,4% de representación) e os *Miragres de Santiago* (nos que só chegan ao 16'3%).

As contadas fontes do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII) deixan albiscar que unha destas dúas variantes con *-ch-* (*-che*) debeu de coñecer do século XV en diante un firme proceso de difusión no galego oral. Formas do tipo de *pensache* son con moita diferenza as maioritariamente empregadas nos textos desta época, nos que, con todo, tamén se encontran a variante antiga *-ste* e, só desde a segunda metade do XVIII, a máis innovadora *-ches*. Xa non se documentan neles, polo contrario, nin *-sche* nin ningunha ocorrencia dalgunha solución con *-i*. Tampouco se rexistra neles a variante *-stes*, da que, así e todo, considero que se pode dicir que debía de usarse xa no galego oral da época, pois a iso apuntan as noticias e rexistros dela que achamos nun texto de 1837 e en fontes posteriores.

No galego oral contemporáneo (séculos XIX, XX e XXI) continúan en uso as catro variantes *-ste*, *-stes*, *-che* e *-ches*. Ao lado das dúas primeiras, hoxe minoritarias, *-che* e *-ches* utilízanse na maior parte do territorio, mais, como vimos na sección 3.1, con tendencia a que *-ches* vaia desprazando *-che* cara ao leste. Esta pugna entre *-che* e *-ches*, por tanto, estase a librar hoxe mesmo ante os nosos ollos, é unha mudanza en marcha no galego do noso tempo. Do meu punto de vista, a escolla de *-ches* como a variante propia do estándar impulsado desde 1982 e socializado sobre todo a través do ensino, dos medios de comunicación e da produción literaria debe de estar supoñendo a súa propagación a un crecente número de variedades diatópicas, diafásicas e diastráticas do galego actual. Carecemos aínda, en todo caso, de traballos de campo que poidan confirmar esta hipótese, para min razoable.

A meirande parte das gramáticas anteriores a 1982 presentou *-che* como a principal das variantes desta variable morfolóxica. A primeira que lle outorgou a *-ches* tal condición, mesmo por ser a única que nela se citou, foi a de R. A. (1919). En todas estas obras as mencións das variantes non palatalizadas foron menos frecuentes, e nomeadamente as de *-stes*, que no caso de certos autores compartiu con *-ches* a consideración de vulgar. Se o primeiro ditame normativo sobre esta cuestión (*Bases*, 1977) admitiu tanto *-che* coma *-ches* en razón da súa similar frecuencia de uso na lingua oral, a decisión a prol de *-ches* nas *Normas* de 1982, non aceptada polo reintegracionismo, supuxo para esta variante un recoñecemento que desde aquela está a reforzar a súa expansión.

Con poucos e grosos trazos, simplifícadamente, sen atención a detalles que probablemente serán xa na súa maioría irrecuperables, reflicto a variación diacrónica desta variable morfolóxica na táboa 6. Fago nela catro cortes na dimensión temporal, mais recoñezo que a posible recolección de máis información podería deitar nova luz que aconsellase o recoñecemento doutras fases en que se desen situacións de variación diferentes³⁶. A meu parecer, a exposición ata aquí realizada autoriza a distinguir no galego medieval unha primeira fase con convivencia entre variantes con *-i* e variantes con *-e*, que duraría ata finais do século XIV, aproximadamente, e unha recta final en que só permanecerían xa as solucións acabadas en *-e*. Nas columnas do galego medieval e do galego medio escribíñ con letra negra as variantes máis empregadas na documentación conservada. Na do galego contemporáneo a letra negra distingue a solución que presenta no día de hoxe un maior potencial difusor.

<i>Galego medieval 1</i>	cantasti	cantaschi	cantachi	cantaste	cantastes*	cantasche	cantache	
<i>Galego medieval 2</i>				cantaste	cantastes*	cantasche	cantache	
<i>Galego medio</i>				cantaste	cantastes*		cantache	cantaches
<i>Galego contemporáneo</i>				cantaste	cantastes		cantache	cantaches

Táboa 6. Variación diacrónica do sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo en galego. O asterisco indica o carácter hipotético de *cantastes* nas tres primeiras fases.

A meu parecer, o que esta táboa revela é algo que, por outra parte, xa se ten dito non poucas veces: a mudanza lingüística non consiste realmente na substitución dunha variante por outra, senón na substitución dun determinado estado de variación por un estado de variación diferente. O que temos na táboa 6, por conseguinte, é un escenario de variación diacrónica en que a mudanza se revela como a sucesiva incorporación de variantes innovadoras que durante un determinado período de tempo coexistiron con outras máis antigas que, chegado o caso, chegaron a ser completamente abandonadas ou, polo contrario, perduraron nun continuado proceso de recesión mesmo ata o día de hoxe. Isto último foi, concretamente, o acontecido coa variante *-ste*, avultadamente maioritaria na documentación medieval e hoxe esmorecente³⁷.

³⁶ Así, por exemplo, conviría precisar, se fose posible, a cronoloxía da extinción de *-sche* e mais a da aparición de *-ches*. E no galego contemporáneo unha indagación máis apurada ca esta, acompañada do pertinente traballo de campo, debería precisar, entre outras cousas, os termos en que hoxe en día se está a producir a expansión diatópica, diastrática e diafásica da variante *-ches*.

³⁷ Véxanse as reflexións que respecto da variación diacrónica fixo Penny (2004: 19-22).

As innovacións *-schi-* e *-sche-*, que incluso chegaron a ser maioritarias no manuscrito 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid (1295-1312) e mais na *Crónica Troiana* acabada en 1373, non deberon de tardar en ceder ante as aínda máis innovadoras *-chi* ou *-che*, probablemente por seren estas solucións menos complexas do punto de vista fonotáctico. A variante *-che*, pola súa parte, iniciou no treito final da Idade Media un proceso de difusión que a situou como a máis empregada, con gran diferenza, nas fontes escritas do século XVIII e, con maior competencia de *-ches*, tamén nas do XIX. Finalmente, no galego de hoxe a solución *-che*, antano dominante, está a recuar ante a variante *-ches*, e non só, a meu ver, por ser esta a seleccionada en 1982 para a variedade estándar, senón tamén, probablemente, pola dose de coherencia que *-ches* achega ao sistema ao facer patente mediante *-s* a súa condición de desinencia de P2.

Tórnase evidente, daquela, que a aparición dunha innovación nunca implica o abandono inmediato das variantes anteriormente empregadas polos falantes que a xeraron, senón a apertura dunha nova situación na que terán que convivir, se cadra por moito tempo, o vello e mais o novo³⁸. No caso da variable que neste artigo estudei as solucións máis antigas foron pouco e pouco cedendo ante as innovadoras: as variantes acabadas en *-i* desapareceron ante o espallamento das terminadas en *-e*; as non palatalizadas perderon e seguen a perder terreo ante as palatalizadas; as que contiñan a secuencia consonántica *-sch-* abandonáronse a favor das que resultaron en *-ch-* por asimilación; finalmente, *-che* está na actualidade retrocedendo ante a máis innovadora *-ches*. Convén non esquecer, con todo, que esta tensión entre o vello e o novo non se resolve sempre e necesariamente co triunfo da innovación e a extinción da variante ou das variantes máis antigas, xa que pode suceder que unha innovación, logo de vivir unha fase de propagación mesmo prolongada, experimente despois un recuamento que a faga sucumbir ante unha variante máis antiga. Como noutro traballo mostrei, isto foi precisamente o que no galego contemporáneo está a ocorrer coa variante *-s* para a expresión da sufixo número-persoal das P5 verbais³⁹.

FONTES EXPLORADAS E CITADAS

Galego medieval

CAP: H. MONTEAGUDO (ed.) (2013): *“En cadea sen prijon”*. *Cancioneiro de Afonso Paez. Poesía galega postrobadoresca (1380-1430ca.)*. Edición e estudo de Henrique Monteagudo. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia [= Cancioneiro de Afonso Pérez].

CDMO: M. ROMANÍ MARTÍNEZ (ed). (1989-93): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 3 vols. [1989, 1989, 1993]. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións. [*apud* TMILG].

³⁸ É obvio, por conseguinte, que cando escribimos unha cadea evolutiva como MANU > *māno* > *mão* > *man*, *ma*, *mao-mau* non queremos dicir que ao xurdir *māno* desaparecese decontado MANU, nin que o xurdimento de *mão* determinase o abandono instantáneo de *māno*, etc. Polo contrario, a convivencia de variantes que constatamos no galego actual (*man*, *ma*, *mao*, *mau*) tivo que darse tamén, aínda que en termos diferentes, nas sincronías pasadas do idioma, o que quere dicir que debemos tomar as ditas cadeas evolutivas como unha convención útil que nunca nos deberá inducir a esquecer a variación lingüística que con certeza se deu nas diversas sincronías pasadas.

³⁹ Sabemos que hai variedades do galego en que, tras unha época de preferencia pola variante *cantás* (< lat. CANTĀTĪS), esta entrou en recesión a favor da máis conservadora *canta* / *ts*, probablemente polos non poucos problemas de confluencia formal e por outros inconvenientes que aquela variante ocasionaba (cf. Mariño Paz 1992). Esta regresión non sería posible se nas falas de moitas localidades e de moitos individuos a variante conservadora non permanecese viva en situación de variación coa innovadora *cantás*. En cada sincronía lingüística, por tanto, houbo diversas variantes en xogo para a expresión deste sufixo número-persoal coa súa distribución diatópica, diastrática e diafásica.

- CGC: R. POLÍN (ed.) (1997): *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos). [apud TMILG].
- CI: J. A. SOUTO CABO (ed.) (2001): *Crónica de Santa María de Íria*. Estudo e edición de ---. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Edicións do Castro. [apud TMILG].
- CT: R. LORENZO (ed.) (1985): *Crónica Troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. [apud TMILG].
- FCR: L. F. LINDLEY CINTRA (1959): *A linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo. Seu confronto com a dos Foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do século XIII*. Lisboa: Publicações do Centro de Estudos Filológicos. Reprod. facsimilada: Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1984. [apud TMILG].
- LNAP: F. R. TATO PLAZA (ed.) (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. [apud TMILG].
- LP: M. BREA LÓPEZ (coord. de edición) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”. [apud TMILG].
- MS: R. LORENZO (ed.) (2004): *Mirages de Santiago*. Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas. [apud TMILG].
- PP: *Primeira Partida*, in L.-F. Askins / G. Avenozza / A. F. Dias / J. I. Pérez Pascual / H. Sharrer (eds.) (1997): “Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)”, *Revista de Literatura Medieval IX*, pp. 9-43. [O texto está nas pp. 26-28]. [apud TMILG].
- SAS: *Sobre a simonía* (fragmento), in A. L.-F. Askins / G. Avenozza / A. F. Dias / J. I. Pérez Pascual / H. Sharrer (eds.) (1997): “Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)”, *Revista de Literatura Medieval IX*, pp. 9-43. [O texto está nas pp. 42-43]. [apud TMILG].
- TC: R. LORENZO (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo. [apud TMILG].
- TMILG: X. VARELA BARREIRO (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg/>) [maio-xuño, 2013].

Galego medio

- APC: Anónimo ao prior de Camanzo (1788), in R. Álvarez / X. Xove (2004): “Achegas para a historia da lingua: unha carta do século XVIII”, in R. Álvarez / A. Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 35-64.
- CF1: D. A. CERNADAS Y CASTRO (1778-1781): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime D. Diego Antonio Cernadas y Castro, natural de Santiago de Galicia*, 7 tomos. Madrid: Joachin Ibarra. As poesías galegas encóntranse en: tomo I, pp. 315, 316, 322-323, 331; tomo II, p. 42; tomo III, pp. 305, 314-318; tomo IV, pp. 191-192, 193; tomo V, pp. 72-73, 138, 181-183; tomo VII, pp. 389, 390, 391, 396, 397, 398, 399.
- CF2: Composicións galegas de D. A. Cernadas y Castro, cura de Fruíme, contidas no “manuscrito coruñés”, in X. Pardo de Neyra (2002): *O labor lírico do ilustrado*

- cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Santiago de Compostela: Laiovento, pp. 183-194.
- CVGR: Fr. M. Sarmiento (1995): *Coloquio de vintecatroy galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.
- DAB: R. ÁLVAREZ / X. L. RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (2002): “O *Diálogo de Alberte e Bieito*. Dramaturxia, elites letradas e escrita en galego a fins do século XVI”, *Boletín da Real Academia Galega* 363, pp. 241-305.
- DC: Décimas contra Cernadas (ca. 1760-1770). Manuscrito inédito depositado na Fundación Penzol de Vigo (caixa CA-175(2)).
- EHGBG: FR. J. SOBREIRA (1974): “Ensayo para la historia general botánica de Galicia”, in J. L. Pensado: *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, pp. 221-267.
- HY: *Historia de Yria. De Ecclesia B[eata] Maria Virginis de Yria In Diocesi Bracaren[si]. Ex Bibliotheca Compostellanæ Ecclesiæ habuit D. Thomas Tamaio de Vargas, Historiographus Regius* (ca. 1617-1630) (ms. Barb. lat. 3578 da Colección Barberini da Biblioteca Apostólica Vaticana).
- JCS: M. M. MURGUÍA (1917): “Don José Cornide y Saavedra y sus versos en gallego”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 10, pp. 162-169 e 179-182.
- JGT: J. GÓMEZ TONEL (1612): “Soneto con falda”, in J. Gómez Tonel: *Relación de las Exequias que hiço la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la Reyna D^a Margarita de Austria, Nuestra Señora (q. Dios tiene). Descriptas y Puestas en Stilo por Iuan Gomez Tonel*. Santiago de Compostela: Joan Pacheco. Ed. facsímil (con prólogo de Y. Barriocanal López): Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997, p. 161.
- JNC: J. NOGUEROL Y CAMBA (1708): “Versos gallegos à Nuestra Señora de Reza”, in *El Clarín de la Fama y Cithara de Apolo. Con métricos rasgos a la Reales Fiestas, que en el felicísimo nacimiento de el Principe N. Señor D. Luis Jacobo Primero el Deseado executó la esclarecida y nobilísima, y muy leal Ciudad de Orense*. Santiago: Imprenta de Antonio de Aldemunde.
- MFI: R. MARIÑO PAZ (2007): “Edición e estudo lingüístico do romance de María Francisca de Isla y Losada ao cura de Fruíme (ca. 1774-1777)”, *Revista Galega de Filoloxía* 8, pp. 57-98.
- PDG: FR. J. SOBREIRA (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Ms. s. XVIII. Edición y estudio crítico por J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijóo”.
- PVN: P. VÁZQUEZ DE NEIRA (1612): “Soneto gallego” (1612), in J. Gómez Tonel: *Relación de las Exequias que hiço la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la Reyna D^a Margarita de Austria, Nuestra Señora (q. Dios tiene). Descriptas y Puestas en Stilo por Iuan Gomez Tonel*. Santiago de Compostela: Joan Pacheco. Ed. facsímil (con prólogo de Y. Barriocanal López): Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997, p. 160.
- RUSA: R. MARIÑO PAZ / M. SÁNCHEZ YÁÑEZ / D. SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): *O romance da urca de Santo Antón. Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié.

Galego contemporáneo

- ALGA 1: INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- ÁLVAREZ, R. / X. L. REGUEIRA / H. MONTEAGUDO (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

- ÁLVAREZ, R. / X. XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- ASOCIACIÓN SÓCIO-PEDAGÓXICA GALEGA (1980): *Orientacións para a escrita do noso idioma*. A Coruña: Xistral.
- ASSOCIAÇOM GALEGA DA LÍNGUA (1983): *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. [A Coruña]: AGAL; 2ª ed. corrigida e acrescentada: [A Coruña]: AGAL, 1989.
- Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego (= Bases)*. Madrid: Anaya, 1977.
- CARBALLO CALERO, R. (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 266 pp.; 2ª ed., 1968, 286 pp.; 3ª ed., 1970, 338 pp.; 4ª ed., 1974, 330 pp.; 7ª ed., 1979, 346 pp.
- CARRÉ ALVARELLOS, L. (1967): *Gramática gallega*. A Coruña: Imprenta Moret.
- CORNU, J. (1906): “Gramática de la Lengua Portuguesa. Apéndice: Morfología del gallego moderno”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 1, pp. 7-9; 2, pp. 28-30; 3, pp. 52-54; 4, pp. 75-77; 5, pp. 99-101.
- COSTA CASAS, X. X. / M. A. GONZÁLEZ REFOXO / C. C. MORÁN FRAGA / X. C. RÁBADE CASTIÑEIRA (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*. A Coruña: Vía Láctea.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1935): *El idioma gallego: historia, gramática, literatura*. Barcelona: Alberto Martín.
- CUVEIRO, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*. Pontevedra: Imp. de José A. Antúnez y Cª.
- FERREIRO, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- GARCÍA DE DIEGO, V. (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (fonética-morfología)*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez. Ed. facsímil: Anexo 23 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1984.
- INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA (1971): *Gallego 1*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela [Instituto da Lingua Galega: *Galego 1*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 4ª ed. revisada, 1980].
- INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA (1972): *Gallego 2*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela [Instituto da Lingua Galega: *Galego 2*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 3ª ed. revisada, 1980].
- LUGRÍS FREIRE, M. (1931) [1ª ed.: 1922]: *Gramática do idioma galego*. 2ª ed. A Coruña: Imprenta Moret. Edición facsímil: Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2006.
- MIRÁS, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana*. Santiago: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás. Ed. facsímil: Madrid: Akal, 1978.
- PÉREZ BALLESTEROS, J. (1885-1886): *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña*, 3 vols. Madrid: Francisco Fé.
- R. A. [atribuído a L. Carré Alvarellos] (1919): *Compendio de Gramática Galega*. A Coruña: Imprenta Nova.
- REAL ACADEMIA GALLEGA (1970): *Normas ortográficas do idioma galego*. A Coruña: RAG.
- REAL ACADEMIA GALLEGA (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: RAG.

- REAL ACADEMIA GALEGA / INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG / ILG; 13ª ed. revisada, 1995; 18ª ed. revisada: 2003.
- R[ODRÍGUEZ], RODRÍGUEZ, M. (1892/1893): “Declinación galega”, *Galicia. Revista Regional*, I, 5, pp. 267-275; 6, pp. 335-345; 7, pp. 385-390; 8, pp. 461-469; 9, pp. 525-528.
- SACO ARCE, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Soto Freire; 2ª ed.: Ourense: Gráficas Tanco, 1967.
- SANTIAGO Y GÓMEZ, J. DE (1918): *Filología de la lengua gallega*. Santiago de Compostela: Tip. de El Eco Franciscano.
- SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1933): *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*. Santiago de Compostela: Nós.
- TILG: A. SANTAMARINA (dir.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.ti.usc.es/TILG/>) [xullo-setembro, 2013].
- VALLADARES, M. (1970) [ms.: 1892]: *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia.

BIBLIOGRAFÍA

- ALVAR, M. / B. POTTIER (1983): *Morfología histórica del español*. Madrid: Gredos.
- ÁLVAREZ GIMÉNEZ, E. (1890): *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León. Estudio gramatical*. Pontevedra: A. Landín.
- BUGARÍN LÓPEZ, M. X. (2007): *O galego fundamental: diccionario de frecuencias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- CABEZA QUILES, F. (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- DUBERT GARCÍA, F. (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J. R. (1978): *Etnografía del valle de Ancares. Estudio lingüístico según el método “Palabras y Cosas”*. Anexo 10 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- FERREIRO, M. (1999): *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. 4ª ed. Santiago de Compostela: Laiovento.
- MARIÑO PAZ, R. (1992): “O sufixo número-persoal da P5 en galego: o retroceso moderno da solución *cantás*”, *Cadernos de Lingua* 5, pp. 75-97.
- MARIÑO PAZ, R. (1995): “Estudio introductorio”, in Fr. M. Sarmiento: *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, pp. 7-102.
- MARIÑO PAZ, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- MARIÑO PAZ, R. (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacemento. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Monografía 2 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- MARIÑO PAZ, R. (2009): “A vogal /i/ en posición átona final de palabra no galego medieval”, *Revista de Filología Románica* 26, pp. 71-98.
- MARIÑO PAZ, R. (2012): “Análise lingüística da obra en galego de Antonio Benito Fandiño”, in R. Mariño Paz (ed.): *Papés d'emprenta condenada (II). Lingua*

- galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 317-384.
- MARIÑO PAZ, R. (2013): “O sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo no galego medieval”, in R. Álvarez et alii (eds.): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 355-368.
- PCG: ALFONSO X (1977): *Primera Crónica General de España*. Editada por Ramón Menéndez Pidal, con un estudio actualizador de Diego Catalán. 3ª reimpr. Madrid: Gredos.
- PENNY, R. (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.
- PIEL, J.-M. (1989): “A flexão verbal do português (Estudo de morfologia histórica)”, in J.-M. Piel: *Estudos de lingüística histórica galego-portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, pp. 213-244.
- ROCHWERT-ZUILLI, P. (éd.) (2010): *Crónica de Castilla*. París: SEMH-Sorbonne.
- RÜBECAMP, R. (1932-1934): “A linguagem das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X”, *Boletim de Filologia* 1 (1932), pp. 273-356; 2 (1934), pp. 141-152.
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros*. Ames: Laivento.

Variación e cambio na morfoloxía do artigo definido galego¹

FRANCISCO DUBERT GARCÍA
Instituto da Lingua Galega. USC

1. INTRODUCCIÓN

A forma de palabra correspondente ó artigo definido galego (ART.DEF) é átona. A súa posición na sintaxe está regulada por criterios sintácticos e é produto da historia: ó ser un antigo demostrativo erosionado, ocupa a posición inicial da súa frase nominal (FN). De feito, dentro dunha FN superior, o ART.DEF só pode ir precedido dos indefinidos *todo-toda* e *ambos (tódalas nenas)*; como unha FN tamén pode ser obxecto de frase preposicional (FP), o ART.DEF pode aparecer inmediatamente precedido dunha preposición (*polo camiño*); a FN pode ser obxecto directo, suxeito, ou complemento circunstancial dunha frase verbal (FV), polo que o ART.DEF aparece inmediatamente precedido dun V (*ven a tele, chegan os nenos, veñen o domingo*) ou dun clítico posverbal (*déuno-los cartos*); en fin, tamén pode aparecer precedido doutras moitas unidades, coma adverbios (*viñeron despois as nenas, antes os rapaces xogaban na rúa*) ou conxuncións (*o teu e mailo meu*). Todos estes feitos dependen, precisamente, da posición que ocupe a súa FN e da relativa liberdade da orde de palabras que se dá en galego. En todo caso, en ningún destes casos o ART.DEF mantén unha relación sintáctica directa coa palabra que o antecede: o ART.DEF mantén sempre relacións constitutivas indirectas, e sempre mediadas polo nó FN coas unidades que o preceden, mentres que, en moitos casos, mantén relacións constitutivas máis directas co elemento que está á súa dereita (*viñeron [as nenas]*). Ora ben, desde o punto de vista lineal, o ART.DEF sempre mantén relacións secuenciais directas, de adxacencia (“the linear relation holding between two elements in a sentence which are not separated by any other element” Trask 1993, *s.v. adjacency*), cos elementos que o preceden, pois nos actos de fala en que aparece está directamente en contacto con elas, xeralmente cunha absoluta falta de pausas e dentro da mesma curva de entoación (Fernández Rei 2002).

Dado que o ART.DEF é átono, debe apoiarse noutra palabra tónica, o seu hospedeiro fonolóxico, da que, en principio, se transforma nun clítico. En efecto, como mostra Dubert (2014), o ART.DEF é un clítico ditrópico (Cysouw 2005), pois establece algún tipo de relación fonolóxica coa unidade que secuencialmente o antecede, a pesar de que non manteña con ela unha relación sintáctica constitutiva directa. O ART.DEF clitízase con dirección á esquerda: *vexo=o home*. Froito destas relacións fonolóxicas secuenciais coas unidades que anteceden o ART.DEF son tanto as denominadas contraccións (tanto as canónicas, recollidas na variedade estándar, coma as que só se recollen nas variedades orais), coma os tres alomorfos do artigo de que a seguir falarei. Os conflitos que lle xorden ó ART.DEF ó buscar un lugar para clitizarse iluminan a dimensión sintagmática, as consecuencias do carácter lineal da linguaxe e o peso da frecuencia á hora de crearse a gramática, de xeito que as unidades que adoitan aparecer contiguas, poden acabar conformando outra unidade en si (Dubert 2014).

Polo tanto, fóra da posición inicial, o ART.DEF tendeu a agruparse fonoloxicamente coa palabra que o precedía. Isto produciu tensións, pois provocou que

¹ Este traballo realizouse no proxecto “Cambio lingüístico no galego actual”, Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España, FFI2012-33845, e coas Axudas da Xunta de Galicia para a Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación Competitivas doSUG (GRC2013/040), cofinanciadas polo FEDER.

o ART.DEF e a unidade precedente interactuasen fonoloxicamente, aínda que o ART.DEF conformase unha unidade sintáctica cos elementos que determinaba á súa dereita. Veremos que estas interaccións fonolóxicas produciron un encarecemento da gramática. Este encarecemento, á súa vez, provocou unha tendencia a reducir as alternancias formais a través de procesos de variación.

A alomorfia do artigo en galego é un deses *ornitorringos* (Moure 2010) da lingua galega que merecería un estudo demorado, pero que veu sendo estigmatizado nas discusións sobre a elaboración do estándar galego. Nalgúns casos, esta estigmatización confundiu a discusión sobre a idoneidade da representación gráfica dos alomorfos do ART.DEF (un problema ortográfico) co estatus lingüístico dos alternantes na gramática do galego (un problema gramatical). Algúns chegaron incluso a deslaxitar o interese científico pola cuestión. Baste como exemplo unha afirmación do sociolingüista Francisco Rodríguez:

[Os isolacionistas] adicáronse a converter unha normativa españolizadora na pedra de toque fundamental da existencia do galego como unha lingua burocrática e ritual. Os casos máis lacerantes foron a imposición visual e mesmo a teorización gramatical de que en galego hai os artigos “o” e “a”, “os” e “as”, “lo” e “la”, “los” e “las”, o que evidentemente provoca efectos devastadores non só na visualización da nosa lingua, senón na forma de oralizala (Mexuto 2006: 392).

A análise da estigmatización dos alomorfos do ART.DEF e das propostas de análise lingüísticas do fenómeno, as “teorizacións gramaticais”, realizadas polos “isolacionistas”, merecería outro traballo á parte. Neste só pretendo analizar este proceso de variación e cambio lingüístico que se vén mostrando como secular, e demostrar así o atractivo científico destas alternancias e do estado de variación en que se encontran. Polo tanto, vou seguir *teorizando gramaticalmente* sobre as alternancias formais na expresión do ART.DEF en galego. Neste sentido, sigo a tradición lingüística galega e o interese que lingüistas estranxeiros, non condicionados por prexuízos previos sobre a estandarización, mostraron pola morfoloxía do artigo e a súa relevancia para a teoría morfolóxica (Kikuchi 2005, Nevins 2011).

Seguirei as seguintes convencións gráficas: (.) > fronteira silábica; (#) > fronteira de morfema; (##) > fronteira de palabra; (=) > fronteira de clítico, (ω) > palabra fonolóxica.

2. DISTRIBUCIÓN ACTUAL DOS ALOMORFOS DO ART.DEF EN GALEGO

Como é sabido, a forma de cita de ART.DEF en galego é *o* para o M.SG, *a* para o F.SG, *os* para o M.PL e *as* para o F.PL. Porén, o ART.DEF dispón dun xogo de formas (*alomorfos*) cuxa aparición está fonoloxicamente condicionada (Álvarez e Xove 2002, Álvarez 1983, Dubert 2001, 2004, Fernández Rei 2002, 2005, 2012). A grandes trazos, as devanditas formas *o*, *a*, *os*, *as*, coñecidas como *primeiras formas do artigo* (1FA), aparecen en posición inicial absoluta ou precedidas de vogal; as formas *lo*, *la*, *los*, *las*, as *segundas formas do artigo* (2FA), aparecen cando o ART.DEF está precedido de /r/ ou /s/ —a presenza de *lo*, *la*, *los*, *las* implica a desaparición das consoantes que seleccionan a 2FA—; e as formas *no*, *na*, *nos*, *nas*, coñecidas como *terceiras formas do artigo* (3FA), que se manifestan por medio dun /n/ alveolar ó final da palabra en que se hospeda o artigo (Dubert 2001, 2004, Álvarez 1983). En (1) ilústrase o diferente comportamento do ART.DEF.F.SG e da preposición *a* (onde *a* representa calquera palabra, distinta do ART.DEF e do pronome 3.ACU, que comece por vogal átona) situados no mesmo contexto fonolóxico.

- (1)
- | | |
|--|--|
| A) $_{FN}[_{DEF.F.SG}a \text{ }_{SBS.F.SG}rosa]$ | $_{FP}[_{P}a \text{ }_{SBS.F.SG}Rosa]$ |
| B) ['befo a 'rɔsa] | ['befo a 'rɔsa] |
| C) ti ves > ti ve-la rosa | ti ves > ti ves a Rosa |
| D) vou ver > vou ve-la rosa | vou ver > vou ver a Rosa |
| E) eles ven > ve[n] a rosa | eles ven > ve[ŋ] a Rosa |

En (1A) vemos que $_{FN}[a \text{ rosa}]$ contén un segmento *a* ART.DEF e un nome común *rosa*; $_{FP}[a \text{ Rosa}]$ contén un segmento *a* preposición e un nome propio *Rosa*; as dúas frases homófonas están formadas polos mesmos segmentos e sílabas, na mesma orde, co acento nos mesmos sitios (1B). En (1C) comprobamos que cando a $_{FN}[a \text{ rosa}]$ vai precedida dunha palabra rematada en /s/, *ves*, esta consoante desaparece e no seu lugar encontramos /l/: *ti ves*, pero *ti ve-la rosa*; como mostra $_{FP}[a \text{ Rosa}]$, esta alternancia non se produce cando *a* é preposición, pois /s/ mantense: *ti ves a Rosa*. O mesmo sucede en (1D) coa consoante /r/: co ART.DEF, o rótico é substituído por /l/: *ver*, pero *ve-la rosa*; coa preposición *a*, porén, /r/ consérvase: *ver a Rosa*. En (1E) a situación é máis complicada: unha consoante nasal final dun verbo é sempre velar se vai seguida dunha palabra que comece por vogal, [ŋ##V]; cando a vogal é significante de ART.DEF, a nasal do verbo pode aparecer como alveolar: *ve[n##a] rosa* vs. *ve[ŋ##a] Rosa*. As alternancias de (1C,D) ilustran a 2FA; as alternancias de (1E), a 3FA; a forma de (1B), a 1FA.

Existen diversas interpretacións sobre 3FA e sobre a súa segmentación. Por exemplo, Dubert (2001, 2004) defende que existe un alomorfo /no/ que, ó ligarse a unha palabra rematada en /N/, elimina a nasal que o selecciona. Álvarez, Regueira e Montegudo (1986: 138) defenden, pola contra, que a nasal /N/ final das palabras seguidas da 1FA /o/ se realiza como alveolar no canto de velar. A primeira análise mantén o paralelismo entre /lo/ e /no/ co custo de engadir un alomorfo /no/. A segunda conta co beneficio de non aumentar o número de alomorfos do ART.DEF, pois neste caso estaríamos ante a 1FA tras nasal; ora ben, tería o custo de provocar que a selección do alófono [n] da nasal á esquerda da 1FA non se deba a criterios estritamente fonolóxicos, senón gramaticais, pois este alófono alveolar [n] só acontece cos ART.DEF e os pronomes clíticos 3.ACC (recordemos que nos outros casos aparece [ŋ]). Esta cuestión carece de interese neste estudo, como despois veremos.

A estes usos habería que engadir as contraccións e coalescencias. En (2), o ART.DEF aparece contraído coas preposicións:

- (2)
- a* > {a-P&DEF > [ɔ], [a:], [ɔs], [a:s]}
- ca* > {ca-P&DEF > [kɔ], [ka:], [kɔs], [ka:s]}
- con* > {con-P&DEF > [ko], [koa] ~ [ka], [kos], [koas] ~ [kas]}
- de* > {de-P&DEF > [do], [da], [dos], [das]}
- en* > {en-P&DEF > [no], [na], [nos], [nas]}.

Estas contraccións, canónicas, son as propias da lingua estándar e da variedade escrita; a elas habería que engadir as coalescencias de (3) que existen na lingua falada:

- (3)
- A) *onda o neno* > *ond[ɔ] neno*
- B) *canda o neno* > *cand[ɔ] neno*
- C) *para o neno* > *pr[ɔ] neno*
- D) *pensa o neno* > *pens[ɔ] neno*
- E) *salta o neno* > *salt[ɔ] neno*

En (3A, B, C) temos contraccións non canónicas ou coalescencias do artigo con preposicións rematadas en *-/a/*; en (3D, E) temos coalescencias do artigo coa última vogal dun verbo, *pensa o neno > pens[ɔ] neno*, que existen na fala común aínda que tampouco se representan na lingua escrita normal. Nótese que o nestes últimos casos, o ART.DEF compórtase dun xeito parecido ó artigo indefinido, en que son comúns as coalescencias do tipo *ond[ɔ]nha* ‘onda unha’ ou *habí[ɔ]nha* ‘había unha’ etc.

As contraccións con preposición de (2) están lexicalizadas: non existe ningunha regra fonolóxica sincrónica produtiva que produza [ko] a partir de *con* e *o*, ou [no] a partir de *en* e *o*. Por esta razón, e dada a súa frecuencia de uso, é seguro que todas elas están almacenadas no lexicón. Quizais as contraccións (3A, B, C), en virtude da súa frecuencia e uso, poderían estar tamén lexicalizadas, aínda que o seu proceso creativo é máis natural; canto ás coalescencias de (3D, E), cabería estudar se son froito de procesos sincrónicos de coalescencia ou *sandhi* sincrónicos (véxase Fernández Rei 2002: 169-187). Para determinar estes puntos poderían ser iluminadores estudos cuantitativos dos que non dispomos. En todo caso, neste traballo só me ocuparei de alternancias coma as de (1), pero as formas de (2) e (3) veñen outra vez mostrar que o ART.DEF interactúa fonoloxicamente coa palabra que o precede, mostrando que a súa dirección de clitización é á esquerda e non á dereita.

3. CARÁCTER MORFOFONOLÓXICO

Existe certa dúbida na lingüística galega sobre se, na gramática galega actual, as 2FA e 3FA son fenómenos *fonéticos* ou afectan á morfoloxía do galego (Dubert 2004 e referencias alí contidas). Vistos os datos recollidos en (1), non debería ser necesario insistir no carácter morfofonolóxico, léxico, das actuais alternancias sobre cuxa evolución quero reflexionar. A razón do seu carácter morfofonolóxico, léxico, no galego actual provén de:

A) Os segmentos alternantes implicados, [l], [r] e [s], son distintivos, e non alofónicos. A alternancia de *ver a Rosa* vs. *ve-la rosa* non é coma a de [s] e [z] en [‘ez’βoa] ‘es boa’ vs. [‘es’parβa] ‘es parva’... Esta última é alofónica, automática, depende do contexto fonolóxico e non implica trazos distintivos, pois [s] e [z] son alófonos de /s/ (nótese que non hai cambio de significado). É claro que [l], [r] e [s] son segmentos con valor distintivo: *mar* vs. *mal*, *estar* vs. *estás*, *ve-la rosa* vs. *ver a Rosa*, etc. Como o que alternan son *fonemas* e os fonemas son os constituíntes básicos dos morfemas (xa en Martinet 1996: 16; ou en Hockett 1958: 134-135), a alternancia é, cando menos, *morfofonémica*, pois afecta á forma dos morfemas; se fose alofónica, fonética, afectaría alófonos, pero non alternarían fonemas.

B) Na descrición da alternancia actual é preciso mencionar información sintáctica, pois os procesos que vemos actuar afectan á expresión do ART.DEF (e tamén dos clíticos 3.ACU), sen que, curiosamente, sexa importante o papel morfolóxico que desempeñan os segmentos consonánticos que preceden o artigo:

- en palabras coma *despois*, *nós*, *antes*, *tras*, *ambos*, *por* o segmento que precede o artigo non é afixo, senón parte integrante da palabra;
- en palabras como *comemos* ou *comedes*, o /s/ é parte do afixo, sendo este recoñecible polo resto do morfo non afectado polo cambio;
- en palabras como *comes*, /s/ é afixo de 2SG;
- en palabras como *todos* ou *eles*, /s/ é afixo de PL.

Porén, o feito de que na descrición do proceso haxa que mencionar a categoría ART.DEF supón necesariamente que a alternancia non está condicionada *só* por factores

fónicos: non é unha alternancia fonoloxicamente automática. Nin sequera o feito (por demostrar) de que a alternancia se deba á fala rápida, relaxada, descoidada, etc., *desgramaticaliza* o fenómeno, pois segue a ser preciso mencionar na súa descrición o termo ART.DEF. Se *a* é unha preposición, na fala descoidada non se di **ve-la Rosa*. Por outra parte, é sabido que os fenómenos de redución do corpo fonético por fala rápida *tamén poden estar lexicalizados* e sometidos á frecuencia individual de uso de cada ítem lingüístico (Bybee 2001), o que nos mostra a existencia de procesos fonéticos específicos de palabras concretas; por esta razón, estes procesos son, alén de fonéticos, léxicos (Dubert 2014).

C) Tampouco o feito de que actualmente haxa variación na expresión do ART.DEF e que non sexa un proceso obrigatorio, que se non produza sempre que se dea o seu contexto, lle resta *gramática* ó fenómeno e o torna máis *fonético*, pois para describir esta variación debemos mencionar outra vez o termo ART.DEF. A falta de regularidade non *desgramaticaliza*. Os falantes que alternan formas coma *puñemos~puxemos* (Mapa 326 de *ALGa I*), varían na selección da forma dunha raíz, pero seguen a ter que optar por dúas entidades morfolóxicas distintas, *puñ-* e *pux-*, e non por unha variación fonética (véxase Dubert 2004). O labor do lingüista neste caso é saber se existe algún patrón que axude a explicar e entender variación: se existe algún factor interno (as unidades lingüísticas implicadas) ou externo (factores coma a clase social, a lingua inicial, o medio social ou xeográfico dos falantes).

En fin, como é sabido, non se observan hoxe fenómenos similares ós que aquí explorarmos con outros segmentos que están nun contexto similar, como se ve en (4).

(4)

*Ve-la*_{ART.DEF} *rosa* ou *ver a*_{ART.DEF} *rosa*, pero *Ver a*_P *Rosa*, **Ve-la*_P *Rosa*

Dar labazadas, **Da-labazadas*

Dás labazadas, **Dá-labazadas*

Estes feitos parecen sinalar que as alternancias [r] / [l] e [s] / [l] no contexto da expresión do ART.DEF están *gramaticalizadas* e non constitúen procesos fonéticos no sentido estruturalista da palabra, i.e., non son procesos *fonolóxicos alofónicos automáticos* nin, tan sequera, *fonémicos*, usando termos máis actuais (como os describe Freixeiro Mato 2000). Como as alternancias requiren información sintáctica e implican segmentos distintivos, no estruturalismo clásico tradicional falaríase de *alternancias morfoloxías* ou mesmo *morfolóxicas*, e os alternantes implicados serían máis ben partes de alomorfos ca alófonos. En resume, a alomorfa do ART.DEF mantén, pois, o que Spencer e Luís (2012: 109) denominan *morphophonological idiosyncrasy*: “Alternations in phonological form that are not the result of completely regular phonological processes that affect all words or word combinations of a given phonological type” (véxase Mohanan 1995 para unha clasificación destas alternancias). O atractivo da morfoloxía do ART.DEF, asociada a procesos fonolóxicos claramente *lexicais*, condicionados gramaticalmente, é que estes parecen suceder trala inserción dos segmentos que os padecen na sintaxe e non antes (véxase Dubert 2001, Fernández Rei 2002 e Kikuchi 2006).

Por outra parte, desde un punto de vista diacrónico, abonda con ler a demorada descrición do proceso de xeración dos alomorfos *o*, *lo* e *no* que fai Nunes (1933: 251-257) para comprobarmos que a antigüidade da orixe histórica das alternancias non nos permite xustificar unha interpretación mediante a que poidamos atribuír as actuais alternancias a un proceso sincrónico de fala descoidada ou enfática (Freixeiro Mato 2000):

As antigas formas *lo*, *la*, quer artigos, quer pronomes, ainda são pela língua

hodierna usadas, embora não com a extensão da antiga, pois, enquanto esta [i.e. *a lingua antiga*, FDG] recorria, sempre que o vocábulo que as precedía terminava em *r* ou *s*, aquela [i.e. *a lingua moderna*, FDG] só o faz depois de uma forma verbal [...] ou em seguida aos pronomes *nos* e *vos* e o advérbio *eis*. Nestes vocábulos os *r*, *s* ou *z* assimilaram-se ao *l* do artigo ou pronome, depois os dois *ll* reduziram-se a um único (p. 254)

Así pois, as alternancias que hoxe presenciamos son o resultado morfoloxizado de dous procesos fonolóxicos que xa na súa orixe estaban *lexicalmente* determinados: a asimilación de /sl/, /rl/ e posterior simplificación de consoantes xeminadas creadas nese proceso. Polo tanto, a 2FA non se pode atribuír hoxe a ningún proceso de lenición motivado pola fala rápida ou descoidada.

Do mesmo xeito, pouco se ten reflexionado sobre as contraccións de (2) e as crases de (3). Só desde unha perspectiva errada que espere necesariamente isomorfismo entre as estruturas fonolóxicas, sintácticas e semánticas se pode esperar que a cada elemento léxico lle corresponda unha soa etiqueta sintáctica e unha expresión fonolóxica independente, i.e., que as marxes das estruturas morfolóxicas, fonolóxicas e sintácticas coincidan. As contraccións *co*, *coa* ou *no*, *na* (e outras coma *cun*, *cunha*, *neste*, *nese*), que considerarei unidades almacenadas no lexicón, conteñen o xermolo de dúas categorías sintagmáticas: unha FP, pois conteñen unha preposición, e unha FN, pois conteñen un determinante (Figura 1). A mesma falta de isomorfismo véemola nunha palabra coma *amiguiño* (Figura 2), en que, como cabe esperar, non se dá isomorfismo entre as segmentacións morfolóxica e fonolóxica.




Figura 1. As contraccións de preposición e artigo conteñen unha FP e unha FN en potencia




Figura 2. Falta de correspondencia entre a descomposición fonolóxica e a morfolóxica

Con todo, a seguir veremos que esta noción de isomorfismo é fundamental para explicar a evolución histórica do ART.DEF.

4. PROCESO DE VARIACIÓN NA ALOMORFÍA DO ART.DEF

Ora ben, a distribución que vimos en (1) precisa aclaracións. Dun lado, convén destacar que as descrições realizadas para a lingua estándar escrita (ILG/RAG 2003) non coinciden, como tamén cabía esperar, co uso nos falantes reais: por exemplo, en galego estándar escrito non son correctas formas correntes na lingua común coma *despoi-los nenos, ánte-las mulleres, é mello-lo meu, féita-las camas, van éle-los dous*, etc. As formas seleccionadas para a escrita estándar son só unha parte das que efectivamente se producen nos textos orais da lingua falada, pois esta ofrece só unha selección arbitraria e ordenada. Cabe sinalar, ademais, que existen contextos, mal coñecidos, en que a 2FA debería ser posible na lingua popular falada, pero en que o seu uso non se verifica. Un bo repaso destes contextos e unha reflexión sobre as restricións de uso da 2FA no galego falado actual aparece en Fernández Rei (2002: 223-230). En (5) ofrezco algúns exemplos tomados desta autora en que a 2FA non é posible.

(5)

- A) Fixemos todos o traballo vs. *Fixemos tódolo traballo vs. Fixemos tódolos traballos
- B) Os datos ofreceunos o presidente vs. *Os datos ofrecéuno-lo presidente vs. O presidente ofrecéuno-los datos
- C) Eran moitos o sábado vs. *Eran móitolo sábado vs. Eran móitolos sábados (que faltou)

Nótese que as restricións que parecen impedir o uso da 2FA nestes contextos seguen a ser gramaticais (Fernández Rei 2002): non chega con termos un contexto fonolóxico adecuado, tanto en termos segmentais coma prosódicos, senón que outros elementos gramaticais están implicados: por exemplo, a 2FA bloqueáse se o /s/ pertence a un clítico 3PL.ACU ou o indefinido non cuantifica a FN que contén o ART.DEF. Outra vez, este feito fai imposible considerar a 2FA como resultado dun fenómeno *fonético, alofónico* ou *automático* ou condicionado pola fala rápida e descoidada.

Por outra parte, no uso real da lingua falada, podemos comprobar que, nos contextos adecuados, a presenza da 2FA ou da 3FA é lícita, pero non estritamente obrigatoria, de modo que nos contextos en que podería aparecer a 2FA ou a 3FA tamén 1FA é posible. Quere isto dicir que a alternancia de alomorfos non se produce sempre nin é obrigatoria, senón que está sometida a procesos de variación. Existen, polo tanto, unha serie de *variables* lingüísticas, cada unha das cales se realiza mediante dúas *variantes*. Seguindo as convencións habituais, defino *variable* como

A point in a linguistic system in a single speech community at which two or more **variants** are available. Typically, any given speaker sometimes uses one variante and sometimes another, with a comparative frequency which depends on any of a number of possible social factors like age, sex, social class and degree of formality (Trask 2000, s.v. *variable*)

E defino *variante* como:

Any one of two or more different forms in which a single word or other linguistic item exists in the same language at the same time [...]. The term is also applied to each of the several realizations of a linguistic form, or set of forms, available within a single linguistic **variable** (Trask 2000, s.v. *variant*).

Non se deben confundir as nocións de *variable/variante* coas de *alternancia/alternante*, pois os fenómenos de alternancia están regulados por condicións de distribución complementaria, de modo que os alternantes non poden aparecer no mesmo contexto lingüístico: “variation in the form of a single morpheme in different linguistic environments” (Trask 2000, s.v. *alternation*). No entanto, nas variables as variantes son distintas formas dun mesmo ítem que poden aparecer no mesmo contexto e, desde un punto de vista lingüístico, están en libre distribución e non en distribución complementaria (véxase Dubert 2004 exemplos aplicados ó galego). As variables escríbense entre parénteses. No noso caso, as variables na morfoloxía do ART.DEF ilústranse en (6).

(6)

A) variable (ART.DEF-1): variante α *ti ve-la rosa*, variante β *ti ves a rosa*

B) variable (ART.DEF-2): variante α *ó ve-la rosa*, variante β *ó ver a rosa*

C) variable (ART.DEF-3): variante α *eles ve[n] a rosa*, variante β *eles ve[n] a rosa*

De feito, como veremos, podemos dicir que a diferentes ritmos segundo os dialectos, os sociolectos e o contexto lingüístico, a 1FA vai invadindo os contextos da 2FA e da 3FA; con esta invasión, elimínanse as alternancias e os procesos morfofonémicos asociados.

4.1. Datos tomados da xeografía lingüística do galego

O Mapa 1 do apéndice (Mapa 214 de *ALGa II*), nun plano xeolingüístico, mostra como a 3FA (puntos brancos) está sendo barrida pola extensión da 1FA (puntos negros) sen que pareza existir un patrón xeográfico. Pola contra, no Mapa 2 (Mapa 211 de *ALGa II*) apréciase como a extensión da 1FA (símbolos negros) ó contexto da 2FA (símbolos brancos) cando o artigo vai precedido de /r/ no contexto [V+ART.DEF] é un proceso sobre todo ourensán e oriental (nótese que o ART.DEF.M no galego asturiano é *el*), cun patrón xeográfico definido. A claridade e definición do patrón é tal que non se pode deber ó azar nin pode ser resultado forzado da situación de entrevista, pois tamén aparece no Mapa 210 de *ALGa II* (en todo caso, no Mapa 212 de *ALGa II* non se observa tal patrón). Nótese que en moitos puntos os investigadores do *ALGa* recolleron dúas respostas: unha coa 2FA/3FA (segundo corresponda) e outra coa 1FA.

O proceso de extensión da 1FA non se ve só afectado polo tipo de segmento que precede o ART.DEF, senón tamén por que unidade lexical está á súa esquerda. Compárense agora o Mapa 2 [V+ART.DEF] do apéndice cos Mapas 3 (Mapa 213 de *ALGa II*) e 4 (Mapa 209 de *ALGa II*). Como se ve no Mapa 3 [todos+ART.DEF], a 2FA en *tódolos* está mellor preservada ca cando o ART.DEF vai no contexto [V+ART.DEF]; ademais, aparecen outras formas contractas específicas coma *tod[ɔ]s*, que tamén compiten neste contexto. Pero a 2FA aínda está mellor conservada cando aparece coa preposición *por*, no Mapa 4. Moitos dialectos en que se recolleu 1FA ou variación entre 1FA e 2FA no Mapa 1 usan *tódolos* no Mapa 2 (C.9, C.10, C.22, L.1, L.3, L.31, O.7...); e moitos máis dialectos usan *cocer o pan*, *todos os días*, pero manteñen *polo*. Desta maneira, a 2FA ten máis vitalidade en *polo* ca en *tódolos*, e máis en *tódolos* ca en [V+ART.DEF]. As formas *polo/pola* ou *tódolos/tódalas* están con certeza lexicalizadas, como seguramente tamén o están as formas *tod[ɔ]s/tod[a:]s*.

4.2. Datos tomados de falas contemporáneas concretas

A investigación en falas concretas produce resultados similares (outra mostra de que os patróns dos Mapas 1, 2, 3 e 4 non son resultado do azar). Aínda que este proceso de variación non está estudado en profundidade, existen datos parciais. En Santiago de

Compostela Dubert (1999) detecta condicionamentos fonolóxicos e léxicos similares. Canto ós condicionamentos fonolóxicos, na variable ART.DEF-3, a variante β $ve[n]$ está moi estendida, en canto a variante α $ve[n]$ parece encontrarse só nos falantes rurais de variedades moi conservadoras; pola contra, as variantes α $ve-la$ das variables ART.DEF-1 e ART.DEF-2 gozan de maior vitalidade, aínda que tamén sexan máis usadas polos falantes conservadores.

Canto ó condicionamento léxico, a preposición *por* ou o indefinido *todos* (*polo camiño, tódolos homes*) tamén presentan índices de uso da 2FA superiores ós que aparecen no contexto [V+ART.DEF]. O mesmo sucede na Terra Cha: vexamos na Táboa 1 os índices de uso obtidos por Dubert (1999: 109) para Santiago de Compostela e os obtidos por Regueira (1989: 532) para a Terra Chá:

	<i>Santiago</i>	<i>Terra Chá</i>
Índice xeral	73,10%	88,27%
<i>por</i> +ART.DEF	94,25%	98,94%
<i>todos</i> +ART.DEF	71,43%%	100%
V+ART.DEF	54,78%	79,94%

Táboa 1. Índices de uso da 2FA en Santiago de Compostela e na Terra Chá.

Como vemos, os índices de uso da 2FA son superiores na Terra Chá, un territorio máis rural, en canto son inferiores en Santiago, un territorio urbano; e os índices de uso da 2FA con *por* e con *todos* son máis altos cós usos con verbos. Cómpre sinalar que o uso de 71,43% *tódolos* en Santiago débese a que nestes dialectos *tódolos* compite con {*todo*:M.PL=DEF:M.PL <> [toðs]} e {*todo*:F.PL=DEF:F.PL <> [toða:s]}, cun índice de uso do 15,87% (o que deixa o índice de uso de *todos os* nun 12,7%), de xeito que é posible dicir *tódolos días, tod[ɔ]s días* e en menor medida *todos os*. Reproduzo na Táboa 2 os índices de uso de *tod[ɔ]s ~ tod[a:]s* fronte ós usos de *tódolos ~ tódalas* e *todos os ~ todas as* que Dubert (1999) obtivo en Santiago. Para interpretar a táboa debe terse presente que 2/18 debe lerse 2 ocorrencias entre 18 posibilidades; 0,11 é o índice resultado de dividir 2 entre 18. Este é o índice de uso: 0 representa ausencia de uso da variante en cuestión; 1 é uso exclusivo da variante en cuestión. A táboa está ordenada polo índice de uso da 2FA no contexto [V+ART.DEF].

Informante	<i>tod/ɔ/s</i>		<i>tódolos</i>		<i>todos os</i>		2FA en [V+ART.DEF]	
007a	0/3	0	3/3	1	0/3	0	28/29	0,96
006	0/4	0	4/4	1	0/4	0	20/21	0,95
005	0/5	0	4/5	0,8	1/5	0,2	30/32	0,93
012a	0/4	0	4/4	1	0/4	0	51/58	0,87
XX1b	2/18	0,11	16/18	0,89	0/18	0	32/45	0,71
012b	9/13	0,69	4/13	0,31	0/13	0	25/39	0,64
002e	1/2	0,5	1/2	0,5	0/2	0	8/13	0,61
004c	7/11	0,63	4/11	0,37	0/11	0	15/27	0,55
002d	1/4	0,25	3/4	0,75	0/4	0	16/30	0,53
XX2g	0/6	0	6/6	1	0/6	0	8/21	0,38
002a	0/8	0	8/8	1	0/8	0	7/20	0,35
011a	0/6	0	4/6	0,66	2/6	0,34	9/30	0,30
003	0/6	0	6/6	1	0/6	0	11/42	0,26
XX1a	0/11	0	11/11	1	0/11	0	11/45	0,24
002b	0/11	0	11/11	1	0/11	0	6/26	0,23
XX2c	0/14	0	1/14	0,07	13/14	0,92	4/36	0,11

Táboa 2. Índices de uso da 2FA en Santiago de Compostela

Como se pode apreciar, o índice máis alto de uso de *todos os* corresponde a XX2c, informante neofalante, que ten o índice máis baixo de uso da 2FA no contexto [V+ART.DEF]; os informantes que usan *tod[o]s* teñen índices de uso da 2FA no contexto [V+ART.DEF] entre 0,53 e 0,71; os informantes 002b, XX1a, 003, 002a, XX2g presentan índices relativamente baixos de uso da 2FA no contexto [V+ART.DEF], pero índices altos de uso da 2FA no contexto [todos+ART.DEF]. Isto demostra que non tratan igual [V+ART.DEF] que [todos+ART.DEF]. Fernández Rei (2002) tenta explicar estas diverxencias por medio das diferentes unidades prosódicas. En todo caso, existe tamén un condicionamento sociolingüístico, como amosan as cifras de arriba, pois os falantes máis conservadores usan índices de uso máis altos de 2FA: as formas sen 2FA son propias de falantes urbanos bilingües; os índices máis baixos son dun neofalante.

4.3. Unha variable antiga

Ora ben, esta variación non é un feito só contemporáneo, senón que ten raíces ben antigas no galego. Como mostra Hermida (1991), encontrábase xa na lingua escrita medieval, o que fai supor que existía tamén na lingua falada. Nótase que só temos datos para a 2FA. Vexamos en (7) un exemplo da variación na expresión morfolóxica do ART.DEF na lingua medieval nunha cantiga de amor de Nuno Fernández de Torneol (Hermida 1991: 74):

- (7)
 Levad', amigo, que *dormides as* manhaãs frias;
 todalas aves do mundo d'amor dizian:
 leda m'and'eu.
 Levad', amigo, que *dormide'-las* frias manhaãs;
 todalas aves do mundo d'amor cantavan:
 leda m'and'eu.

Curiosamente, nesta cantiga vemos que a variación se localiza no contexto [V+ART.DEF], non no contexto [todos+ART.DEF]. Ora ben, isto non sorprende se botamos unha ollada á Táboa 3, que mostra as porcentaxes de uso da 2FA nas cantigas de amor, amigo e escarnio (Hermida 1991: 84), en que as distribucións mostran restricións similares ás actuais.

uso tras /s/	
<i>Tras</i>	100%
<i>Des</i>	100%
<i>Todos</i>	95,83%
<i>pois</i>	77,14%
/s/ Pret (antigos <i>quis ~ pos</i>)	0%
/s/ (2SG,1PL,2PL; todos no mesmo verso):	43%
uso tras /r/	
<i>por / per</i>	99,47%
<i>Inf(lo en FN Sux)</i>	4,54%
<i>Inf(lo en FN ObxDir)</i>	20,20%

Táboa 3. Índices de uso da 2FA nas cantigas de amor, amigo e escarnio.

Estes datos non son enteiramente comparables cos da lingua falada actual, pois estamos ante lingua poética escrita; con todo, evidentemente, estas porcentaxes indican que había variación, e que esta variación distinguía clases de palabras, exactamente

igual ca hoxe: mentres que cos verbos rematados en /r/ e /s/ os índices son relativamente baixos, con *por*, *todos*, *tras*, *des* os índices de uso da 2FA son evidentemente altos.

Polo tanto, a extensión da 1FA ó contexto da 2FA é resultado dun proceso historicamente longo e lento e vense facendo desde hai centos de anos por medio dun proceso de variación. Esta situación non é estraña. En palabras de Labov (2001: 75):

- 1 Linguistic changes show a sporadic character, beginning and ending at times that are not predicted by any universal principles.
- 2 Stable, long-term variation that persists over many centuries in much the same form is perhaps even more common than changes which go to completion.
- 3 It is not uncommon to find retrograde movements, where the direction of change reverses, or opposing directions of movement in parallel communities.

A variación na expresión do ART.DEF galego constitúe, pois, un bo exemplo de *variación lingüística estable que persiste desde hai séculos* e que *comeza ou acaba en prazos non preditos por ningún principio universal*. Como o proceso de substitución non rematou, e non sabemos se vai continuar, parar, ou se se vai manter o proceso de variación, non parece que esteamos ante un exemplo de variación relacionada cun cambio lingüístico, senón ante o que Labov denomina unha *variable estable*, que está viva desde hai séculos. Faría falta un estudo máis demorado que tentase explicar esta situación. En principio, vista a distribución social e xeográfica actual, parece que a variable comeza a relacionarse co cambio, pois moitos falantes urbanos e os neofalantes parecen decantarse pola extensión da 1FA ós contextos en que é posible a 2FA.

5. A XERACIÓN DO PROCESO DE VARIACIÓN²

A xeración deste proceso de variación non é independente da aparición das propias formas. Como xa dixemos, desde a súa orixe como demostrativo latino, o ART.DEF aparecía tanto en posición inicial absoluta (8A) coma precedido de palabras que podían acabar en vogal ou en consoante (8B, C, D, E):

- (8)
- | | |
|----------------|----------------|
| A) lo can | D) veer lo can |
| B) vejo lo can | E) vees lo can |
- X) ART.DEF, /lo/

Na estadio inicial, non había alternancia de alomorfos nin variación. O esquema que constituía o ART.DEF era categórico e ben simple, como vemos en (8X). Ora ben, cando o artigo aparecía en posición intervocálica, a súa consoante /l/ inicial pasou polos mesmos procesos que afectaron as consoantes /l/ intervocálicas interiores de palabra no léxico patrimonial, de modo que desapareceu:

Naturalmente, as formas *o*, *a*, *os*, *as*, foram a principio do uso restrito, limitando-se o seu emprego apenas ao caso apuntado de se achar o *l* entre vogais. Mais tarde, porém, ainda em época anterior à fixação da língua pela

² Nesta exposición, ignoro todas aquelas restricións de uso da 2FA que recolle Fernández Rei (2002), de xeito que actuó coma se as alternancias descritas careceran das excepcións que, efectivamente, teñen. Ignoro tamén a flexión, pois non engade nada á discusión. A construción (8X), contando coa flexión, podería formularse tal como {ART.DEF.M.SG, /lo/}, {ART.DEF.M.PL, /los/}, {ART.DEF.F.SG, /la/}, {ART.DEF.F.PL, /las/}.

escrita, como se vê dos mais antigos documentos, o que era especial tornou-se geral, sem que todavia desaparecessem por completo os vestígios das que as precederam (Nunes 1933: 253)

Vemos aquí anunciado o nacemento da variación: as formas sen lateral (“o que era especial”) estendéronse a outros contextos, sen que o que era normal (as formas con lateral) neses contextos, desaparecese: do que me quero ocupar agora é de saber que era o normal, esperable, nos outros contextos, e como estas formas *normais* interaccionaron coas novas sen lateral.

A expansión de /o/, que *hoxe chamamos* 1FA, debeu de producir, polo menos inicialmente, procesos de alternancia morfofonolóxica simples e regulares, tales coma os de (9), onde vemos actuar unha *elsewhere condition*³:

- (9)
- | | |
|---------------|----------------|
| A) lo can | D) veer lo can |
| B) vejo o can | E) vees lo can |
| C) pera o can | F) veen lo can |
- X) ART.DEF, /o/ se V## ____ (8B, C)
ART.DEF, /lo/ no resto (8A, D, E, F)

Apréciase agora que o esquema que constitúe o ART.DEF (9X) precisa xa de dous alomorfos que aparecen en distintos contextos, i.e., nunha distribución complementaria cunha descrición estrutural con información sintáctica, pois estas alternancias afectan á forma de palabra do ART.DEF, e o contexto fonolóxico que restrinxe a selección dos alomorfos: á dereita dunha palabra rematada en vogal, V, aparece /o/ (9B, C); *no restos dos casos*, aparece /lo/ (9A, D, E, F). É evidente que este segundo estadio de (9) é máis complexo có de (8), pois introduce na gramática dous alomorfos en distribución complementaria.

Á súa vez (non sabemos se ó mesmo tempo, antes ou despois, aínda que, aparentemente isto non sexa relevante), a consoante lateral que inicia a forma do ART.DEF en (9D, E, F) tamén interactuou coas consoantes que a antecedían: en (9D, E), /l/ asimilou as consoantes orais precedentes, dando lugar a un segmento lateral xeminado que, co paso do tempo, se simplificou; esta xeminación impediu a elisión do segmento lateral, consonte *caba[l:]o* > *caba[l]o*, fronte a *calente* > *caente*. Pola súa parte, en contextos coma o de (9F) foi a nasal precedente a que asimilou a lateral, o que produciu un segmento nasal xeminado que tampouco foi elidido, senón que tamén houbo simplificación consonántica *a[n:]o* > *a[n]o*, fronte a *mano* > *mão*. Nótese que estes segmentos longos intervocálicos comportáronse coma os que estaban en posición interior de palabra.

Cabe insistir outra vez en que, xa na súa orixe e desde o principio, estas asimilacións /r/~/s/ > /l:/ ou /n/ > /n:/ son procesos morfofonolóxicos, pois actúan só cando o gatillo que dispara as asimilacións é unha consoante /l/ asociada á expresión das categorías sintácticas ART.DEF ou 3.AC. Non temos constancia, polo menos na lingua actual nin nas gramáticas históricas, de que actuasen entre palabras cando o /l/ pertencía a outras palabras: *estar lavados* > **estallavados*; *non lavamos* > **non navamos*.

³ A *elsewher condition* (o que poderíamos traducir por *condicion nos restantes casos*) é un “principle that, in any conflict between a more specific and a more general requirement of the grammar, the more specific one always takes priority” (Trask 1993, s.v. *Proper inclusion principle*).

Unha vez producidas as dexeminacións das laterais e nasais, tiveron que crearse outras alternancias morfofonémicas, quizais coma as de (10), que supoñen outra complicación na gramática:

(10)

- | | |
|---------------|-----------------------------|
| A) lo can | D) veelo can (<i>ver</i>) |
| B) vejo o can | E) veelo can (<i>ves</i>) |
| C) para o can | F) veeno can |

X) ART.DEF, /lo/ se ## ____ (9A)

ART.DEF, /lo/ se /r/~s/## ____ (con elisión de /r/~s/, 9D, E)

ART.DEF, /no/ se /n/## ____ (con elisión de /n/, 9F)

ART.DEF, /o/v## ____ (9B, C)

Nótese que, desde un punto de visto sincrónico, nos esquemas de (10X) dou por suposto que había dous alomorfos /lo/ e /no/ e que a súa selección implicaba a desaparición das consoantes que os seleccionaban: *veer lo neno* > *vee-lo neno*⁴. Estas elisións seguían a estar condicionadas morfoloxicamente, pois era o /l/ do ART.DEF e de 3.ACU quen as producía. Outra vez, non temos constancia de evolucións coma *estar lavados* > **está lavados*; *non lavamos* > **no lavamos*.

Con todo, a 1FA de (10B, C) expandiu o seu uso, quizais co fin de comezar una simplificación da gramática; en todo caso, esta extensión é un feito que si se produciu. Deste modo, a posición inicial absoluta (10A) foi o primeiro contexto invadido, xa na época preliteraria (como moi ben nos sinalaba Nunes 1933), ademais cun éxito completo, pois hoxe non existe unha forma /lo/ en posición inicial absoluta, como vemos en (11):

(11)

- | | |
|---------------|---------------|
| A) o can | D) vee lo can |
| B) vejo o can | E) vee lo can |
| C) para o can | F) vee no can |

X) ART.DEF, /lo/ se /r/~s/## ____ (con elisión de /r/~s/, 10D, E)

ART.DEF, /no/ se /n/## ____ (con elisión de /n/, 10F)

ART.DEF, /o/ no resto (10A, B, C)

Pola formulación das restricións que gobernan a distribución dos alomorfos do ART.DEF en (11X), presúmese que esta é unha gramática máis simple cá de (10). En (10X) hai catro contextos; en (11X) hai tres, un deles formulado coa *elsewhere condition*, que agora recobre (11A, B, C).

Esta é a distribución que aínda hoxe se mantén, a grandes trazos, na fala dos falantes de galego máis conservadores (en Santiago de Compostela, por exemplo, o informante 008a en Dubert 1999; pero (11) é unha situación viva en Fisterra, por exemplo, incluso entre xente de idade mediana). Porén, esta distribución compete hoxe nos falantes con outras máis innovadoras coma a de (12) (012b, 002e, 004c... en Dubert 1999), que tamén é a miña propia pronuncia:

⁴ Posiblemente, podería haber análises sincrónicas *non-transformativas*, pero deixo de lado esta cuestión, pois calquera análise seguiría mostrando o carácter morfofonolóxico das alternancias: a descrición estrutural do proceso debe incluír as categorías ART.DEF OU 3.AC.

(12)

- A) o can D) ve lo can
B) vexo o can E) ve lo can
C) para o can F) ve[ŋ] o can

X) ART.DEF, /lo/ e /r/~s/## > /lo/ (con elisión de /r/~s/, 11D, E)
ART.DEF, /o/ no resto (11A, B, C, F)

Como se pode apreciar en (12X), operouse unha nova simplificación da gramática na descrición dos contextos que rexen a distribución dos alomorfos: desapareceu un alomorfo, a 3FA /no/, e as condicións que rexían a súa distribución, de modo que o alomorfo 1FA /o/ pasou a ocupar o lugar da 3FA tras nasal. Así, este contexto (12F) queda incluído na *elsewhere condition*, e das tres resticións de (11X) pasamos ás dúas de (12X). Sabemos desta simplificación porque, como vemos en (13), a nasal que antecede o artigo é velar, como tódalas nasais que figuran na marxe sintáctica dereita dunha palabra cando van seguidas dunha vogal que ocupa a marxe esquerda doutra palabra, mentres que na distribución de (11F) esta nasal era alveolar:

(13)

- | | |
|--|--|
| A) parten] _V así _{ADV}
parten] _V a _P medias
parten] _V a _{ART.DEF} comida
distribución consonte (11) | B) parten] _V así _{ADV}
parten] _V a _P medias
parten] _V a _{ART.DEF} comida
distribución consonte (12) |
|--|--|

En todo caso, a situación de (12) tampouco resultou ser definitiva (de feito, nunca foi a única, se temos en conta a variación secular obxecto de estudo deste traballo), pois na fala común existe unha distribución tal como (14):

(14)

- A) o can D) ver o can
B) vexo o can E) ves o can
C) para o can F) ve[ŋ] o can

X) ART.DEF, /o/

Como vemos, esta situación é similar ó estadio latino vulgar ou prerromance de (8) e, polo tanto, máis simple cá de (9), (10), (11) e (12), pois ART.DEF pasa a ter simplemente un só morfo que non se asocia a procesos de elisión morfoloxicamente condicionados nin a realizacións alveolares de /N/.

Polo tanto, na evolución das variantes da variable (ART.DEF) vemos un camiño que vai da simplicidade en (8) á complexidade en (10), vía a evolución fonolóxica lexicamente condicionada que crea as alternancias morfofonolóxicas; e da complexidade en (10) á simplicidade en (14), vía a redución de alternancias de alomorfos e a eliminación das elisións morfofonolóxicas. Como xa sabemos, o ART.DEF non é máis ca un demostrativo degradado, fonolóxica e semanticamente. A degradación fonolóxica e semántica dunha palabra, i.e., a súa gramaticalización, é un camiño que podería rematar na súa transformación en afixo. O clítico é un paso intermedio entre palabra e afixo. O ART.DEF pode ser considerado un clítico e a 2FA e 3FA presentan unha propiedade afixal: a modificación do hospedeiro (*ves*, pero *ve-lo camiño*). A extensión da 1FA a tódolos contextos implica a perda desta propiedade afixal por parte do ART.DEF, pois o hospedeiro deixa de ser modificado (*ves* e *ves o camiño*).

A razón do cambio está na presión exercida pola 1FA, que aparecía tralas palabras rematadas en vogal (*vexo o can, ve o can, vía o can, vira o can, viu o can, verá o can, verei o can*, etc.) e na posición inicial absoluta, así coma a exercida polas formas plenas dos hospedeiros cando non van seguidas do ART.DEF (*despois, despois de X* actúan sobre *despoilo neno; ves ben, ves todo, ves mal* actúan sobre *ve-lo camiño*). Estas dúas causas bloquearon o proceso de conversión do clítico en afixo, dificultaron a existencia de alomorfos e os procesos de elisión e promoveron o proceso de simplificación morfofonolóxica. No fondo, o que estamos presenciando é a restauración do isomorfismo que existía en (8): a unha estrutura morfosintáctica correspóndelle unha estrutura morfofonolóxica, de xeito que ART.DEF pasa a ser /o, a, os, as/ en tódolos contextos.

Ora ben, esta simplificación non se fixo de xeito rápido nin automático. Os pasos de (8), (9), (10), (11), (12) e (14) non se sucederon limpamente, pasando dun estadio a outro, senón que se superpuxeron de modos diversos segundo os dialectos e os falantes de cada dialecto. O feito de que as formas vellas convivan coas novas leva a períodos de variación. A simplificación non parece acometerse tampouco ó mesmo tempo e ritmo en tódolos contextos. Así, todo parece indicar que hoxe a eliminación da 3FA vai moito máis adiantada, tanto xeográfica coma socialmente, de xeito que abundan os falantes que manteñen 2FA, xeralmente en variación, pero xa perderon a 3FA (este é o meu caso, por exemplo). Pola súa parte, a 2FA permanece lexicalizada nos falantes que manteñen as formas tipo *polo* e as formas tipo *tódolos* (pé de *tod[ɔ]s*) en canto presentan índices altos de uso da 1FA nos contextos [V+ART.DEF]: refirome, claro está, a falantes coma 002b, 003 e XX1a da Táboa 2.

De feito, en termos xerais, as distribucións de (11), (12) e (14) aparecen hoxe en variación no seo da lingua galega, pois poden convivir nunha comunidade ou mesmo nun falante, de modo que se transforman en variantes das variables de (6). Estas variantes de (6) parecen correlacionar con variantes sociais extralingüísticas, nomeadamente, con factores diastráticos (variacións sociolectais) e factores diatópicos (variacións xeográficas). A priori, non creo que necesariamente estean vencelladas á variación estilística, aínda que isto é algo que está por demostrar. Deste modo, para a meirande parte da poboación as variantes funcionan como *indicadores* inconscientes de grupo social e non como *marcadores* de estilo (empregando a terminoloxía clásica de Labov 1972). Recordemos que un *indicador* é “a linguistic variable which correlates with personal characteristics like age, sex or social class but is independent of degree of formality” (Trask 2000, s.v. *indicator*); e que un *marcador* é “a linguistic variable which correlates both with degree of formality and with social factors like sex or social class” (Trask 2000, s.v. *marker*). Os falantes rurais da mostra de Dubert (1999) son os que presentan índices de uso máis altos da 2FA: neles aparece incluso tras adverbios (*ántelo asilo*), tras /s/ de plural (*elelos dous*), etc; os falantes con índices máis baixos son mozos e urbanos. O informante co índice máis baixo de todos e que usa consistentemente formas coma *todos os* é neofalante. Un trazo caracterizador dos neofalantes é, precisamente, a simplificación da gramática: eis un caso.

Un modelo relativamente común de variación localizado en Santiago de Compostela pode representarse tal coma en (15):

(15)

A) o can D) ve lo can *ou* ves o can

B) vexo o can E) ve lo can *ou* ver o can

C) para o can F) ve[ɲ] o can

X) ART.DEF, variable (ART.DEF-1) se/s/##____ (15D)

variante1α /lo/ (con elisión de /s/)

variante 1β/o/

ART.DEF, variable (ART.DEF-2) se /r/##____ (15E)

variante2α /lo/ (con elisión de /r/)

variante 2β/o/


ART.DEF, /o/ no resto (15A, B, C, F)



Como se pode apreciar, a diferenza entre (11), (12) e (14), dun lado, e (15), do outro, está en que en (15) tras /s/ e tras /r/ existe cadansúa variable con dúas variantes cada unha. A escolla entre unha ou outra variante en cada variable é o que produce variación. De feito, (15) é o resultado de mesturar ou combinar (12) e (14). O camiño desde (9) a (14), i.e., a simplificación na morfoloxía do ART.DEF, faise a través de procesos coma os de (15). A simplificación consiste en que o ART.DEF pase a ter unha soa forma e que desaparezan os procesos morfofonolóxicos, o que arriba denominei a restauración do isomorfismo.

6. CONCLUSIÓNS

A historia do ART.DEF en galego resulta interesante desde o punto de vista da variación, pois mostra a existencia dun proceso de variación que vén durando máis de novecentos anos. O que vemos neste proceso a longo prazo é a interacción entre un cambio fonolóxico condicionado fonolexicamente e a regularización morfolóxica analóxica: a analoxía restaura a regularidade e o isomorfismo entre estruturas de distintos niveis de análise. Pártese dunha etapa de simplicidade gramatical, isomórfica, pásase por unha fase de complicación morfofonolóxica, sen isomorfismos, que, posiblemente, podería rematar noutra etapa de simplicidade gramatical. É posible que algúns grupos de falantes (algúns neofalantes) estean chegando a este tipo de simplificación da gramática do artigo.

APÉNDICES





BIBLIOGRAFÍA

- ALGa1 = INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1995): *Atlas lingüístico Galego. Vol. I, 2. Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ALGa2 = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico Galego. Vol. II. Morfoloxía Non-Verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ÁLVAREZ, R. (1983): “O artigo en galego. Morfoloxía”, *Verba* 10, pp. 169-182.
- ÁLVAREZ, R. / X. XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- BYBEE, J. (2001): *Phonology and language use*. Cambridge: CUP. (<http://dx.doi.org/10.1017/CBO9780511612886>).
- CYSOUW, M. (2005): “Morphology in the wrong place. A survey of proposed enclitics”, in W. U. Dressler et alii (eds.): *Morphology and its demarcations*. Amsterdam: John Benjamins.
- DUBERT GARCÍA, F. (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- DUBERT GARCÍA, F. (2001) “A alomorfa do artigo definido galego á luz da fonoloxía prosódica”, in X. L. Regueira Fernández / A. Veiga (eds.): *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 91-105.
- DUBERT GARCÍA, F. (2004): “Sobre variación lingüística e fonoloxía”, in T. Amado Rodríguez / C. Cabrillana Leal / E. Castro Caridad / C. Criado Boado / A. Pereiro Pardo (eds.): *Iucundi acti labores. Estudos filolóxicos en homenaxe a Dulce Estefanía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 90-102.
- DUBERT GARCÍA, F. (2014): “Syntax and word-specific phonetics: the origins of the allomorphs of the Galician definite article”, *Loquens* 1, 2. (<http://dx.doi.org/10.3989/loquens.2014.013>).
- FERNÁNDEZ REI, E. (2002): *Regras fonolóxicas posléxicas e regras precompiladas de alomorfa sintagmática: dominios prosódicos en galego*. Tese de Doutoramento (inérita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ REI, E. (2005): “A dirección de clitización fonolóxica no galego actual”, in A. I. Boullón Agrelo / X. L. Couceiro Pérez / F. F. Rei (eds.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 335-346.
- FERNÁNDEZ REI, E. (2012): “A clitización fonolóxica en galego e en portugués brasileiro”, in X. Lagares / H. Monteagudo (eds.): *Galego e Português Brasileiro: historia, variación e mudanza*. Niterói-RJ: EDUFF, pp. 105-127
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega III. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- HERMIDA GULÍAS, C. (1991): “O alomorfo *lo* do artigo nas cantigas medievais”, *Cadernos de Lingua* 4, pp. 71-85.
- HOCKETT, Ch. F. (1958): *A course in modern Linguistics*. New York: The Macmillan Company.
- INSTITUTO DA LINGUA GALEGA / REAL ACADEMIA GALEGA (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago: ILG / RAG.
- KIKUCHI, S. (2006): “On Galician definite article allomorphy”, *On'in Kenkyu [Phonological studies]* 9, pp. 41-48.
- LABOV, W. (1972): *Sociolinguistics patterns*. University of Pennsylvania Press. Cito pola tradución española *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra, 1983.
- LABOV, W. (2001): *Principles of linguistic change. Social factors*. Oxford: Blackwell.
- MARTINET, A. (1996): *Éléments de linguistique générale*. Paris: Armand Colin.

- MEXUTO, X. (2006): *A nación galega existe. Conversas con Francisco Rodríguez*. Vigo: A Nosa Terra.
- MOHANAN, K. P. (1995): “The organization of the grammar”, in J. Goldsmith (ed.): *The handbook of phonological theory*. Oxford: Blackwell, pp. 24-69.
- MOURE, T. (2010): “Mallando nos Complementos directos: un ornotorrico na sintaxe do galego”, *Revista Galega de Filoloxía* 11, pp. 79-103.
- NEVINS, A. (2011): “99. Phonologically-conditioned allomorph selection”, in M. van Oostendorp / C. J. Ewen / E. Hume / K. Rice (eds.): *The Blackwell Companion to Phonology*, pp. 2357-2382.
- NUNES, J. J. (1933): *Compêndio de gramática histórica portuguesa*. Lisboa: Clássica Editora.
- REGUEIRA FERNÁNDEZ, X. L. (1989): *A fala do Norte da Terra Cha: Estudo descritivo*. Tese de Doutoramento (inérita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- SPENCER, A. / A. R. Luís (2012): *Clitics. An Introduction*. Cambridge: CUP (<http://dx.doi.org/10.1017/CBO9781139033763>).
- TRASK, R. L. (1993): *A dictionary of grammatical terms in linguistics*. London: Routledge.
- TRASK, R. L. (2000): *The dictionary of historical and comparative linguistics*. Edinburg: Edinburg University Press.

Freguesía e parroquia. Dúas voces que reclaman un dicionario histórico para a lingua galega

XAVIER VARELA BARREIRO
Instituto da Lingua Galega-USC

1. INTRODUCCIÓN

A historia das palabras nunca transcorre en solitario. Transitan na liña cronolóxica agrupadas en redes asociativas, semánticas ou léxicas, e o contacto permanente produce nelas mudanzas de orde semántica, asimilatorias e disimilatorias, que transforman tanto a estrutura xeral das redes como a composición semántica de cada un dos seus membros. Ampliacións e reducións de significado, apertura e/ou peche de relacións sinonímicas, especialización semántica contextual, mesmo substitución completa dunha voz por outra, tales son algunhas das mudanzas propias da historia asociativa das palabras.

Un caso especialmente interesante de substitución é o do decorrer de pares léxicos de prolongada coexistencia e de semántica moi afín na historia dunha lingua en situación de diglosia na que unha das voces foi introducida desde a lingua teito ou, sendo as dúas voces vernáculos, unha delas foi obxecto de priorización por presentar coincidencia coa da lingua teito, sempre en detrimento da forma autóctona ou da forma discordante. Non son poucos os casos deste tipo na historia da lingua galega, e voume ocupar aquí do par *freguesía* ~ *parroquia*, que ilustra moi claramente a problemática historia destes pares e a singularidade do seu modelo evolutivo, consistente na rapidez coa que se inician e se difunden os cambios nesta situación e comprobable tamén, por exemplo e entre outros moitos máis que se poderían mencionar, na anómala historia dos nomes dos días da semana.

Antes de nos adentrar na historia destas dúas voces é oportuno lembrar a súa semántica actual tal como aparece organizada nos dicionarios de referencia do galego. Como expresión do galego normativo, o DRAG presenta este par como só parcialmente sinonímico, cunha base común nas acepcións a1) 'territorio que está baixo a dirección espiritual do párroco' e b1) 'conxunto de fregueses dese territorio', mais cun diferencial semántico dobre exclusivo de *parroquia* formado por b2) 'conxunto formado polos clientes dun establecemento comercial' e c) 'igreja onde se administran os sacramentos e se atenden espiritualmente os fregueses dun determinado territorio'. *Freguesía* sempre –e só– é sinónimo de *parroquia* e *parroquia*, pola súa maior complexidade semántica, establece dúas redes sinonímicas: a mencionada con *freguesía* e a que establece con *igreja* ou *templo* en c1)¹; para a acepción b2) non se indican relacións de sinonimia. Resumidamente, poderíase dicir que no DRAG *freguesía* é unha versión semanticamente defectiva de *parroquia*.

No GDXL (2009) inclúese a acepción b2) en *freguesía*² e para *parroquia* menciónanse tres acepcións a maiores: a2) '[na Galicia medieval] división eclesiástica extensa, equivalente a unha comarca, que despois sería substituída polo arciprestado', a3) 'unidade básica da división territorial de Galicia, caracterizada por ter uns límites naturais claros e definidos, dentro dos cales se asentan varios lugares ou aldeas' e c2) 'despacho parroquial ou edificio anexo á igrexa no que se realizan actividades

¹ Non aparece indicada expresamente no DRAG mais é ben evidente.

² Nas tres acepcións sinálase relación de coincidencia de significado con *parroquia*.

relacionadas coa freguesía'. En cinco das sete acepcións de *parroquia* indícase sinonimia con *freguesía* (a1, a3, b1, b2³ e c1) e fican sen correspondencia a2 e c2.

Na seguinte táboa presento compendiadamente o *stemma* de acepcións tiradas dos dous dicionarios mencionados:

Acepcións		DRAG	GDXL
A: territorio ou demarcación	1: eclesiástica actual	<i>parroquia</i> ↔ <i>freguesía</i>	<i>parroquia</i> ↔ <i>freguesía</i>
	2: eclesiástica medieval		<i>parroquia</i>
	3: civil		<i>parroquia</i> → <i>(freguesía)</i>
B: comunidade	1: relixiosa	<i>parroquia</i> ↔ <i>freguesía</i>	<i>parroquia</i> ↔ <i>freguesía</i>
	2: comercial	<i>parroquia</i>	<i>parroquia</i> ← <i>freguesía</i>
C: edificación	1: igrexa	<i>parroquia</i>	<i>parroquia</i> → <i>(freguesía)</i>
	2: despacho		<i>parroquia</i>

Táboa 1. *Freguesía* e *parroquia* no DRAG e no GDXL.

Aínda que o GDXL alcanza un grao maior de especificación mediante subsemas, os dous dicionarios coinciden en teren en conta tres grandes semas ('territorio ou demarcación', 'comunidade' e 'edificación') e tamén no tratamento preferente dado a *parroquia*, ao presentar para ela unha microestrutura notablemente máis rica (o dobre de acepcións). No caso do DRAG pode ser debido á ausencia de dúas das acepcións en *freguesía*, mais no GDXL non hai razóns de base semántica, pois pódese dicir que as voces son case plenamente sinónimas e, non obstante, algúns dos significados de *freguesía* non son recuperables mediante consulta directa, mentres que só a través de *parroquia* se accede á totalidade das acepcións e ás relacións de sinonimia. Non hai dúbida de que, por algunha razón tácita, se privilexia *parroquia*.

A consulta dun terceiro dicionario, o IR INDO, achéganos ao que pode ser o motivo da secundarización de *freguesía* nos outros dous. Unha das dúas entradas está censurada como lusismo: 'circunscrición administrativa básica na ordenación territorial portuguesa, inferior ao *concelho*'. Na outra entrada resérvanse para esta voz unicamente dúas acepcións, non compartidas con *parroquia*: 'conxunto de fieis dunha parroquia' e 'xurisdición dunha parroquia'. O rexeitamento por lusismo moderno non é alegado nos outros dous dicionarios e estou seguro de que para os seus autores a secundarización de *freguesía* é debida a considerárena voz antiga e de moi escaso rexistro en galego actual –literario en GDXL (s.v. *freguesía*)–. Anticipando os resultados da pesquisa, podo dicir que, de existir o tan necesario e esperado *dicionario histórico da lingua galega*, deixaría claro que o pretendido e censurado lusismo moderno non é mais que un uso antigo profusamente documentado e amplisimamente maioritario en Galiza ata o século XIX e que a voz *parroquia*, certamente, é hoxe amplisimamente maioritaria, mais só desde o segundo terzo do século XIX.

A secundarización de *freguesía* non é exclusiva dos dicionarios nin é neles onde se foi máis lonxe na súa aplicación. Na elaboración do padrón actual e, sobre todo, na súa aplicación práctica na documentación oficial autonómica galega tomouse a decisión, inequivocamente, de eludir a voz *freguesía* e elevar *parroquia* á categoría de voz oficial única. Evitarei estenderme nisto e irei ao miolo, que o constitúen as obras de oficialización da toponimia auspiciadas e promocionadas pola Xunta de Galicia. Elas son a expresión xenuina da súa función estandarizadora e marcan o camiño que seguir ao conxunto da sociedade, especialmente aos sectores de maior impacto, como son o mundo educativo e o dos medios de comunicación. A obra de referencia principal é o

³ Non se indica no verbete *parroquia* mais si en *freguesía*.

Nomenclátor de Galicia (2003). Nel recóllese a toponimia galega oficializada e organízase nunha división territorial e administrativa na que, obviamente, se tivo en conta a circunscrición histórico-administrativa da que estamos a falar. O carácter inventarial do *Nomenclátor* non facilitou o emprego nel destas voces, que son utilizadas escasamente nos poucos textos redaccionais que contén, mais destaca por riba de calquera outro feito a ausencia total de *freguesía* e, en contrapartida, a mención expresa de *parroquia* no seu título: *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Os textos redaccionais son coherentes co título e tamén evitan o uso de *freguesía*: “Nesta lista aparecen ordenados alfabeticamente tódolos topónimos, independentemente da súa categoría gramatical (lugares, **parroquias**, concellos e provincias)”, “Cando o topónimo corresponde a unha **parroquia** (marcada con cursiva), indícase o concello a que pertence (en versais) e maila provincia (abreviada, entre parénteses)” (páx. 259). Na obra *A toponimia en Galicia. Nomenclátor de Galicia. Proxecto Toponimia de Galicia*, deste mesmo teor e autoría, compróbase mellor a aplicación dese mesmo principio de exclusión, aínda que non se xustifica. Nas súas 74 páxinas emprégase *parroquia* 28 veces, por ningunha de *freguesía*. É comprensible e loable a adopción de medidas deste tipo en obras oficiais e de valor prescritivo nas que priman, ante todo, a sinxeleza, a coherencia e a univocidade, mais teñen o efecto, non tan desexable, de produciren o recuamento de voces de plena validez condenadas deste xeito a esmorecer pouco a pouco. É o caso, sen dúbida, de *freguesía*, voz recollida nos dicionarios, presente tamén no VOLGA mais de futuro moi incerto. De que vale que figure no corpus lexicográfico da lingua con carta de natureza patrimonial, que non ten *parroquia*, un evidente cultismo e máis que probable castelanismo, se non é empregada na lingua dos medios que funcionan como modelo de imitación social? Nin na radio e televisión públicas, nin no DOG, nin na documentación emanada da administración autonómica e local é empregada. O efecto é ben visible nos medios xornalísticos de tiraxe diaria, como se pode comprobar consultando o corpus *Corga*, que contén unha partida importante de textos galegos posteriores a 1975, entre eles moitos de carácter xornalístico, e representa fielmente o actual modelo de lingua estándar. A procura nel de ocorrencias das dúas voces devolve dous bloques de concordancias de peso ben desigual: 5025 para *parroquia* e 348 para *freguesía*. En porcentaxes, 93,5% fronte a 6,5%. E se se reduce a procura aos textos xornalísticos –*A Nosa Terra, Galicia Hoxe* e *O Correo Galego*– as proporcións agrandan aínda máis as diferenzas, pasando a ser do 94,5% fronte ao 5,5%. E mesmo esa escasa porcentaxe pódese reducir case a 0 se se ten en conta que dos 26 casos, 25 comparecen en textos de opinión ou en suplementos maiormente de carácter cultural dos que non son reponsables os rotativos senón os intelectuais que os asinan, algúns deles, como veremos, responsables tamén dunha parte dos casos rexistrados no TILG, o outro corpus do galego contemporáneo do que nos serviremos, máis adiante, para facer levantamento da realidade actual. Por un único caso atribuíble á Redacción, na consulta dos 26 casos a través da pantalla do *Corga* os que pasan ante os ollos non son xornalistas de oficio senón, como dixeran, intelectuais que non se limitan a aplicar o libro de estilo ou que o fan cunha versión deste moito máis persoal e arrequeitada coa bagaxe cultural que os autores levan de seu. Citados por orde de frecuencia, asinan os seguintes autores: Clodio González Pérez (7), Avelino Abuín de Tembra (6), Antón Pombo (2), Héitor Mera Herbello (2), Agustín Sixto Seco (1), Bieito Iglesias (1), Borobó (1), Fernando Garea (1), Joaquim Ventura (1), M.B. (1), Manuel Veiga (1) e Xesús Torres Regueiro (1).

De non mediar unha acción extraordinaria, o futuro depararalle a *freguesía*, no mellor dos casos, un valor literario de resoar arcaizante, cando non lusitanizante, ben

distinto do que mantivo durante máis de 15 séculos como voz única do galego para os conceptos que representa, como veremos máis adiante.

Retomando novamente a liña diacrónica e situándonos no seu punto inicial, cómpre dicir que no latín eclesiástico –e quizais tamén no común– da península ibérica coexistiron durante un tempo, probablemente en todo o territorio e como voces basicamente sinónimas, a voz latina *parochia* (← gr. παροικία 'veciñanza') (> gal. *parroquia*, port. *paróquia*, cast. *parroquia*, cat. *parròquia*) e a forma do latín vulgar *fili ecclesia* > *filigresia*, derivada de *fili ecclesiae* 'fillo da igrexa' (→ gal. *freguesía*, port. *freguesia*, cast. *feligresía*, cat. *feligresia*). Con posterioridade, quizais xa desde o período do reino suevo na parte noroccidental e por mor da especificidade da súa cristianización⁴, abriuse paso nas terras de Hispania unha diferenciación diatópica entre o territorio máis occidental (futuro romance occidental ou galego-portugués) e os territorios centro-orientais (futuros romances centro-orientais). Por ela, en territorio occidental cobraron dominancia os derivados de *fili ecclesiae* e nos outros territorios foron os derivados de *parochia* os que acabaron por se impoñeren. Portugués, por unha banda, e leonés, castelán, aragonés e catalán, pola outra, manteñen aínda hoxe esa distribución areal en termos moi parecidos a como debeu de ser nas orixes. O galego, no entanto, parece formar parte actualmente da área de *parochia*, por ser a forma *freguesía* de escaso uso e mesmo de ton literario (GDXL, 2009, s.v. *freguesía*). Non sei de ninguén que discuta que isto non era así nas orixes e que tampouco o foi durante un longo período para o galego, e de se dar tal discusión resolveríase, de o haber, acudindo ao dicionario histórico. Non o tendo aínda a lingua galega, hai que remitirse aos cóncores existentes e elaborar cos seus datos a información habitual nese tipo de dicionario. Con eles tratarei de suplir a dita carencia e de interpretar criticamente a posición anómala do galego entre os romances peninsulares: espacialidade occidental mais resultados léxicos centro-orientais (*parroquia*). E tamén, desde logo, procurarei responder á pregunta de se se trata dunha anomalía antiga ou dunha anomalía moderna xurdida como consecuencia da deturpación castelanizante da lingua no período posmedieval.

As pescudas e operacións que levei a cabo e os resultado alcanzados van na liña de contribuír, coa recolla e interpretación crítica de datos textuais pancrónicos, ao levantamento dun arquivo de materiais elaborados desde o que poder abordar no futuro e a quen lle corresponder a realización do dicionario histórico da lingua galega, do que presentou Antón Santamarina (2006) un plan de traballo para impulsar a realización desta obra fundamental e tan necesaria para os estudos léxicos e a súa aplicación ao establecemento do estándar léxico. Centreinas en dous aspectos do bloque de información non semántica da microestrutura que propón Santamarina para as entradas: a información da frecuencia de uso na diacronía e a variación gráfica, esta última referida sobre todo ao período medieval, caracterizado de forma moi marcada polo polimorfismo gráfico. En traballos futuros completarei a historia destas dúas voces seguindo o modelo da microestrutura proposta por Santamarina.

2. A MODO DE PREÁMBULO: A DOCUMENTACIÓN LATINA

Sen outra pretensión que realizar unha aproximación apresurada ao emprego das dúas voces na documentación latina da Galiza medieval acudín ao corpus *Codolga*, que

⁴ Deste período é o *Parochiale Suevorum* (segunda metade do século VI). Nel, a única mención desta división eclesiástica faise mediante *parochia*: "Insuper tantae provinciae unus tantummodo metropolitanus episcopus est ut de extremis quibusque **parrochiis** longum sit singulis annis ad concilium convenire" (Carbajal Sobral, 1999). O *parochiale* do título non dá pé a discusións variacionais, pois na categoría adxectival era a única expresión existente. Non había correspondencia adxectival na familia léxica de *filigresia*. Sobre como haxa que interpretar a forma *parochia* no contexto xeoespacial da latinidade galaica, véxase § 2.

ofrece unha boa presada de ocorrencias galaicas: 410 de *parochia* e 478 de *filigresia*, con todas as variantes gráficas, e excluindo os documentos pontificios e os reais, por seren extraterritoriais e, polo tanto, non representativos dos usos galaicos e da súa variación diatópica. O groso da documentación restante despois da citada exclusión constitúeno a documentación episcopal e a documentación particular e sobre ambas comecei a traballar, mais a achega de datos puxo en evidencia a preferencia por *parochia* na documentación de carácter episcopal, quer transmitida en documentación catedralicia, quer noutro tipo de documentación (monástica, etc.). Na documentación episcopal as porcentaxes son do 79% para *parochia* e do 21% para *filigresia*. Atendendo, dentro dela, á documentación catedralicia, vemos que Lugo só presenta *parochia* (1 caso) e que nas outras dioceses é voz amplamente maioritaria (Mondoñedo: 4/2; Santiago: 29/7; Ourense: 14/1). Na documentación episcopal non catedralicia, basicamente de transmisión monástica e cartularizada, obsérvase de forma evidente un tratamento diferenciado segundo os mosteiros ou, mellor, segundo a localización dos mosteiros. Nos que son da banda occidental a forma escollida foi *filigresia* (Caaveiro: 6; Toxos Outos: 1). De por parte, os que son de terras interiores, centrais ou orientais, transmitiron unicamente *parochia*: Sobrado: 4/0; Meira: 4/0. Vista en conxunto e en relación co tratamento dispensado a estas dúas voces, na documentación episcopal apréciase un posicionamento conscientemente cultista na escolla léxica. *Filigresia* era voz neolóxica nas súas orixes, en tanto que *parochia* representaba a continuidade –e o aval– da tradición latina orixinaria e por tal motivo priorizouse moi marcadamente a segunda. Visto que non era conveniente tratar uniformemente a documentación episcopal e a particular, decidín excluír tamén a episcopal para librar as pescudas posteriores de condicionamentos de base non estritamente lingüística. Deste xeito ficou unicamente a documentación latina particular, que sometín á análise nas dimensión diacrónica e diatópica. As cifras para unha e outra voz son, despois das sucesivas peneiras, as seguintes: *filigresia* documéntase 422 veces (56,3%)⁵ e *parochia* comparece 327 veces (43,7%)⁶.

Vistas na diacronía e tendo en conta unicamente a documentación particular, estas formas modificaron progresivamente a súa proporcionalidade nunha liña circunflexa tanto para *filigresia* (ascendente nos séculos XII e XIV e descendente no XIII) como para *parochia* (sostida no X e no XI, descendente no XII e no XIV e ascendente no XIII):

	<i>filigresia</i>	<i>parochia</i>	% <i>filigresia</i>
Ata o século X	-	1	0%
Século XI	-	1	0%
Século XII	23	10	70%
Século XIII	358	306	54%
Século XIV	40	-	100%
Século XV	-	9	0%
s/d	1	-	89%
TOTAL	422	327	56,3%

Táboa 2. *Filigresia* e *parochia* na documentación latina do CODOLGA (documentación particular).

⁵ O 96% da suma das documentacións particular e episcopal (422/17 en valores absolutos), e o 21% fronte a *parochia* na documentación episcopal (17/64 en valores absolutos).

⁶ O 84% da suma das documentacións particular e episcopal (327/64 en valores absolutos), e o 79% fronte a *filigresia* na documentación episcopal (64/17 en valores absolutos).

Filigresia non se rexistra ata o século XII e de *parochia* non se conservan máis que dous casos, un do ano 934 (Samos) e outro de 1086 (Lourenzá). No século XII xa é *filigresia* a forma dominante (70%) e mantense así ata o XV, no que se volve á situación inicial, con desaparición de *filigresia* da documentación, probablemente por conter o *Codolga* moi poucos documentos desta centuria e ser o resultado visto máis produto do acaso que reflexo da realidade.

Máis importante que a evolución diacrónica das proporcións entre estas dúas voces é a correspondencia dos datos numéricos cunha distribución xeográfica das ocorrencias, que proxecta sobre o mapa da Galiza medieval dúas áreas ben definidas e compactas. Deixando á parte, de momento, o caso de Tui, sobre o que volverei máis adiante, a área menos extensa ocupa a franxa oriental da provincia de Lugo con prolongación no sur cara ao occidente, ata Oseira e Dozón. Nela hai subzonas, setentrionais e meridionais, nas que *parochia* é forma exclusiva (Samos ao norte e Dozón ao sur), e zonas nas que é forma maioritaria (Meira ao norte e Oseira ao sur) ou en equilibrio con *filigresia* (Lourenzá, no norte).

A outra área, que comprende o resto de Galiza coa excepción do Baixo Miño –ou quizais só de Tui–, caracterízase por ser *filigresia* forma privativa. Nela non se rexistran máis que 14 exemplos, en documentos de Santiago (10) e Toxos Outos (4). Nos demais puntos deste vasto territorio non se documenta outra cousa que *filigresia*. O caso do Baixo Miño ou de Tui merece unha atención especial, pois é o único enclave occidental no que *parochia* non só non é minoritaria, senón que é privativa. Esta aparente anomalía deixa de selo se se ten en conta a tradicional vinculación tudense coa sociedade transmiñota e, tamén, que na documentación portuguesa, polo menos na incluída no *Codolga*, é moi maioritaria *parochia*, tanto en Braga como en Coímbra. Ademais, os tres casos rexistrados de *filigresia* non son miñotos senón centromeridionais (Coímbra).

Na seguinte táboa presento o balance das 749 atestacións:

		<i>filigresia</i>	<i>parochia</i>	% <i>filigresia</i>
A Coruña	Caaveiro (A Capela)	2	0	100%
	Pedroso (Narón)	1	0	100%
	Santiago	110	10	92%
	Sobrado dos Monxes	4	0	100%
	Toxos Outos (Lousame)	115	4	97%
Pontevedra	Camanzo (Vila de Cruces)	15	0	100%
	Tui	0	5	0%
Lugo	Lourenzá	2	2	50%
	Meira	1	4	20%
	Mondoñedo	2	0	100%
	Samos	0	1	0%
	Vilar de Donas	4	0	100%
Ourense	Asadur (Maceda)	3	0	100%
	Oseira (Cea)	108	295	27%
	Dozón	0	3	0%
	Ourense	15	0	100%
	Ramirás	22	0	100%
	Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín)	4	0	100%
	San Clodio de Leiro	14	0	100%
s/l		0	3	0%
TOTAL		422	327	56,3

Táboa 3. Diatopía de *filigresia* e *parochia* na documentación latina do CODOLGA (documentación particular).

O traslado ao mapa destes valores resólvese graficamente con dúas isoglosas. Unha delas, no sur de Pontevedra, singulariza Tui verbo da grande área occidental de *filigresia*. A outra isoglosa corre pola parte setentrional de Galiza, deixando ao leste toda a franxa oriental da provincia de Lugo e ampliándoa no sur cara ao occidente ata terras nororientais da provincia de Pontevedra (Dozón) e noroccidentais da provincia de Ourense (Oseira). Non se trata dun padrón xeoespacial de isoglosa descoñecido na dialectoloxía da lingua galega, nin da actualidade nin de períodos pretéritos, o que lle confire a esta aproximación diatópica á realidade destas dúas voces na Galiza medieval un grao considerable de fiabilidade. Para non encher o traballo de datos innecesarios, abonde con dicir que garda moita semellanza coa isoglosa contemporánea “Pazo/Pacio” (E. Rivas, 1976:360) ou coa que delimitaba na Idade Media as formas Galiza/Galicia (de elaboración propia e que non podo incluír aquí). No mapa que presento a continuación aparecen subliñados os lugares con documentos que conteñen estas voces. Na zona A, a de *filigresia*, aparecen rodeados de liña descontinua os lugares nos que tamén se rexistra, moi minoritariamente, *parochia*. Na zona B, a setentrional de *parochia*, aparecen rodeados os lugares nos que tamén se rexistra, case sempre minoritariamente, *filigresia*. Na zona C, a tudense, só se rexistra *parochia*:




Gráfico 1. Diatopía de *filigresia* e *parochia* na documentación latina do CODOLGA (documentación particular).

Non me deterei a ofrecer unha interpretación cronodiatópica da historia destas dúas voces por ser precisa moita máis información textual se é que se quere facer fundamentadamente. Parece, con todo, que ao longo da Idade Media a voz *parochia* mantívose con vigor na escrita en latín na súa zona orixinaria ata finais do século XIII. No XIV cedeu ante o pulo de *filigresia*, que xa parece ser nesta época e nese contexto forma única. E por tras, como pano de fondo ao longo destes séculos, exerceu a súa influencia, favorable a *filigresia*, o romance escrito –e moi probablemente tamén o oral–, no que, como veremos nas epígrafes seguintes, a voz romance *freguesía* era forma exclusiva ou case exclusiva.

3. A IDADE MEDIA

Freguesía e *parroquia* son voces que se rexistran en galego na Idade Media, mais con notabilísimas diferenzas entre elas nas coordenadas cronolóxica e de frecuencia. Comezarei pola voz de uso menos frecuente.

A pescuda no TMILG mostra para *parroquia* unicamente nove rexistros romances medievais e deles oito son do século XV (1415², 1438², 1439 e 1453³) e un do XIV (1317). Preséntase só en sete documentos –dos máis de 15.000 que ten o TMILG– e con marcadas restricións xeográficas (dioceses –ou cidades– de Mondoñedo e Santiago), sociais (ámbito eclesiástico catedralicio) e de tipoloxía textual (só aparece en constitucións sinodais –5–, cartas de posesión –3– e cartas episcopais –1–):

Diocese de Mondoñedo

- 1317: Don Rodrigo, por la graça de Deus, Bispo de Mendonnedo, aos fiiGRESes et hommes boos moradores enna **parrochia** de Santiago de viueyro, saude et bendiçon. (VIM, 34b/112; Mondoñedo) (TMILG).
- 1438: ... et, por ende, que pedian toda a cleresia et pediron ao dito sennor obispo que, de consentimento dos ditos dean et cabildo et da dita cleresia, que fesese constituçon perpetua sobrelo, que avian de pagar cada anno de cada iglesia et **parrochia**, por los ditos olios et crisma, en esta maneyra: que pagasen de cada casa et fogo hun dineiro de cada anno et que asy seeria a dita cleresia et os seus parrochianos desagaveados et non padeçerian detremento algun. (SHIG, Mond., 9a/29; Mondoñedo) (TMILG).
- 1438: ... et que cada rector disese por sua conçiença aa thesoureyro ou sancristan qantos frigreses et fogos avia en sua **parrochia** et por tantos lle pagase, por cada un seu dineiro, et que non lles fose mays levada de aqui adeante. (SHIG, Mond., 9a/29; Mondoñedo) (TMILG).
- 1453: Anno do nasçemento de noso sennor Jesucristo de mill et quatroçentos et çincoenta et tres annos des et noue dias do mes outubro enno lugar et **parrochia** de Sant Giau de Loyba estando dentro da dita iglesia en presenza de min notario et testigos de juso escr[i]ptos paresçeu personalmente Gonçaluo Peres de Laurada... (CDMACM, 163/299; Mondoñedo) (TMILG).
- 1453: Estando enna **parrochia** et lugar de santa Maria de Vilaselan dentro enna iglesia en presenza de min notario et testigos de jusoescriptos paresçeu Juan Garçia canonigo de Ribadeu et cura et rector da dita iglesia de Vilaselan et procurador do dean et cabildo de Mondonnedo... (CDMACM, 164/301; Mondoñedo) (TMILG).
- 1453: Anno do nasçemento de noso Sennor Jesucristo de mill et quatroçentos et cincoenta et tres annos des et noue dias do mes de

octubre enno lugar et **parrochia** de santa Maria de Vares estando enno çimiterio junto con a porta da dita iglessia en presenza de min o notario et testigos de juso escriptos... (CDMACM, 168/305; Mondoñedo) (TMILG).

Diocese de Santiago

- 1415²: Porque digno he o que leva traballo aia hu munimento, hordenamos, estabelesçemos, que os dineiros que se acostumaron ata aqui dar en cada hua iglesia, capela, ou **parrochia** de nosa çidade e arçobispado por los finados que se finan ena deta nosa çidade e arçobispado, a os septe dias, e corenta dias, e anno, e dia segundo, custume que os clerigos cureiros das detas iglesias e capelas e **parrochias** acostumaron e son acostumbrados e son obligados diser... (SHIG, Sant., 17/318; Santiago de Compostela) (TMILG).
- 1439: Iten que non reçeban a ninguus questores en suas **parrochias** sen seu espiçial mandado ou carta que for novamente gaançada, salvo da obra de Santiago e de sua iglesia; pero que el caderno sobre elo dado, e el efecto del, que lo suspende ata que su merçede lo exsamine e emende en el adendo e minuyndo. (SHIG, Sant., 22/330; Santiago de Compostela) (TMILG).

A aparencia gráfica indica claramente que esta palabra escribiuse, en todos os nove casos, segundo os principios das grafías latinas e sen dúbida por persoas afeitadas a escribir en latín e a facelo asiduamente. Como veremos máis adiante, os *scriptores* dos sete documentos eran membros destacados do clero catedralicio. A excepcionalidade dos casos, a proximidade do modelo latino e a clara conciencia de ser esta unha palabra latina debían abondar para asegurar unha interpretación e lectura de *-ch-* como consoante oclusiva velar no canto de africada palatal, malia que esa grafía funcionaba no código gráfico romance como correspondencia sistemática do son africado palatal. De feito, se se toman en consideración os 45 casos de voces da familia léxica de *parroquia* no TMILG compróbase que só en tres deles é empregada a grafía romance para a consoante velar xorda: *parroquial*, *parroquianos*₋₂. Todos os demais presentan a grafía latinizante: *parrochia*₋₇, *parrochias*₋₂; *parochianos*₋₂, *parrochianos*₋₉, *perroquianos*; *parrochial*₋₁₁, *parrochiaas*₋₄, *parrochiaes*₋₃, *parrochiales*₋₂; *parrochos*. Todo isto indica que no galego escrito medieval *parroquia* non era voz romance senón latinismo transferido ou, no mellor dos casos, un cultismo de luxo limitado a ámbitos de uso extremadamente reducidos.

Aos rexistros de Santiago dedicarei un primeiro comentario aclaratorio. Son todos da mesma man, a do cóengo e notario apostólico compostelán Xácome Eáns, que traslada e redacta os dous documentos que conteñen as atestacións: “Jacome Yanes clerigo da diocesis de Compostela, notario publico jurado por la abtoridade apostolical” en 1415 (trasladando documento do cóengo e notario Roy Garçia) e “Jacome Eanes, clerigo da diocesis de Compostela, notario publico jurado por la abtoridade apostolical” en 1439, en redacción orixinal. Son dúas constitucións dadas en sínodos celebrados no longo papado do arcebispo de orixe sevillana e de praxe lingüística castelanizante Lopo de Mendoza (1399-1445), que anteriormente fora bispo de Mondoñedo (1393-1399). Entre un e outro documento correron 24 anos e nese lapso de tempo rexístranse nas bases do TMILG 84 atestacións de *freguesía*⁷ en documentos de Santiago, incluídos dous do propio Xácome Eáns no documento citado de 1439. E a nómina de notarios ou

⁷ 79 en FDUSC (Documentación da Universidade de Santiago), 3 en DMSBC (San Bieito do Campo-Santiago) e 2 en SHIG (Synodicon hispanum I. Galicia).

escribíans dos que se conserva documentación contendo a forma *freguesía* nestes 24 anos é extensa: Gomes Fernandes, Lourenço Fernandes, Alvaro Peres, Garçia Suares, Roy Peres, Fernan Eanes, Gomes Garçia, Juan Lopes, Fernan Peres, Lopo Martin, Pero Afonso, Rodrigo Afonso, Pero de Godoy, Gomes Afonso, Gonçalvo Garçia, Vasco Peres, Johan Domingues, Pero Vello, Vasco Casqueyro, Martyn Fernandes, Diego Garcia, Martin Miguelles, Juan Garcia, Pero Mouron e Gomes Afonso⁸. Non hai dúbida de que, no caso de Santiago, se trata dun trazo idiosincrático dun notario no longo percurso da Idade Media. No terreo das suposicións poderíase sumar ao carácter latinizante a sombra da interferencia do castelán, por se producir a primeira ocorrencia a mediados da segunda década do século XV e en documentación emanada directamente dun arcebispo de marcada praxe castelanista. Mais a simple vista non o parece. No documento máis antigo só figura a voz *parroquia* e no redactado 24 anos despois, presumiblemente máis exposto á influencia castelanizante por levar esta máis tempo de avance, é usada unha vez por dúas de *freguesía*: “que seian exsentos de non pagar nen paguen pedidos nen trebutos alguus (que seian lançados ennos logares) e **frigesias** donde eles asy agora moran (e moraren de aqui adeante)” (páx. 331), “trebutos (que asy foren repartidos e) deytados ennas ditas **frigesias** donde asy (moran e moraren os) tal ou taes lavradores ennos ditos iglijarios” (páx. 331). Coas lóxicas reservas e volvendo á cuestión da interferencia do castelán, creo que para este caso concreto de *parroquia* non se debe descartar a presión do castelán por cotextualidade, baseándose nas características lingüísticas do documento. Así como na maior parte do corpo do documento a lingua non presenta deturpacións e nela a forma escollida é *freguesía*, no parágrafo de *parrochias* concorren evidentes castelanismos (*el caderno, el efecto, que lo sospende, su merçede lo exsamine, en el adendo*) que puideron actuar como factor de selección no lexicón do castelán no canto do galego.

Vexamos agora os datos relativos a Mondoñedo. Coñecemos a autoría redaccional de catro dos cinco documentos nos que figuran os seis casos de *parroquia* na cidade de Mondoñedo. O notario do documento de 1438, que contén dous casos, presenta a mesma condición que o compostelán Xácome Eáns. É coengo e notario eclesiástico, en Mondoñedo: “Pedro Horosco, canonigo et notario publico por la autoridad ordinaria, dado do dito sennor obispo enna dita sua iglesia et en todo o dito seu obispado”. Idéntica é a condición socioprofesional do notario dos outros tres documentos non anónimos –con cadanseu caso–, datados en 1453: “Gonçaluo Yanes canonigo de Mondonede et notario publico jurado dado do obispo de Mondonede enna sua çibdade de Vilamayor et en todo seu obispado” (páx. 300). O documento de 1317, de especial relevancia por ser o máis temperán en toda Galiza, é de autoría anónima e reproduce unha carta do bispo mindoniense don Rodrigo (1298-1318), mais consérvase nun traslado feito un ano despois, en 1317, por notario eclesiástico con cargo catedralicio, a quen podería deberse a escolla léxica no proceso de traslado: “Pedro Eanes, *raçoeyro et notario* da Iglesia de Mendonnedo”. Vese, pois, que comparte plenamente os parámetros de contextualización dos documentos que conteñen os outros oito casos de *parroquia*. Mais a repetición da operación de levantamento dos casos de *freguesía* no arco temporal no que aparece a maioría das atestacións (1438-1453, con exclusión da data de 1318, por mediar entre ela e as outras dúas un extenso lapso temporal), que para o caso de Santiago mostra un resultado de marxinalidade para *parroquia*, repórtanos unha situación ben distinta para Mondoñedo. Polos seis casos de *parroquia* rexístranse unicamente dous de *freguesía*, un de 1441, en documento redactado por Pedro de Horozco, o mesmo do documento de 1438 que contén dous casos de *parroquia*, e un de 1453, redactado por Fernando Días de Vilatán. Explicar a razón deste feito pasa, entre outras posibilidades, por entender que Mondoñedo presentase

⁸ Preséntoos por orde cronolóxica.

nesta altura un estadio, sorprendentemente moi avanzado, de priorización do latinismo que non se aprecia no resto das cidades e terras de Galiza. Ou que o que parece priorización de *parroquia* sexa consecuencia da defectividade do corpus parcial (1438-1453) como mostra representativa da realidade do galego escrito documental dese período. A ampliación do arco temporal a todo o século XV, propiamente o século da práctica totalidade das *parroquias*, é indicativa de que esa priorización non ten base lingüística senón que é fortuíta. Nese século rexístranse nas bases do TMILG 121 atestacións de *freguesía*⁹ en documentos de Mondoñedo. Ata 1437 son 83, entre 1438 e 1453 son 2 –como xa vimos– e entre 1454 e 1500 son 36. En total son 121 casos e o último rexistrado é de 1470. A diferenza das *parroquias* de Santiago, non estamos ante un trazo propiamente idiosincrático, pois en Mondoñedo son tres os *scriptores*, mais si diastrático, correspondente en exclusiva aos notarios eclesiásticos que exerceron na catedral de Mondoñedo entre 1438 e 1453, co preludeo anticipatorio do documento de 1318, igualmente episcopal. A estas coincidencias súmase tamén a cronolóxica, que haberá que investigar máis pormenorizadamente.

Fronte a *parroquia*, *freguesía* comparece 2115 veces sen ningún tipo de restrición cronolóxica, xeográfica ou diastrática, e con menos restricións de tipoloxía textual, pois hai un caso na prosa literaria, nunha das rúbricas da lírica trobadoresca referida a Joan de Gaia, do que se di que seguiu unha cantiga de vilán composta por Johan Fernandez, primeiramente alfaiate do bispo de Lisboa, despois tallador del e finalmente nomeado cabaleiro por Don Denis¹⁰:

- 1300-1354: Esta cantiga seguiu Joan de Gaia per aquela de cima de vilões que diz o refran “Vedes-lo cós, ai cavaleiro”; e feze-a a ùu vilão que foi alfaiate do bispo Don Domingos Jardo de Lixbõa, e avia nome Vicente Dominguíz; e depois pose-lhi nome o bispo Joan Fernandez, e feze-o servir ante si de cozinha e talhar ant'el; e feze-o el-rei Don Denis cavaleiro. E depois morou na **freeg[u]esia** de San Nicolaro e chamaron-lhi Joan Fernandez de San Nicolao (LPr, 64/168-TMILG).

Na seguinte táboa ofrezoo o contraste cuantitativo da diacronía das dúas voces:

	-XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	s/d	TOTAL	
Prosa notarial	1	163	855	1058	28	-	9	2114	Freguesía
Prosa literaria	-	-	1	-	-	-	-	1	
Total	1	163	856	1058	28	-	9	2115	
Total	-	2	1	6	-	-	-	9	Parroquia
Prosa notarial	-	2	1	6	-	-	-	9	
	-XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	s/d	TOTAL	

Táboa 4. *Freguesía* e *parroquia* nas bases textuais do TMILG.

As proporcións de uso entre as dúas voces non poden ser máis elocuentes e delas non se pode tirar outra conclusión que a afirmación de que no galego escrito da Idade Media a voz *parroquia* non formaba parte do acervo lingüístico colectivo e que a suposta convivencia funcional, complementaria e socializada entre *freguesía* e *parroquia* é unha ficción. Nin sequera como cultismo ten sentido nas redes léxicas vernáculas, pois as súas escasas aparicións non supuxeron en ningún caso, durante a

⁹ 53 en CDMACM (Catedral de Mondoñedo), 6 en GBIM (Galicia na Baixa Idade Media), 61 en OMOM (San Martiño de Vilourente-Mondoñedo) e 1 en VIM (Viveiro).

¹⁰ O exemplo é de terras de Portugal, sen dúbida, mais isto non é impedimento para telo en conta, dado o carácter galegoportugués do ciclo literario da lírica trobadoresca.

Idade Media, seguir unha liña de difusión sistemática nin a adopción, fronte ás voces preexistentes coas que colidía –basicamente *freguesía*, mais tamén *igreja*–, de espazos semánticos e feixes de acepcións que facilitasen a súa incorporación ao lexicón con trazos de significado propios. Era simplemente un latinismo.

As radicais diferenzas no modo de transmisión destas dúas voces reflíctese, como vimos, no contraste das frecuencias de uso, pero non só niso. No nivel das grafías faise tanto ou máis patente. *Parroquia*, como voz non patrimonial e non colectivizada na súa representación por escrito, non presenta variación gráfica do radical: *parroch-*. Funciona nela o principio logográfico no canto do fonográfico. A única variación, xa mencionada, detéctase noutras voces da mesma familia léxica nas que, ao par do radical *parroch-*, aparece *parroqu-*: *parroquial*, *parroquianos*.². Por súa vez, *freguesía* seguiu unha liña de transmisión patrimonial e, por tanto, durante a Idade Media estivo exposta ao consabido imperio do polimorfismo gráfico. Para a representación das 2115 atestacións de *freguesía* no TMILG rexistrei 290 variantes gráficas! Non vén ao caso reproducilas aquí todas pero, ademais de encher o módulo da variación gráfica na microestrutura destas voces do dicionario histórico, axudará a dar o grao e a medida do polimorfismo medieval, que neste caso nos depara 67 variantes para o constituínte inicial e 33 para o complexo desinencial¹¹. Preséntoos ao final como Anexo 1.

4. O PERÍODO POSMEDIEVAL

Para o período posmedieval utilicei como fonte de datos o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG) e algunha obra editada recentemente que aínda non foi incorporada a el. Este corpus abrangue desde o século XVII ata hoxe e permite, por estar completamente lematizado e por dispoñer dunha codificación cronolóxica e estatística avanzada, manexar grandes cantidades de datos con moita comodidade.

Vistas en conxunto as estatísticas de uso dunha e doutra voz neste período, a panorámica do contraste coas da época medieval é de radical diferenciación. En datos porcentuais os usos medievais supoñen o 99,5% para *freguesía* e o 0,5% para *parroquia*. Para o período posmedieval as porcentaxes son do 8,9% para *freguesía* e do 91,1% para *parroquia*. O desglose por séculos pon en evidencia que hai que distinguir varias etapas e que o *sorpasso* de *parroquia* no galego escrito non se produce ata o século XIX:

	<i>freguesía</i>	<i>parroquia</i>
XVII	66,6	33,3
XVIII	50	50
XIX-XXI	8,9	91,1
Total	8,9	91,1

Táboa 5. Porcentaxe de uso de *freguesía* e *parroquia* nas bases textuais do TILG.

4.1. A Idade Moderna

Comezaremos ocupándonos da Idade Moderna. No TILG non figuran obras do século XVI e tería que deixalo á marxe da descrición e mesmo retirar esta centuria do seguimento histórico. E así sería se non tomase en consideración a información do TMILG, que tamén se adentra no século XVI, e algún texto de recentísima publicación que me van permitir manter moi dignamente esta centuria no percurso da Galiza moderna.

En perfecta sintonía coa realidade medieval, no TMILG apañei 28 casos destas voces, todos eles de *freguesía*, ningún de *parroquia*. Aínda que non vaian máis aló do

¹¹ Non regularice os dous tipos de “ese” (<s> e <f>).

ano 1527, habendo, en xeral, continuidade de resultados desde a Idade Media ata o século XIX, creo moi probable que estas dúas voces mantivesen as mesmas relacións de preferencialidade, é dicir, de ausencia de *parroquia*. Esa mesma é a realidade lingüística á que remite o relato dun “expediente do proceso aberto en 1531 contra Pedro Álvarez, como falsificador, a instancias do arcebispo de Santiago (AGS. Consejo Real. Leg. 478)”, do que Álvarez/Xove (2013) fan estudo e editan tres cartas copiadas nel e escritas parcialmente en galego (1527 [2] e 1528-1530). Nunha das de 1527, o notario Nicolao de Ventín, facendo un memorial de lindes, describe as microdivisións territoriais aludindo repetidamente a *freguesías*, tanto nas partes da carta que están en galego como nas que están en castelán:

- 1527: *Ho memorial vay en esta manera. O sestero viejo de Borrageros a la Pedra de Juíz e o Campo da Taboada e o Porto a Prado, o sesteyro de Puxallos e o Porto a Pigarços, e porlo rrió arriva á Carvalla da Cruz. Para vayxo a los dichos labradores e aldeas e freygresías, e para çima a vosa merçé, que parte con Melón e con Rivadavia.* (carta 44 / páx. 34).
- 1527: *E os límites de çima son estes: a Carvalla da Cruz, que parte tres freyg[u]esías e tres señoríos: Sotomayor e Santiago e Rivadavia, e as felegresías Verduzido e Santa María de Couso e Santiago d'Antas, que dan as freygresías. Parte con Rivadavia porlo sesteyro d'Estrufe e Outeyro de Mouro e o Porto a Payo d'Orraca e a Pena de Lourenço Fernández e porla Cabeça de Val d'Ovellas e o sesteyro vello da Lágea Urraca, por sobre el, por una pedra furada; aquy queda Rivadavia. E parte con Melón porlo Outeyro de Cornudos e a Boca da Renoba e o marco de Lonbo de Serra, e aquy adiante entran os coutos de Cobelo.* (carta 44 / páxs. 34-35).

No propio relato procesual, redactado en castelán, polo menos nos fragmentos que transcriben Álvarez / Xove no seu estudo, tampouco se usa a voz *parroquia*. Aparecen as formas castelás *felegresyas* e *feligresyas*, que entendo son un calco da *freguesía* galega, tamén presente no relato na forma *flegresyas*:

- 1531: e desde llegamos al dicho lugar del Peso el dicho don Pedro me dixo que quería poner en aquel prebilegio de más de la dicha dehesa e monte del Soydo, las **flegresyas** de San Martín de Berdozido e San Fiz de Forçaas e San Lorenço de Fornelos e más las **felegresyas** del valle de Tebra (...), e por esto creo que escribió a uno que se dize Nicolao de Bentín, vezino del lugar de Berducido, qu'es en la dicha merindad, que le enbiase los límites de la dicha dehesa e **feligresyas** e creo qu'el dicho Nicolao de Bentín se las enbió o traxo e se las dio [fol. 187r]. (texto do relato procesual / páx. 48).

Son, polo tanto, 5 novos rexistros de *freguesía* que sumar ao global dos do século XVI para o galego. Considero un deles o *flegresyas* de 1531, pois é unha das case 300 variantes gráficas que presentaba esta voz nos textos galegos medievais. Teñen relevancia por confirmaren en textos de carácter epistolar o que xa vimos nos notariais, máis formais. E tamén a teñen por se ver neles a omnipresenza de *freguesía* na Galiza da época, forma que traspasa os límites do castelán e despraza completamente nos seus textos a súa forma propia, *parroquia*. Isto mesmo debía acontecer na xeneralidade da documentación. Como mostra pode valer o *Padrón de San Clodio de 1580*, editado por Frutos Fernández (2008). A súa data amplía o período documentado ata o último

cuartel do século e seca as lagoas cronolóxicas ás que nos condenaba a cronoloxía das atestacións, directas –textos galegos– ou indirectas –textos casteláns–, das que dispoñiamos. Indo ao caso, no padrón, escrito integramente en castelán nos seus elementos non onomásticos, non figura caso ningún de *parroquia*, aínda que da súa familia léxica rexístrase un *parroquianos* (páx. 172). Nas 57 ocasións nas que se inclúe o concepto exprésase en castelán coas formas *filigresía* (55) e *felygresía* (2). Estas son formas non esperables, por ser xa *parroquia* forma case exclusiva no castelán da época. Foi, sen dúbida, a presión lingüística do galego a que obrou nos escribíans unha mudanza de signo contrario á tendencia xeral de substitución sistemática do galego polo castelán. Que *feligresía* era forma case desaparecida do castelán do século XVI indícanos as ricas bases textuais do CORDE. Entre 1500 e 1600 son só tres os rexistros de *feligresía*, os tres da mesma obra: o *Memorial de algunas cosas notables que tiene la Imperial Ciudad de Toledo* de Luis Hurtado de Toledo (1576). Os correspondentes a *parroquia* ascenden a 624: 382 de *parroquia(s)* e 242 de *parrochia(s)*.

As estatísticas dos séculos XVII e XVIII poden dar pé a interpretacións enganosas se non se acompañan dos valores absolutos e da contextualización dos exemplos de *parroquia*. Porque as porcentaxes establécense sobre uns valores absolutos moi escasos e sobre eles sempre é cuestionable que as relacións de proporcionalidade sexan representativas da realidade. Hai que tomalos, pois, con cautela. Por exemplo o 33,3% de *parroquia* no XVII, un valor porcentual considerable, significa, en realidade, que hai un único caso nesa centuria por dous de *freguesía*. Esa primeira atestación moderna, de 1671, está posta en boca do labrador galego da *Contenda dos labradores de Caldelas* de Gabriel Feixoo de Araújo:

- 1671: *Labrador*: Castigos, Noso Señor, | pois que ordenaron a dança. | Y eu ben sei sobre que cai; | mais nono quero decer, | quosais por non dar pracer | à alguns que en Purtugal ay. | Ora ben, isto esta feito, | eles estan afogados, | nos do feito mui pagados, | anquo feito custe preito. | E diñeiriño tamen | a de custar alloada; | mais a min non se me da nada; | al fin nos fijemos ben, | a mais eu so luminairo | da **parrocha**; y a de por | ò abade o seu fabor | è todo ò mais naçasairo, | por qu al fin è galanteiro | y e amigo do juis, | è con tres marauedis | librama casa e quinteiro. (2v) (CIGM).

Non se debe pasar por alto a grafía, claramente latinizante como nas atestacións medievas, nin a desinencia, que presenta na última sílaba vogal no canto de ditongo ou hiato crecente (-*ia* ou -*ea*). Non me pronunciarei aquí sobre como haxa que interpretar estas particularidades graficofonéticas, mais é oportuno dicir que a vogal final –no canto de ditongo ou hiato– é un hápax pancrónico en galego e que a grafía -*ch*- é un hápax no galego escrito moderno e contemporáneo. Ademais é forma minoritaria na obra, pois documéntanse nela dous casos de *freguesía*, con vacilación gráfica <g-gu>:

- 1671: *Labrador*: Desque se acabou a guerra | gerra quer esta canalla? | Eu penso que an daqueibar | co cano da miña bara. | Ten à culpa à **freiguisia** | en darlle tamañas asas. (1v). (CIGM).
- 1671: *Labrador*: Non me quer aqueibar o pensamento, | ò miolo me dà golpes sen tento. | O juizo me dà mill aldrabadas, | y o carcajo me dà bacorejadas. | Non çarro estas pestanas noite e dia, | nen ben sono a ningen da **freigisia**. (3v). (CIGM).

A estas dúas hai que sumar unha documentación máis, en castelán, que figura no título da obra como *feligresía*, moi probablemente como eco nesa lingua da forma considerada galega –consciente ou inconscientemente– polo autor:

- 1671: Entremes famoso en que se contiene la contienda que tubieron los labradores dela **feligresía** de Caldelas con los portogueces sobre la pesca del Rio Miño. Año de 167?. Compuesto por el Licenciado Gabriel Feyxò de Araujo, año de 1671. (1r). (CIGM).

Os outros catro rexistros modernos, do século XVIII, repártense por igual entre as dúas voces. As atestacións de *freguesía* achéganas o *Coloquio* de Frei Martín Sarmiento e mais a obra do cura de Fruíme (Diego Antonio Cernadas y Castro), e as correspondentes a *parroquia* concéntranse no *Romance da urca de Santo Antón*:

- 1746: Hum frade de Lérez, | prior do mosteiro | do santo San Marcos, | qu'é hum dos anexos || da gran **feigresía** | qu'alí San Bieito | ten en San Martiño, | muy rico convento. (Sarmiento, *Coloquio*, coplas 396 e 397) (Varela *et alii*).
- 1781: Lavandera: Si, meu Señor: sabereis, que o Crego da nosa Igrexa | no ten ben insinado, e na **Freiguesía** enteira xa non hai pé | de rixelo, sinón que sexa unha besta, que, o que eso nos sinifica | de pe a pa, non o sepa; El nos puxo en unhas copras, coma as | que venden nas Feiras, toda esa historia tan crara, que xa todas | as Freiguesas poden, si queren, cantá- la ao pandeiro, e ás ferreñas; | ¿Súa mercé quer que lla diga? (Cernadas, *Obras*, vol. VII, páx. 390). (TILG)
- 1777: Ó primeiro na **parroquia** por ser un bo edificio, | dempois a Misa cantada no Altar do Santo Cristo | qu'o Altar maior aínda non podrá estar concluído; | logo habemos de poñer ... (*Urca de Santo Antón*).
- 1777: En fin D. Ánxel Suárez saleu do seu beneficio, | e veuse pró Ferrol tres días antes Domingo; | ibase todas as noites co outro seu amigho, | metíanse na **parroquia** e quedandose soliños | cerrabanse por adentro, subíase ó Pulpitiño; (*Urca de Santo Antón*).

É momento de facer balance conxunto dos datos anteriores ao século XIX para, desde a súa visión globalizada, enxergar na liña cronolóxica o que supuxo para a historia destas voces e a súa recepción na escrita o acontecer cultural e social da Galiza dos séculos XIX e XX, marcado por movementos tan trascendentes como o Rexurdimento e a súa antesala, a época das Irmandades e da Xeración Nós e o actual período democrático da oficialización do idioma. E fareino reclamando a atención do lector, moi en especial, cara aos cambios producidos no paso dun período ao outro, ás causas reais destes cambios e ás consecuencias posteriores destes cambios na toma de decisións levada a cabo moito máis tarde, no momento de se establecer o estándar actual, tanto no terreo das estipulacións do corpus lexicográfico como no da praxe seguida polos organismos e focos de escrita oficial nas súas preferencias.

Aplicando unha pequena corrección á Táboa 5 por mor da consideración dos rexistros do século XVI –os do TMILG e os achegados por Álvarez / Xove (2013)– e agregando a ela os datos medievais obtense unha imaxe de continuidade imperturbable ao longo destes sete séculos non rota en ningún momento e sostida tamén, xa que logo, durante os tres séculos que preceden o XIX se estes se toman en conxunto. Ata ese punto da historia o galego escrito tiña reservada a *freguesía* a case exclusiva representación dos contidos da voz latina *parochia*. Os datos son incontestables:

IDADE MEDIA					IDADE MODERNA				TOTAL	
-XII	XIII	XIV	XV	Total	XVI	XVII	XVIII	Total		
100% 1	98,8% 163	99,9% 856	99,4% 1058	99,5% 2115	100% 33	66,6% 2	50% 2	91,4% 32	99,5% 2147	<i>freguesía</i>
-	1,2% 2	0,1% 1	0,6% 6	0,5% 9	-	33,3% 1	50% 2	8,6% 3	0,5% 12	<i>parroquia</i>

Táboa 6. Porcentaxe de uso de *freguesía* e *parroquia* ata 1800 (bases textuais do TMILG e do TILG).

Convén, non obstante, non perder a perspectiva da sucesión de centurias para o período moderno, porque o valor porcentual da suma das tres centurias (91,4% / 8,6%) ten detrás uns valores parciais que marcan unha liña evolutiva descendente para *freguesía* e ascendente para *parroquia* que ten nos extremos inicial e final as porcentaxes máxima / mínima e mínima / máxima, respectivamente, chegando ao final do século XVIII a un punto no que as dúas voces equiparan os seus valores de uso: 100% / 0% > 66,6% / 33,3% > 50% / 50%. É unha evolución que se pode considerar anómala, xa que carece de antecedentes de tendencia na Idade Media e no século XVI, e que debeu producirse baixo a presión de condicionantes sociolingüísticos do ámbito eclesiástico, que exerceu unha enorme influencia sobre a sociedade e a lingua. Nesta altura xa é claro o aliñamento da Igrexa coa cultura e a lingua alleas e comezan a visibilizarse nos textos os castelanismos léxicos nas palabras denominativas das realidades propias dese ámbito. Por iso *parroquia*, a voz castelá, puxa sobre *freguesía* ata abrirse camiño e alcanzar unha difusión que a converte en sistemática nos usos socializados, certamente interferidos, do galego de finais da Idade Moderna.

4.2. A Idade Contemporánea

A Idade Contemporánea é o período no que se produce no galego escrito a substitución definitiva da voz patrimonial e vernácula polo cultismo castelán. A *freguesía* galega, que mantivera a súa puxanza anteriormente, ben é certo que con evidencias de declinio nos séculos XVII e XVIII, é desprazada definitivamente pola *parroquia* do castelán. Os datos estatísticos tirados do TILG non deixan lugar á máis mínima dúbida. A *freguesía* tradicional queda relegada a un currunchito marxinal que, globalmente no período, non representa nin o 10% das atestacións:

		<i>freguesía</i>	<i>parroquia</i>
XIX	1801-1850	21,8	78,2
	1851-1900	5,8	94,2
	Total	6,6	93,4
XX-XXI	1901-1950	17,4	82,6
	1951-1980	5	95
	1981-2014	6,9	93,1
	Total	9	91
Total		8,9	91,1

Táboa 7. Porcentaxe de uso de *freguesía* e *parroquia* a partir de 1800 (bases textuais do TILG).

4.2.1. O Prerrexurdimento (1801-1850)

A ausencia de modelo de lingua nas primeiras décadas do período e a natureza popularizante de boa parte das obras escritas nelas levou os autores a reproducir ou intentar reproducir o galego das clases populares. Por outra banda, a práctica totalidade dos autores da época facía parte da clase social culta, formada no castelán e afeita a facer uso del tanto nos ámbitos profesionais como nos íntimos ou familiares. Entre os que deixaron pegada destas dúas voces na súa obra figuran deputados en cortes (Manuel Freire Castrillón, que estivo nas de Cádiz en 1812), maxistrados (Pedro

Boado Sánchez e Xoán Manuel Pintos, que tamén exerceu como avogado e rexistrador da propiedade), catedráticos de universidade (Juan Bautista Camiña, catedrático de Anatomía na de Santiago), escritores e xornalistas (Vicente Turnes, tamén doutor en dereito, e os autores, anónimos, de moitos dos diálogos e parolas escritos ao fio das disputas entre absolutistas e liberais), membros do clero urbano (o crego de Santiago autor da *Parola de Cacheiras*) e rural (o párroco de Esmelle, autor da *Carta* do ano 1827). Hai algún caso de persoa da que non se ten constancia de ter formación universitaria (Ramón Varela Vahamonde, autor do *Preiteante galego* e da *Conversa entre os arrieiros*, “poeta popular de gran facundia y disposición, natural del valle de Deza y fallecido en su casa de San Román de Santiso el año 1858”, en palabras de Leandro Carré [cito por PEC, p. 412.]), e o único rexistro autenticamente popular é unha cantiga recollida en 1843-1866, publicada por Domingo Blanco e incluída no TILG (véxase o exemplo *infra*).

Deste grupo de prerrexurdimentistas só dous empregan *freguesía* de forma privativa: Manuel Freire Castrillón e Ramón González Senra. As súas son as obras de cronoloxía máis recuada (1807 e 1812):

- 1807: *Avelleira*: Algo hubo deso, Compadre: | escoitáme, e contareivos: | botouvos a palla perra | as **freygesias** da fora, | hastra sair vinte e catro, | e de cada una delas | trouxo unha Rapasa virxe | pra darchele Suselénsia | o dote pro casamento: | asi foi, nin mais, nin menos (*Segundo diálogo de esterqueiros* [PEC 1, 39]).
- 1812: pero aínda dubido que eles entendan millor que nos que cousa é soberanía nacional, pois penso de min que non hay labrador que non sepa *que á España non é do rey, senon dos españoles*: que por esto mesmo ó rey non ven á ser mais que un veciño da nacion, á quen todos los demais lle damos é encomendamos ó goberno da España, á maneira de un apoderado que vai á Cruña á defender un preito por unha jurisdizon ou **freguesia** que leva ó poder de todos, para facer ó que mais conveña ó ben dos donos do preyto. (*Carta recomendada* [PEC 1, 81]).

Os outros tres casos de *freguesía* conviven na obra con *parroquia*, e saen da boca de Dominjos e Farruco, personaxes do *Diálogo entre Dominjos e Farruco*, do ano 1820 e de autoría anónima:

- 1820: *Farr.:* è ò mellor que podemos fasèr, è falar co Escribano, è ofreceremoslle cada un sen reas; asi foi, fomos alà todos (mentras cà xênte da Vila estaba toda pasmada vendo ò roubo que nos querian fasèr) è asi que chejamos, dixêmoslle ò Escribano; vaya Señor, que nos emos de compòr, è baya, que sen reasiños por cada **freijesia** xâ son muy bos; è disenos entonses ò Escribano con uns ollos que parecia que nos queria comer à todos. ¿E tedelos ahi? Respondemoslle, si Señor: pois zorrejadeos por acà, nos dixô. (*Diálogo entre Dominjos e Farruco* [PEC 1, 178]).
- 1820: *Farr.:* Entrejamosllos, è polo pronto calou, è entonses xâ colleu mil è oitosecos reas; pro dali à poucos dias dixônos, que aqueles eran poucos cartos, è que non chejaban, quelle aprontasemos mais, eu pola miña parte entrejeille aínda mais ochenta reas, è os outros deronlle à sinco è à seis duros; de modo, que pode desirse, quelle tocou à cada **freijesia** à dousecos reas, que multiplicados polas

desaoito fan tres mil è seisentos. (*Diálogo entre Dominjos e Farruco* [PEC 1, 178]).

- 1820: *Dom.*: Polo artículo 310 *da santa Constituson*, os poblos ou **frejesias** que chejen à mil almas, formarán un ayuntamiento composto de Alcaldes, Rixidores, è Síndicos Precuradores que nombran os visiños à sua vontade; este ayuntamiento cuidará do ramo de polisía è outras moitas cousas, è os Alcaldes entenderán no contensioso è económico segun as leis ò determinen. (*Diálogo entre Dominjos e Farruco* [PEC 1, 182]).

Dos mesmos personaxes, e sen que haxa reparto diferenciado entre eles, como tampouco o hai nos exemplos anteriores, son os cinco casos de *parroquia* presentes nesta mesma obra:

- 1820: *Farr.*: Eu funche mayordomo fay dous anos na **Parroquia**, è teño aqui uns papès, è eu como non sei ler quixêra que me fixêses ò favor de ver si son de aljun proveito, pois sabes que xâ temos à *Santa Constituson xûrada*, è quixêra queimalos si non sirven de nada. (*Diálogo entre Dominjos e Farruco* [PEC 1, 177]).
- 1820: *Farr.*: Eu no sei, ò serto è, que à **Parroquia** lebabana acabada si non ven à redimirnos à *Santa Constituson*. (*Diálogo entre Dominjos e Farruco* [PEC 1, 177]).
- 1820: *Farr.*: ... Cando mandou ò Señor Xûes levar vinte è un Quintos, que lle tocaron à Xûrisdison, daqui des lejuas, nos pideu a cada un-a das desaoito **Parroquias** de que se compòn à quinientos reas, eque senon, ibamos à Cadea; (*Diálogo entre Dominjos e Farruco* [PEC 1, 178]).
- 1820: *Dom.*: ... nosoutros desnudos, comendo un pouco de fariña è berzas cocidas en ajua, pan de millo cando ó temos, mollados, suados, sin dormir è cheos de fame, ¿è por que? por dar cumprimento à estes papès que de nada nos sirven, nin na **parroquia** hay ningun-a das cousas que ò Xûes nos quer faser saber, è el ben ò sabe; pero como ò conto è sacarnos catro ou sinco mil reás cada ano, è comer porcos seabados acosta de noso lombo, por eso ò fay. (*Diálogo entre Dominjos e Farruco* [PEC 1, 179]).
- 1820: *Farr.*: Así era como à facia, sacarnos ò pelexô era ò fin principal; si queres ver canto nos roubaron, non tes mais que ver as contas da **parroquia** que falan das ordes comunicadas à esta, as da estadista è afanejado, as da contribuson xêneral, as de mesons è tabernas, as de condusons de quintos, as de remesas de presos, è veràs canto nos sacaron demais do que nos tocaba. (*Diálogo entre Dominjos e Farruco* [PEC 1, 180]).

Os demais rexistros son de *parroquia* e espállanse entre 1813 e 1846:

- 1813: *Ming.*: Sí compadre: aínda ha de haber que ver, é poida que todo eso leve à trampa, porque segun oín ó outro día ó señor amo, houbo moitas nuledades nos cabildos das **parroqueas**, é nalgunhas foron contra à CONSTITUSON. (*Conversa entre os compadres Bértolo e Mingote* [PEC 1, 140]).

- 1820: *And.* ¡Pola vida! Por eso che oìn o Capellan da **Parroquia** que bindo carta feira a Vila, foi a Catredal para desir Misa nunha das Capillas, e o Sacristan dixólle que non tiña viño, que o lebase, se quería disíla. (*A tertulia na Quintana* [PEC 1, 193]).
- 1823: *Franc.*: No mi señor; d'eso non se pasme sua mercè qu'outros hay piores. ¡Había logo de saber sua mercè ó que pasa na miña **parroquia** è n'outras d'ò rededor! (Pedro Boado Sánchez: *Diálogo entre dos labradores gallegos* [PEC 1, 250]).
- 1823: *Franc.*: Non se pasme de-esso, mi señor, qu'alí á ofrenda súbelle moyto. N-a-quela **parroquia** é n-outras d'en rededor lévanlle por ela tres fanegas, è decir quince ferrados de centeo, tres canados de viño, tres carneyros, ó cuarto d'unha baca, que ó cobran ben sin baixar un maravedí siquera, é de trinta è catro á trinta é seis, é corenta pesos, coma quen di oyto centos reás, po-lo responso. (Pedro Boado Sánchez: *Diálogo entre dos labradores gallegos* [PEC 1, 265]).
- 1827: Carta do cura de Sn Xsúan de Esmelle na que lle dice á un seu amigo como fuxseo dun tal Pico que lle quería pegar un bon petardo ó día dó Patrono da sua **Parroquia**; pero ó petardeyro saleo ben e compretamente amolado. (Navaza, *Carta do cura de San Xoán de Esmelle* [PEC 2, 530 (Navaza)]).
- 1836: *G.*: Todos somos de carne, todos nacemos de pecadores, é en todos tempos houbo vos émalos; p[o]r ser cregos, frades ou cofrades non se quitan de sí ó sér dè homes; é canto mais s'arreden dô comercio humano, tanto mais traballan as pasions p[ar]a facelos caer; ó demo como non lles quer ben, tentaos á todos instantes, é calquera falta q[u]e cometa un, anq[u]e sea pequena, avultâa canto pode, e achacaá á todos é sinon decideme; acâ entre nôs raro é ó lugar ou **parroquia** donde non hay un aragan, raspiñeiro, borracho, amancebado, ou jogador, é seria bén decer q[u]e todos nos eramos outros tâs; (*Parola de Cacheiras* [PEC 1, 386]).
- 1836: *Gor.*: ... é si n'algunha parte reinou ou quixo reinar [unha muller] *sempre houbo loitas, guerras, é desazôs*; é si algunha chegou áreinar *pacíficamente, un paxaro nunca fixò brán*; pois quen non é capaz *para un fielato dunha porta, ou cadrileira dunha parroquia* como *ha deser capaz de gobernar un Estado?* (*Parola de Cacheiras* [PEC 1, 398]).
- 1837: Relación que un litigante chamado FARRUCO, fay, ó Cura da sua **Parroquia**, do que lle sucedeu no tribunal da Cruña, ó ano de mil oito centos trinta é sete. (*O preiteante galego* [PEC 1, 411]).
- 1843-1866: O cura desta **parroquia** deixa dito á criada: nena, si non veño logo, deitate na miña cama. (Domingo Blanco, p. 153) (TILG).
- 1845: DIÁLOGO ENTRE SILVESTRE CAJARABILLE E DOMINGO MAGARIÑOS, LABRADORES E VECIÑOS NAS SUAS RESPEUTIVAS **PARROQUIAS**. (Vicente Turnes: *Diálogo entre Silvestre Cajarabille e Domingo Magariños* [PEC 1, 499]).
- 1846: En certa **parroquia** | De un ancho terreo | C'ó pé do altar farto | E dobrados dezmos, | Había un-ha moza | De pais vinculeiros, | Que daba cobiza | A muitos mancebos. (Xoán Manuel Pintos: *Contos da aldea* [PEC 1, 561]).

- 1846: Facianlle á nena, | Que non daba creto, | A rosca do galo | Tales mensaxeiros. | E vendo á parroquia | E mais seus anexos | En certa **parroquia** | E mais seus anexos | Aqueles raposos | No seu galiñeiro | Ja se procataban | Contra os taleigueiros, | Ja refunfuñaban | Facendo concellos. (Xoán Manuel Pintos: *Contos da aldea* [PEC 1, 561-562]).
- 1846: Non hay na **parroquia** | Un home ben feito, | De sangue muy limpa | Muy bon cabaleiro, | De acendentes nobres | De muy altos feitos, | De prendas cumpridas | Nado no terreo..? (Xoán Manuel Pintos: *Contos da aldea* [PEC 1, 562]).
- 1846?: ¡Nacidas! ¡Qué tales son! | Basta que sean alleos; | Queren roubar a **parroquia** | Con tal qu'eles anden cheos; | Sarna potente lles veña, | E unha frebe de camiño, | Que solo con auga sanen, | Enfermen solo cô viño. (Ramón Varela: *Conversa entre os arrieiros* [PEC 1, 637]).

Nestas primeiras cinco décadas do século XIX é perceptible unha liña evolutiva das preferencias que converte *parroquia* en forma exclusiva nas tres últimas, quizais como consecuencia da connotación, sen fundamento, de *freguesía* como forma portuguesa e non galega. Aínda hoxe ten eco e partidarios esta posición, mesmo no ámbito especializado da filoloxía, como se pode comprobar, xusto verbo do tema que tratamos, en R. Álvarez (2012:217), quen, referíndose a Ramón González Senra, autor da *Carta recomendada* (1812) e á *freguesía* presente nela, di que “é unha persoa culta (*libertade, Faraos*), con posibles lecturas en portugués (*-ade, sufrir, alfenetes, obrigazon, freguesia, orden...*, se callar o futuro de subxuntivo...)”, mencionando explicitamente *freguesía* como un caso de lusismo, sen ter en conta que esta voz é utilizada, como acabamos de ver, por outros escritores inmediatamente contemporáneos como Freire Castillón ou o autor anónimo do *Diálogo entre Dominjos e Farruco*, aos que dificilmente se lles pode atribuír intención lusitanizante. Na seguinte gráfica pódese ver a liña evolutiva nestes 50 anos e como o *sorpasso* ten lugar de forma concreta na década 1811-1820:




Gráfico 2. Porcentaxe de uso de *freguesía* e *parroquia* entre 1800 e 1850 (bases textuais do TILG).

4.2.2. O Rexurdimento e os séculos XX e XXI

O pulo rexurdimentista recuperou para a lingua galega áreas de uso que perdera desde finais da Idade Media e abriu outras novas, propias da segunda metade do século XIX. Para o par de voces que estudamos supuxo a consolidación definitiva no galego escrito de *parroquia* e case a desaparición de *freguesía*. Coa excepción da

primeira metade do século XX, na que *freguesía* ten unha pouca máis de presenza (17,4%), durante todo o período os valores de *parroquia* chegan ou están moi próximos ao 95%:




Gráfico 3. Porcentaxe de uso de *freguesía* e *parroquia* a partir de 1800 (bases textuais do TILG).

Neses primeiros cincuenta anos do século XX fíxose notar nos escritores e ensaístas a preocupación por manter a enxebreza e por desterrar da lingua as voces espurias, e algúns deles, especialmente os que mellor coñecían o seu pasado –sobre todo medieval–, afastáronse do uso maioritario e, con diferente grao de empeño, recuperaron a forma tradicional. Algúns fixeron de *freguesía* forma exclusiva, outros usárona como forma maioritaria e outros fixérono cunha profusión menor. Pódese dicir que é a “época de ouro” de *freguesía* na Idade Contemporánea e, precisando máis, que foi nas décadas de 1901-1910, 1921-1930 e 1931-1940 cando os escritores deixaron maior constancia da súa preocupación. Na década de 1901-1910 as *freguesías* supoñen o 13%, na década de 1921-1930 supoñen o 17,5% e na de 1931-1940 supoñen o 22,5%, o valor máis alto de toda a Idade Contemporánea:




Gráfico 4. Porcentaxe de uso de *freguesía* e *parroquia* entre 1901 e 1950 (bases textuais do TILG).

Estas tres décadas representan o 89,7% dos casos no período citado e un importante 38,7% do total de exemplos de *freguesía* nos séculos XIX-XXI. A nivel autorial pódese dicir que os artifices desta recuperación momentánea son, sobre todo, a revista *Nós* (66), A. Taboada Roca (52) nas súas *Notas históricas* de 1933, Vicente Risco (20), Xesús Carro / Emilio Camps / Xosé Ramón Fernández-Oxea (9), Álvaro de las Casas (9), Armando Cotarelo Valledor (5), Castelao (4), a revista *Logos* (3), Manuel Lugo Freire (3) e Otero Pedrayo (3). Con cifras menores figuran Florencio Vaamonde

Lores (2), José Augusto Ventín Durán (2), López Cuevillas (2), Manuel Posse Rodríguez (2), Pedro Borreiro (= Saturnino Piñeiro) (2), Constantino V. Abelleira (1), Avelino Barbeito y Hermosilla (1), Manuel Casado Nieto (1), Manuel García Paz (1), Gonzalo López Abente (1), Avelino Rodríguez Elías (1) e Antón Villar Ponte (1).

Ten moito interese pescudar nos datos completos destes autores e comprobar cales deles fixeron uso exclusivo, maioritario, equitativo ou minoritario de *freguesía*, pero non o farei aquí por supoñer de seu outro traballo de dimensións e nivel de esforzo maiores que o presente. Máis abaixo ofrecerei algúns datos seleccionados da totalidade dos autores contemporeos que axudarán a entender a eficacia e a rapidez do proceso de substitución da forma tradicional pola foránea, pero agora quero centrar a atención nas décadas do período posterior á ditadura franquista, por supoñeren no caso dalgúns autores unha volta consciente e decidida ás tres “décadas de ouro”, e establecer unha comparativa entre elas, para deste xeito poñer de relevo quen son os *Nós*, os Taboada, os Risco ou os Castelao dos nosos tempos.

A comparanza puramente cuantitativa mostra que na actualidade o pulo pola recuperación da forma tradicional non alcanza as cotas das tres décadas do galeguismo anterior á guerra civil:




Gráfico 5. Comparativa das porcentaxes de uso de *freguesía* e *parroquia* nas décadas 1910-1940 e 1981-2010 (bases textuais do TILG).

En realidade, os valores son só lixeiramente superiores a calquera dos períodos posteriores a 1850, coa excepción das tres décadas: 1851-1900: **5,8%** / - / 1951-1980: **5%** - 1981-2013: **6,9%**. Unha cifra porcentual que non supera en ningún caso o 1,1% de diferenza e que augura, a non moito tardar, a morte definitiva de *freguesía* como voz viva. Non faltan, non obstante, autores resistentes a aceptar sen máis a súa defunción e inclúena, con maior ou menor sistematicidade ou profusión, nas súas obras. É de xustiza deterse a dar unha mínima noticia deles, aínda que esta se limite a unha lacónica nómina.

Os 192 rexistros repártense entre un escaso pero selecto elenco de escritores, ensaístas e publicacións periódicas contemporáneos, entre os que destacan principalmente Anxo Angueira (29), Manuel Cabada Castro (22), Vitor Vaqueiro (12), Xosé Filgueira Valverde (12), Xosé Luís Méndez Ferrín (9), Xosé Luís Ripalda (9), Ofelia Rey Castelao (8), Olga Gallego Domínguez (8), Darío Xoán Cabana (7), *A Peneira* (6), Pegerto Saavedra (6) e Xosé María Gómez Vilavella (5). A nómina complétase con José Antonio Fidalgo Santamariña (4), L. H. Busto Abella, / M. Lozano Paz / F. Sampedro Ojeda / E. Tello León / R. Varela Puñal (4), Luís García Mañá (4), Clodio González Pérez (3), Francisco Xavier Iglesias López (3), Jesús Alfonso Parada Jato (3), Manuel Forcadela (3), Alfredo Conde (2), Antón Alonso Ríos (2), Bieito

Iglesias (2), Eduardo Prieto Casares (2), Francisco Calor Lourido (2), Xoaquín Penas Patiño (2), Xosé Vázquez Pintor (2), *A Nosa Terra* (1), Cándido Pazó (1), Carlos Arias (1), Dionisio Pereira (1), Fermín Bouza Brey (1), Francisco Vázquez (1), Hixinio Puentes (1), Juan José Losada (1), Lois Tobío (1), Martine Roux (1), Pablo González Mariñas (1), Santiago Lamas Crego (1), Xavier Castro (1), Xoán Cuba Rodríguez (1), Xosé Estévez (1), Xosé Luís Martínez Pereiro (1) e Xurxo Souto (1).

Quero manter apartado do grupo anterior un caso polo dobre valor que ten: dunha parte como testemuño da pervivencia, providencial, de *freguesía* na lingua oral popular espontánea e da outra, por ser o único caso desta variedade no TILG, como evidencia da súa case completa desaparición. Ou quizais completa, pois o rexistro aparece nun refrán recollido no *Cancioneiro popular galego* de Schubart / Santamarina:

- 1980 Leirado de Salvaterra a máis ghrande **fraighesia** | dous abades a roubar prá Pilara de Sofía. (*Cancioneiro popular galego*, IV, 2:173) (Leirado-Salaterra-PO, 1980) (TILG).

Nin n'*A nosa fala* de Fernández Rei / Hermida Gulías (1993) nin en ningunha outra das coleccións de textos dialectais incluídas nas bases do TILG –ben numerosas– hai pegada da conservación, mesmo fosilizada, de *freguesía*. O propio *Cancioneiro* é fiel testemuño: fronte ao exemplo visto atópanse 29 atestacións de *parroquia*. E ao ser Leirado, en Salvaterra, lugar da raia con Portugal tampouco se pode descartar tallantemente a posibilidade de que se trate dun lusismo por contigüidade territorial.

Aínda que non abordarei aquí, nin sequera de forma aproximativa, a complexa casuística das distintas modalidades de uso destas voces nos autores contemporáneos – uso exclusivo, uso moi maioritario, uso maioritario, uso moi minoritario, uso minoritario e uso equitativo–, detereime, antes de rematar, a presentar a nómina de autores da nosa tradición literaria moderna e contemporánea que só empregaron nas súas obras a voz *parroquia*. O avultado da cifra, que o é, é menos transcendente e significativo que o enorme peso destes escritores en función da calidade literaria da súa obra e do fondo valor simbólico que, como modelo literario mais tamén lingüístico, tiveron ou teñen moitos deles. Na creación da súa obra xa non existe *freguesía* e deste xeito o seu contributo á liña de transmisión mantida ininterrumpidamente desde o período das orixes representa o tronzamento dela. O tempo dirá se é definitivo ou non.

A necesaria escolma feita deixa fóra do elenco que presento a seguir non poucos autores que merecerían figurar nel. Suplo esta carencia coa inclusión como “Anexo 2” dunha táboa cronolóxica dupla, poñendo de fronte, por unha parte os autores – individuais ou colectivos– ou publicacións periódicas que fixeron uso de *freguesía* como forma dominante nas súas obras incluídas no TILG, e por outra os que só empregaron *parroquia*, nos séculos XIX, XX e XXI. Mais aquí e agora abonde con presentar, cronoloxicamente, os que considero de maior relevancia entre os que excluíron *freguesía* na súa obra en favor de *parroquia*: Juan Manuel Pintos, *Album de la Caridad*, Rosalía de Castro, *A Monteiro*, Eladio Rodríguez González, Manuel Leiras Pulpeiro, Uxío Carré Aldao, Antonio Noriega Varela, Luís Amado Carballo, Antonio Couceiro Freixomil, Aurelio Ribalta, Rafael Dieste, Xosé Lesta Meis, Partido Galeguista, Ricardo Carballo Calero, Manuel María, Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor, Celestino Fernández de la Vega, Álvaro Cunqueiro, Xosé Neira Vilas, Celso Emilio Ferreiro, Xoaquín Lorenzo Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Piñeiro López, Carlos Casares, *Encrucillada*, Valentín Paz-Andrade, Xosé Manuel Martínez Oca, Víctor Fernández Freixanes, Ramón Villares Paz, Augusto Pérez Alberti, Manuel Rivas, Xurxo Borrazás, María Pilar Campo Domínguez, Gonzalo Navaza, Xavier Alcalá, Xesús Alonso Montero, Antón Fraguas, Afonso Eiré e Manuel Lourenzo.

Teño que dicir que me produce grande satisfacción botar en falta nesta listaxe autores como Manuel Curros Enríquez ou Ramón Villar Ponte. E se se me permite retroceder no tempo, tamén o Padre Sarmiento e o cura de Fruíme. Porque Eduardo Pondal preferiu non pronunciarse: nas súas obras non aparecen nin *freguesía* nin *parroquia*. Polo menos nas que están nas bases textuais do TILG.

Ante de lle dar cabo ao traballo poñéndolle unha coda de esperanza, non virá mal resumir cunha gráfica o periplo completo destas dúas voces na historia da lingua galega para, deste xeito, facérmonos unha imaxe superadora da compartimentación cronolóxica desde a que fomos achegando os datos e a súa interpretación. Con ese propósito presento na seguinte gráfica a evolución comparativa dos usos escritos destas dúas voces desde os primeiros rexistros romances medievais ata o ano 2013, do que é o último dos exemplos estudados:




Gráfico 6. Resumo xeral das porcentaxes de uso *freguesía* e *parroquia* (bases textuais do TMLG e do TILG).

5. CODA

Os cónpora do galego actual teñen introducidas nas súas bases textuais poucas obras de ensaio e investigación. Moitas veces é nelas onde se decide o futuro das palabras, nomeadamente das que pertencen á terminoloxía científica e técnica, e sería desexable a incorporación paulatina a eles de obras deste tipo. Para o caso que nos ocupa eu non dubidaría en incluír, por exemplo no TILG, algunhas obras filolóxicas recentes –posteriores ao ano 2005– polo valor que teñen ou poden ter como referencias que animen á imitación e lle devolvan a *freguesía* a vitalidade, o prestixio e a credibilidade dos que gozou durante máis de 1500 anos, case sempre como forma única. Refírome a catro obras de profesionais ou cultivadores avezados da filoloxía nas que se advirte unha actitude ben máis tolerante con *freguesía* que a sostida no seu día polos autores do *Nomenclátor*, seguidos cegamente pola inmensa maioría. Todas elas ofrecen un bo quión de rexistros das dúas voces e en todas elas as proporcións sitúan *freguesía* nunha posición moito máis lucida que a que lle corresponde no TILG a partir de 1981, o xa mencionado e escaso 6,9%. Aínda que nesas obras non se explicita se hai diferenzas semánticas entre as voces, é claro que son empregadas sinonimicamente. Tiven oportunidade de solicitar a opinión dun deles, Xosé María Lema, e díxome sen vacilación, en conversa privada, que el usara as voces con valor plenamente sinonímico. E paréceme incuestionable que nestes autores está presente a vontade, firme, de contribuíren á recuperación da voz declinante.

Referirei e presentarei as obras e os autores por orde de importancia porcentual nelas de *freguesía*. (a) A primeira é a *Onomástica histórica dunha parroquia galega*:

Berdoias (1607-2000) de Xosé María Lema Suárez (2006). Na súa temática e desenvolvemento ten un papel fulcral esta entidade xurídico-administrativa e, lonxe de seguir cegamente as pautas vixentes, concedeulle a *freguesía* unha presenza cuantificable nun 28%, superior incluso ao 20% das tres décadas de ouro da primeira metade do século XX. Por 219 ocorrencias de *parroquia*, incluída a do título, rexístranse 84 de *freguesía*. (b) A segunda é “Un texto inédito de 1827: *A carta do cura de Esmelle*”, de Gonzalo Navaza (2012). Ocúpase da edición e estudo dunha carta redactada por un párroco da comarca de Ferrol e nela fai uso reiterado do concepto valéndose das dúas voces para expresalo. Coincide o valor cuantitativo desta obra co de Lema Suárez: o 28% (13 *parroquias* / 5 *freguesías*). (c) A terceira obra, de 2013, é “Cartas que cruzan o Miño. Correspondencia con don Pedro Álvarez V de Soutomaior, falsificador (1527)”, de Rosario Álvarez / Xosé Xove. Ten o valor engadido de se referir a textos de grande valor pola época na que foron escritos (comezos do século XVI). A el súmase o de apostaren os autores con máis forza que os anteriores por *freguesía*. Os seus 15 casos fronte aos 13 de *parroquia* elevan o seu peso ao 53,5%. (d) Por último, no seu *O padrón de San Clodio de 1580. Estudo histórico e onomástico* Frutos Fernández leva *freguesía* á cota máis alta desde a Idade Moderna: os 102 casos de *freguesía* polos 33 de *parroquia* supoñen para a primeira un insólito 75,5% e a evidencia da firmeza coa que Frutos, desde a súa posición de experto coñecedor da onomástica e da historia, aposta pola voz tradicional e patrimonial.

O autor deste traballo quere sumarlle tamén a esta iniciativa, convencido de que, contrariamente ao que acontece no ámbito xurídico e legal co principio de “prescrición do delito”, na historia das linguas non abonda cunhas cantas décadas para lle conceder validez ao principio análogo da “prescrición de escolla pouco axeitada”. Non contar cun dicionario histórico entraña estes riscos.

ANEXO 1: VARIANTES GRÁFICAS DE *FREGUESÍA*

Constituínte inicial:

féegr-	fféegr-	filigr-	flig-	freegr-	freigu-	frigu-	frygl-
feigr-	ffligr-	filligr-	fligl-	freegu-	freyg-	friig-	frygr-
felefr-	ffliig-	fleg-	fligr-	freg-	freygr-	friiger-	frygu-
felegr-	ffliigr-	flegr-	fligu-	fregl-	freygu-	friigl-	fyliigr-
feli-	ffreig-	fleig-	fliig-	fregll-	friegr-	friigr-	
fellegr-	ffreygr-	fleigr-	fliigr-	fregr-	frig-	friigu-	
felligr-	ffrig-	fleigu-	fliigu-	fregu-	frigi-	frjg-	
felygr-	ffrigl-	fleyg-	flyg-	frieg-	frigl-	frjgu-	
feygr-	ffrigr-	fleygr-	freeg-	friegr-	frigr-	fryg-	

Desinencia

-eesia	-ellia	-essia	-exía	-isa	-ífa	-ygia
-egia	-es'ja	-essya	-eza	-isia	-ífia	-ysia
-eia	-esia	-esua	-ia	-issia	-izia	-ysya
-eja	-esiia	-esya	-iga	-issya	-jsía	
-elia	-esija	-elía	-igia	-isya	-yesías	

ANEXO 2: FREGUESIA VS PARROQUIA NOS TEXTOS MODERNOS E CONTEMPORÁNEOS (TILG)

FREGUESÍA DOMINANTE			PARROQUIA EXCLUSIVO	
Ano	Autor	Casos	Ano	Autor
1671	Feixoo de Araúxo, Gabriel	3 - 1		
1746	Sarmiento, Frei Martín	1		
1781	Cernadas y Castro, Diego Antonio	1		
1812	González Senra, R.	1	1823	Boado Sánchez, Pedro
			1843	Blanco, Domingo
			1846	Pintos, Juan Manuel
			1862	Album de la Caridad
			1864	Castro, Rosalía de
1883	Martínez González, Manuel	1	1888	O Novo Galiciano
1886	Curros Enríquez, Manuel	1	1889	A Monteira
			1891	A Tía Catuxa
			1891	Barcia Caballero, Juan
			1891	Dato Muruais, Filomena
			1891	Pereira, Aureliano
			1894	Rodríguez González, Eladio
			1895	Leiras Pulpeiro, Manuel
			1896	Labarta Posse, Enrique
			1898, 1919	Carré Aldao, Euxenio
1906	Barbeito y Hermosilla, Avelino	1	1902	Salinas Rodríguez, Galo
1911	Potel Pardal, Francisco	7	1910	Noriega Varela, Antonio
1913	O Tío Pepe	1	1917	Cabeza de León, Salvador
			1921	San Luís Romero, X.
			1922	Martelo Paumán, Evaristo
			1922	Rexurdimento
			1923	Correa Calderón, Evaristo
1925	Posse Rodríguez, Manuel	2	1925	Amado Carballo, Luís
			1925	Couceiro Freixomil, Antonio
			1925	Ribalta, Aurelio
			1926	Magariños Negreira, Xulián M.
			1927	Dieste, Rafael
			1927	Lesta Meis, Xosé
1929,1931	Casas, Alvaro de las	9 - 1		
1933	Villar Ponte, Ramón	1	1933	Partido Galeguista

1933	Taboada Roca, A.	52 - 8	
1933	Carro, Xesús / Emilio Camps / Xosé Ramón Fernández-Oxea	9 - 4	
1933	Risco, Vicente / A. Rodríguez Martínez	9 - 4	
			1934 1934 1935 1938 1948
			Álvarez Limeses, Gerardo Manteiga, Luis Tobío Campos, Luís Lence-Santar, Eduardo Crecente Vega, Xosé
			1951
			Manuel María
			Fole, Ánxel
			Otero Espasandín, Xosé
			Ramón Fernández-Oxea, Xosé (= Ben-Cho-Shey)
1957	Sigüenza, Xulio	1	1953 1957 1959 1959 1960 1961 1961 1962 1962 1963 1963 1965 1971 1972 1974 1975 1975 1977 1979 1980 1981 1981 1982 1982 1984, 2006
			Valenzuela Otero, Ramón de
			Blanco Amor, Eduardo
			Fernández de la Vega, Celestino
			Cunqueiro, Álvaro
			Neira Vilas, Xosé
			Suárez-LLanos, Camilo G.
			Ferreiro, Celso Emilio
			Lorenzo Fernández, Xoaquín
			Delgado Gurriarán, Florencio
			Díaz Jácome, Xosé
			Mariñas del Valle, Genaro
			Martín, Paco
			Beiras Torrado, Xosé Manuel
			Piñeiro López, Ramón
			Casares, Carlos
			Varela Buxán, Manuel D.
			Encrucillada
			Paz-Andrade, Valentín
			Tovar, Antón
			Cortezón Álvarez, Daniel
			Martínez Oca, Xosé Manuel
			Freixanes, Víctor Fernández
			Reigosa, Carlos González
			Villares Paz, Ramón
			Franco Grande, Xosé Luís
			Heinze, Úrsula
			Diéguez, Lois
			Laxe Freire, Manuel Anxo
			Pérez Alberti, Augusto
			Rodríguez Baixeras, Xavier
			Fernández Ferreiro, Xosé
			Fernández Rei, Francisco / Carme Hermida Gulías
			Rivas, Manuel
			Borrazás, Xurxo
			Varcárcel, Xesús Manuel
			Campo Domínguez, María Pilar
			Miranda, Xosé
			Navaza, Gonzalo
			Tempos novos
			Alcalá, Xavier
1982	Vázquez, Francisco	1	
			1993 1993 1994 1995 1996
1994	Pazó, Cándido	1	
1995	Ripalda, Xosé Lois	9	
1996	Forcadela, Manuel	3 - 1	

1999	Martínez Pereiro, Xosé Luís	2 - 1	1999	Alonso Montero, Xesús
			1999	Cid Cabido, Xosé
			1999	Fraguas, Antón
			2000	Eiré, Afonso
2002	Estévez, Xosé	1	2002	Caride Ogando, Ramón
2003	Iglesias López, Francisco	3	2003	Lourenzo, Manuel
	Xabier		2003	Rei Núñez, Luís
2006	Penas Patiño, Xoaquín	1	2005	Mato Fondo, Miguel A.
2013	Prieto Casares, Eduardo	2 - 1		

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ BLANCO, R. (2012): “Achegamento ao perfil lingüístico dos autores dos inicios da Idade Contemporánea”, in PEC 2, pp. 213-260.
- ÁLVAREZ BLANCO, R. / X. XOVE FERREIRO (2013): “Cartas que cruzan o Miño. Correspondencia con don Pedro Álvarez V de Soutomaior, falsificador (1527)”, in R. ÁLVAREZ / A. M. MARTINS / H. MONTEAGUDO / M. A. Ramos (eds.): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 29-55.
- BILEGA: F. GARCÍA GONDAR (dir.) (1994-): *Bibliografía de lingüística galega*. Santiago de Compostela: CIRP. [<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>].
- CARVAJAL SOBRAL, J. (1999): *Los concilios de Braga en los siglos VI y VII, reflejo de la vida social en la Gallaecia de la época*. O Porriño: Imprenta Paz.
- CIGM: R. MARIÑO PAZ (ed.) (1995): *Corpus Informatizado do Galego Medio*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [Recurso non publicado].
- CODOLGA: J. E. LÓPEZ PEREIRA (dir.) (1994-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: CIRP. [<http://corpus.cirp.es/codolga/>].
- CORDE: REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en liña]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>> [27/11/2014].
- CORGA = M. LÓPEZ MARTÍNEZ (dir.): *Corpus de referencia do galego actual*. Santiago de Compostela: CIRP. [<http://corpus.cirp.es/corga/>].
- DDLG: A. SANTAMARINA (2003): *Dicionario de dicionarios da lingua galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. [Consulta electrónica: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>].
- DDG: B. LEDO CABIDO (dir.) (2004): *Dicionario de galego*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- DDGM: E.O GONZÁLEZ SEOANE (dir.) (2006): *Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval*. Anexo 57 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [Consulta electrónica: <http://sli.uvigo.es/DDGM/>].
- DRAG: REAL ACADEMIA GALEGA (ed.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. Versión dixital. A Coruña: Real Academia Galega. [<http://www.realacademiagalega.org/diccionario>].
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F. (2008): *O padrón de San Clodio de 1580. Estudo histórico e onomástico*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica. [<http://ilg.usc.es/agon/biblioteca/>].
- FERNÁNDEZ REI, F. / C. HERMIDA GULÍAS (eds.) (2003²): *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega. [<http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>].

- GDXL: X. M. CARBALLEIRA ANLLO (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- HERMIDA GULÍAS, C. (2012): “Contribución a unha análise da *Parola de Cacheiras*”, in PEC 2, pp. 287-316.
- LEMA SUÁREZ, X. M. (2006): *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000)*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica. [<http://ilg.usc.es/agon/biblioteca/>].
- MARIÑO PAZ, R. / M. SÁNCHEZ YAÑEZ / D. SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- NAVAZA, G. (2012): “Un texto inédito de 1827: *A carta do cura de Esmelle*”, in PEC 2, pp. 513-554.
- PEC 1: R. MARIÑO PAZ (ed.) (2008): *Papés de imprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- PEC 2 = R. MARIÑO PAZ (ed.) (2012): *Papés de imprenta condenada. Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA (2005): *A toponimia en Galicia. Nomenclátor de Galicia. Proxecto Toponimia de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- RIVAS QUINTAS, E. (1976): “La isoglosa Pacio / Pazo en Galicia”, *Verba*, 3, pp. 353-364.
- SANTAMARINA, A. (2008). “Os dicionarios históricos. Trazos dun dicionario histórico galego e consideracións sobre a súa viabilidade”, in E. González / A. Santamarina / Xavier Varela (eds.): *A lexicografía galega moderna. Recursos e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 343-392.
- TILG: A. SANTAMARINA (coord.) (2003-): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/TILG/>].
- TMILG: X. VARELA BARREIRO (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>].
- VARELA BARREIRO, X. (coord.) / I. ARCA VALLADARES / S. BEIS SILVA / A. BRAVO GARCÍA / T. TORRES FONTÁN (eds.): Fr. Martín Sarmiento: *Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Edición inédita.
- VOLGA: M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ e A. SANTAMARINA (2004): *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*. [Santiago de Compostela]: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega. [*versión en liña*: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>].
- XUNTA DE GALICIA (2003): *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

A toponomástica como auxiliar da fonética histórica: algúns exemplos do ámbito galego-portugués

PAULO MARTÍNEZ LEMA
Instituto da Lingua Galega -USC

1. INTRODUCCIÓN

A toponomástica (entendida como a disciplina que se encarga do estudo sistemático e científico dos nomes de lugar dun determinado territorio e/ou área lingüística) adoita implicar case sempre un certo enfoque diacrónico. Este aspecto pode doadamente verificarse nos estudos de feitura máis clásica ou tradicional, moi centrados na dimensión etimolóxica da toponimia, é dicir, na identificación da forma lingüística da cal deriva o topónimo, na súa adscripción a un estrato lingüístico máis ou menos definido e, por suposto, na reconstrución do proceso de evolución formal experimentado polo dito étimo até a actualidade (ou até o período histórico tomado como termo *ad quem* do noso estudo). Neste sentido, calquera persoa que tivese que afrontar nalgunha ocasión investigacións deste tipo recoñecerá a importancia fundamental que adquiren as fontes documentais, sempre e cando quixermos dotar o noso traballo dun rigor e seriedade que o afasten da “toponimia ficción” e / ou da mera elucubración erudita. Máis en concreto, os datos extraídos dos textos medievais (principalmente, cando menos no caso galego, dos textos notariais do ámbito privado) constitúen ferramentas moi valiosas que podemos utilizar ben para confirmarmos unha determinada hipótese etimolóxica, ben para cuestionala ou mesmo desbotala definitivamente en prol doutras interpretacións máis coherentes coa información presente nos ditos textos. Pensemos, por exemplo, nun topónimo como *Xallas*, para o que prevaleceu durante bastante tempo a hipótese (acuñada no seu día por Abelardo Moralejo) dun étimo *SALIAS, indefendíbel cando acudimos aos textos medievais, nos cales o dito topónimo comparece baixo formas como *Ialas*, *Iales* e similares (Martínez Lema 2010: 382-387).

De todos os xeitos, debemos deixar constancia dun feito que nunca está de máis lembrar: malia a importancia innegábel dos rexistros documentais de época medieval na interpretación dos elementos toponímicos, o certo é que esa documentación non constitúe (nin moito menos) un recurso infalíbel. Como sabemos, non é infrecuente atopar distorsións que poden ser achacadas ben ao propio proceso de transmisión textual (sobre todo cando traballamos con copias), ben á transcripción e a edición moderna dos documentos (onde interveñen variábeis como os criterios seguidos por cada editor, a maior ou menor pericia na lectura dos textos etc.). Tampouco debemos esquecer que o rexistro toponímico está supeditado, como calquera outro elemento lingüístico do texto, ás prácticas e aos estándares escriturarios hexemónicos en cada período concreto, e por tanto vai estar igualmente exposto a casos de pseudolatinización, refacción formal etc. Un exemplo moi evidente, mais cremos que tamén moi ilustrativo ao respecto, é o do topónimo *Toxos Outos*, que podemos atestar como *Tribulos Altos* en varios diplomas altomedievais, e que loxicamente hai que interpretar como unha tentativa de traducir ao latín un termo autóctono como *toxo* (Martínez Lema 2011). Por se todo isto fose pouco, a ausencia dun modelo de lingua homoxéneo ou minimamente unificado no período medieval repercute na proliferación de variantes diferentes á hora de codificar un mesmo topónimo nun texto escrito.

Retomando a cuestión principal deste apartado, o coñecemento da evolución dos nomes de lugar, en tanto que formas lingüísticas que nunca deixaron de ser, permítenos non soamente trazar unha visión moito máis cabal do (sub)sistema toponímico que esteamos a estudar a través dos elementos que o compoñen, senón tamén aproximarnos mellor a certos fenómenos fonéticos, morfolóxicos e mesmo lexicais cuxa detección resulta máis difícil noutros dominios da lingua común. É precisamente esa situación de certa excepcionalidade a que adoita relegar eses fenómenos a unha simple nota a rodapé en moitas das descrições diacrónicas que se teñen feito (no caso que nos ocupa) para o ámbito lingüístico galego-portugués. O corolario que podemos extraer destas observacións é evidente: na aspiración de elaborarmos unha gramática histórica completa, representativa e exhaustiva, resulta altamente recomendábel a implementación dun corpus toponímico que reúna un volume considerábel de ítems toponímicos. Dito isto, non é menos certo tamén que tales ítems deben estar suficientemente contrastados, é dicir, teremos que operar de xeito preferente con formas das cales teñamos un grao de certeza notábel no tocante á súa orixe e evolución lingüística: por exemplo, unha parte importante do material toponímico que acostumamos adscribir a estadios lingüísticos e a ambientes culturais anteriores á romanización non resultará tan útil a estes efectos, pois na súa interpretación case sempre haberá unha certa marxe de elucubración. De todos os xeitos, tamén podemos bater con afortunadísimas excepcións: só temos que evocar casos ben coñecidos e estudados como o do topónimo *Samos*, para o cal a abundosa documentación altomedieval autoriza a reconstruír un étimo *SAMĀNOS de estrutura claramente prelatina e que experimentou modificacións fonéticas características do romance galego-portugués (de feito, constitúe un exemplo inmellorábel da evolución da secuencia átona –ĀNO(S) no noso sistema lingüístico).

Por tanto, a análise rigorosa do material toponímico pode contribuír ao estudo diacrónico da lingua de varias maneiras, que en última instancia podemos reducir a dous grandes puntos:

(a) Tal e como antes suxeríamos, hai moitos ítems toponímicos cuxa evolución nos serve para ilustrarmos fenómenos non rexistrados na lingua común, que deixaron de ser operativos nela, ou que simplemente ficaron reducidos a un trazo marxinal e minoritario. Certamente, a lingua común está moito máis sometida a procesos de regularización e de analoxía, os cales contribúen ao apagamento de certas solucións que, en cambio, ficaron fosilizadas no rexistro toponímico e son accesíbeis a través del.

(b) Ademais, moitos deses topónimos, unha vez delimitados os trazos principais da súa evolución, virán arrequentar o repertorio de exemplos de que dispomos para ilustrar fenómenos xa coñecidos, ou cando menos xa descritos nos manuais e obras especializadas. De feito, eses ítems toponímicos poden mesmo achegar matices novos sobre os contextos ou as condicións en que tales fenómenos actúan.

Esta relación entre toponomástica e lingüística histórica é unha relación de reciprocidade, é dicir, son dúas disciplinas que se retroalimentan: non esquezamos que é o marco interpretativo que nos fornece a gramática histórica o que teremos que implementar á hora de analizarmos a evolución lingüística dunha determinada forma toponímica.

2. A TOPONOMÁSTICA COMO AUXILIAR DA FONÉTICA HISTÓRICA

Ao longo das vindeiras epígrafes, achegaremos unha serie de exemplos (extraídos fundamentalmente da toponimia galega e, en menor medida, da portuguesa) que poñen de relevo a utilidade da toponomástica para os estudos de fonética diacrónica. Os fenómenos que ilustraremos por medio deses exemplos non adoitan estar representados nas gramáticas históricas galegas e portuguesas, e, no caso de o estaren,

non aparecen tratados coa profundidade que fai posíbel a consideración do material toponímico.

2.1. Palatalización do vocalismo pretónico

Son moitos os topónimos en que podemos observar como unha vogal pretónica, de articulación en principio non palatal, tende a adiantar o seu punto de articulación e a se converter nun [i] cando vai seguida dunha consoante de articulación (pre)palatal. Coñecemos casos do léxico común que poden ilustrar perfectamente o tipo de fenómeno a que nos estamos a referir: por exemplo, o substantivo *illó* 'pequena lagoa' procede moi probabelmente dun diminutivo de *ollo*, de tal xeito que poderíamos reconstruír para el un étimo remoto *OCŮLĪŮLŮ que, por vía regular, evolucionaría cara a unha forma **olló*, e esta, á súa vez, converteríase no actual *illó* en virtude do fenómeno de palatalización arriba descrito. Mais pensemos tamén en *filloa* < **folloa* < *FOLĪŮLA, *ichó* 'trampa para cazar paxaros' < **ochó* < *USTĪŮLŮ ou o dialectal *miñán* < **mañán* < *(HORA) MANĚĀNA, entre outros. Nas obras especializadas, estes casos adoitan ser tratados como simples exemplos de disimilación vocálica (Ferreiro 1999: 198-199), mais unha explicación deste tipo ignora a existencia dun factor común a todos estes ítems, e que é o que realmente dá conta do peculiar tratamento fonético de que é obxecto o vocalismo pretónico: a presenza en todos eles dunha consoante de articulación (pre)palatal.

Volvendo ao ámbito da toponimia, os exemplos que podemos invocar son, tal e como dicíamos ao comezo, abondosos. Quizais un dos máis ilustrativos sexa o topónimo moderno *Morixoso*, nome dunha entidade de poboación do concello das Pontes de García Rodríguez que encontramos documentado no Tombo de Caaveiro¹ baixo as formas *Murugoso* (c. 936) e *Murogoso* (c. 742-c. 936)². Cando comparamos as formas medievais e mais a solución hodierna, é evidente que temos que supor unha fase intermedia **Moruxoso* na cal tivo lugar o fenómeno de palatalización da vogal pretónica ([u] > [i]). O mesmo proceso tivo que se dar tamén na forma *Murixoso*, que aparece como compoñente de diversos sintagmas de carácter microtoponímico rexistrados no concello ourensán de Castrelo do Val³, e no cal a palatalización da vogal pretónica e a súa conversión en [i] tivo, como efecto secundario, a inflexión da vogal pretónica inicial ([o] > [u]), conforme á mesma pauta que explica dobretes como *coruxa* / *curuxa*, *cociña* / *cuciña*, *veciño* / *viciño* e similares. De calquera xeito, non deixa de ser interesante que outros topónimos da mesma familia (é dicir, derivados do fitónimo *muruxa* / *moruxa*, forma patrimonial para designar a *Stellaria media* ou herba paxareira) non chegasen a experimentar a alteración que si detectamos en *Morixoso* e *Murixoso*: pensemos, por exemplo, en casos como os d'A *Muruxosa*, (O) *Muruxal* ou *Muruxás*, entre outros, que mantiveron a vogal pretónica medial etimolóxica.

Especial atención merece tamén o topónimo *Tixosa*, nome de tres núcleos de poboación dos concellos da Bola, Gomesende, Crecente e Boimorto. As atestacións na documentación medieval son numerosas, e moi transparentes no tocante á súa etimoloxía: así, no Tombo de Celanova localizamos varias ocorrencias da forma

¹ Agás cando se indique explicitamente outra fonte, todas as atestacións de topónimos utilizadas neste traballo foron extraídas do TMILG (para a documentación romance) e do CODOLGA (para a documentación latina).

² Teñamos en conta que, de acordo cunha práctica escrituraria ben común até épocas relativamente serodias, o grafema <g> está a representar nestes exemplos un fonema fricativo prepalatal sonoro /ʒ/ ou similar.

³ Segundo os datos do proxecto *Toponimia de Galicia* (<http://toponimia.xunta.es/>), eses microtopónimos son os que seguen: *A Corga de Murixoso*, *A Fraga de Murixoso*, *As Regas de Murixoso*, *O Lombo de Murixoso*, *Regueiro de Murixoso* e *Tras Murixoso*.

Togiosa (1105, 1156), mentres que na documentación do mosteiro de San Cristovo de Dorneda aparecen variantes como *Tugosam* e *Togosa* (1150). Estes testemuños autorízanos a reconstruír un étimo *TOGIŌSA, explicábel, pola súa vez, como derivado do fitónimo *TOGIU, voz prelatina que deu lugar ao galego-portugués *toxos* (Martínez Lema 2011: 269). De feito, é cando menos rechamante que a alteración fonética que estamos a comentar (*TOGIŌSA > **Tojosa* / **Toxosa* > *Tixosa*) chegase a se completar malia a evidente conexión que os falantes tiñan que percibir entre a fase intermedia (**Toxosa*) e o fitónimo do cal deriva, é dicir, *toxos*, lexema vivísimo e altamente produtivo na lingua común. Outro aspecto que cremos digno de ser salientado é que a palatalización da vogal pretónica se producise aínda a risco de xerar un ítem novo como *Tixosa*, semanticamente máis opaco para os utentes, o cal semella contradicir (cando menos en aparencia) a tendencia a manter motivados (e, en moitos casos, mesmo a “remotivar”) os nomes de lugar. Evidentemente, todo canto vimos de sinalar para a forma *Tixosa* pode aplicárselle igualmente á variante masculina *Tixoso* (rexistrada como topónimo menor no concello de Paderne) e, por suposto, tamén ás formas correspondentes portuguesas, como son *Tijoso* e *Tijosa*. Gonzalo Navaza (2007: 107) explica en termos semellantes os microtopónimos *A Tixosiña* e *(Monte da) Tixó*⁴, no concello de Catoira.

Algo ben similar ao que vimos de describir debeu verificarse tamén no caso do topónimo *Tixoa*, nome dun lugar pertencente ao concello de Silleda e que ten a particularidade de se atopar á beira do río Toxa, un dos afluentes do Deza. Atendendo a este dato xeográfico, é máis que probábel que a relación que podemos establecer entre *Tixoa* e *Toxa* sexa a mesma que detectamos noutros pares toponímicos como *Ulla* / *Ulloa*, *Miño* / *Miñotelo* ou *Sar* / *Sarela*, é dicir, estamos perante hidrónimos a partir dos cales se creou un derivado de carácter diminutivo. O dito derivado, ademais, pode designar o tramo alto desa corrente fluvial principal (eis o caso de *Miñotelo*), algún dos seus afluentes (como acontece con *Sarela*) ou mesmo o territorio ou comarca articulada ao redor dela (como foi o caso de *Ulloa*). De atendermos a esta pauta aparentemente tan estábel, a forma moderna *Tixoa* deberá ser explicada a partir dun antigo **Tojola* ou similar que, por vía evolutiva regular, daría lugar a unha forma **Tojoa* (> **Toxoa*). E é a partir desta solución que podemos explicar xa sen problema o actual *Tixoa*, precisamente en virtude do proceso de palatalización que nos ocupa. De todos os xeitos, repararemos de novo en como a alteración fonética tivo lugar aínda a risco de difuminar sensibelmente a motivación do topónimo, así como a súa conexión (quer etimolóxica, quer etiolóxica) co hidrónimo primario de que procede, ou sexa, *Toxa*.

Pasando xa a outro tipo léxico diferente, existen topónimos que, cando menos en principio, podemos explicar como derivados do lexema *foxo* (< *FOGIU). Malia descoñecermos testemuños medievais que nolo confirmen de xeito definitivo, parece verosímil pensar que o ítem *Fixón* é unha variante da forma *O Foxón*, que coñecemos como nome dunha entidade de poboación do concello de Friol, mais que se rexistra tamén como topónimo menor noutros moitos lugares do territorio galego. Outro tanto poderemos dicir a respecto d'*O Refixón* e *Refixóns*⁵ en relación á serie toponímica formada por *(O) Refoxo* / *(Os) Refoxos* e similares, ou d'*O Fixaco*⁶ cando o comparamos co máis frecuente *(O) Foxaco* / *(Os) Foxacos* e os seus derivados. A acción da palatalización semella fóra de calquera dúbida en casos como o de *Fillobal*, nome dunha entidade de poboación do concello de Triacastela que se vén interpretando

⁴ Para *Tixó* haberá que supor un antigo derivado *TOGIŌLA (vid. 2.3).

⁵ Segundo os datos do proxecto *Toponimia de Galicia*, a forma *Refixón* rexístrase como microtopónimo no concello de Santiago de Compostela, mentres que *Refixóns* existe, tamén como topónimo menor, no concello de Lousame.

⁶ Como topónimo menor, *O Fixaco* aparece nos concellos de Santiso e A Pontenova.

tradicionalmente como un dos moitos resultados xerados a partir dun antigo sintagma *FOGIU LUPALE (Moralejo Lasso 1977: 137-143).

Do mesmo xeito, consideramos máis que probábel que o ítem *Lixoso* / *Lixosa*, que concorre ben como forma autónoma (*O Lixoso*), ben como integrante de sintagmas máis amplos (*O Porto Lixoso*, *Fonte de Lixoso*, *Fonte Lixosa*, *O Valixoso* etc.), non sexa máis que variante diverxente do máis común *Laxoso* / *Laxosa*, no cal recoñecemos á súa vez o litónimo *laxe* / *laxa* (< *LAGĪNA), aínda que nalgún caso concreto non debería descartarse algunha relación co adxectivo *lixoso* 'suxo, manchado'.

Aínda que lles estamos a dar preferencia aos materiais galegos, cómpre salientar que a operatividade da pauta fonética que estamos a exemplificar descoñece a existencia de calquera fronteira política, e déixase notar tamén na vertente propiamente portuguesa do noso diasistema lingüístico. Un bo exemplo é o topónimo *Vijão*, que aparece mencionado nun documento de 1224 baixo a forma *Bugiam* (DOELP, s.v. BUJÃO). Este rexistro autorízanos a conectar etimoloxicamente a forma *Vijão* co xenitivo do cognome latino BUSIANUS, o mesmo do cal proceden o topónimo galego *Buxán* e mais o seu cognado portugués *Bujão*, se ben nestes ítems non tivo lugar a palatalización da vogal pretónica que si se verificou no caso de *Vijão*⁷.

Para alén destes casos, queremos salientar tamén a existencia dalgún topónimo que suxire que o fenómeno que estamos a tratar pode producirse incluso cando a consoante (pre)palatal que o desencadea non é etimolóxica, é dicir, cando non responde propiamente á evolución predicíbel dunha determinada secuencia fónica, senón que xorde a partir doutras circunstancias máis puntuais e menos sistemáticas. Por exemplo, malia descoñecermos testemuños medievais da forma *Sixaos* (compoñente do sintagma toponímico *Cancela de Sixaos*, que lle dá nome a unha localidade do concello de Guntín), cremos verosímil establecer a súa orixe nunha forma tardolatina *SUSĀNOS (derivada de *SUSUM, que á súa vez é unha variante serodia do clásico SURSUM, como ben sabemos). De ser correcta tal proposta, deberemos admitir dúas modificacións na evolución deste étimo, as cales, ademais, terían que se ter producido nunha orde determinada: en primeiro lugar, a palatalización da consoante fricativa apicoalveolar (**Susaos* > **Suxaos*⁸); e, nun segundo momento, a palatalización da vogal pretónica [u] por efecto da consoante fricativa prepalatal antietimolóxica coa cal pasa a estar en contacto (**Suxaos* > *Sixaos*). Sexa como for, cómpre insistir en que a carencia de atestacións documentais concretas que avalen este proceso obriga a consideralo como unha simple hipótese de traballo, dotada dun grao importante de verosimilitude, mais en absoluto definitiva⁹.

Outra consoante da serie palatal que se encontra involucrada con frecuencia neste tipo de alteracións é a lateral palatal [ʎ], que, como sabemos, tende a ser reempazada por outros segmentos igualmente palatais (mais xa non laterais) nos hábitos fonéticos dos falantes máis novos. Un dos casos mellor documentados a este respecto é o do topónimo que atopamos consignado como *Alloy* nun documento catedralicio de Lugo con data de 1347, e xa como *Illoy* na secuencia antroponímica *Fernan Eanes de Illoy*, dun diploma do mosteiro de Vilourente de comezos do século XV. Non é difícil recoñecer nel o topónimo moderno *Illoi*, nome dun lugar da freguesía de Saavedra, no

⁷ Resulta suxerente suporlles a mesma orixe e evolución aos topónimos *Vixán* e *Montevixán*, denominación que reciben senllas aldeas da parroquia de Carreira (Ribeira), mais a ausencia de testemuños documentais ao respecto impídenos dar por certa tal hipótese.

⁸ Debemos invocar aquí topónimos como *Suxo* < **Suso* < **susum* ou *Ermedesuxo* < **Ermo de Suso*, este último ben documentado en textos do Tombo de Toxos Outos a través de formas como *Eremo de Surso* (1253) e *Ermo de Sursum* (1253). Como vemos, en ambos os dous casos estamos perante exemplos que ilustran a posibilidade da palatalización da consoante fricativa en topónimos derivados do mesmo elemento adverbial que nos ocupa.

⁹ De feito, outras explicacións etimolóxicas serían igualmente aceptábeis, como por exemplo a que vincularía *Sixaos* co litónimo *seixo* (< latín *saxū*).

concello chairego de Begonte. Do mesmo xeito, tamén algunhas das solucións toponímicas do antropónimo IULIĀNŪS poden ser de utilidade á hora de ilustrarmos este tipo de transformacións: por exemplo, dun antigo *ecclesia Sancti Iuliani*, documentado así no Tombo de Sobrado dos Monxes, obtemos o topónimo actual *Illán*, tamén no concello de Begonte, que encontramos xa como *Yllan* nun documento de 1488. Ao noso xuízo, o único proceso evolutivo factíbel sería o que partise dunha forma **Santullán*, na cal se produciría a palatalización da vogal pretónica (> **Santillán*) e, nun segundo momento, a perda do segmento inicial *Sant-* (Martínez Lema 2007: 138). Idéntico tratamento fonético debemos supor para o haxiotopónimo *San Xillao* / *Sanxillao*, no cal o elemento haxionímico si se conservou.

2.2. Monotongación do ditongo romance [ow]

A evolución xeral do ditongo latino AU– consistiu na asimilación da vogal nuclear ao punto de articulación da semivogal velar, dando como resultado un ditongo [ɔw] (> [ow]). Esta foi, cando menos, a solución que prevaleceu nos falares do dominio galego-portugués, mentres que en castelán, pola contra, o proceso continuou a se desenvolver até acadar o extremo da monotongación ([ow] > [o]). No bloque lingüístico asturleonés, como sabemos, a conservación ou simplificación do ditongo está suxeito a variábeis internas de tipo xeolectal.

De todos os xeitos, e aínda sendo esta a pauta xeral, son coñecidos tamén algúns exemplos de monotongación do ditongo AU– no sistema galego-portugués, exemplos que aparecen recollidos de maneira recorrente nas nosas gramáticas e que debemos retrotraer, cando menos na maior parte dos casos, á propia fase latino-vulgar (Ferreiro 1999: 70). Estamos a nos referir, evidentemente, a casos como o de AURĪCŪLA > *ORĪCŪLA > *orella*¹⁰ ou PAUPERE > *POPERE > *pobre*. No tocante a este último, cómpre subliñar que a forma plena, propia do latín clásico, foi posteriormente reintroducida no repertorio antroponímico altomedieval (seguramente na liña dos *nomina humilitatis* típicos da onomástica persoal de inspiración cristiá), dando lugar a topónimos nos cales a evolución do ditongo seguiu os parámetros xerais (é dicir, AU– > [ɔw] (> [ow])). Podemos comprobalo en *Vilapoupre* (nome dunha localidade do concello de Antas de Ulla), documentado como *Uilla Paupere* nun diploma de 1321 pertencente á colección do mosteiro de Vilar de Donas e que debemos remontar a un antigo sintagma *(UĪLLA) PAUPERĪ ou similar. Idéntico comportamento é o que observamos en *Proupín* (nome dunha localidade do concello de Ames), rexistrado en varios textos do Tombo de Toxos Outos como *Pauperim* e que loxicamente procederá dun derivado diminutivo PAUPERĪNŪS, a través da súa correspondente forma de xenitivo.

Mais, pondo de parte os exemplos que vimos de comentar, existe un contexto no cal a redución do ditongo romance [ow] se produciu de xeito sistemático: referímonos a aqueles casos en que, por mor da caída dunha vogal átona, o dito ditongo pasa a estar trabado por unha consoante homosilábica, circunstancia que provoca a súa monotongación. En efecto, esta pauta presenta tal grao de regularidade que mesmo nos axuda a reconstruír con exactitude as diferentes fases evolutivas do topónimo, así como a cronoloxía relativa de cada unha delas¹¹.

¹⁰ Aínda que no territorio galegófono apareza puntualmente a variante *ourella* (que mesmo se encontra rexistrada nalgúns dicionarios), e mesmo derivados como *ourellán* ou *ourelleiro*, semella claro que o ditongo que aparece nestes ítems debe ser interpretado como unha alteración tardía, explicábel en virtude do mesmo proceso de ditongación analóxica que dá conta de formas como *ourizo* (< lat. ERĪCŪ) e similares.

¹¹ Malia centrármonos no rexistro toponímico, cómpre salientar que é unha pauta igualmente verificábel no léxico común: por exemplo, LAURIBĀCA (> **lourebagā* > **lourbagā*) > *lorbaga* 'baga do loureiro'.

A vogal átona pode ocupar a posición pretónica medial, tal e como acontece nun topónimo tan habitual en Galicia e Portugal como é *Morgade*. Trátase dun nome de lugar que aparece na documentación medieval baixo variantes como *Maurecati* e similares, o cal nos permite retrotraer a súa orixe ao xenitivo do antropónimo latino MAURECATŪS. De feito, é a partir de derivados deste antropónimo como podemos explicar outros topónimos emparentados, tales como *Morgadelle* (< *MAURECATĒLLĪ) ou *Morgadães* (probabelmente un xentilicio derivado de *Morgade*). Mais, voltando para o exemplo concreto de *Morgade*, e partíndomos do xenitivo MAURECATĪ, chegamos por vía regular a unha forma secundaria **Mouregade* en que se produciu a perda da vogal pretónica (> **Mour'gade*). Coma se dunha reacción en cadea se tratase, a posición trabante que pasa a ocupar a consoante dentoalveolar [r] provoca a redución do ditongo [ow], o cal explica a forma *Morgade* que prevaleceu en época moderna. Idéntica análise é a que podemos realizar para *Lordelo*, topónimo rexistrado (quer de xeito autónomo, quer como compoñente de sintagmas toponímicos máis amplos) nos concellos de Arteixo, Mondariz, O Grove e Padrenda, e relativamente frecuente tamén en Portugal. Tal e como indica Gonzalo Navaza (2006: 324-325), a orixe deste ítem debe procurarse nun antigo *LAURETĒLLŪ, derivado con dupla sufixación do fitónimo latino LAURŪS 'loureiro'. Así semellan confirmalo os datos que nos proporciona o corpus documental medieval: por exemplo, o topónimo *Lordelo* do concello de Padrenda comparece como *villa Lauritello* (922) nun diploma do Cartulario da Sé de Coimbra, e na secuencia *Domingo Perez de Loordello* nun texto redactado en Castro Caldelas en 1281. Así mesmo, para os seus homónimos portugueses, Piel (1968: 343) cita atestacións como *Lauritellu*, *Lauridelus* ou *Loordelo*, entre outras, todas elas ben ilustrativas no tocante á súa etimoloxía. Por tanto, a evolución fonética sería clara en todos os casos, e plenamente homologábel á do exemplo anterior: *LAURETĒLLŪ > **Louredelo* > **Lourdelo* > *Lordelo*. De feito, a serie de derivados toponímicos do fitónimo LAURUS ofrécenos outros interesantes exemplos de monotongación nesta liña: así, nun documento portugués datado no 882 faise referencia a unha *uilla quod uocitan Lauridosa inter duas annes Kausaluno et Cebrario*, que podemos identificar co moderno lugar de Lardosa, no concello de Penafiel (Ferreira dos Santos 2004: 7). O étimo ao que remite tal topónimo é presumibelmente un derivado *LAURITOSA, co que tamén podemos vincular a forma portuguesa moderna *Lordosa*, nome dunha freguesía do concello de Viseu.

Un aspecto interesante relativo tanto a *Morgade* como a *Lordelo* é que ambos os dous topónimos coñecen cognados que representan unha evolución alternativa, xa que neles se mantivo a vogal pretónica e, en consecuencia, non tivo lugar ningún tipo de resilabación, de xeito que o ditongo se mantivo como tal. É o que observamos en *Mourigade* (↔ *Morgade*) e, cunha diferenza relativa ao xénero gramatical que en absoluto afecta á cuestión que nos ocupa, en *Louredela* (↔ *Lordelo*)¹².

A apócope da vogal átona final pode incidir tamén na simplificación do ditongo [ow], tal e como comprobamos na serie toponímica integrada polos resultados do xenitivo do antropónimo PAULŪS: en *Pol* / *Vilapol* (< UĪLLA PAULĪ) e en *Castropol* (< CASTRŪ PAULĪ) obsérvase como, tras a perda da vogal postónica final, a consoante lateral alveolar -L- fica en posición homosilábica, trabando o ditongo decrecente e facendo así posíbel a súa redución. Pola súa banda, topónimos como *Mor* ou *Vilamor* esixen un especial coidado, pois en ocasións poden proceder da forma comparativa MAIORE: por exemplo, ao sintagma toponímico *Sancta Maria de Uilla Maiore* (Tombo

¹² Máis en concreto, *Mourigade* é o nome de senllas entidades de poboación pertencentes aos concellos de Ames, Cuntis e Pontearreas. Pola súa banda, *Louredela* rexístrase como denominación dun lugar do concello de Touro.

de Lourenzá, 1111) correspóndelle o topónimo actual *Vilamor*, nome que mantén unha parroquia do concello de Mondoñedo. Porén, outras veces é o antropónimo latino MAURUS o que se encontra na orixe destas formas: así, a freguesía de San Pedro de Mor (Alfoz) aparece rexistrada na documentación altomedieval con variantes como *Sanctus Petrus de Mauri* (Catedral de Mondoñedo, 1124). A pauta, máis unha vez, repítese de forma exacta: MAURI > **Moure* > **Mour* > *Mor*. Ademais, tamén neste caso podemos aducir a existencia dun cognado *Moure* / *Vilamour*, no cal o mantemento da vogal postónica final anulou calquera posibilidade de monotongación.

Como estamos a comprobar, a redución do ditongo [ow] é sistemática (sempre que se cumpriren os requisitos anteriormente enunciados) cando a consoante homosilábica pertence á serie das líquidas (golpeada [r] e lateral [l]). O certo é que con outros segmentos consonánticos os exemplos son menos numerosos, mais non por iso inexistentes, e o tratamento do ditongo é moi similar ao descrito: pensemos, por exemplo, no lexema e tamén topónimo *Foz* (< **Fouz* < **Fouce* < lat. FAUCE). De todos os xeitos, coñecemos tamén o substantivo común *fouz*, variante do máis común *fouce* e que, ao igual ca esta, procede do latín FALCE. Neste caso, poderíamos pensar en que a apócope tivo lugar en época máis avanzada, o cal explicaría que xa non chegase a se producir a monotongación de [ow].

2.3. Grupos vocálicos heterosilábicos resultantes da caída de consoantes intervocálicas

Os tratamentos de que son susceptíbeis as secuencias vocálicas resultantes da síncope de consoantes intervocálicas áchanse ampla e detalladamente descritas na maioría dos manuais e artigos consultados. Malia todo, observamos que faltan por recollerse algunhas solucións que rexistramos con maior ou menor amplitude no ámbito toponímico, e, máis en concreto, no tocante aos grupos heterosilábicos xerados pola perda de -L- e -N- (consoantes cuxa desaparición en contexto intervocálico é, como sabemos, unha característica definitoria do dominio galego-portugués fronte aos restantes bloques lingüísticos iberorrománicos).

Comezaremos polo sufixo diminutivo latino -ŎLŪS / -ŎLA, de presenza ben frecuente no repertorio toponímico galego. No caso da forma de masculino, quer en singular quer en plural, o apagamento da consoante lateral orixina un hiato [oo] que se pode resolver, como mínimo, até de tres xeitos diferentes:

(a) A crase dos núcleos vocálicos en contacto, que dá lugar a unha vogal velar media aberta ([ɔ]) ou fechada ([o]), en función dos casos. Exemplos moi transparentes deste comportamento son topónimos como *Ferreirós* (< FERRARIŎLŎS), *Celeirós* (< CELLARIŎLŎS, vid. Dourado 2012: 40)¹³, *Piñeirós* (< *PINARIŎLŎS), *Mosteiró* (< **Mosteiroo* < **Monesteriolo* < *MONESTERIŎLŪ), *Coirós* (< **Coiroos*¹⁴ < **Coirolos* < *CAURIŎLŎS ou similar) e posibelmente tamén *Fixó* (< **Foxó* < **Foxoo* < *FOGIŎLŪ), se

¹³ O ítem toponímico *Celeirós* existe tanto en Galicia como en Portugal. No noso país, *Celeirós* é a designación de senllas entidades de poboación nos concellos de Ribadeo e da Teixeira, para alén de integrar sintagmas toponímicos máis amplos como *As Centeeiras de Celeirós* (Celanova), *A Cortiña de Celeirós* e *A Poza de Celeirós* (Ribadeo) etc. A etimoloxía proposta non parece ofrecer dúbidas, e vese corroborada pola documentación medieval: desta maneira, nun diploma do mosteiro de Montederramo con data de 1246 menciónase unha *villa qua dicitur Cellarolus*, identificábel co *Celeirós* do concello da Teixeira. En Portugal, *Celeirós* é o nome dunha poboación do concello de Braga que rexistramos baixo a forma *Celeiroos* nun documento catedralicio de Braga do ano 1154.

¹⁴ Parecen avalar a existencia desta fase intermedia atestacións como *Coyroos*, que encontramos nun documento do mosteiro de Santa María de Belvís con data de 1375. Conste, de todos os xeitos, que nos estamos a referir ao topónimo *Coirós* rexistrado no concello homónimo, aínda que para os seus homónimos poidamos postular *a priori* unha orixe idéntica.

ben para este último carecemos de apoio documental que nos permita corroborar unha hipótese, polo demais, perfectamente verosímil¹⁵.

(b) A glidización do segundo dos elementos vocálicos do hiato, que dá como resultado un ditongo decrecente ([oo] > [oɔ] > [ow]). Existen exemplos deste comportamento no léxico común, tales como *grou* < *GRUU ou *dous* < DUŌS (Ferreiro 1999: 90), mais repárese en que se trata sempre de grupos vocálicos primarios, non xerados a partir da eliminación dunha consoante intervocálica. Isto diferéncias de casos como *Ferreiros* (< **Ferreiros* < **Ferreiros* < FERRARĪŌLŌS) ou *Castiñeirou* (< **Castiñeiro* < **Castiñeiro* ← *castiñeiro*), este último denominación dunha corrente fluvial no concello de Brión e que xa documentamos no Tombo de Toxos Outos como *Castinneirou* (1255). Outro exemplo probábel deste mesmo fenómeno (mais que, cando menos polo momento, preferimos considerar a nivel meramente hipotético) sería *Muiñou*, nome dunha localidade do concello da Pontenova para o cal poderíamos postular un étimo *MOLINŌLŪ, e cuxa evolución sería paralela á dos exemplos xa apuntados¹⁶.

(c) Unha terceira opción, que está ausente dos manuais consultados, consiste no desenvolvemento dunha nasal antietimolóxica a partir do hiato romance [oo], ou ben a partir do ditongo [ow] cara ao que evolucionou. Exemplo disto é o topónimo *Mosteirón*, que rexistramos como topónimo maior nos concellos de Neda, Sada e San Cristovo de Cea, e como microtopónimo nos de Paderne e Coirós. Probabelmente sexa este último o que aparece referido como *Monasteriolo* no testamento do bispo Sesnando (Tombo de Sobrado, 966). Pola súa banda, o *Mosteirón* do concello de Sada pode identificarse sen ningunha dúbida co *Moosteiro* mencionado nun documento de 1210, antologado por González Garcés na súa *Historia de La Coruña*. Para o topónimo do concello de San Cristovo de Cea podemos invocar a secuencia antroponímica *Martin Vidal de Moesteyroo* (Tombo de Oseira, 1330), aínda que é probábel que tamén se refira a el o *Monasteriolo* que encontramos nun documento da Catedral de Ourense con data de 1132. Por tanto, semella claro que o ítem *Mosteirón* procede dun antigo derivado diminutivo *MONESTERĪŌLŪ, a partir do cal podemos reconstruír unha secuencia evolutiva como a que segue: **Monesteirolo* > **Monesteiroo* > **Mosteiroo* (> **Mosteirou*) > **Mosteirõõ* > *Mosteirón*¹⁷. Para comprendermos mellor esta terceira solución (e, ao mesmo tempo, para avalarmos a súa operatividade), temos que ter en conta a tendencia, ben verificada no eido da toponimia, a que os ditongos decrecentes (sexan primarios ou secundarios) xeren unha resonancia nasal que, en ocasións, chega a callar como un elemento de características plenamente consonánticas. Este fenómeno, polo xeral, tampouco aparece debidamente recollido nas descrições diacrónicas do romance galego-portugués, malia a abundancia e transparencia dos exemplos que podemos invocar. Ademais, moitos deles contan con cognados que, ao non teren experimentado tales alteracións e estaren por tanto moito máis próximos ao étimo primitivo, constitúen uns valiosísimos elementos de contraste: eis os casos de *Eixido* / *Enxido* (< EXITŪ), *Couso* / *Conso* (< *CAUSŪ), *Bermui* / *Bermún* (< *UĪLLA

¹⁵ Repárese en que, na nosa proposta evolutiva para *Fixó* (nome dunha localidade do concello de Teo e doutras dúas do concello de Forcarei), temos en conta a posibilidade dunha palatalización da vogal pretónica idéntica ás descritas no apartado 2.1 deste mesmo traballo.

¹⁶ A nosa cautela co caso de *Muiñou* débese, entre outros motivos, a que poderíamos estar perante unha simple variante fonética dun hipotético **Muiñón*, con desnasalización e ditongación da secuencia final [Ōŋ]. Edelmiro Bascuas (2006: 37) apunta como mostras deste fenómeno pares toponímicos como *Tamón* / *Tamou*, *Pasarón* / *Pasarou* ou *Arón* / *Arou*, aos cales podemos engadir outros exemplos como *Coruxou* (documentado en textos medievais como *Curugion*) e *Simou* / *O Alto de Simou*, posíbel variante diverxente da forma común *Simón* que aparece en topónimos como *Campo Simón* e similares (Martínez Lema 2010: 230 e ss.).

¹⁷ Para simplificarmos a cadea, preferimos obviar os pasos relativos á perda do -n- e á ulterior evolución do vocalismo contigüo.

UEREMUDĪ), *Gondrei / Gondrén* (< *UĪLLA GUNDEREDĪ), *Teixugueira / Tanxugueira* (← *teixugo*), *Corzás / Corzáns* (< **corzaes* < **corzales* ← *corzo*), *Soutullo / Suntullo* (← *souto*), *coucieiro / concieiro* (< *CALCEARĪŪ) etc.¹⁸

Para a variante feminina do sufixo, é dicir, -ŌLA, a perda da consoante lateral intervocálica deu lugar a un hiato [oa] para o que podemos detectar unha variedade notábel de resultados:

(a) A simple conservación do hiato é, en termos cuantitativos, a solución máis frecuente: pensemos en casos abondo coñecidos e estudados como *Figueiroa* (< FICARĪŌLA), *Pereiroa* (< PIRARĪŌLA), *Eiroa* (< ARĒŌLA) etc.

(b) Unha segunda opción consiste no deslocamento acentual (hiperbibismo) para o segundo dos núcleos vocálicos en contacto, solución moi característica da área convencionalmente coñecida como “lucu-auriense” (é dicir, sur da provincia de Lugo e terzo central da de Ourense). Desa maneira, e fronte ao máis común *Figueiroa*, encontraremos nesta zona a variante *Figueiroá*, sen esquecer outros exemplos igualmente ilustrativos e tan coñecidos como o de *Cabreiroá* (< CAPRĀRĪŌLA), *Xunqueiroá* (< IUNCARĪŌLA) ou *Grixaá / Igrexaá* (< ECCLESĪŌLA), entre moitos outros. De todos os xeitos, cómpre subliñar que este tratamento do hiato [oa] é común, en termos xerais, a calquera ítem cuxo étimo presente a secuencia fonética -ŌLA, aínda que esta non se corresponda co sufixo latino da mesma forma: por exemplo, dun antigo sintagma CASA SOLA procede o topónimo actual *Casasoá*, existente en varios concellos da provincia de Ourense, do mesmo xeito que o topónimo menor *A Moá* (no concello de Manzaneda) pode retrotraerse moi probabelmente ao latín MOLA (vid. infra).

(c) En terceiro lugar, temos que falar da posibilidade da disimilación vocálica, en virtude da cal o primeiro núcleo vocálico do hiato atingue o grao máximo de pechazón ([’oa] > [’ua]). Segundo os datos que puidemos obter do proxecto *Toponimia de Galicia*, os casos que responden de forma inequívoca a esta pauta son os de *A Pereirúa*¹⁹ (A Fonsagrada), *Figueirúa* (A Pontenova e Ribadeo), *Folgueirúa* (A Pontenova e Riotorto), *Eirexúa* (A Pontenova e Riotorto) e *A Ferreirúa* (Nogueira de Ramuín). Como podemos ver, a procedencia xeográfica deste feixe de exemplos permítenos concluír que se trata dunha solución practicamente circunscrita ao extremo nororiental do territorio galego, aínda que con continuidade na inmediata área astur-galaica, tal e como se desprende de topónimos como *Castañeirúa*, no concello de Castropol. De todos os xeitos, a existencia desta serie toponímica caracterizada pola terminación *-e(i)rúa* non deixa de suscitar certos interrogantes, pois tamén se propaga polo ámbito lingüístico xa propiamente asturiano (Bastardas i Rufat 1998: 50-51), no cal a perda da consoante -L- non é operativa, de xeito que non poderemos aducir para eses ítems a mesma explicación que estamos a propor para os topónimos galegos. Por tanto, a conveniencia ou non dunha interpretación conxunta para estes materiais galegos e asturianos fica pendente dunha aproximación máis exhaustiva a esta cuestión.

De todos os xeitos, debemos chamar de novo a atención sobre o feito de que este tratamento fonético non presente un alcance restrinxido unicamente aos resultados romances do sufixo latino -ŌLA, pois tamén se verifica cando o hiato en cuestión ten a súa orixe na caída dunha consoante intervocálica -N-. Dese xeito podemos explicar

¹⁸ A listaxe aínda podería arrequentarse con exemplos illados (aínda que corroborados polos testemuños medievais) como *Bendimón*, nome dunha localidade do concello de Lousame que encontramos na documentación do Tombo de Toxos Outos como *Vindimoo* (1188), *Uendemiou* (1206) ou *Uindimoo* (1218). Vid. Martínez Lema (2010: 242-243).

¹⁹ É posíbel que o topónimo (*A*) *Pereiruga* (rexistrado nos concellos de Frades, Mesía e Narón) non sexa máis ca unha simple variante da forma *Pereirúa*, mais con desenvolvemento dunha consoante antihiática equiparábel á que encontramos en formas como *filloga* (cfr. *filloa*), *eiroga* (cfr. *eiroa*), *teiroga* (cfr. *teiroa*) etc.

topónimos como *Llamabúa*, na área asturiana de lingua galega, que moi probablemente teña a súa orixe nun primitivo sintagma LAMA BŎNA (García Arias 2000: 163-164). Así mesmo, a forma común e claramente maioritaria *lagoa* (< *LACONA) conta cunha variante *lagúa* que encontramos toponimizada como *A Lagúa* nos concellos de Becerreá, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pontenova, Triacastela e Parada de Sil. Pola súa banda, no galego de Asturias existe a variante *llagúa*, tamén con certa produtividade toponímica. Podemos comprobar, de calquera xeito, que a disimilación é tamén nestes casos un tratamento propio, en xeral, dos falares galegos máis orientais.

(d) Característica do cadrante suroccidental de Galicia e do conxunto do territorio portugués é a coalescencia, que orixina unha vogal velar media aberta ([oa] > [ɔ]). Vémoslo en casos moi evidentes como o de *Figueiró* ou *Vilasó* (< UILLA SOLA), mais tamén noutros como *Rañó*, nome dunha localidade do concello de Rianxo que aparece documentado no Tombo de Toxos Outos baixo formas como *Ranioa* (s.d.) ou a máis habitual *Ranoa* (1146, 1200, 1230, 1289), o cal suxire un antigo étimo *RANIŎLA ou similar. Relativamente próximo ao anterior está o topónimo *Montañó*, no concello de Boiro, explicábel a partir dun antigo *MONTANIŎLA²⁰.

Tamén neste caso hai que sinalar que este tratamento fonético da secuencia vocálica [oa] non se atopa supeditado a factores morfolóxicos, pois constátase igualmente naqueles casos en que o hiato procede dunha secuencia final -ŎLA non identificábel co sufixo diminutivo latino: por exemplo, é ben coñecido o caso do topónimo *Mos*, na comarca de Vigo, que, a xulgar polos abundantes testemuños documentais, ten que proceder dun étimo MŎLAS (> **Moas* > **Moos* > *Mos*), forma de plural do substantivo latino MŎLA 'moa', 'prominencia do terreo con forma de moa'. Así mesmo, o apelido *Vilasó* (que debeu ter unha orixe toponímica, aínda que actualmente non se rexistren nomes de lugar con esa forma en concreto) pode explicarse a partir dun antigo sintagma UILLA SOLA, o que o converte nun cognado do topónimo *Vilasoa*.

(e) Réstanos aínda unha quinta e derradeira opción, cremos que aínda non descrita até o momento, e que consiste no deslocamento do acento cara ao segundo núcleo vocálico ([ˈoa] > [oˈa]), seguido da perda do segmento vocálico velar ([oˈa] > [ˈa]). Polo de agora, unicamente fomos quen de identificar dous exemplos desta peculiar evolución, e ambos os dous procedentes dunha área xeográfica moi determinada que podemos identificar co actual concello de Begonte (Lugo). Malia a escaseza de exemplos, contamos con testemuños documentais que nos permiten dar por certa non só a reconstrución do proceso, senón tamén o carácter relativamente recente do mesmo, que en ningún dos dous casos semella anterior ao século XIX. O primeiro exemplo é *Maciñeirá*, topónimo que aínda rexistramos no Catastro do Marqués de Ensenada (1753) como *Maciñeiroa*, e tamén con esa mesma forma no *Diccionario Geográfico-Estadístico* de Pascual Madoz (1846). O outro exemplo é *Pereirá*, que aínda aparece recollido en diversos repertorios toponímicos como *Pereiroa*, e que debe explicarse en termos análogos a *Maciñeiroa*. A esta mínima listaxe podería incorporarse verosimilmente o topónimo *Castiñeirá* (nome dunha localidade no concello de Sarria), mais, ante a ausencia de testemuños documentais fiábeis, preferimos consideralo como unha hipótese factíbel, aínda que non demostrada.

Outra secuencia sobre a que queremos chamar a atención é o sufixo átono -ŎNES, un constituínte presente en numerosos topónimos do Noroeste peninsular e que adoitamos adscribir ao substrato lingüístico anterior á romanización. O estudo deses ítems toponímicos permítenos establecer, cando menos, dúas tendencias diferentes no

²⁰ Debemos ter en conta que *Montañó*, na parroquia boirense de Santiago de Lampón, é un diminutivo que se explica como topónimo replicante de *Montaña*, nome doutra entidade de poboación da mesma freguesía. Esta pauta, como sabemos, é frecuente na toponimia galega, a xulgar por pares toponímicos como *Rianxo* / *Rianxiño*, *Asados* / *Asadelos*, *Olveira* / *Olveiroa*, *Xunqueira de Ambía* / *Xunqueiroá* etc. (Martínez Lema 2010: 261-262).

tocante ao tratamento fonético do sufixo, e que poden extrapolarse, en xeral, a calquera grupo vocálico heterosilábico [oe] resultante da síncope de -N-:

(a) A solución máis habitual consiste na asimilación do segundo elemento vocálico ([oe] > [oo]) e a subseguinte crase ([oo] > [o]). Adoitamos pór como exemplo deste tratamento o topónimo *Anos*, nome dunha freguesía do concello de Cabana de Bergantiños, que atopamos documentado como *Anoos* nun texto de 1375, e para o cal supomos verosímil reconstruír un étimo *ANNÖNES (> *Ánones > *Ánões > *Áñõs > *Anõs > *Anos*), con independencia da camada lingüística e do contido semántico que queiramos asignarlle á base léxica en cuestión (Martínez Lema 2010: 69-72). Tamén ilustra este tratamento o topónimo *Camos*, en Nigrán, que encontramos como *Sancta Vaya de Camones* nun documento de 1325, e que debemos explicar por tanto a partir dunha forma proparoxítona *CAMÖNES (> *Cámones > *Cámões > *Cámõs > *Camõs > *Camos*).

Outros exemplos que poderían avalar este fenómeno son menos seguros, e deben tomarse polo momento como simples conxecturas. Tal é o caso do topónimo *Treos*, que Edelmiro Bascuas (2006: 345-36) explicou a partir dun derivado *TRIDÖNES (relacionado, pola súa vez, coa serie antroponímica céltica constituída por ítems como TRITIUS / TRIDIUS, TRITIA / TRIDIA e similares). A prol desta hipótese podemos aducir a impecábel evolución fonética que presupón (*TRIDÖNES > *Trédones > *Tréões > *Tréõs > *Treõs > *Treos*) e mais o feito de contar cun paralelo con sufixo tónico como *Triós*, nome dunha localidade de Pereiro de Aguiar que encontramos rexistrado como *Tredones* (con sufixo tónico) en diversos textos dos séculos X, XI e XII, e xa como *Trioies* e *Trioos* en documentación plenamente romance. Porén, a ausencia dun maior soporte documental²¹ impídenos, cando menos de momento, incluír o topónimo *Treos* entre as formas que ilustran a evolución -ÖNES > -os.

Tal e como sinalabamos anteriormente, a pauta que vimos de describir a través dos exemplos anteriores pode facerse extensíbel a outros sufixos átonos que presentan tamén unha nasal intervocálica, como por exemplo o sufixo -ÄNO que identificamos en topónimos como *Samos* (< *Sámõs < *Sámõs < *Sámãõs < *Sámanos < SAMĀNOS) ou *Tamagos* (< *Tamagõs < *Tamágõs < *Tamágãõs < TAMACĀNOS), entre outros.

(b) Unha solución diverxente, para a cal de feito só coñecemos exemplos no ámbito da toponimia, é a consistente na glidización do primeiro dos núcleos vocálicos, o que redundará na conformación dun ditongo crecente ([oe] > [øe] > [we]). Nunha segunda fase, e probablemente como consecuencia dun proceso de regularización analóxica, a vogal postónica final pasou para [a]. Un exemplo abondo ilustrativo do proceso que vimos de describir é o topónimo *Canduas*, nome dunha entidade de poboación de Cabana de Bergantiños, que atestamos nas fontes medievais como *Candones* (1199) e *Quandoes* (1334), entre outras variantes. Como vemos, a continuidade entre ambas as dúas formas é totalmente lóxica, e autorízanos a pensar nunha base etimolóxica *CANDÖNES cuxa evolución até o resultado moderno seguiría os pasos antes sinalados: *CANDÖNES > *Cándões > *Cándoes > *Candues > *Canduas*. Máis unha vez, temos que chamar a atención sobre a existencia dun paralelo para este topónimo con sufixación tónica, como é o asturiano *Candones*, no concello de Cabranes.

Outro tanto diremos a respecto de *Bascuas*, documentado abondosamente como *Uascones* nas fontes medievais, o cal suxire un étimo *UASCÖNES que se encontra tamén, con toda seguridade, na orixe do topónimo asturiano *Báscunes*, no concello de Grau. Para o topónimo *Brantuas*, registros como *Brantões* (Santiago de Mens, 1391) e

²¹ O testemuño máis antigo que coñecemos para *Treos* é a forma *Trees* que concorre nun documento do Tombo de Toxos Outos con data de 1223, e que non resulta concluínte no tocante á súa procedencia etimolóxica.

Brantoes (*ibid.*, 1438) parecen remitir para un antigo *BRANTÖNES, con evolución plenamente homologábel á dos exemplos anteriores.

Cómpre indicar, de todos os xeitos, que esa regularización da vogal átona final ([e] > [a]) que acabamos de sinalar non parece un fenómeno fonético espontáneo, senón máis ben a consecuencia dunha interpretación errónea desa vogal final [e] como resultado do enfeblecemento dun [a] final etimolóxico, ante o cal se reacciona restituíndo esa vogal. Edelmiro Bascuas (2006: 244) atribuíu este fenómeno a unha “reacción culta, ultracorrección o un simple error”. Ao noso xuízo, a explicación semella encontrarse nalgún dos dous primeiros factores enunciados polo desaparecido toponimista, se ben tampouco debemos subestimar a influencia de elementos máis puntuais, como a interferencia de determinados lexemas da lingua común. Un bo exemplo é o do topónimo actual *A Margarida*, que lle dá nome a unha entidade de poboación do concello de Cabana de Bergantiños. Este topónimo aparece documentado como *Margaride* no testamento de Leonor Rodríguez de Zas, un documento de 1334 conservado no Tombo de Toxos Outos. Esa atestación concreta, unida aos paralelismos que podemos establecer con outros topónimos galegos pertencentes á mesma serie, condúcennos a un étimo (UĪLLA) MARGARITĪ. A forma evoluída a partir desa fase primitiva, é dicir, *Margaride*, debeu transformarse en *Margarida* pola influencia do fitónimo *margarida*, e a presenza do artigo adventicio *a* apunta tamén nesa mesma dirección²².

3. CONCLUSIÓNS

Ao longo das páxinas anteriores tentamos exemplificar unha vía de interacción entre o estudo toponomástico e a lingüística diacrónica, concretamente no tocante á descrición e visualización de certos fenómenos fonéticos presentes na configuración do sistema lingüístico galego-portugués, tal e como hoxe o coñecemos. Trátase, na nosa opinión, dunha liña de traballo potencialmente moi produtiva, malia non ter sido explorada máis que de xeito parcial ou, como mínimo, non coa sistematicidade que sería desexábel. Cremos tamén que, na actualidade, son varios os factores que converxen para favorecer achegas deste tipo: por unha banda, a publicación (en revistas e editoriais especializadas) de coleccións documentais e textos que permanecían inéditos, ao cal se engaden os intensos traballos de levantamento toponímico enmarcados en proxectos como a *Toponimia de Galicia* e similares; por outro lado, a existencia de aplicacións informáticas e páxinas web que facilitan enormemente o acceso a todo ese material, así como un mellor aproveitamento do mesmo. Son, xa que logo, recursos valiosísimos que non podemos desaproveitar se o que queremos é ofrecer unha visión ampla, detallada e minuciosa da evolución histórica do noso diasistema lingüístico.

BIBLIOGRAFÍA

- BASCUAS LÓPEZ, E. (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.
- BASTARDAS I RUFAT, M^a R. (1998): “Aspectos de la toponimia botánica de Asturias”, *Lletres Asturianas* 68, pp. 41-56.
- CASTRO, I. (1991): *Curso de história da língua portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.

²² Para máis exemplos, vid. Martínez Lema (2010: 307-308).

- CODOLGA: X. E. LÓPEZ PEREIRA (dir.) (2008): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP). [<http://corpus.cirp.es/codolga/>].
- DOELP: J. P. MACHADO (1993): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- DOURADO FERNÁNDEZ, R. (2012): “Aproximación á toponimia das freguesías de Arante, Cedofeita, Couxela, Covelas, A Devesa e Ove do concello de Ribadeo: núcleos habitados”, *Revista Galega de Filoloxía* 12, pp. 27-61.
- FERREIRA DOS SANTOS, M^a J. MENDES DA COSTA (2004): *A terra de Penafiel na Idade Média. Estratégias de ocupação do território (875-1308). Volume II*. Porto: Universidade do Porto.
- FERREIRO FERNÁNDEZ, M. (1999)⁴: *Gramática histórica galega. I. Fonética e morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- ITGM: P. MARTÍNEZ LEMA (dir.) (2008-): *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/itgm/>].
- MARTÍNEZ LEMA, P. (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento (inérita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- MARTÍNEZ LEMA, P. (2011): “Estrategias de latinización de toponimia romance en un cartulario medieval gallego: el Tumbo de Toxos Outos”, *Estudis Romànics* 33, pp. 265-277.
- MORALEJO LASSO, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- NAVAZA, G. (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- NAVAZA, G. (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.
- PIEL, J. M. (1968): “Beitrage zur Spanischen und Portugiesischen Phytotoponomastik. I”, *Litterae Hispanae et Lusitanae*, 340, pp. 331-348.
- TMILG: X. VARELA BARREIRO (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>].
- WILLIAMS, E. (1975)³: *Do latim ao português. Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.

II. ALGUNHAS CUESTIÓNS DE EDICIÓ N DE TEXTOS GALEGOS MEDIEVAIS

Usos grafemáticos nas correccións marxinais primitivas do *Cancioneiro da Ajuda: as grafías vocálicas**

ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA
Universidade de Vigo

1. INTRODUCCIÓN

En 2007 saíu do prelo un traballo (A. Rodríguez e X. Varela) sobre as grafías minúsculas do texto das cantigas transmitidas polo *Cancioneiro da Ajuda* (A) que, a pesar do seu carácter iniciático, pretendeu fornecer unha visión de conxunto sobre os usos grafemáticos do código senlleiro das letras galegas e portuguesas. Noutros traballos individuais desenvolvéronse aspectos máis concretos pero sempre complementarios do anterior (R. Mariño e X. Varela 2005, X. Varela 2005 ou M. Arbor e X. Varela 2008). Nese mesmo terreo sitúase a presente investigación coa que acometemos o estudo dos códigos grafemáticos vocálicos presentes nun subconxunto das correccións marxinais, contemporáneas á copia, de A.

Noutra investigación moi recente (A. Rodríguez 2013: § 2) realizamos, entre outras cousas, un percorrido polos traballos que se centraron nas anotacións marxinais de A contemporáneas da copia. Nese capítulo destacamos dous títulos por seren os que con total precisión editaron estas correccións. Trátase dos traballos de S. T. Pedro (2004) e de M. Arbor (2009a).

A primeira realizou unha excelente edición paleográfica e distinguiu, dentro das anotacións marxinais primitivas de A, entre as ‘notas para os decoradores’, as ‘notas do revisor do texto’ e as ‘notas do corrector do texto’. Verbo destes dous últimos grupos, S. T. Pedro confirmou que foron realizados por dúas mans diferentes, mans que se corresponden cos que ela denomina ‘revisor’ e ‘corrector’. Segundo a súa explicación dos feitos, o primeiro en intervir na fase de corrección foi o revisor que, ó longo dos cadernos de A salvo os tres últimos, foi detectando e marcando distintos erros textuais con chamadas e anotacións marxinais, normalmente pequenas (cfr. 2004: 11). S. T. Pedro identifica a súa letra como minúscula gótica cursiva e as diferenzas realizativas xustifícaa polo cambio no instrumento de escrita xa que “a análise do *ductus* revela una única mão em todas as ocasiões” (2004: 12). Estamos diante de 191 anotacións que se espallan entre os folios 1v e o 73 (certamente, S. T. Pedro refírese e edita as “anotações marginais primitivas ainda visíveis” 2004: 11, n. 14) e que van acompañadas case sempre (87,4% das anotacións) por un sinal de chamada, sinal que, por veces, tamén figura no verso da cantiga. Pola súa banda, o corrector, que tamén escribe nunha

* Con esta contribución quérolle render unha homenaxe, tan humilde como merecida, a un dos máximos especialistas da lingüística histórica galega e do *Cancioneiro da Ajuda*: Xavier Varela Barreiro. No que de bo teñan os meus traballos, recoñézome, tamén, debedor do maxisterio paleográfico de Ramón Lorenzo e da sabedoría no diacrónico, e non só, de Ramón Mariño. A xenerosidade de Bieito Arias permitíume dispoñer, *ad laudes et per menses*, do seu exemplar do facsímile de A; agradézolle tamén a Mariña Arbor a súa inestimable, e reiterada, axuda, e a Roberto R. Gordo o seu apoio visual. O presente traballo foi financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad, dentro do proxecto *Adquisición de escenarios de conocimiento a través de la lectura de textos: Desarrollo y aplicación de recursos para el procesamiento lingüístico del gallego* (SKATeR-UVIGO) (TIN2012-38584-C06-04), e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, na convocatoria de Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia, dentro da *Rede de Lexicografía* (Relex) (CN 2012/290) e da *Rede de Tecnoloxías e análise dos datos lingüísticos* (CN 2012/179).

minúscula gótica cursiva, “completou ou substituiu as anotações” do revisor e foi o encargado de “inserir as emendas no texto” (S. T. Pedro 2004: 11). Para a paleógrafa portuguesa “a intervención do corrector estende-se do fl. 2v ao fl. 72” (2004: 15) aínda que, en ocasións, é difícil percibir a súa intervención porque borrou a emenda do revisor, noutros folios o corrector non corrixiu ningunha emenda do revisor (42v-45v e 72v-73) e, por veces, o corrector “saltou muitas das emendas marcadas apenas no texto, sem chamada marginal” (2004: 16). Son 66 correccións que, cando aparecen, implican unha “alteração substancial no texto já copiado” que obrigan a rasurar unha “quantidade relativamente extensa de palavras, por vezes de mais que uma linha de escrita” (2004: 14).

Os traballos posteriores tiveron en conta, directa ou indirectamente, a proposta de S. T. Pedro e asumiron no esencial as hipóteses desta autora. Así, M^a A. Ramos concorda, entre outros moitos aspectos, con que “nestas intervenções marginais correctivas, é possível considerar o trabalho de duas mãos” (2008, I: 342), mans que ela identifica como ‘revisor textual 1’ e ‘revisor textual 2’ xa que “tanto um como outro, examinam, revêem e corrigem” (2008 I: 345). En todo caso, M^a A. Ramos ó identificar os revisores como 1 e 2, a pesar de sinalar que o revisor 2 “recupera a indagação do revisor 1, amplifica-a, complementa-a” (2008 I: 347), non está “a atribuir, objectivamente, um tempo de revisão anterior a outro” (2008 I: 344, n. 519) xa que “as duas intervenções não oferecem morfologia paleográfica muito diferenciada em termos cronológicos” (2008 I: 344-345, n. 519). O importante para ela é subliñar que “há dois revisores que intervêm na verificação do trabalho da mão 1 e que cada um deles opera de modo distinto” (2008 I: 345, n. 519). Engade esta autora unha reflexión nova no sentido de que é posible que “a proclamada diferença de trabalho entre [um] e outro revisor” se deba a que manexaron un material de confronto distinto e, daquela, “pelo menos, em alguns sectores, os dois revisores não se serviram do mesmo texto base da cópia realizada” (2008 I: 345). Ademais, M^a A. Ramos apunta que é posible que a ausencia de actividade do revisor 2 entre os folios 40v e 45v (caderno VII), nos que si intervén o revisor 1, pode deberse a que o caderno VII non estivese colocado na secuencia que hoxe coñecemos “no momento em que o revisor 2 executava o seu trabalho” (2008 I: 347).

M. Arbor (2009a) amosa o seu acordo coa explicación fornecida por S. T. Pedro e manexa a nomenclatura de revisor e corrector da copia, identificados como dúas mans diferentes. Pola súa banda, adoptando unha óptica acaroada á crítica textual, edita tanto as notas correctivas contemporáneas da copia escritas nas marxes, coma as, poucas, escritas na entreliña ou no intercolumnio. Entre estas atópanse tamén “emendas de letras de espera ou engadidos de maiúsculas, quizais atribuíbles ó revisor” (2009a: 53). En A. Rodríguez (2013: 175-176) recompílanse, por tipos, as anotacións que supoñen un engadido ou modificación da edición de S. T. Pedro.

Finalmente, A. Fernández (2010) tamén parte da proposta de S. T. Pedro e distingue entre revisor e corrector nas correccións marxinais primitivas de A. Mais, baseándose no estudo da morfoloxía e na distribución de <y> e <ý>, chega á conclusión de que o corrector coincide co copista dos folios 74v-79r. Na recapitulación que realiza o propio A. Fernández, sostén a semellanza na realización de <y> do folio 79r cos ff. 74v-78v e cos que realiza o corrector (ff. 1-72r)¹; isto é un “punto clave, entre outros moitos (uso de *R*, *ductus* do *z*, e así por diante), que nos leva a identifica-lo copista

¹ Verbo do exemplo <maÿs> realizado sobre raspadura no f. 46v, col. b, l. 16, 170b, cun “punto e unha cauda que ten un trazado curvo cara á dereita”, que non posúe o “remate marcado” (2010: 171) con que caracterizou a realización de <y> polo corrector en contexto de raspadura nos ff. 1-39r e que tampouco presenta a típica “tinta máis escura e un trazado máis curto e goso” (2010: 172) do corrector, A. Fernández dubida de se realmente foi o corrector quen escribiu ese exemplo e preguntase se esta corrección non pode ser “frito dun *incipiens error* por parte do copista do texto” (2010: 172).

destes folios co corrector do cancionero” (2010: 173). O feito de que só dous deses <y> empregados polo corrector leven punto enriba parécelle “un acto involuntario do copista” (2010: 173). A. Fernández refírese ó corrector como “un individuo que mostra unha gran regularidade en tódolos y que escribe (excepto tres: dous nas correccións e un no f. 75r)” (2010: 172). E é que, para este autor, os <y> realizados polo corrector, folios 1r ó 72r, “presentan a mesma morfoloxía, é dicir, un y cunha cauda máis ou menos longa e inclinada cara á dereita cun remate moi pronunciado” (2010: 172-173). A maiores, A. Fernández sinala que o emprego dun punto enriba do <ÿ> é un acto voluntario por parte de quen escribe e, neste sentido, constata que no f. 79r, entre os ff. 74v e 78v (menos nun exemplo) e os realizados polo corrector entre os ff. 1r e 72r (menos en dous casos -dos cales di que, “por asistemáticos, poderíamos consideralos involuntarios” 2010: 173-), a grafía <y> non presenta punto enriba (cfr. 2010: 173). Repetimos que este, entre outros argumentos, é o que leva a A. Fernández a postular a hipótese de que é unha mesma persoa quen escribe os ff. 74v-79r e “cando menos, tódalas correccións nas que atopamos este y” e estaríamos, xa que logo, diante dun “copista-corrector” (2010: 173).


Uns anos antes, xa R. Mariño e X. Varela ó estudaren os tipos de <v> nas anotacións para o rubricador, despois de lembraren que a propia Carolina Michaëlis adiantara a posibilidade da coincidencia, apuntaron que talvez fose “máis acaído falar da existencia de dous correctores [...], e de que algún dos dous fose algún dos copistas” (2005: 348).



Á luz dos resultados proporcionados polos estudos precedentes, é a nosa intención realizar unha aproximación sistemática ós usos grafemáticos das anotacións correctivas contemporáneas á copia de A, concentrándonos nas grafías vocálicas. Para iso clasificaremos o material gráfico presente nestas correccións marxinais de A entre o atribuíble a unha *man r* (que se corresponde co ‘revisor’ de S. T. Pedro ou M. Arbor e co ‘revisor 1’ de M^a A. Ramos), e o atribuíble a unha *man c* (equivalente ó ‘corrector de S. T. Pedro ou M. Arbor e ó ‘revisor 2’ de M^a A. Ramos)².




2. CÓDIGOS ESCRIPTOLÓXICOS DAS CORRECCIÓNS MARXINAIS PRIMITIVAS DE A

Para alcanzarmos este obxectivo aplicamos o modelo de A. Rodríguez e X. Varela (2007) e, metodoloxicamente, construímos unha base de datos con todas as correccións marxinais da *man c* e da *man r* que, con mellor ou peor calidade, chegaron ata nós. Como punto de partida empregamos as edicións de S. T. Pedro (2004: 26-31) e mais de M. Arbor (2009a: 53-67). Cando for preciso complementámolas coa obra de H. H. Carter (1941), coa nosa propia lectura paleográfica do facsímile ou doutras fontes documentais e só excepcionalmente dispuxemos da consulta directa do códice orixinal. En A. Rodríguez (2013: 175-176) enuméranse as diferenzas máis significativas entre a edición de S. T. Pedro e a de M. Arbor. Esta última autora sinala que a meirande parte dos seus engadidos se concentran en “emendas de letras de espera ou engadidos de maiúsculas, quizais atribuíbles ó revisor, que teñen implicacións métricas” (2009a: 53). Aínda que os incorporamos na nosa base de datos, preferimos actuar con cautela e, de entrada, non contamos sistematicamente con todas esas emendas á hora de realizar a descrición dos usos grafemáticos (nin da *man r*, nin da *man c*). Porén, si que incluímos algunhas anotacións correctivas propostas por M. Arbor que, ausentes na edición de S. T. Pedro, son equivalentes ás recompiladas pola paleógrafa portuguesa:

² Non é a nosa intención complicar, aínda máis, a realidade denominativa das mans que interviñeron nas correccións marxinais. Ó contrario, optamos por *man c* e *man r* para manter un paralelismo simplificador coa denominación convencional das mans de A como α , β e χ (cfr. S. T. Pedro 2004) e para evitar as posibles confusións a que se refire M^a. A. Ramos ó empregarmos unha asignación numérica (cfr. *supra*).

(i) <quē> ³ (37va16)⁴, na marxe da esquerda, no lombo, probablemente porque “foi raspada”, está “moi apagada” (M. Arbor 2009a: 60), circunstancia que non sorprende porque hai outros exemplos veciños que tamén sufriron con toda probabilidade procesos de raspadura despois de seren realizadas as correccións en A (cfr., por exemplo, 38vb13).


(ii) <eu y>  (59rb1-2), na marxe da dereita, na fronte, que a propia M. Arbor identifica como nota da *man c* (2009a: 64). Posúe un *ductus* idéntico, por exemplo, ó <y> de  (67rb10).


(iii) <eu>  (69ra7), situada na entreliña, é semellante a outras formas deste pronome asignadas á *man r*, por exemplo,  (67rb23), 

(67rb24) ou  (28rb14).


Polo que se refire a aquelas oportunidades, poucas, en que existe unha diverxencia entre a lectura de S. T. Pedro (TP) e a de Arbor Aldea (AA), nós inclinámonos polas seguintes propostas:


-Anotacións da *man r*:

(iv) <meu fem>  (26vb4); (TP: <[...] meu fē>; AA: <*eu sem>. A pesar de que non puidemos consultar o orixinal e das dificultades para percibir os restos gráficos no facsímile, coidamos que esta proposta, que combina as lecturas de S. T. Pedro e mais de M. Arbor, é a que mellor os interpreta.

(v) <mayf>  (36va2); (TP: <mayf>; AA: <mais>)⁵. O <y> semella claro mesmo no facsímile, algo máis difícil de enxergar, por diluído, é o punto riba del. Verbo do <a> e malia a deficiencia na calidade do facsímile, inclinámonos por ler <a> redondo, sen capelo, porque, como se aprecia perfectamente, o primeiro trazado é máis aberto có empregado habitualmente con <a> e similar ó utilizado con <a> e o segundo trazado, aínda que é certo que non se ve na súa integridade, non semella presentar o capelo característico (cfr. *infra*).

-Anotacións da *man c*:

(vi) <mjo>  (29rb2); (TP: <mjo>; AA: <mjo>)⁶. A prolongación do <j> por debaixo da caixa da escrita non ofrece ningunha dúbida.

(vii) <coy>  (32vb9), (TP: <coita>; AA: <coy(cortado)>), H. H. Carter tamén leu <coy> (1941: 77, n. 1). En principio, o facsímile non ofrece unha imaxe moi nidia do


³ As fotografías incluídas no presente traballo proceden, salvo indicación contraria, do facsímile de A número 356 e están tiradas cunha cámara dixital PowerShot A2000 IS.


⁴ Por mor da gran cantidade de referencias, constante ó longo do traballo, reduciremos convencionalmente a partir de aquí a identificación do folio, cara, columna e liña(s) a unha secuencia consecutiva alfanumérica como a presente (evitando a utilización das abreviaturas, tamén convencionais, f., col. e l.).


⁵ H. H. Carter le <mais> (1941: 86, n. 3).


⁶ En H. H. Carter editase tamén <mjo> (1941: 69, n. 1).


que se conserva en A, como tampouco a ofrecen outras copias dixitais (cfr., por


exemplo, *CMGP*:  ou *MedDB*). Agora ben, se observamos con detalle o facsímile, podemos comprobar que por debaixo do fragmento visible do <o> (de <co>) se enxerga o treito final dun trazo que sería perfectamente compatible co remate da cauda, inclinada cara á esquerda, do <y> (de <coy>). Na imaxe que reproducimos a continuación, marcamos con cadansúa frecha tanto ese posible resto do <y> de <coy> (frecha da dereita), coma a parte final da cauda do <y> de <fey>, que se atopa na



mesma corrección marxinal (frecha da esquerda): <fey a efa coy> 
(32vb9)⁷.



(viii) <eη q̄>  (53ra15-16); (TP: <[...] q̄>; AA: <en q̄>). O <η> vese perfectamente no propio facsímile, cousa que non sucede co <e> aínda que se albiscan restos gráficos compatibles co límite dereito, superior e inferior, dun <e>. Á vista disto, de que M. Arbor explicita este <e> e de que esta investigadora comentou sempre “a situación que hoxe presenta o manuscrito” (2009a: 53), asumimos a súa proposta.


(ix) <uiffeu>  (56vb17); (TP: <uifeu>; AA: <uisseu>)⁸. A lectura é moi

nidia e non ofrece dúbidas (compárese, por exemplo, con <uiff>  (25vb22).

(x) <[...]η coyta>  (66va3-4)⁹; (TP: <[...] coyta>; AA: <(cortado) n coyta>). Como se observa perfectamente no propio facsímile, a existencia dunha grafía nasal é indiscutible. En todo caso, nós interpretamos esta nasal como <η> (cfr. M. Arbor), e non como <η̄> (cfr. H. H. Carter que leu <m coita> 1941: 141, n. 3) porque cremos que a sección do hastil vertical que se observa á esquerda de todo é compatible e aproxímase máis ó segundo hastil do <a> que a debía de preceder (compárese a fotografía anterior coa seguinte que representa as dúas últimas grafías de <graη>, a

segunda delas seccionando o segundo hastil de <a>,  → ). Máis difícil semella a súa lectura en termos de primeiro hastil dun hipotético <η̄> (confróntese co <m> inicial en <m̄ja>, 66ra10-11, na segunda imaxe tamén co primeiro hastil do <m>

seccionado,  → ): como se pode comprobar, o exemplo que estamos a comentar aproxímase máis ó caso de <aη̄>.

(xi) <q̄ro muy graη>  (71va9-10); (TP: <[...]r̄o muy gra:·>; AA: <(cortado) q̄ro muy gran>¹⁰). A calidade do facsímile abonda para resolver as pequenas discrepancias anteriores.

⁷ Este punto non o podemos consultar directamente no códice, pero en comunicación persoal, que lle agradecemos publicamente, M. Arbor confirmounos que contrastou todas as correccións marxinais de A co códice orixinal e a lectura desta pasaxe como <coy> non lle ofreceu ningunha dúbida.

⁸ A lectura de H. H. Carter desta anotación marxinal foi <uisseu> (1941: 126, n. 2).

⁹ No facsímile 885: .

¹⁰ M. Arbor asígnalle esta anotación marxinal á *man r* (2009a: 66).

(xii) <filh̄ara> (36vb16)¹¹; (TP: <fillara>; AA: “<fillara> (?)”); pola súa banda, H. Carter (1941) leu <filhara>, M. A. Ramos (2008, vol. II: 474 ou, tamén, 570, n. 1559) non se amosa totalmente convencida coa lectura <lh> e, máis recentemente, P. Lorenzo e S. Marcenaro (2010: 204) propuxeron <fill(ara?)>. En A. Rodríguez (2013) centrámonos en exclusiva nesta pasaxe e, despois da revisión de distintas copias así como do manuscrito orixinal, concluímos que a esta palabra non lle falta ningunha grafía e que o dígrafo que se escribiu foi <lh>.

Ademais, hai dúas anotacións que, polo seu carácter excepcional e por non realizaren ningunha corrección textual, non teremos en conta nos nosos resultados. Trátase dos exemplos <p̄^oðapōnt̄> (9va1) e <vacat> (69rb11), asignados, ambos os dous por M. A. Ramos e M. Arbor, e o segundo por S. T. Pedro, á *man r* (cfr. 2008, I: 344, 2009a: 52 e 2004: 13-14, respectivamente).

Xa que logo, no presente estudo debullaremos graficamente un total de 260 anotacións correctivas contemporáneas da copia: 193 da *man r* e 67 da *man c*. Todas elas incorporáronse nunha base de datos que está constituída por 1.731 fichas nas que se codificaron 1.855 unidades fonolóxicas coas súas correspondentes grafías, ademais de dous exemplos en que o valor fonético-fonolóxico da grafía é cero. En 960 fichas recóllense datos sobre grafías asociadas á *man c* (supoñen 1.047 unidades fonolóxicas mais as dúas grafías sen valor fonético), e 771 fichas conteñen información sobre grafías relacionadas coa *man r* (fornecen datos de 808 fonemas).

No cadro número 1 distribúese o número de ocorrencias fonolóxicas de todas estas anotacións, basicamente marxinais, en función do fascículo de *A* en que aparecen e tendo en conta, obviamente, a *man á* que se adscriben:

	I	II	III	IV	V	VI	VII	IX	X	XI	XII	TOTAL
<i>Man r</i>	48	51	7	30	93	108	53	39	28	106	245	808
<i>Man c</i>	75	139	32	74	287	152	-	55	17	146	70	1.047
Total	123	190	39	104	380	260	53	94	45	252	315	1.855

Cadro 1: Número de fonemas por cadernos¹²

Por medio do cadro anterior coñecemos a cantidade de texto visible a día de hoxe nestas correccións primitivas segundo os once cadernos de *A* en que se detectan. Xuntando todas as anotacións, é o caderno V o que concentra máis fonemas con algo máis da quinta parte do total; en segundo lugar atópase o caderno XII co 17% do total; a seguir están os cadernos VI (co 14%) e XI (co 13,6%); o caderno II concentra o 10,3%, o I o 6,6%, o IV o 5,6% e o IX o 5,1%; os tres restantes, VII, X e III, oscilan entre o 2,9% e o 2,1%.

Porén, se nos fixamos só nas anotacións asignadas á *man r*, os cadernos con máis presenza de texto son o XII (30,3%) e, xa a bastante distancia, o VI e o XI (co 13,4% e o 13,1%, respectivamente), e o V (11,5%); o resto oscila entre o 6,6% do caderno VII ó 0,9% do III (para comprender esta acusada desproporción cfr. *infra*).

Polo que se refire ás anotacións da *man c*, o seu reparto ó longo dos cadernos adecúase máis ás medias globais: o caderno V concentra a meirande parte das grafías (27,4% dos fonemas totais), seguido a bastante distancia polo VI (14,5%), o XI (13,9%)

¹¹ Esta lectura facémola despois de revisarmos directamente o códice na Biblioteca do Palacio da Ajuda. Aproveitamos novamente para agradecerlles publicamente ás bibliotecarias que nos atenderon a súa amabilidade e profesionalidade.

¹² Para a numeración dos cadernos baseámonos na descrición proporcionada por Arbor Aldea (2009b). Nela, os fascículos numéranse alternativamente e van do I ó XVII: I (ff. 1-7), II (ff. 8-14), III (ff. 15-19), IV (ff. 20-25), V (ff. 26-32), VI (ff. 33-39), VII (ff. 40-45), VIII (f. 46), IX (ff. 47-54), X (ff. 55-60), XI (ff. 61-67), XII (ff. 68-73), XIII (f. 74), XIV (ff. 75-78), XV (ff. 79-82), XVI (ff. 83-87) e XVII (f. 88).

e o II (13,3%); nos cadernos I, IV, XII e IX oscilase entre o 7,2% e o 5,3%; finalmente, os cadernos menos rendibles son o III (3,1%), o X (1,6%) e o VII que non fornece ningún exemplo.

Agora ben, alén de coñecermos a distribución das anotacións marxinais visibles por cadernos, cómpre saber cal é a cantidade de texto por anotación. No cadro número 2 calcúlase, por fascículos, a cantidade media de fonemas por cada anotación:

	I	II	III	IV	V	VI	VII	IX	X	XI	XII	TOTAL
<i>Man r</i>	2,8	3,4	3,5	2,7	3,9	3,7	2,8	2,8	2,3	4,2	9,8	4,2
<i>Man c</i>	15	27,8	16	14,8	17,9	13,8	-	13,8	4,3	13,3	17,5	15,6
Total	123	190	39	104	380	260	53	94	45	251	315	7,2

Cadro 2: Número de fonemas por anotación

As tipoloxías que se deseñan son moi claras: as anotacións da *man r* adoitan ser moi breves, están constituídas só por uns poucos fonemas ou grafías que, en moitas ocasións, nin sequera son palabras completas (a súa media é de 4,2 fonemas por anotación). Fronte a elas, as anotacións da *man c* incorporan máis texto, cada unha posúe de media case catro veces máis fonemas cás da *man r* (a media é de 15,6). Se observamos a distribución por cadernos enxérgase que, no caso da *man r*, a meirande parte deles están bastante por debaixo da media (I, IV, VII, IX, X), por debaixo da media (II, III), preto da ou na media (V, VI; XI) e unicamente hai un, o XII, que está moi por riba da media. Isto débese a que entre as anotacións da *man r* neste caderno hai unha no ciclo de Pai Gomez Charinho que reproduce unha cobra enteira (sete versos) que, mesmo con perda textual, fornece un total de 148 fonemas (68rb14-18). Polo que se refire á *man c*, a media final por anotación mantense relativamente máis estable: salvo no caderno X (que está bastante por debaixo da media, a once puntos menos)¹³ e no II (que supera en máis de doce puntos a media)¹⁴, os demais oscilan ó redor da media entre os 13,3 do caderno XI (dous puntos por debaixo aproximadamente) e os 17,8 do caderno V (algo máis de dous puntos por riba da media).

Os números precedentes son os que nos permiten entender o motivo de que, sendo moitas as anotacións asignadas á *man r* (193 fronte a 67, cfr. *supra*), a cantidade de texto de que se dispoña sexa maior para a *man c*.

Nunha primeira comparación entre ambos os conxuntos, as anotacións da *man r* son complementarias das da *man c*, sen que se repita a representación gráfica de ningún fonema, en 28 ocasións. Na inmensa maioría destes exemplos, vinte e tres, a *man r* fornece a primeira palabra a partir da cal hai que realizar a corrección, a *man c* non a repite e copia a partir dela o resto do texto que cómpre reescribir. En tres ocasións supérase o nivel da palabra (nun caso chegan a ser catro, 29rb2) e noutras dúas a indicación da *man r* é só dunha letra (quer a primeira dunha palabra, quer a quinta) e a *man c*, sen a repetir, continúa co resto do texto que hai que introducir. Por cadernos, estas anotacións sitúanse: I, II₄¹⁵, III, IV, V₇, VI₅, X₂, XI₆ e XII.

En 22 correccións marxinais hai algunha coincidencia plena, isto é, a *man r* e a *man c* grafan exactamente o mesmo exemplo textual. En quince delas a anotación da *man r* vai precedida de marca e, en total, os fonemas que contan con esta dupla representación gráfica son sesenta e nove. A súa distribución por cadernos é: I₂, IV, V₆,

¹³ Neste caderno unicamente se localizan tres anotacións da *man c* moi curtas, unha das cales é simplemente un <q> (57vb8).

¹⁴ A proporción aumenta, basicamente, porque hai unha anotación no ciclo de Martin Soarez (10va5) que ocupa tres liñas e que ten un total de 68 fonemas, a pesar de estar cortada.


¹⁵ Os números en subíndice indican a cantidade de ocorrencias cando estas son dúas ou máis.

VI₄, IX₃, X, XI₄ e XII. Deles, trinta e tres son fonemas vocálicos que coinciden maioritariamente na súa representación grafemática nas dúas mans (84,8%). Soamente hai catro exemplos nos cales existe unha diverxencia entre a opción grafemática da *man r* e a da *man c*: <a> na *man r* por <a> na *man c* nas vogais iniciais de 47ra13-14 e de 53ra15-16, <í> na *man r* fronte a <j> da *man c* na anotación 66ra11 (nun /i/ en hiato) e, finalmente, en 33va2 a *man r* utiliza <ý> por <y> da *man c* (nun ditongo plano). A maiores, localízase un exemplo que, malia partir da mesma representación gráfica, <í>, no grafado pola *man r* presenta unha plica superior <í> (32va3).

Certamente, as cifras que estamos a manexar son relativamente pouco importantes se as comparamos coa totalidade dos fonemas, e grafías, presentes en A (cfr. A. Rodríguez e X. Varela 2007), pero non son tan escasas como para impediren unha aproximación á sistemática que rexe a elaboración escrita destas correccións marxinais. As páxinas seguintes dedicarémolas a presentar os hábitos grafemáticos xerais e a esfarelar especificamente os usos das grafías vocálicas tanto da *man r* coma da *man c*.

2.1. O (sub)sistema gráfico da *man c*

Centrándonos nas grafías da *man c* nas correccións marxinais de A que chegaron a nós, cómpre sinalar que todo o seu alfabeto é minúsculo salvo un exemplo de <O>

maíusculo  (<Õa> (26vb3), capital inicial de cantiga. A listaxe de grafías minúsculas da *man c* na súa escrita marxinal en A é a seguinte:

Grafemas:

-Dezaoto simples: <a, b, ç, ð, e, f, g, i, l, m, o, p, r, t, u, x, z>.

-Un combinativo: <~>¹⁶.

-Un combinativo-abreviativo: <q>, que vén seguido de sinal abreviativo, ben coa forma <q̄> (e valor grafemático da abreviación <ue>¹⁷), ben na combinación <q'> (cun valor grafemático <ui> e fonolóxico /i/), ben, finalmente, baixo a forma <q̇> (con valor grafemático <ua> e fonolóxico /ua/)¹⁸.

-Cinco complexos, quer homorgánicos (dígrafos puros) compostos por xeminação <ll, rr>, quer heterorgánicos, compostos por unha letra e polo til (dígrafos mixtos) <õ, ù, ñ>.

Alógrafos:

-Nove simples¹⁹: <c, j, y, s, ç, n, η, z, r>.

-Cinco complexos homorgánicos compostos por dúas letras distintas, <gu, lh, qu>, ou por xeminação <ff, ff>.

-Un complexo heterorgánico, composto por unha letra e un signo auxiliar: <ý>²⁰.

-Ademais de <h>, letra histórica sen valor fonético.

En total son 25 grafemas (dezaoto simples, un combinativo, un combinativo-abreviativo e cinco complexos) e 15 alógrafos (nove simples, sen

¹⁶ El mesmo equivale e representa un fonema, pero non pode ir illado, senón que precisa combinarse sempre con outro de natureza vocálica que, pola súa banda, tamén ten correspondencia fonolóxica propia.

¹⁷ O seu valor fonolóxico é maioritariamente /e/ (92,6%), fronte ós casos de /ε/ (7,4%).

¹⁸ Fóra destes casos, a grafía <q> por si soa non representa o fonema /k/. Por exemplo, nesta man non se documenta a combinación gráfica <quant>.

¹⁹ Nesta primeira aproximación, cando unha unidade gráfica xa se incorporou entre os grafemas non se repite como alógrafo (aínda que o poida ser, obviamente, doutro fonema). O desenvolvemento específico de todos os valores realizárase máis abaixo. Igualmente, non contabilizamos neste momento aquelas formas vocálicas que posúen unha plica.

²⁰ Non incluímos entre estes alógrafos o caso de <q̇>, *que*, por intervir nel un proceso abreviativo.

contabilizar <ɰ>, e seis complexos). Lembremos que en *A* se contabilizaron 29 grafemas (excluíndo <h>), vinte simples e nove complexos, e dezasete alógrafos, catro simples e trece complexos, (cfr. A. Rodríguez e X. Varela 2007: 477-479). Alén doutras diverxencias que iremos vendo nas páxinas seguintes, cómpre subliñar a desigual distribución dos alógrafos pois, mentres en *A* se rexistran catro alógrafos simples e trece complexos, nas correccións marxinais da *man c* os alógrafos simples aumentan ata nove e os complexos quedan reducidos a seis (algo menos da metade).

A proporción con que se reparten os fonemas vocálicos e consonánticos é favorable a estes segundos, que se atopan a pouco máis de cinco puntos dos primeiros. No cadro 3 reflíctese a distribución exacta das series vocálicas e consonánticas asignadas á *man c*:

Fonemas vocálicos	Ocorrencias (%)	Fonemas consonánticos	Ocorrencias (%)
/a/	99 (9,4)	Fonemas oclusivos [6]	193 (18,4)
/ɛ, e/	187 (17,9)	Fonemas africados [2]	7 (0,7)
/i/	64 (6,1)	Fonemas fricativos [6]	112 (10,7)
/ɔ, o, õ/	111 (10,6)	Fonemas líquidos [4]	114 (10,9)
/u, ù/	38 (3,6)	Fonemas nasais [3]	122 (11,7)
Total	499 (47,6)		548 (52,4)

Cadro 3: Distribución dos fonemas nas anotacións da *man c*

De compararmos a proporción relativa das vogais das correccións marxinais da *man c* coa rexistrada en *A* (cfr. A. Rodríguez e X. Varela 2007: 486; a comparación establecémosla con todas as ocorrencias vocálicas), compróbase que as cinco series consideradas posúen unha ordenación similar, con algunha lixeira diferenza²¹: a serie media palatal /ɛ, e/ é a máis abundante (dous puntos máis no caso da *man c*), o segundo e o terceiro lugar ocúpanos, na *man c*, /ɔ, o, õ/ e /a/, respectivamente, mentres que en *A* son /a, ã/ as segundas vogais máis rendibles e /ɔ, o, õ/ as terceiras (en todos os casos con cifras que superan lixeiramente a quinta parte do total de vogais); finalmente, os fonemas vocálicos da serie palatal pechada ocupan en ambos os casos o penúltimo lugar (cunha proporción relativa case idéntica) e son os representantes da serie velar pechada os menos produtivos tamén en ambos os casos (un punto máis para as ocorrencias de *A*).

Nas series de consoantes, son os fonemas oclusivos os máis representados tanto entre as consoantes da *man c* nas correccións marxinais coma en *A* e suman ó redor dun terzo do total (algo menos no primeiro caso e un pouco por riba no segundo). As series fricativa, líquida e nasal oscilan entre a quinta e a cuarta parte: coa *man c* os nasais ocupan o segundo lugar, o terceiro os líquidos e en cuarto lugar, practicamente coa mesma proporción cós anteriores, os fricativos; a ordenación en *A* sitúa tamén os nasais en segundo lugar, seguidos polos fricativos e, despois, polos líquidos. A serie africada é a menos rendible, cunha cifra exígua que, no mellor dos casos (*A*) alcanza o 2,5% (lémbrese que nas correccións marxinais da *man c* só hai dous fonemas africados pois falta o palatal /tʃ/).

Entre as grafías asignadas á *man c* hai dous exemplos de <ɰ>, ambos os dous sen valor fonolóxico, sen xustificación etimográfica e sempre cunha realización uncial: localízanse en posición inicial de palabra no exemplo *hũa* (67rb24 e 36rb3, aínda que este segundo caso está truncado e falta a última grafía da palabra, cfr. A. Rodríguez 2013, §3.2), nos ciclos de Pai Gomez Charinho e Roi Queimado, respectivamente. A

²¹ Na *man c*, non así en *A*, os fonemas vocálicos nasais /ã, ĩ, ɨ/ carecen de representación.

única vez que se rexistra esta forma nas anotacións da *man r* faino coa variante *ũa* (72vb9). Lembremos que no texto das cantigas é maioritaria *ũa* (90,6%) fronte a *hũa* (7,8%) (cfr. A. Rodríguez e X. Varela 2007: 496 e tamén M^a A. Ramos 2008, vol. II: 459-462; cfr. co *TMILG* para o galego medieval en xeral). En total, o número de ocorrencias de *hũa* en *A* é de cinco, todas con <h>: 1vb (no ciclo de Vasco Praga de Sandin; nel hai outros sete exemplos de <ũa> 1ra, 1rb, 1va₂, 2rb, 3rb e 3vb), 36rb (ciclo de Roi Queimado, fronte a el, outros tres exemplos non presentan *h*: 34rb, 35rb e 35va), 42vb (ciclo de Johan Soares Coelho, hai outros dous casos de <ũa>: 41ra e 44ra), 67rb (ciclo de Pai Gomez Charinho, con outros dous exemplos de <ũa>: 67ra e 70ra), e 75va (no ciclo identificado como Anónimo III, non hai ningún exemplo sen *h*). En principio, soamente o segundo dos exemplos anteriores, o 36rb, é resultado dunha corrección.

No cadro 4 reúnense, cunha orientación baseada nos fonemas, os grafemas asociados a eles así como a indicación porcentual da súa representatividade²²:

Fonema	Grafema %	Fonema	Grafema %	Fonema	Grafema %
/a/	<a> 93,9	/p/	<p> 100	/f/	<x> 100
/ε/	<e> 71	/b/	 100	/z/	<1> 62,5
/e/	<e> 77,6	/t/	<t> 100	/ts/	<ç> 75
/i/	<1> 56,3	/d/	<ð> 100	/dz/	<3> 100
/ɔ/	<o> 100	/k/	<q> ²³ 60,4	/m/	<m> 100
/o/	<o> 99	/g/	<g> 92,3	/n/	<~> 51,3
/u/	<u> 86,1	/β-v/	<u> 100	/p/	<ñ> 100
		/f/	<f> 73,3	/r/	<ɾ> 63,3
/õ/	<õ> 100	/s/	<ʃ> 76,4	/r/	<ʀ> 75
/ũ/	<ũ> 100	/z/	<ʃ> 100	/l/	<l> 100
				/k/	<ll> 83,3

Cadro 4: Grafemas da *man c*²⁴

A representatividade media dos grafemas vocálicos é do 83,2%, seguida a moita distancia polos recursos abreviativos (11,6%) e, por último, as variantes alográficas cun 5,2%. Entre os fonemas vocálicos, unicamente tres, os dous nasais e o velar medio aberto, posúen un grafema co 100 de representatividade, todos os demais coñecen algunha variante, máis que alográfica, abreviativa. En todo caso, o resto de grafemas vocálicos contan cunha representatividade bastante elevada (entre o 71% de <e>, /ε/, e o 99% de <o>, /o/), salvo o caso de <1> que, aínda que supera a metade dos exemplos totais, non chega a alcanzar as tres quintas partes.

Fronte a eles, algo máis da metade dos fonemas consonánticos, once en total, posúen un único grafema, co 100% de representatividade (<u /β-v/, f /z/, x, z, m, ñ, l>, con pleno nas series oclusiva labial e dental <p, b, t, ð>), hai cinco grafemas que se sitúan entre o 75% e algo máis do noventa por cento (<ç, ʀ, f /s/, ll, g>), catro oscilan entre o 60,4% e o 73,3% (<1 /z/, q, ɾ, f>) e un (<~>) supera por pouco o cincuenta por cento. A representatividade media dos grafemas consonánticos é do 79%, as variantes alográficas representan o 18,6% do total e, finalmente, un 2,4% das consoantes aparecen abreviadas.

Dos grafemas anteriores, hai dous no eido vocálico, <e> e <o>, que comparten cadansúa parella de fonemas (series medio aberta e medio pechada): deles, mentres os fonemas da serie velar só coñecen excepcionalmente algún outro tipo de

²² Para os conceptos de grafema e alógrafo, cfr. A. Rodríguez e X. Varela 2007: 475-476.

²³ Sempre seguido de sinal abreviativo, cfr. *supra*.

²⁴ Para obtermos os datos deste cadro tomamos en consideración a totalidade de grafías (grafemas ou alógrafos) e recursos abreviativos que representan un fonema.










representación, os fonemas palatais non son alleos a outros recursos grafemáticos, adiantamos xa que abreviativos, á hora de elixiren representación gráfica. Entre os fonemas consonánticos, soamente <f> se asocia, como grafema, a dous fonemas: /s/ e /z/. Ademais, hai dous grafemas, <u, ɪ>, que o son tanto de cadanseu fonema vocálico, /u/e /i/, coma de cadanseu consonántico, /β-v/ e /ʒ/, respectivamente (cfr., para <u>, co traballo de R. Mariño e X. Varela 2005).

2.1.1. As grafías vocálicas

O cadro 5, que non ten en conta a grafía maiúscula, reflicte non só a distribución con que os grafemas representan os fonemas vocálicos, senón tamén a variación alográfica e a representación abreviada (en 5' pódense ver algúns exemplos):

Fonema (Ocorrencias)	Representación plena (%)		Abreviación(s) (%)
	Grafema	Alógrafo(s)	
/a/ (99)	<a>: 93,9		6,1
/ɛ/ (31)	<e>: 71		29
/e/ (156)	<e>: 77,6		22,4
/i/ (64)	<ɪ>: 56,3	<j>: 15,6; <y>: 10,9; <y>: 14,1	3,1
/ɔ/ (9)	<o>: 100		
/o/ (100)	<o>: 99		1
/u/ (36)	<u>: 86,1		13,9
/õ/ (1)	<õ>: 100		
/ũ/ (2)	<ũ>: 100		
Total: 498	83,1	5,2	11,7

Cadro 5: Grafías vocálicas da man c

<a>	<e> /ɛ/, /e/	<ɪ>	<o> /ɔ/, /o/	<u>	<õ>	<ũ>
	 		 			
27va14	35ra19-20, 27va13-14	10va5	3vb2, 33va2	33va2	28rb14	67rb24

Cadro 5': Exemplos de grafemas vocálicos da man c

Xa que logo, a media que se obtén subliña que o peso destes grafemas vocálicos supera amplamente as catro quintas partes. Só un grafema, <ɪ>, está bastante por baixo da media e outro, <e> (/e/ ou /ɛ/), está algo por baixo da media; os demais atópanse por riba (<u> e <a>) ou moi por riba (<o> e os fonemas vocálicos nasais) da media. As variantes alográficas, que se concentran exclusivamente con /i/, supoñen pouco máis do 5% total, e a opción abreviativa encárgase de algo máis da décima parte dos exemplos (este recurso concéntrase nos fonemas da serie palatal media). Nunha primeira comparación co sinalado en A. Rodríguez e X. Varela (2007) sobre as grafías vocálicas orais de A, obsérvase que nesta man o grafema de /a/ é <a> e non <a>. Ademais, a media da representatividade dos grafemas de A sitúase dez puntos por riba do visto para a *man c* e o grafema cunha porcentaxe máis baixa é <ɪ>, que aínda así supera o 86%. A variación alográfica tamén se centraba en A no fonema palatal pechado pero, en relación ó total, significaba un escaso 1,6%. Finalmente, o peso do recurso abreviativo en A supoñía, no eido vocálico, un terzo do que posúe nas anotacións marxinais obra da *man c*.






Verbo das vogais nasais, son dúas, da serie velar, as que contan con representación: /õ/ e /ũ/, respectivamente, como <õ> e <ũ>. Hai un exemplo da primeira, *bõa* (28rb14), e dous da segunda, *hũa* (67rb24) e *hũ[a]* (36rb3). Máis exemplos da grafía <e> pódense ver no cadro *iii* que se recolle no anexo final.

2.1.1.1. O caso de <a>/<a>

Se a nosa interpretación dos feitos é correcta ó abeiro dos datos dispoñibles na actualidade (sobre correccións visibles), o fonema /a/ non coñece, na *man c*, ningunha variante alográfica fóra do grafema <a>. S. T. Pedro (2004) transcribe sempre a grafía prototípica do fonema /a/ da *man c* como <a>, pero identifica sete casos de grafía <a>. Esta variación alográfica, con capelo, a prototípica da gótica *textualis* de A e que si se documenta coa *man r*, coidamos que realmente responde na *man c* a casos de <a>. Analicemos, servíndonos do cadro 6, os sete posibles exemplos de <a>, que se localizarían entre os cadernos II e V:


						
10va5	10va5	12vb2	19rb10	25vb22	27rb10	31ra9

Cadro 6: Grafía <a>?

				
10va5	27rb10	31ra9	63vb10	

Cadro 6': Grafía <a>

Á vista dos exemplos recompilados no cadro 6, cremos que en todos os casos (ata onde nolo permite a calidade do facsímile) estamos diante dunha mesma grafía base que se corresponde co *ductus* dun <a> redondo, sen que ningún deles poida chegar a ser considerado nidiamente como <a>. Como se pode apreciar, eses <a> do cadro 6 amosan algunhas lixeiras especificidades realizativas, que se localizan, sobre todo, no segundo dos seus trazos. Este, pode variar no seu tamaño, pode posuír unha maior ou menor inclinación, pode -ou non- incurvarse no seu treito final cara á dereita (que en posición interior lle permitiría enlazar coa letra que segue e, en posición final, unha prolongación maior), pero partindo sempre dun *ductus* similar, que responde a un mesmo patrón gráfico e que en ningún caso posúe o característico capelo de <a>, que cobre o primeiro trazado, o ollo, desta grafía. Confróntese, por exemplo, calquera dos

casos recollidos no cadro 6 con algún dos <a> asignados á *man r*:  (13vb16). Este comportamento afasta, obviamente, ambos os usos gráficos. O cadro 6' reúne máis exemplos de <a>, algúns deles localízanse nas mesmas correccións marxinais cás da táboa 6: como se comproba, comparten *ductus* similares, por exemplo, entre o <a> de <naçl> e os de <mal di> (ambos en 31ra9), ou entre o de <graðo> e o de <nũca> (os dous en 27rb10). No anexo final, cadro *i*, fórnecense máis exemplos de <a> asignados á *man c*. Certamente, nas súas realizacións hai lixeiras variantes, pero cremos que en si mesmas non son suficientes para establecer grandes conxuntos sistemáticos e

homoxéneos (a variación tamén se produce dentro dunha mesma anotación) doadamente opoñibles entre si.

2.1.1.2. A alografía de /i/

Xa que logo, a única variación alográfica no eido vocálico da *man c* é a do fonema /i/ (cfr. cadro 5) que, ademais do grafema <1>, coñece dous -que son tres- alógrafos: o máis rendible deles é <j> seguido de <y> e mais de <y>, a pouca distancia. No cadro 7 reproducense algúns exemplos do grafema e as variantes alográficas recompiladas (a pesar da pouca calidade dalgunha delas):

<1>	<y>	<y> ²⁵	<j>
10va5	12rb12, 19rb10, 21rb18, 26vb3-4	3vb2, 32va3, 32vb9	3vb4, 29rb2 ²⁶ , 31ra8, 34vb21, 47ra13-14
26ra2	27va13-14 [2], 59rb1-2, 67rb10, 71va9-10	33va2, 53ra15-16, 66va3-4	53ra15-16, 66ra11, 67rb24, 68vb12, 68vb16

Cadro 7: Grafema (selección) e alógrafos de /i/

Verbo do alógrafo <j>, son todas, ata onde o permite a calidade do facsímile, realizacións moi simples: un único trazo vertical que traspasa a base inferior da liña de escrita, cun bisel superior máis ou menos marcado, que só leva plica no exemplo de 53ra15-16, que nalgúns casos presenta unha lixeira inclinación do hastil cara á dereita (cunha menor ou maior inclinación: 31ra8 e 47ra13-14 / 3vb4 e 29rb2, respectivamente), nalgún exemplo non se observa aparentemente ningunha inclinación (66ra11) e, mesmo, nas dúas realizacións localizadas en 68v semella que o treito final do hastil se curva lixeiramente cara á esquerda.

Polo que se refire ós casos de <y>/<y> convén non fixarse en exclusiva no reparto cuantitativo entre dúas realidades alográficas que, a priori, poden parecer repartidas de xeito equilibrado (56,3%/43,7%, respectivamente), o que podería levar a pensar, cremos que dun xeito simplista, nunha escrita vacilante, sen máis. Os exemplos coa variante <y> comparten un *ductus* similar do punto superior (con forma de acento grave), a cauda prolóngase por baixo da liña de escrita e diríxese cara á esquerda pero mentres nalgúns casos non se aprecia unha tendencia á curvatura (12rb12), noutros amosa unha lixeira curvatura (máis ou menos pronunciada: 71va9-10 e 19rb10), que nalgún caso é tan acusada que acaba case tocando na liña inferior da caixa de escrita (67rb10) ou superándoa e enlazando mesmo co signo alográfico superior (59rb1-2)²⁷, en ningún deles se chega a apreciar nidiamente a existencia dun remate grosso (o único

²⁵ Falta o exemplo <coy> (32vb9), cfr. §2.

²⁶ Verbo desta grafía, S. T. Pedro le <mio> (cfr. 2004: 27) mentres que M. Arbor le <mjo>; coidamos que a

grafía en cuestión é, efectivamente, <j>: (29rb2).

²⁷ De feito, a identidade realizativa destes dous últimos exemplos asígnalles certa individualización fronte ós demais <y> da *man c*.

que nos pode facer dubidar é 71va9-10). A morfoloxía de <y>, sempre nos límites que permite a calidade das fontes manexadas, amosa un *ductus* similar en todas as súas ocorrencias: ademais da ausencia de punto superior, a cauda prolóngase cara á esquerda cunha inclinación case idéntica, practicamente sen curvatura (33va2 é o único que amosa unha cauda coa curva máis pronunciada) e que finaliza nun remate grosso, remate que nalgún caso apunta cara arriba (cfr. 33va2). Este remate grosso falta, ou polo menos non se percibe, no exemplo de 53ra15-16 (lembramos que é precisamente nesta corrección, onde se detecta, tamén, o único exemplo de <j> con plica)²⁸.

Referíndose ó *ductus* do y asignado á *man c*, A. Fernández subliña o feito de que o seu trazado presente a “cauda cara á esquerda” (2010: 180). Certamente, o anterior compróbese no cadro 7, pero no mesmo cadro, que recompila un total de dezaseis exemplos (9 de <ȳ> e 7 de <y>), e sempre coa cautela necesaria (por mor, basicamente, da calidade gráfica do material utilizado), semella que existe unha suma de coincidencias na morfoloxía das variantes: as que posúen signo alográfico sobreposto presentan o trazo da cauda regular e uniforme (59rb1-2 e 67rb10 amosan unha especificidade propia), mentres que as que non contan con el, <y>, finalizan case todas (salvo 53ra15-16) nun remate marcado (e, por veces, bastante grosso). Precisamente, a presenza/ausencia de punto enriba de y é un acto que A. Fernández define como acto voluntario por parte de quen escribe (cfr. 2010: 172-173). Verbo da letra gótica cursiva, T. Marín di que o seu aspecto xeral depende “de la mayor o menor rapidez en su trazado, de la posible influencia de modelos libraríos y, en todo caso, de la índole personal de cada escriba” (1998: 292). É de supoñer, en consecuencia, que nela (con todos os problemas derivados da súa maior axilidade) non se atope a estrita uniformidade da gótica libraria (cfr. A. Fernández 2010: 166 ou 167).

Estas converxencias nos *ductus* de y poderían non ser moi significativas e xustificarse en termos de variación provocada por circunstancias alleas (cambio de pena, de soporte, distinto momento de execución...) mais, se cruzamos a súa variación cos datos de presenza de <j> na *man c*, a relevancia da descuberta pode multiplicarse porque o paralelismo, por folios/cadernos, entre estes últimos alógrafos e <y> é excesivamente acusado como para ser froito só da casualidade:

	I	II	III	IV	V	VI	IX	X	XI	XII	TOTAL
<1>	[1]	[5]	[1]	[3]	[7] [6]	[3]	[3]	[2]	[4+1]		[36]
<ȳ>		12r	19r	21r	26v, 27v [2]			(59r)	(67r)	71v	9
<y>	3v				32v [3]	33v	53r		66v		7
<j>	3v				29r, 31r	34v	47r, 53r		66r, 67r	68v [2]	10
Man c1²⁹		1	1	1	3			(1)	(1)	1	9
Man c2	2				5	2	3		3	2	17
Total	3	6	2	4	10 11	5	6	3	9	3	62

Cadro 8: Distribución do /i/ da man c por folios

²⁸ Documentábase tamén un único exemplo do grafema <1> con plica (63vb10).

²⁹ Esta denominación, meramente convencional, non implica necesariamente que esteamos a pensar automaticamente na existencia de dúas mans distintas, senón que o que pretende é chamar a atención sobre a necesidade de afondar no coñecemento de todos os seus hábitos grafemáticos (incluída a situación das grafías consonánticas) para poder decidir coa menor marxe de erro posible.

Por ciclos, <y> localízase nos de Martin Soarez (II), Nuno Fernandez Torneol (III), Pero Garcia Buralês (IV e V [4]), Pero Gomez Barroso (X), Pai Gomez Charinho (XI) e Fernan Velho (XII). O alógrafo <y> sitúase nos ciclos de Vasco Praga de Sandin (I), Fernan Garcia Esgaravunha (V), Roi Queimado (VI), Johan Lopez de Ulhoa (IX) e Johan Vasquiz de Talaveira (XI). Obsérvase que o corte que se produce no caderno V non mestura ciclos nin folios: rexístrase <y> ata Pero Garcia Buralês (que acaba no f. 28r), <y> comeza na fin do ciclo de Fernan Garcia Esgaravunha (32v) e <j> iníciase no ciclo de Johan Nunez Camanez (29r). Por último, o alógrafo <j> localízase nos ciclos de Vasco Praga de Sandin (I), Johan Nunez Camanez (V), Fernan Garcia Esgaravunha (V), Roi Queimado (VI), Anónimo II (IX), Johan Lopez de Ulhoa (IX), Johan Vasquiz de Talaveira (XI), Pai Gomez Charinho (XI e XII [2]). Nos cinco ciclos en que se detecta <y>, tamén se rexistra <j> e esta aparece, a maiores, noutros tres ciclos (dous moi breves, Johan Nunez Camanez e Anónimo II, e o de Pai Gomez Charinho). Precisamente, neste último é o único en que coinciden <y> e <j>.

As proporcións con que se rexistran, nos seus cadernos, <y> e <j> tamén varían pois, mentres para a primeira as porcentaxes se sitúan no 50% no III, 33,3% no X e no XII, o 30% na súa 'parte' do V, o 25% no IV e, finalmente, o 16,7% no II e o 11,1% no XI, para <j> as porcentaxes oscilan entre o 33% do I e o 27,3% na súa 'sección' do V, pasando polo 20% no VI e concluíndo co 16,7% no IX e o 11,1% no XII. Relativamente importante é tamén o peso de <j>, pois oscila entre o 66,6% do XII, o 33,3% do I e do IX, o 22,2% do XI, o 20% no VI e, por último, o 18,2% no seu 'fragmento' do V. Os dous puntos de fricción e máis difíciles de interpretar sitúanse, por unha banda, no caderno V e, pola outra, nos cadernos XI e XII. Obviamente, calquera lectura deste indicio para ser minimamente rigorosa obriga a complementar estes datos cos que xurdan para a totalidade dos usos grafemáticos da *man c*.

Que a información anterior apunte a unha maior complexidade nas mans que realmente interviñeron baixo o que convencionalmente estamos a denominar *man c*, non ten que sorprenden. A. Fernández, a propósito das correccións marxinais 53ra15-16 e 66va3-4 atribuídas á *man c*, reflexiona sobre o feito de que “nalgunhas ocasións, ante a variedade da letra das notas (tanto as asignadas ó revisor coma ó corrector), [...] cabería que nos preguntásemos se de verdade hai só dúas mans que escriben estas notas marxinais de época trobadoresca en A” (2010: 179, n. 19). E o mesmo autor, verbo da anotación marxinal 67rb16-18 atribuída á *man r*, pregúntase “¿A qué se pode deber que esta nota, que S. Pedro adxudica ó revisor, presente esta morfoloxía tan descoidada fronte a outros casos do revisor nos que coída moito máis a letra?” (2010: 179, n. 19). Aínda que temos que deixar este punto para outro traballo posterior, trátase de ir sumando indicios para comprobar se na fin do percorrido somos quen de enxergalo, conxuntamente con outros, con algo máis de precisión e detalle³⁰.

Como é ben sabido, a distribución entre estes alógrafos non é libre. No cadro 9 compróbanse cales son os contextos en que se localizan os exemplos:

³⁰ Referíndose ó texto de A. Fernández explica que “a sistematicidade da cauda dos y dos ff. 1-39, por un lado, e dos dos ff. 40v-54r-74r, por outro, fannos pensar nun(s) posible(s) cambio(s) de man(s)” (2010: 173). Como se pode apreciar, o corte entre os folios 39 e 40 non coincidiría co que se advirte aquí para a *man c*.

Unidade	SCV ou H	DC	DD	DP	Total
<i>	69,4 / 67,6	2,8 / 50	27,8 / 55,6	-	36
<y>	22,2 / 5,4	11,1 / 50	33,3 / 16,6	33,3 / 60	9
<u>	-	-	71,4 / 27,8	28,6 / 40	7
<j>	100 / 27	-	-	-	10
Total	37	2	18	5	62

[SCV ou H: Sen contacto con vogal ou hiato; DC: Ditongo crecente; DD: Ditongo decrecente; DP: Ditongo plano]

Cadro 9: Grafías de /i/³¹

En primeiro lugar, conséctase que <j> só aparece en contextos non ditongais e, se observamos os dez exemplos (folios 3v, 29r, 31r, 34v, 47r, 53r, 66r, 67r e 68v₂; I, V₂, VI, IX₂, XI₂, XII₂), verificase que sempre vai precedido ou por <m> (6, a metade deles en hiato con /a/ e tamén con /o/) ou por <u> consonántico (4, todos catro son a forma monosilábica <uj>). Hai outros catro exemplos coa combinación <ui> pero sempre en formas polisilábicas (folios 5r, 25v, 56v e 57v); precedidos de <m> tamén se rexistran tres exemplos de <mi> (folios 11r, 21r, 32v).

A forma <i> queda excluída do contexto conformado polos ditongos planos, a meirande parte dos exemplos en que aparece non está en contacto con vogal (folios 5r, 10v, 21r, 25v, 26r, 26v₄, 31r, 32v₃, 36v, 56v, 57v e 67r; salvo en dous exemplos, o /i/ é a vogal tónica que, maioritariamente, ocupa a posición final da palabra) ou, se o está, é como sílaba propia (folios 11r, 21r, 26v₂, 31r, 51v, 63v e 67r; o hiato é sempre coa vogal /a/ e só un deles, en 11r, está precedido de <m>). En todo caso, case un terzo das súas ocorrencias son en ditongo decrecente (folios 10v, 11r₂, 18v, 32v, 35r₂, 47r, 51v, 66r e 67r; en nove destes exemplos a vogal que precede é <o>). Unicamente hai un exemplo en que o <i> leva unha plica superior (63vb10).

Finalmente, pódese afirmar que tanto <y> coma <u> son as formas que aparecen prototipicamente en contexto ditongado. A segunda delas, <u>, de xeito exclusivo, pois repártese entre o ditongo decrecente (folios 32v₃, 53r e 66v; tras <o> ou <e>, con cadansúas dúas ocorrencias; ademais, en tres dos exemplos, a consoante que precede o ditongo é <f>) e o plano (3v e 33v; seguindo a <cu> e <mu>, respectivamente). Polo que se refire a <y>, os contextos máis rendibles son o ditongo plano (folios 26v, 27v e 71v; sempre no exemplo <mu>y) e o ditongo decrecente (folios 12r, 19r e 27v; os dous primeiros con <e> e o último con <o>, ningún destes ditongos vai precedido por sibilante); tamén se rexistra un caso de hiato (<oy> 67r), un de ditongo crecente (<ma>y₂ 21r) e outro de vogal única (<y> 59rb1-2).

³¹ Neste cadro, e en todos os que presenten unha estrutura similar, débense interpretar as porcentaxes como 'porcentaxe en relación ó total de ocorrencias no eixe horizontal' (distribución dunha grafía segundo o(s) contexto(s) fonético(s) en que aparece) / 'porcentaxe en relación ó total de ocorrencias no eixe vertical' (distribución das distintas unidades gráficas nun mesmo contexto fonético). O total de ocorrencias alográficas da *man c* que teñen como base y é de 16: en A. Rodríguez 2013 (táboa 10) a cifra de 12 baseábase no elenco de A. Fernández (2010: 178-179).

Aínda que nin en A. Rodríguez e X. Varela (2007), nin en M. Arbor e X. Varela (2008) se manexa a distinción entre <ÿ> e <y>, os datos destes traballos, sobre todo os do segundo, sérvennos para establecer unha comparación coa situación das anotacións marxinais atribuídas á *man c*. En primeiro lugar, cómpre subliñar que, coma en A, nin <j> nin <ÿ>/<y> (minúsculos) representan o valor consonántico de /3/. En segundo termo, estas mesmas unidades gráficas tamén están presentes en A: en todo caso, as proporcións xerais son lixeiramente diferentes pois mentres para a *man c* <j> supón un 16,1%, en A esta grafía -minúscula- a penas significa un 0,2% do total; ademais, o peso que representan <ÿ> e <y> nas anotacións da *man c* (25,8%) está bastante por riba do que supoñen en A (exactamente o dobre).

Grazas ó traballo de M. Arbor e X. Varela (2008) sabemos que <j> minúsculo en A sempre aparece ou como vogal única ou nos “hiatos xeminados /ii/ ou /i/” (2008: 425) e que son “razóns grafotácticas as que explican os dezaoto casos nos que está precedida de <i> ou de <u>” (2008: 424). Contextos similares ós anteriores (salvo o de “hiato xeminado” que non se detecta) son, como xa vimos, os que amosa a *man c*. Os datos colectados por M. Arbor e X. Varela (recompilados nun cadro xeral, 2008: 426) permítennos comparar as proporcións con que se rexistra en A a presenza de <i> ou <ÿ/y> nos mesmos contextos manexados por nós para as correccións marxinais. Así, no contexto sen contacto con vogal ou hiato calculamos en M. Arbor e X. Varela unha proporción media de <i> do 90,1% e de <ÿ/y> do 9,9% (fronte ós nosos datos da *man c* de 67,6% e 5,4%, respectivamente); en contexto de ditongo crecente a proporción para A é de 84,7% e 15,3%, respectivamente (fronte ó noso 50%/50%) e, finalmente, no ditongo decrecente calcularon para A unha proporción 79,2% (<i>) / 20,8% (<ÿ/y>) que, para a *man c*, é 55,6% e 44,4%, respectivamente³².

Tendo en conta a posible división en dous subconxuntos da *man c* (cfr. cadro 8), proxectamos eses dous grandes bloques na distribución contextual das distintas grafías do fonema /i/. Para o primeiro deles, que convencionalmente designaremos como *man c1*, documentamos 37 exemplos, cun grafema, <i> (20), e dous alógrafos, <y> (7) e <j> (10). O grafema, <i>, rexístrase en tres contextos básicos: sen contacto con vogal ou en hiato (65%), en ditongo decrecente (30%) e en ditongo crecente (5%); estas porcentaxes non están tan afastadas das medias globais para toda a *man c* (catro puntos por debaixo para o primeiro e pouco máis de dous para cada un dos outros dous). Se analizamos só o primeiro dos contextos, que comparte cos dez exemplos de <j>, <i> aparece no 56,5% dos casos, mentres que <j> aparece no 43,5% restante. Esa porcentaxe tan elevada deste alógrafo débese en boa medida a que os seis exemplos que comezan por <m> (<mja>₂, <mjo>, <mĵ>₂, <mj>) van seguidos sempre de <j> (as outras dúas ocorrencias de <miɑ> e <mĩ> están na *man c2*). Se nos fixamos agora no contexto do ditongo decrecente, vemos que o grafema <i> vehicula o 54,5% e que do 45,5% restante se ocupa o alógrafo <y>. Lembremos que este só se rexistra no devandito contexto de ditongo decrecente e tamén no de ditongo plano (no que é o único representante gráfico).

Para o segundo, que identificaremos como *man c2*, documentamos 25 exemplos, cun grafema, <i> (16), e un alógrafo, <ÿ> (9). O grafema, <i>, atópase só en dous contextos: sen contacto con vogal ou en hiato (75%) e en ditongo decrecente (25%); a

³² Lembremos que M. Arbor e X. Varela analizan polo miúdo os datos no contexto de ditongo decrecente (2008: 429-439) que, de xeito resumido, son os seguintes (para <i> / <ÿ/y>): ff. 1r-74r (páxinas 79-225): 90% / 10%; ff. 74v-87 (páxinas 226-252): 9,6% / 90,4%; e este último fragmento, desagregado: ff. 74v-75v (páxinas 226-228): 36,5% / 63,5% e ff. 76r-87 (páxinas 229-252): 3,3% / 96,7%.

primeira porcentaxe está algo máis de seis puntos por riba da media e a segunda está case tres puntos por debaixo da media de toda a *man c*. O primeiro dos contextos mencionados, sen contacto con vogal ou en hiato, está practicamente monopolizado por <ɪ> (85,7%), moi por riba da media a case vinte puntos, e o 14,3% restante ocúpao <ý>. Entre estes exemplos non se localiza ningún de monosílabo que comece por <u> (especialmente produtivo co alógrafo <ɟ>), pero lembremos que si hai dous exemplos de <mɪɑ> e <mĩ> que optan polo grafema de /i/ e non por ningún alógrafo. No contexto de ditongo decrecente a distribución entre <ɪ> e <ý> é de 57,1%/42,9%, respectivamente. Non esquezamos que <ý> é a única grafía de /i/ presente nos catro contextos considerados.



2.1.1.3. As abreviaturas



Por medio do cadro 5 comprobouse para a *man c* que seis dos nove fonemas vocálicos coñecían algunha representación abreviada. En total, os sinais de abreviación representan o 11,6% dos fonemas vocálicos (cincuenta e oito en números absolutos) e, á vista dos datos, pódense distinguir entre eles tres subconxuntos: algúns fonemas recorren escasamente ós sinais de abreviación (/o/, /i/ e /a/: entre o 1% e o 6%), con /u/ as abreviaturas ascenden case ata o 14% e, finalmente, con /e/ e sobre todo /ɛ/ o recurso abreviativo ocúpase de entre o 22% e o 29% das ocorrencias.

Dende unha óptica esencialmente formal, propoñemos unha clasificación dos procedementos abreviativos vocálicos rexistrados nestas correccións marxinais a partir de tres grandes modalidades: (i) trazos xerais, (ii) signos particulares e (iii) grafías sobrepostas:

(i) Trazos xerais (70,7%). A abreviatura prototípica está constituída por un trazo horizontal (de tamaño variable e cunha realización basicamente convexa, nalgún caso lixeiramente ondulada), que se sitúa nun plano superior por riba da caixa de escritura. Os trinta e catro fonemas vocálicos abreviados distribúense entre /e/ (30) e /ɛ/ (4), e aparecen, os segundos, na combinación <q̄> (<que>) e, os primeiros, nas combinacións <p̄> (23; <que>), <p̄> (3; <pre>) e <ç̄> (2+2; <euç>). Con <p̄> e <ç̄> o recurso abreviativo sempre remite a dúas grafías con correspondencia en dúas unidades fonemáticas: vocálicas ambas as dúas en <ç̄>, /e/-<e> e /u/-<u>, ou vocálica e consonántica en <p̄>, /r/-<r> e /e/-<e>. En <q̄> as dúas grafías abreviadas son interpretables sempre en termos monofonemáticos (/e/ ou /ɛ/). Seguindo a S. T. Pedro (que consultou para a súa edición o manuscrito orixinal), en dous dos tres exemplos precedentes de <p̄>, realmente o trazo sobreposto posúe saída, isto é, <p̄>. Esta

característica realizativa percíbese nidiamente no exemplo de  →  <fēp̄> (25rb1),

a calidade do facsímile non a permite apreciar tan doadamente no caso de  →  <p̄gũtaɾ> (20va4); na terceira das ocorrencias de <p̄>, certamente, o trazo



abreviativo non presenta saída:  →  <femp̄> (64ra15-16).

Tamén incluímos neste gran grupo os sete casos en que o trazo horizontal se sitúa cortando perpendicularmente no seu treito inferior o hastil vertical dunha grafía. Rexístrase sempre en combinación con <p> e sempre tamén cunha dupla equivalencia fonemática/gráfica de vogal máis consoante, quer como /e/-<e> e /r/-<r> (6; <per>), quer como /a/-<a> e /r/-<r> (1; <paɾ>).












(ii) Signos particulares (12,1%). Sete fonemas están representados neste grupo: /ɛ/ (5), /e/ (1) e /o/ (1). Os sinais abreviativos que se inclúen nel son tres: a nota

tironiana, <τ>, que representa sempre, nos cinco casos, a conxunción copulativa <e> (/ε/); o signo <ϑ>, situado na caixa de escritura, emprégase unha única vez a carón de <uϑ> (30ra14) e equivale a <[u]of> (/os/): facemos esta lectura, e non /us/, porque nas correccións marxinais da *man c* a forma plena do pronome persoal de segunda persoa do plural, tanto na súa forma tónica coma átona, sempre é <uof>; por último, unha especie de apóstrofo <'> que acompaña a <ð'> (10va5) coa equivalencia <ðe> /de/, pero nun exemplo extraño, interpolado na entreliña superior e que probablemente é froito, á súa vez, dunha corrección.

(iii) Grafías sobrepostas (17,2%). En total son dez ocorrencias de fonemas vocálicos distribuídas entre dúas grafías vocálicas sobrepostas con valor abreviativo diferentes: hai 5 casos de <a> na súa variante aberta <"> (que representan dous exemplos de <ra> /ra/ e tres de <ua> /ua/) e dous de <'> (<ui> /i/). As grafías sobre as que se coloca o primeiro son <ǰ> (3+3), <ǧ> (1) e <ʈ> (1), mentres que o segundo aparece enriba de <ǰ> (2). Nos exemplos de <ǰ> o valor grafo-fonolóxico da abreviación coincide ó estaren representadas dúas unidades vocálicas gráficas e fonemáticas (<ua> /ua/); nos exemplos <ǧ> e <ʈ> o segmento abreviado inclúe unha consoante e unha vogal (<ra> /ra/); finalmente, <q> abrevia unha secuencia gráfica <[q]ui> cunha equivalencia monofonemática /i/. Aínda que nós empregamos convencionalmente un mesmo símbolo, <">, nas correccións marxinais, cando este asume o valor de <ua>, vén realizado cun trazo horizontal por riba da grafía vocálica

abreviativa, <π>  (63vb10), mentres que, cando a equivalencia é <ra>, vai só  [ra]> (33va2).

No cadro número 10 proporcionamos algúns exemplos de todas as combinacións que acabamos de describir:

		/a/	/e/	/e/	/i/	/o/	/u/
Trazos xerais	Sobrepostos		 <q̄ro> 71va9-10	 <fēp>, <ðç>, <q̄>, <q̄lle> 25rb1, 11rb21, 26vb3, 25rb1			 <ðç̄> 26ra2
	Corte inferior	 <pti> 32va17-18		 <p> 66vb4			
Signos particulares			 <τ> 10va5, 68vb12, 68vb16	 <ð'> 10va5		 <u9> 30ra14	
Grafías sobrepostas		 <q̄nto>, <q̄n> 35ra19-20, 33va2			 <qs>, <q̄leftel> 25rb1, 66vb5		 <q̄nteu> 63vb10

Cadro 10: Escolma das abreviaturas vocálicas da man c

Os cincuenta e oito fonemas vocálicos representados a través do recurso abreviativo fano por medio dun total de cincuenta e tres ocorrencias de abreviaturas. Estas proxectámolas no cadro número 11 tendo en conta a súa tipoloxía e o lugar do códice en que se documentan:

		I	II	III	IV	V	VI	IX	X	XI	XII	TOTAL
Trazos xerais	Sobrepostos		10V, 11r ₅	19r	20V, 21r ₂ , 25r ₂ , 25v	26r, 26v ₄ , 30r ₂ , 32v	34v, 36v	51v, 53r ₃	57v	64r, 66v, 67r	71v	32
	Corte inferior	7r				26v, 27r, 28r, 32v		51v		66v		7
Signos particulares			10v ₂			26v, 30r	35v				68v ₂	7
Grafías sobrepostas					25r ₂	32v	33v, 35r			63v, 66v		7
Man c1			8	1	8	9			?		1	
Man c2		1				6	5	5		6?	2	
Total		1	8	1	8	15	5	5	1	6	3	53



Cadro 11: Distribución das abreviaturas vocálicas da man c por folios

As tres tipoloxías menos representadas (signo xeral de abreviación que corta a grafía por baixo, signos particulares e grafías sobrepostas) repártense por distintos

folios do manuscrito e, dende a perspectiva dos cadernos, unicamente coinciden as tres no V; no VI e no XI coaparecen dúas desas tipoloxías e nos outros cinco cadernos (I, II, IV, IX e XII) unicamente se detecta unha delas. Como era de esperar, o signo xeral de abreviación sobreposto documéntase en todos os cadernos excepto no I. Este, a pesar de ser o quinto por número de fonemas da *man c* (75), unicamente rexistra un uso abreviativo, o de <pðeɾ> (7rb14), a pesar de que hai contextos en que sería posible o recurso da abreviación (*que* ou *e* 3vb4). De feito, o I é o caderno que posúe a proporción máis baixa de signos abreviativos por número de fonemas (un cada setenta e cinco); vai seguido polos cadernos III, VI, XI e XII con 32, 30,4, 24,3 e 23,3 fonemas por cada signo abreviativo, respectivamente; nos cadernos V, II e X a proporción aumenta un pouco e vai de 19,1 no V a 17 no X; os cadernos IX, con 11, e IV, con 9,3, son os que presentan as cifras máis elevadas. A media global é de case vinte fonemas por cada sinal abreviativo utilizado. En principio non se advirten diferenzas significativas entre as porcentaxes localizadas no fragmento denominado provisionalmente como *man c1* e as correspondentes ó fragmento denominado como *man c2*.

2.2. O (sub)sistema gráfico da *man r*

O alfabeto empregado por esta man é sempre minúsculo menos en dúas ocasións:

<C>  <Comogeu> (5rb20)³³ e <M>  <Maif> (68rb14-18). Ambas as dúas son grafías maiúsculas que se atopan en posición capital de cobra³⁴. Todas as demais grafías das correccións asignadas á *man r* son, en principio, minúsculas (cfr. *infra*). A súa listaxe, distinguindo entre grafemas e alógrafos, é a seguinte:

Grafemas:

- Dezanove simples: <a, b, c, ç, ð, e, f, g, i, l, m, o, p, r, t, u, x, z>.
- Un combinativo: <~>.
- Catro complexos, quer homorgánicos (dígrafos puros) compostos por xeminación <ll, rr>, quer heterorgánicos, compostos por unha letra e mais o til (dígrafos mixtos) <ũ, ñ>.

Alógrafos:

- Oito simples: <a, j, y, ŋ, n, ñ, 2, r>.
- Catro complexos homorgánicos compostos por dúas letras distintas, <qu>, ou por xeminación <ff, nn, ll>.
- Un complexo heterorgánico, composto por unha letra e un signo auxiliar: <y>.

De novo estamos diante de 24 grafemas (dezanove simples, un combinativo e catro complexos) e 13 alógrafos (oito simples e cinco complexos). Como se pode comprobar (cfr. §2.1) os dezanove grafemas simples e o combinativo das dúas mans coinciden; mentres, os grafemas complexos tamén son os mesmos e unicamente na *man c* se rexistra un a maiores, <õ>, correspondente a un fonema vocálico nasal que non se documenta coa *man r*. É sobre todo no eido alográfico no que se localizan as maiores diverxencias: a *man r* posúe os alógrafos <a, ŋ> que non documentamos na *man c* e, á súa vez, na *man r* faltan outros dous que si están presentes na *man c*: <s, ç>. Polo que se refire ós alógrafos complexos, na *man r* rexístrase <nn>, ausente na *man c* e, nesta, aparecen <qu, lh> ausentes na *man r*. Ademais, na *man r* non se detecta a letra

³³ Esta imaxe está tirada do facsímile de A número 885.

³⁴ Para o estudo das grafías maiúsculas de A é de consulta obrigada o traballo de X. Varela (2005).

histórica <h>. Tal e como xa se sinalou, cfr. §2.1, o único exemplo de *ũa* (72vb9) nesta man aparece grafado sen <h> inicial.

A proporción entre os fonemas vocálicos e os consonánticos presentes na *man r* reflicte un equilibrio case perfecto. Fronte á *man c*, alén deste maior equilibrio, as principais diferenzas localízanse nos fonemas consonánticos e, dentro destes, nos oclusivos, xa que están algo máis de seis puntos porcentuais por debaixo do que supoñen na *man c* (pola contra, na *man r* hai máis fricativos e nasais). O reparto entre todos eles, por grupos, é o seguinte:

Fonemas vocálicos	Ocorrencias (%)	Fonemas consonánticos	Ocorrencias (%)
/a/	78 (9,7)	Fonemas oclusivos [6]	97 (12)
/ε, e/	159 (19,7)	Fonemas africados [2]	8 (1)
/i/	52 (6,4)	Fonemas fricativos [6]	106 (13,1)
/ɔ, o, õ/	82 (10,1)	Fonemas líquidos [4]	88 (10,9)
/u, ù/	37 (4,6)	Fonemas nasais [3]	101 (12,5)
Total	408 (50,5)		400 (49,5)

Cadro 12: Distribución dos fonemas nas anotacións da *man r*

No cadro número 13 recóllese a proporción con que os grafemas representan os distintos fonemas documentados na *man r* (cfr. co cadro número 4 para a *man c*):

Fonema	Grafema (%)	Fonema	Grafema (%)	Fonema	Grafema (%)
/a/	<a> 80,8	/p/	<p> 100	/j/	<x> 100
/ε/	<e> 58,6	/b/	 100	/ʒ/	<i> 75
/e/	<e> 90	/t/	<t> 100	/ʃs/	<ç> 100
/i/	<i> 44,2	/d/	<d> 100	/dʒ/	<3> 100
/ɔ/	<o> 100	/k/	<q> ³⁵ 71,4	/m/	<m> 100
/o/	<o> 100	/g/	<g> 100	/n/	<~> 34
/u/	<u> 100	/β-v/	<u> 100	/ɲ/	<ñ> 87,5
		/f/	<f> 77,8	/r/	<ɾ> 53,1
/ù/	<ù> 100	/s/	<ʃ> 94,1	/r/	<ɾ> 57,1
		/z/	<ʃ> 100	/l/	<l> 100
				/ʎ/	<ll> 100

Cadro 13: Grafemas da *man r*³⁶

Verbo dos fonemas vocálicos, a representatividade media sitúase no 83,1%, as variantes alográficas supoñen un 9,6% mentres que os recursos abreviativos quedan no 7,3%. Estas porcentaxes son case idénticas ás vistas para a *man c*. Son catro os fonemas vocálicos con grafemas no 100% de representatividade (todos os da serie velar) e os demais oscilan entre o 90% de <e>, /e/, e o 44,2% de <i>, /i/. Obsérvese que, fronte á *man c*, a representatividade dos grafemas <i, a, e /ε/> na *man r* é inferior (12, 13 e 17 puntos, respectivamente). De xeito inverso, a representatividade de <e /e/, u> na *man r* é maior ca na *man c* (13 e 14 puntos, respectivamente).

Polo que se refire ós fonemas consonánticos, as tres quintas partes deles (trece) alcanzan unha representatividade nos grafemas do 100%. A representatividade de <ʃ>

³⁵ Seguido sempre de sinal abreviativo.

³⁶ Estas porcentaxes teñen en conta a totalidade de recursos gráficos (grafemas, alógrafos ou abreviacións) que representan un fonema, excepto os dous maiúsculos mencionados antes.

/s/ e de <ñ> /p/ é moi alta (entre o 87,5% e o 94,1%); tres grafemas sitúanse na franxa do setenta por cento (<f, l, q>), <ɾ> como representante grafemático tanto de /r/ coma de /r/ supera o cincuenta por cento e unicamente <˘> posúe unha representatividade inferior á metade das ocorrencias totais (34%).

Os grafemas consonánticos na *man r* vehiculan o 80,7% dos exemplos, nas variantes alográficas alcanzan o 18,1% e, por último, as consoantes representadas por medio dun recurso abreviativo é do 1,2%. Estas porcentaxes xerais son similares ás da *man c* salvo na terceira delas pois, nesta última, acadaba xustamente o dobre (2,4%, cfr. *supra*). Se comparamos os grafemas concretos, obsérvase que a representatividade con bastantes consoantes é maior na *man r* (<q, g, f, f/s/, l/3/, ç, ll>; 11, 7, 4, 17, 12, 25 e 16 puntos de diferenza, respectivamente), mentres que con tres delas é maior na *man c* (<˘, ñ, ɾ /r/>; 17, 12 e 10 puntos, respectivamente).







En todo caso, debemos constatar que a figura base de todos os grafemas vocálicos e case todos os consonánticos, excepto <ɾ> /r/, coincide en ambas as dúas mans das anotacións marxinais. De aí que aínda cobre máis importancia estudar ó máximo todos os detalles para facer agromar as peculiaridades propias de cada man, por riba da sólida base común fornecida pola gótica cursiva.

2.2.1. As grafías vocálicas

O cadro 14 reproduce a distribución dos fonemas vocálicos segundo a súa representación gráfica como grafemas, alógrafos ou sinais abreviativos:

Fonema (Ocorrencias)	Representación plena (%)		Abreviación(s) (%)
	Grafema	Alógrafo(s)	
/a/ (78)	<a>: 80,8	<a> 16,7	2,5
/ɛ/ (29)	<e>: 58,6		41,4
/e/ (130)	<e>: 90		10
/i/ (52)	<i>: 44,2	<j>: 11,5; <ý>: 32,7; <y>: 5,8	5,8
/ɔ/ (9)	<o>: 100		
/o/ (73)	<o>: 100		
/u/ (36)	<u>: 100		
/ũ/ (1)	<ũ>: 100		
Total: 408	83,1	9,6	7,3

Cadro 14: Grafías vocálicas da man r














<a>	<e> ³⁷ /ɛ/, /e/	<i>	<o> /ɔ/, /o/	<u>	<ũ>
					
26rb13	26rb13, 44vb2	6vb5	38vb2, 43vb10	32vb14	72vb9

Cadro 14': Exemplos de grafemas vocálicos da man r


³⁷ No cadro iv (cfr. anexo) reproducécese unha escolma de exemplos con esta grafía. Nel procuramos incluír exemplos nos cales <e> aparece tanto en posición interior coma en posición inicial (de palabra e de anotación), por se esta tiver algunha relevancia.

As variacións alográficas na *man r* repártense entre o fonema /a/ (cun alógrafo: <a>) e o fonema /i/ (con tres alógrafos: <y>, <j> e <y>). Estes últimos son realmente importantes porque, sumados, concentran exactamente o 50% de todos os exemplos de /i/ e como, ademais, este fonema tamén coñece o recurso abreviativo, o grafema <1> éo sen nin sequera representar a metade dos casos. Os recursos abreviativos concéntranse de novo nos fonemas palatais da serie media, sobre todo de /ε/ (grazas esencialmente ó sinal tironiano <τ>). Fronte ós sinais abreviativos empregados pola *man c*, na *man r* non se rexistra ningún nin de /o/ nin de /u/.

Tal e como se adiantou, a *man r* si que coñece un alógrafo para o fonema /a/, trátase de <a> que con trece exemplos supón o 16,7% do total:

 <a>	 <a>	 <a> mj>	 <a>	 <a>	 <a>	 <a> ffamj> ³⁸
5va17	13vb16	28ra2	35rb21	45va17	51va5	53ra15
 <a> l>	 <a>	 <a> ³⁹		 <a> nj>	 <a> l>	 <a> goja>
56rb14	73ra7	73rb19		5rb17	39va8	47ra13

Cadro 15: Alógrafo <a> na *man r*⁴⁰

³⁸ Como se aprecia na imaxe da palabra completa, , o primeiro <a> é maior có segundo, que é máis pequeno pero cun trazado semellante, aínda que, polo menos no facsímile, non deixa entrever ningún capelo por riba do ollo, de aí que leamos <a> (e non <a> como S. T. Pedro).

³⁹ Como se pode comprobar, nos facsímiles faise moi difícil enxergar correctamente esta grafía. S. T. Pedro edítalo como <a>, lectura que nós adoptamos, cun tamaño lixeiramente maior có resto.

⁴⁰ Os tres últimos exemplos de <a> (5rb17, 39va8 e 47ra13), sen estaren na proposta de S. T. Pedro, engadímolos porque nos parecen casos claros desta realización alográfica.

<a f ber>	<i>	<u lue>	<mo>	<ago>	<i>
13vb16	21rb19	26rb13	36va2 m ys> ⁴¹	47ra13	57vb8
<mi>	<g>	<te>	<m te>	<d mo>	<ñ>
66ra10	66va3	68rb14-18	72va22	72va27	72vb9

Cadro 15': Grafema <a> na man r

A morfoloxía dos distintos <a>, aínda que amosa algunhas diferenzas realizativas (capelo máis ou menos marcado, hastil con distinta inclinación, con ou sen remate en curva), remite a un *ductus* similar. Dous deles, situados no folio 5, presentan plica:




(5rb17) e




(5va17). Coa grafía <a> acontece algo semellante, pois, se ben é certo que os distintos exemplos se identifican como <a>, non é menos verdade que entre eles existen lixeiras diferenzas, que, como se observa no cadro 15', chegan a documentarse en ocorrencias situadas nun mesmo folio (cfr. cos tres casos que se reproducen do f. 72v).

Os exemplos de <a> aparecen espallados por oito cadernos de A (I₂, II, V, VI₂, VII, IX₃, X e XII₂), pero o máis significativo é que o uso desta variante alográfica está condicionada (ata onde nolo permiten verificar as fontes consultadas) pola súa posición: todos os casos de <a> aparecen cando esta grafía ocupa a posición inicial da anotación (en seis deles é a única grafía da anotación); e, á inversa, non rexistramos ningún exemplo asignado a esta man de <a> que ocupe esa posición de privilexio. Xa que logo, semella lícito concluír que este uso, baseado en “diferenzas de figura” (cfr. X. Varela 2005), asimila esta variante a un valor próximo ó das realizacións maiúsculas que, de feito, vén referendado pola circunstancia de que o tamaño con que se adoita realizar este <a> inicial é maior có habitual ou, cando se pode establecer a comparación, é lixeiramente maior cá caixa de escrita do resto das grafías da mesma

palabra:




(13vb16),



(28ra2), ou

53ra15 (cfr. *supra*)⁴³; nalgún caso

faise máis difícil percibir unha diferenza de tamaño:



(47ra13). Verbo dos condicionamentos posicionais no uso das maiúsculas en A cómpre consultar o traballo

⁴¹ O segundo /a/ S. T. Pedro transcribese como <a>, pero coidamos que, malia as dificultades para percibir no facsímile a grafía na súa integridade, a súa realización acaróase máis á dun <a> e, de feito, é moi parecida á grafía desta mesma vogal na palabra que antecede.









⁴² Nesta palabra S. T. Pedro leu <a> pero nós, a partir dos facsímiles consultados, só conseguimos ler <a>:
 (exemplar 356) e (exemplar 885).

⁴³ De feito, como xa se sinalou, a propia S. T. Pedro edita o <a> de 73rb19 cun tamaño meirande có de, por exemplo, 73ra7.

de X. Varela (2005). Se comparamos este <a> coas realizacións maiúsculas de A, comprobamos que a súa figura non se corresponde cos exemplos de <A> capital e, polo que se refire ós poucos casos de <a> poscapital, este é unha variante uncial minúscula cun hastil vertical aumentado.

Non é inhabitual ver as dúas variantes de /a/, <a> e <a>, unha a carón da outra, mesmo compartindo palabra: 13vb16 ou 47ra13 (tal e como se explicou, o primeiro é sempre <a> e o seguinte é <a>). Máis exemplos de <a> reproducense no cadro *ii* do anexo final. Co resto das vogais non detectamos un comportamento similar.

Polo que se refire ás grafías do outro fonema vocálico que coñece variación alográfica, o palatal pechado, xa se indicou que, ademais de polo grafema <i> (44,2%), está representado por tres alógrafos: <ÿ> (32,7%), <j> (11,5%) e <y> (5,8%).

<i>	<ÿ>	<y>	<j>
			
23ra5, 57vb8	12vb2, 13rb1, 26va14, 32vb11, 33va1-2, 34va16, 34vb21, 35ra10	4rb14, 68va15	28ra2, 38rb12, 51va8
			
33vb10, 72rb5	36va2 (3), 37vb25, 42vb2, 57rb12, 62rb11, 66va3, 72vb9	68vb22	53va17, 56rb4, 72vb9

Cadro 16: Grafema (*escolma*) e alógrafos de /i/

Os exemplos de <j> amosan entre si un *ductus* semellante, cun hastil perpendicular á liña da escrita ou cunha lixeira inclinación cara á dereita, cun bisel superior máis ou menos visible, algún finaliza cunha lixeira curva cara á esquerda (72vb9) pero é o exemplo de 38rb12 o que máis se afasta do resto porque acaba cunha marcada incurvatura cara á esquerda. Cómpre subliñar que esta última anotación só está constituída por esta grafía, o que non acontece cos demais exemplos, que tampouco ocupan a posición inicial. Fronte ós exemplos da *man c* en que só un caso de <j> levaba plica (10%), coa *man r* catro deles (28ra2, 38rb12, 51va8 e 56rb4) posúen enriba unha plica dese tipo (isto é, os dous terzos dos exemplos). Precisamente, verbo do grafema <i> hai que salientar que en nove ocasións (39,1%) presenta plica sobreposta (26va19, 32va3, 33vb10, 35ra10, 66ra10, 66vb5, 67rb17-18, 68rb14-18, 72rb5), recurso que a *man c* empregou excepcionalmente (2,8%). Verbo do uso da plica en A pódese consultar o traballo de A. Fernández (2011) e nel, concretamente entre as páxinas 54-63, estúdanse os casos en que se empregan con <í> ou <j> e, tamén, o uso da plica baixa ou inferior.

Verbo da morfoloxía de <ÿ>/<y> cómpre subliñar, en primeiro lugar, que é similar en todos os casos e que, fronte ós exemplos asignados á *man c*, presenta unha cauda que se prolonga inclinada cara á esquerda, pero sempre finaliza nun remate incurvado cara á dereita, que nalgún exemplo se acaba proxectando nidiamente cara

arriba, cfr. por exemplo 57rb12⁴⁴. Certamente, a maioría deles (85%) posúe punto enriba (a este respecto lembremos o reparto numericamente equilibrado na *man c*) pero, mesmo así, a morfoloxía básica de <y> (4rb14, 68va15) coincide coa xa descrita para <ÿ>. O exemplo de <y> (68vb22) localízase na entreliña da cantiga e, polo menos no facsímile, non se chega a percibir con total claridade se a cauda, inclinada cara á esquerda, posúe ou non algún tipo de remate. A ausencia de punto podería asociarse tamén ó feito de figurar na entreliña e de que o espazo entre as liñas de texto fose reducido. S. T. Pedro incorpora esta corrección da entreliña <ey> e asígnalla á man do revisor (2004: 30), dela M. Arbor di simplemente que “a lección engadida na interliña debía substituír a forma verbal anulada mediante tachadura” (2009a: 66). Pola súa banda, A. Fernández amosa a súa reticencia sobre a súa autoría, probablemente pola ausencia de sinal alográfico: “Introducido na interliña, ¿polo revisor?” (2010: 177). Deste exemplo H. H. Carter unicamente di “*ui* superposed over this word is *ey* in light ink” (1941: 147, n. 3). De todos os xeitos, é certo que estamos nun folio, o 68v, e mesmo nun ciclo, o de Pai Gomez Charinho, excepcionais ou, cando menos, de factura singular (e a el teremos que volver).

Mantendo o paralelismo co estudo desenvolvido para a *man c*, ofrecemos un cadro que recompila, por folios, o reparto das grafías asociadas ó fonema /i/ na *man r*:

	I	II	III	IV	V	VI	VII	IX	X	XI	XII	TOTAL
<i>	[1]	[2]		[1]		[2]				[4]	[4]	[14]
<í>					[2]	[2]				[3]	[2]	[9]
<ÿ>		12v 13r			26v, 32v	33v, 34v ₂ , 35r, 36v ₃ , 37v	42v		57r	62r, 66v	72v	17
<y>	4r										68v ₂	3
<j>								53v			72v	2
<j>					28r	38r		51v	56r			4
Total	2	4		1	5	13	1	2	2	9	10	49

Cadro 17: Distribución do /i/ da man r por folios

Á vista dos datos anteriores pódese sinalar que <ÿ> aparece espallado por case todos os cadernos, sete, unicamente falta en tres: I, IV e IX. Precisamente é no caderno I onde se atopa o único exemplo en que aparece <y> sen que se documente tamén <ÿ>. Os outros dous exemplos de <y> aparecen, na configuración actual do códice, moi afastados do anterior, nun folio singular do caderno XII. Neste caderno é onde se detectan máis variantes alográficas, pois aparecen <ÿ>, <y>, <j> e <i> (ademais de <í>). A franxa de A pola que se espallan <j>/<ÿ> coincide basicamente coa vista para a *man c* (cfr. cadro 8). Obsérvase tamén a desproporción bastante acusada con que <ÿ> se detecta nalgúns cadernos (40% no V, 50% no II e no X, 61,5% no VI e 100% no VII -só hai un exemplo-), fronte a outros (22,2% no XI e 10% no XII). Lembremos que as proporcións vistas para a *man c*, mesmo no caso de <ÿ>, quedaban en cifras moito máis modestas. Pola súa banda, <j> e <ÿ> alcanzan o 100% no IX, o 50% no X, o 20% no V, e no XII e no VI o 10% e o 7,7%, respectivamente.

Cómpre enxergar tamén, como xa se fixo para a *man c*, cal é a distribución destes alógrafos en función do contexto en que se localizan os exemplos:

⁴⁴ Poderíase pensar que inflúe o feito de que este <ÿ> é a única grafía desta anotación, pero hai outras tres realizacións de <ÿ> que se atopan nesa mesma situación (13rb1, 32vb11 e 37vb25) e, salvo deficiencia fotográfica, neste punto non amosan un comportamento homoxéneo.

Unidade	SCV ou H	DC	DD	DP	Total
<i>	78,3/75	4,3/50	17,4/28,6		23
<y>	5,8/4,2		47,1/57,1	47,1/88,9	17
<y>		33,3/50	66,7/14,3		3
<j>	83,3/20,8			16,7/11,1	6
Total	24	2	14	9	49

[SCV ou H: Sen contacto con vogal ou hiato; DC: Ditongo crecente; DD: Ditongo decrecente; DP: Ditongo plano]

Cadro 18: Grafías de /i/ na man r⁴⁵

Todos os contextos considerados coñecen un mínimo de dúas grafías e un máximo de tres. Entre estes últimos están o sen contacto con vogal ou hiato e o ditongo decrecente. A grafía prototípica no contexto sen contacto con vogal ou en hiato é <i> (coas tres cuartas partes dos exemplos), contexto no que <y> tamén é representativo con algo máis da quinta parte do total e no que <y> aparece de maneira residual. No contexto de ditongo decrecente <y> é o representante destacado con case as tres quintas partes dos exemplos e se lle sumamos os casos de <y> pasan do 71%; a grafía <i> é a que se ocupa de representar o resto dos exemplos (algo máis do 28%). Os poucos casos de ditongo crecente repártense, por igual, entre <i> e <y>. Finalmente, nos ditongos planos, <y> monopoliza case todos os exemplos, excepto un exemplo de <j>.

Se adoptamos a perspectiva das grafías, grafema e alógrafos, vemos que tres delas amosan unha clara preferencia por algún contexto: <i> e <j> polo contexto sen contacto con vogal ou hiato (co 78,3% e o 83,3%, respectivamente), <y> concéntrase nos dous terzos das súas manifestacións no contexto de ditongo decrecente, finalmente, <y> é a grafía que se distribúe por igual entre o ditongo decrecente e o ditongo plano (entre os dous suman un 94,2%).

Da comparación destes datos cos reflectidos no cadro 8 para a *man c*, dedúcese que, dentro dunhas tendencias xerais que coinciden, hai especificidades propias de cada grupo: <i> ocupaba na *man c* un espazo moito maior nos ditongos decrecentes e, nesa man, tanto <y> coma <j> tiñan unha presenza maior ca na *man r* no contexto sen contacto con vogal ou hiato; paralelamente, na *man r* <j> coñece algún uso en ditongo plano descoñecido para a *man c*; ademais, a porcentaxe que supoñen <y>/<y> en ditongo decrecente é moito maior (hai 27 puntos de diferenza) na *man r* ca na *man c*; do mesmo xeito que na *man c* entre <y>/<y> monopolizan o contexto de ditongo plano, mentres que na *man r* só aparece <y> e un único caso de <j>.

Tampouco se poden esquecer os condicionantes pictográficos, pois rexen boa parte das escollas: así, <j> vai precedido sempre ou por <u> (3) ou por nasal <m, n>. Ademais, como xa se sinalou (cfr. §2.), en bastantes ocasións as anotacións da *man r* están constituídas por unha única grafía, que cando é /i/ nunca rexistra <i> (mesmo en contextos sen contacto con outra vogal): hai un exemplo de <j> [i] e catro de <y> (3 [j] e [i]) (cfr., para A. M. Arbor e X. Varela 2008).

⁴⁵ Non distinguimos, para <i> e <j>, entre as variantes con plica ou sen ela.



2.2.1.1. As abreviaturas

No cadro 14 (cfr. *supra*) verificouse que unicamente catro dos fonemas vocálicos (/a/, /ε/, /e/, /i/) coñecen na *man r* algunha manifestación gráfica abreviada. Aínda que a media no uso dos sinais abreviativos é relativamente baixa, 7,4%, hai casos extremos como son, por unha banda, /a/, con só o 2,5% de abreviaturas e, por outra, /ε/, no que se alcanza unha cifra moito máis elevada con algo máis das dúas quintas partes dos seus exemplos (esta proporción xustifícase sobre todo pola existencia de dez casos de <τ>). As trinta ocorrencias de abreviaturas identificadas na *man r* equivalen a trinta fonemas vocálicos (ademais doutros cinco consonánticos).

Coma para a *man c*, presentaremos todos os exemplos clasificados segundo sexan (i) trazos xerais, (ii) signos particulares ou (iii) grafías sobrepostas. As proporcións con que se distribúen difiren notablemente da *man c* en dúas das tipoloxías consideradas: os trazos xerais contaban na *man c* con vinte puntos máis de presenza e, inversamente, os signos particulares están na *man r* a máis de vinte puntos do que se detectou para a *man c* (coas grafías sobrepostas a diferenza é inapreciable):

(i) Trazos xerais (50%). Na meirande parte das ocasións estamos diante dun trazo horizontal sobreposto, normalmente longo e bastante recto ou cunha lixeira curvatura convexa, que se rexistra en doce exemplos na combinación con <q̄> (<que>), co valor /e/ (10) ou /ε/ (2), e nun caso máis (68rb14-18), combinado con <p>, e nel o trazo presenta saída <p̄> (<p̄e> /e/). Documentábase tamén un uso do trazo horizontal que corta perpendicularmente na súa parte inferior o hastil da grafía con que se combina, novamente <p> (<pē> /e/), e hai outro caso máis dun trazo que corta oblicuamente, na súa zona medial, o hastil dun ese alto <f> (<fē> /e/).

(ii) Signos particulares (33,3%). O único sinal abreviativo específico é <τ>, con dez exemplos, e representa sempre a conxunción copulativa.

(iii) Grafías sobrepostas (16,7%). Os fonemas /a/ e /i/ coñecen, respectivamente, dúas e tres realizacións abreviadas por medio de grafías sobrepostas vocálicas, <“> para o primeiro (<ra> /ra/) e <¹> (<ui> /i/) para o segundo. Nos dous casos de <“>, sempre sobre <g>, a letra sobreposta realízase coa variante que presenta un trazo horizontal sobreposto, <ḡ>:  (41rb14) e  (42vb2).

No cadro 19 recompílanse algúns exemplos das tres tipoloxías clasificatorias empregadas:

		/a/	/e/	/e/	/i/
Trazos Xerais	Sobrepostos		 <q̄ro>, <q̄2> 54ra24, 68rb14-18	 <femp̄>, <q̄>, <q̄>, <q̄> 68rb14-18, 37rb24, 71rb2, 72vb9	
	Corte medial			 <fuico> 68rb14-18	
	Corte inferior			 <p̄dia> 67rb17-18	
Signos particulares					
			 <τ> 36va2, 64ra19, 68rb14-18		
Grafias sobrepostas					
	 <ġm̄>, <ġm̄> 41rb14, 42vb2			 <q̄feɾ>, <q̄> 31va2, 68rb14-18	

Cadro 19: Escolma das abreviaturas vocálicas da man r

No cadro número 20 proxéctanse, por folios e cadernos, as trinta abreviaturas asignadas á *man r*:

	I	II	III	IV	V	VI	VII	IX	X	XI	XII	TOTAL
Trazos xerais	Sobrepostos		11r			37r	43r	50r, 51v, 53r, 53v, 54r			68r ₂ , 71r, 72v ₂	13
	Corte medial										68r	1
	Corte inferior									67r		1
Signos particulares		10v, 13r				36v				64r, 67r ₂	68r ₃ , 68v	10
Grafías sobrepostas					31v		41r, 42v			67r	68r	5
Total	-	3	-	-	1	2	3	5	-	5	11	30

Cadro 20: Distribución das abreviaturas vocálicas da *man r* por folios

En primeiro lugar, a distribución non é homoxénea no sentido de que hai bastantes cadernos, en principio catro, sen abreviaturas (I, III, IV e X), e aínda que algún deles posúe moi pouco texto (no III localízanse sete fonemas da *man r*), outros dispoñen de texto suficiente: no X hai vinte e oito fonemas, no IV trinta e, sobre todo, o I, que ten corenta e oito (lembremos que xa para a *man c* este caderno resultou o menos produtivo en termos de documentación de sinais abreviativos por cantidade de fonemas). Os signos particulares, que neste caso se reducen ó sinal tironiano, distribúense ó longo de catro cadernos (II, VI, XI e XII) e as grafías sobrepostas aparecen noutros catro (dous distintos, o V e o VII e dous coincidentes, o XI e o XII). Nestes dous últimos cadernos é onde se localizan os signos xerais con corte horizontal inferior ou con corte oblicuo e, verbo do signo xeral de abreviación sobreposto, aínda que se espalla por cinco cadernos, concentra en dous deles (IX e XII) máis das tres cuartas partes das súas aparicións.

A proporción con que se documentan as abreviaturas varía e vai dende o caderno V, no que para 93 fonemas só se identifica unha abreviatura, seguido polo VI (cun sinal abreviativo cada 54 fonemas), despois agrúpanse de dous en dous os cadernos XII e XI (con 22,3 e 21,2 fonemas por abreviación, respectivamente) e os cadernos VII (con 17,7) e II (con 17) e, finalmente, o caderno IX que é en termos porcentuais o máis rendible cun sinal abreviativo cada 7,8 fonemas. A media final é de practicamente 27 fonemas por cada sinal abreviativo (sete máis cós datos reflectidos para a *man c*).

3. CONCLUSIÓNS

Chegados a este punto deberíamos estar en condicións de obter unha fotografía xeral dos usos grafemáticos vocálicos que rexen as páxinas, do texto e das correccións marxinais, de A. A falta de complementar o presente estudo co das grafías consonánticas, recompilamos no cadro 21 a situación das grafías vocálicas a partir dos tres grandes conxuntos gráficos considerados, isto é, o do texto das cantigas e o das mans que interviñeron nas marxes, identificadas convencionalmente como *man c* e *man r*:

%	Texto das cantigas ⁴⁶			Man c			Man r			
	Fonema	Grafema	Alógr.	Abrev.	Grafema	Alógr.	Abrev.	Grafema	Alógr.	Abrev.
/a/	<a> 98,3			1,7	<a> 93,9		6,1	<a> 80,8	16,7	2,5
/e/, /e/	<e> 94,2			5,8	<e> 76,5		23,5	<e> 84,3		15,7
/i/	<i> 86,3	13,1	0,6		<i> 56,3	40,6	3,1	<i> 44,2	50	5,8
/o/, /o/	<o> 99,6			0,4	<o> 99		1	<o> 100		
/u/	<u> 90,2			9,8 ⁴⁷	<u> 86,1		13,9	<u> 100		
TOTAL	94,9	1,6	3,5		83,1	5,2	11,7	83,1	9,6	7,3

[Alógr.: Alógrafos; Abrev.: Abreviacións]

Cadro 21: Comparación dos usos grafemáticos das grafías vocálicas orais

En función do peso específico dos grafemas vocálicos percíbense nidiamente dous códigos ben definidos: o do texto das cantigas de A, cunha porcentaxe moi elevada de representatividade media dos grafemas (de case o 95%), fronte ós outros dous sistemas, nos cales esa representatividade diminúe, tanto coa *man c* coma coa *man r*, de doce a trece puntos. Agora ben, o comportamento entre estas dúas mans non é uniforme e así, polo menos nos rexistros vocálicos, a *man c* presenta unha menor variación alográfica e unha maior riqueza abreviativa, mentres que a *man r* amosa unha maior variabilidade alográfica (que case duplica a da *man c*) e unha menor predilección polo recurso abreviativo (pero en todo caso duplica a detectada en A).

Alén deste comportamento xeral, puidéronse verificar ó longo das páxinas precedentes diversas escollas concretas que poñían de manifesto diferenzas particulares que afondaban na constatación non só de que as dúas mans, *c* e *r*, se correspondían con autores materiais distintos, senón tamén de que certas tendencias parecen apuntar a posibilidade de que dentro delas, ou dentro dos fragmentos textuais asignados a elas, a situación non sexa tan simple como a identificación homoxénea de só dous conxuntos discretos de (sub)sistemas grafemáticos. A pouco que sigamos investigando nela, é posible que a unidade heteroxénea destes sistemas (paleo)gráficos nos siga deparando sorpresas.

BIBLIOGRAFÍA























- ARBOR ALDEA, M. (2008): “*Cancioneiro da Ajuda*, historia do manuscrito, descrición externa e contido”, in *Cancioneiro da Ajuda*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, Consellería de Traballo, pp. 9-51.
- ARBOR ALDEA, M. (2009a): “Escribir nas marxes, completar o texto: as notas ós versos do Cancioneiro da Ajuda”, in Mercedes Brea (coord.): *Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. Homenaxe á Profesora Giulia Lanciani*. Santiago de Compostela: CRPIH / Xunta de Galicia, pp. 49-72.
- ARBOR ALDEA, M. (2009b): “Un códice de historia material compleja: el *Cancioneiro da Ajuda*”, *Revista de Literatura Medieval XXI*, pp. 77-124.
- ARBOR ALDEA, M. e X. VARELA BARREIRO (2008): “O uso dos signos gráficos <i> e <y> como segundo elemento de ditongo decrecente. A evidencia de dúas mans na copia do *Cancioneiro da Ajuda*”, in M. Brea, F. Fernández Rei e X. L. Regueira (eds.):

⁴⁶ Os datos proceden de A. Rodríguez e X. Varela 2007.









⁴⁷ Lembremos que boa parte desta porcentaxe se xustifica polo desenvolvemento dos casos do pronome persoal átono de segunda persoa do plural <u> como <uus> (cfr. cos argumentos de R. Mariño e X. Varela 2005: 365-369 que, de xeito moi resumido, son: o símbolo 9 en todas as demais palabras de A en que aparece equivale a -us; a estreita ligazón entre 9 e a forma plena <uus> na súa distribución; a falta de paralelismo entre 9 e as formas tónicas do pronome; “a preferencia xeral por *uus* entre as dúas formas plenas nos cadernos nos que conviven as tres expresións” 2005: 369).

- Cada palabra pesaba, cada palabra medía: homenaxe a Antón Santamarina.* Santiago de Compostela: Universidade, pp. 419-442.
- ARIAS FREIXEDO, X. B. (2008): “Do paradigma como guía á tentación do paradigma”, in M. Ferreiro, C. P. Martínez Pereiro e L. Tato Fontaíña (eds.): *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*. A Coruña: Baía Edicións, pp. 39-65.
- CARTER, H. H. (ed.) (1941): *Cancioneiro da Ajuda. A Diplomatic Edition* (New York / London: Modern Language Association of America / Oxford University Press). Manexamos a reimpresión de 2007 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- CMGP: G. VIDEIRA LOPES, M. P. FERREIRA *et alii* (2011-): *Cantigas Medievais Galego Portuguesas (base de datos online)*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA. Dispoñible en <<http://cantigas.fcsh.uni.pt>>.
- FERNÁNDEZ GUIADANES, A. (2010): “Particularidades gráficas e de impaxinación do folio 79r do *Cancioneiro da Ajuda*: o seu copista é ¿un copista-corrector?”, in M. Arbor Aldea e A. F. Guiadanes (eds.): *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa*. Anexo 67 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 163-194.
- FERNÁNDEZ GUIADANES, A. (2011): “Uso y funciones de la plica en el *Cancioneiro da Ajuda*: identificación del *usus scribendi* de los copistas”, in M. Salamanca López (coord.): *La Materialidad escrita: nuevos enfoques para su interpretación*. Oviedo: Instituto de Estudios para la Paz y la Cooperación, pp. 41-87.
- LORENZO GRADÍN, P. e S. MARCENARO (2010): *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*. Alessandria: Edizioni dell’Orso.
- MARÍN MARTÍNEZ, T. (1998): *Paleografía y diplomática*. Madrid: UNED.
- MARIÑO PAZ, R. e X. VARELA BARREIRO (2005): “O uso dos signos gráficos <u>, <V> e <U> no *Cancioneiro da Ajuda*”, in M. Brea (coord.): *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*. Santiago de Compostela: CRPIH / Xunta de Galicia, pp. 309-374.
- MEDDB: M. BREA (dir.) (2012-): *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, versión 2.3.3. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia. Dispoñible en <<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=MEDDB2>>.
- PEDRO, S. TAVARES (2004): “Análise paleográfica das anotacións marginais e finais no *Cancioneiro da Ajuda*”, in M. A. Ramos e T. Amado (orgs.): *Colóquio Cancioneiro da Ajuda (1904-2004). Faculdade de Letras de Lisboa / Biblioteca da Ajuda, 11-13 de Novembro de 2004*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda. Dispoñible en <http://www.fcsh.unl.pt/philologia/Pedro2004_AnalisePaleografica.pdf>.
- RAMOS, M. A. (2008): *O Cancioneiro da Ajuda. Confección e escrita*. 2 vols. Tese de doutoramento. Lisboa: Universidade de Lisboa.
- RODRÍGUEZ GUERRA, A. (2013): “Unha corrección marxinal do *Cancioneiro da Ajuda* nada marxinal”, *Revista Galega de Filoloxía* 13, pp. 161-199.
- RODRÍGUEZ GUERRA, A. e X. VARELA BARREIRO (2007): “As grafías no *Cancioneiro da Ajuda*”, en A. I. Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 473-556.
- TMILG: X. VARELA BARREIRO (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>.
- VARELA BARREIRO, X. (2005): “Os usos das letras maiúsculas no *Cancioneiro da Ajuda*”, in A. I. Boullón Agrelo, X. L. Couceiro Pérez e F. Fernández Rei (eds.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 275-288.











ANEXO

 <fofɾeɾ> 3vb2	 <t l> 10va5	 <u ll ðef> 11rb21	 <l> 20va4	 <q̄lto> 25vb22	 26vb4
 <uer> 27va13	 <> 32vb9	 <poil> 35ra19	 <coit> 47ra7	 <p̄d̄l> 51va8	
 <ffä> 53ra15	 <l> 63vb10	 <lquē> 64ra15-16	 <mj> 66ra10-11	 <coyt> 66va3-4	 <nt> 67rb10
 <gu r̄deɪ> 67rb19	 <moɾɾl> 67rb19	 <hũ> 67rb24	 <mj> 67rb24	 <gɾ ɲ> 71va9-10	

















Cadro i: Escolma da grafía <a> da man c

 <f 3eɾ> 18vb6	 <el> 27va13	 <i> 44rb21	 <t ɲ> 61ra3	 <t l> 67rb24	 <ɾɾ ɪf> 68rb14-18	 <m ɪf> 68rb14-18	 <gɾ ɲ> 68rb14-18
--	--	---	--	---	---	---	---

Cadro ii: Escolma da grafía <a> da man r

 <qu> 3vb4	 <u ɾ> 7rb15	 <toll> 10va5	 <m> 10va5	 <u ɪ u> 26vb3-4	 <u> 30ra14	 <om> 32va3	 <og u> 53ra15-16	 <u ɾ> 64ra15-16	 <fofɾ ɾ> 68vb12
--	--	---	--	--	--	---	---	--	--

Cadro iii: Escolma da grafía <e> da man c

 <> 4ra14	 <m> 18va8	 <m> 20va3-4	 <n> 20va5	 <la> 27va13	 <ɾa> 27va14	 <u> 28rb14	 <u> 49rb6
 <ɾ ɲ> 56ra14	 <ɾ ɲ> 57vb9	 <ɲ> 58ra6	 <u> 67rb23	 <foɾço> 68rb14-18	 <ɾ ñoɾ> 68rb14-18	 <mat> 72va22	 <u> 72va23

Cadro iv: Escolma da grafía <e> da man r⁴⁸

⁴⁸ O destacado en negra implica que o <e> é a primeira, e por veces única, grafía da súa anotación.

Aproximación grafemática á representación dos contextos de nasalidade vocálica no galego medieval

PEDRO DONO LÓPEZ
Universidade do Minho (Braga)

0. A nasalidade vocálica do galego medieval é asunto que ten sido abordado intensamente pola investigación desde diferentes perspectivas, e este é un interese que aínda se mantén na actualidade. Non será este o lugar para lembrar a ampla bibliografía existente ao respecto, mais, só tendo en conta aproximacións ao fenómeno que veñen propiciadas por edicións recentes de manuscritos medievais¹, poderíamos citar os traballos de Ricardo Pichel (2012a, 2013) sobre a representación desta característica fónica do galego medieval en base á Historia Troiana, ou as informacións contidas no estudo introdutorio á edición das primeiras manifestacións escritas da lingua por parte de Ana Isabel Boullón e Henrique Monteagudo (2009), ou aínda a contribución de Paula Bouzas (2012) a partir de documentación do século XV de Santo Estevo de Ribas de Sil. Nunha liña próxima á nosa abordaxe, convén aínda ter en conta os contributos do xa referido Pichel (2010, 2011, 2012b) sobre braquigrafía medieval galega, que atenden nomeadamente aos usos do sinal xeral de abreviación. Neste ámbito insérese a presente contribución, pois pretendemos atender aos recursos gráficos empregados para a representación da nasalidade vocálica, mesmo á ausencia de calquera marca nese sentido, na lingua medieval, considerando no noso caso os textos notariais. Entendemos que esta presentación dos usos escriptolóxicos dos diferentes redactores achegará informacións que poden interesar tanto para a transcripción e edición dos manuscritos medievais como no referente ao estudo da deriva dos contextos de nasalidade vocálica.

1. Con este propósito realizamos unhas calas na documentación medieval que conduciron á constitución dun corpus formado fundamentalmente por dúas series de diplomas, o que non quere dicir que non se aluda nalgunha ocasión a outros pergamiños alleos a estas series (principalmente, do fondo documental do mosteiro de Santa Comba de Naves). Inclúen tanto pergamiños publicados como inéditos, pero de todos eles fixemos unha nova transcripción da que partimos para a elaboración da presente contribución.

1.1. O primerio conxunto diplomático está formado polos pergamiños conservados de Johán Ares, notario real das terras medievais ourensás de Orcellón, Castela, Búbal e O Bolo de Senda, con documentación datada entre os anos 1272 e 1300, e que hoxe encontramos formando parte dos fondos documentais de mosteiros como os de San Miguel de Bóveda, Melón, Aciveiro, Dozón, Santa Comba de Naves, mais sobre todo de Oseira e San Clodio do Ribeiro de Avia², e custodiados en tres depósitos diferentes: o Arquivo da Catedral de Ourense (ACO), o Arquivo Histórico

¹ Habería que destacar entre as contribucións recentes o traballo de Mariño (2002), que toma en consideración un amplísimo repertorio de textos xa editados.

² Trátase de documentación que, con maiores ou menores garantías, se encontra en boa medida xa publicada. Sen ánimo ningún de exhaustividade e privilexiando publicacións de fácil acceso, encontramos edicións de públicas formas asinadas por Johán Ares nas coleccións diplomáticas de Oseira (Romaní 1989), San Clodio do Ribeiro (Lucas & Lucas 1996), San Miguel de Bóveda (Fernández 2005), Dozón (Fernández de Viana 2009) ou Santa Comba de Naves (Dono 2010).

Provincial de Ourense (AHPO) e o Archivo Histórico Nacional de Madrid (AHN). Canto á tipoloxía documental, o trazo máis destacable reside na amplísima maioría de cartas de compravenda sobre calquera outra clase diplomática. Ao cubrir o último cuarto do século XIII e estar dotado da homoxeneidade que outorga a presenza dun único redactor, o corpus constitúe unha mostra consistente da evolución dos usos gráficos no relativo á representación (ou ausencia dela) da nasalidade durante este período de asentamento da escrita romance galega. Para manter a citada homoxeneidade, prescindimos dos documentos que Johán Ares subscribe pero non redacta: só catro documentos dos 73 que constitúen o corpus se deben a estes notarios auxiliares, aínda que as opcións de escrita destes non andan demasiado afastadas do que veremos para o notario titular.

1.2. Nos contextos de caída de consoante nasal intervocálica latina rexistramos na documentación de Johán Ares os usos gráficos que enunciámos a seguir, en boa medida xa ben coñecidos:

- a) Conservación de <n>.
- b) Ausencia de calquera tipo de marca.
- c) Sobreposición de trazo ás vogais en hiato.
- d) Colocación de plicas ou acento dobre sobre o hiato.
- e) Copresenza de plicas e trazo sobreposto.
- f) Recuperación consonántica como nasal palatal³.

1.2.1. Antes de entrarmos a analizar os pergamiños de Johán Ares, conviría facer algunhas precisións sobre estas opcións gráficas, nomeadamente no relativo ás plicas, de relevancia para o que se comentará máis adiante da escrita do notario. Neste sentido, antes de máis quería destacar que non entendemos que se poida interpretar este acento duplicado como un recurso utilizado para marcar a nasalidade vocálica. Ben sabido é que na manuscritura medieval o acento dobre é empregado con funcionalidade diacrítica sobre duplicacións de grafías xa na *documentación latina*, na que se verifica o uso das plicas sobre a xeminación <ij> ~ <ii> en formas de xenitivo como, e uso exemplos tirados da documentación de Santa Comba de Naves, *februarij, filij, junij, monasterij, notarij*, ou os patronímicos *Pelagij, Egidij, Gomecij, Suerij, Sancij*, e nos ablativos como *alijs, castanarijs, denariis, modiis*. Xa en formas latino-romances ou plenamente romances, atopamos este uso en duplicacións que implican as restantes grafías de referencia vocálica, caso das formas toponímicas *Saas, Meendj* (act. Mende) ou *Gugeenses* (act. Buxeses), *Frexijdu* (act. Feixedo), *Roucoos* (act. Rouzós) ou *Penouzoos* (act. Penouzos). Para a duplicación de <u> só recollemos a forma *Buual* (act. Búbal), onde a grafía adopta dous valores diferentes (nun caso vocálico, no outro consonántico), pois o emprego das plicas é independente do valor vocálico ou consonántico das letras e por iso xorde sobre xeminacións gráficas de referencia consonántica, como ocorre con <rr> en palabras como a forma verbal *incurrat*, o antropónimo *Orraca* ou o topónimo *Carreyral*. O acento dobre ten, en consecuencia, un valor diacrítico: chama a atención sobre a duplicación literal no caso de grafías susceptibles doutra interpretación ou de confusión con outras letras; trátase, pois, dun

³ Esta situación, que afecta a formas como *contijna, cortina/s, lino, ordinou* e *tijna ~ tijnamos*, ou aos termos onomásticos *Esteueyna, Linares* e *Moyno*, vai quedar de fóra desta presentación, entre outros motivos porque a situación que presentan os documentos é practicamente invariable durante todo o período. Só no caso do posesivo *miña*, onde non ocorreu caída de nasal intervocálica, mais si unha nasalización da vogal por asimilación progresiva da consoante nasal inicial, cabería falar dunha mínima variación: non aparece grafada con <n>, nin tampouco con trazo sobreposto, en ningún documento, salvo no derradeiro da serie en 1300, en que se atesta *mjña ~ myña*.


papel que non difire no esencial do que ten o emprego do acento simple sobre <i> na manuscritura medieval.

1.2.2. Esta función das plicas, a de sinalar a duplicación dunha grafía, mantense na documentación xa escrita en romance da *segunda metade do XIII*, como se verifica nos exemplos que nos ofrece un pergamiño de Johán Ares pertencente ao mosteiro de Oseira e datado en 1273 (v. Cadro 1)⁴. O documento inclúe mostras do reflexo na documentación galega daquilo que acabamos de apuntar relativamente á latina, tanto no que se refire á xeminación vocálica como á consonántica: *Saa, Quintaa, San Paayo, meesma, ueer* (act. vir), *San Fijz, abrijs, frijgesia, Cristouoo, Baroo, Perros, Buual*. Xa se terá reparado en que, en máis dun destes exemplos, o hiato ten orixe na caída dunha consonante nasal e conseguinte nasalización vocálica; noutros contextos de nasalidade, o notario recorre ao sinal xeral de abreviación, como acontece en *estrāya, pēa* e *Centrões* (neste último caso, a palabra aparece dividida por mudanza de liña).



Cadro 1. Oseira 1273 (ACO 1087)

Noutro pergamiño de Johán Ares, agora de Santa Comba de Naves de 1282 (v. Cadro 2), o acento dobre aparece sobre *aa, uaa* (act.vaia), *uoontade, coomar, Buual, guerra*, pero ademais combínase co sinal xeral de abreviación nas formas *alfonsijs* ou *tēer*.



Cadro 2. Santa Comba de Naves 1282 (ACO 1361)

Desta *copresenza de trazo e plicas* sobre hiatos homorgánicos, que apunta para funcionalidades diferentes de cada un destes recursos gráficos na escrita romance (indicación da nasalidade vocálica e da duplicación literal, respectivamente),


⁴ Para identificar os pergamiños do Arquivo da Catedral de Ourense, acompáñase a sigla do depósito do fondo monástico a que pertence o documento e o número atribuído no catálogo de Leirós (1951).

rexistramos xa algunha mostra en documentación latina, curiosamente con colocación dos acentos por baixo das letras na abreviación do infinitivo verbal *esse*, como se pode ver no cadro 3. No mesmo cadro incluímos varios casos romances tirados da documentación de Johán Ares (*sōo* [P1 do presente de indicativo do verbo ‘seer’], *tēedes*, *ūus*, *ymãa*, *Cristouōo*, *Esteuōo*). Como alternativa a esta presenza de ambos os símbolos, encontramos igualmente algunha mostra de utilización de plicas xunto a un recurso gráfico diferente que poderá marcar a nasalidade (cabem outras interpretacións do seu valor), desvinculando igualmente a duplicación acentual da nasalidade vocálica. É o caso dos sustantivos *alfonsijns* e *beens*, ou do topónimo *Mereens* (act. Meréns), estes dous últimos testemuños tirados dun pergamiño de 1290 redactado por outro notario.



Cadro 3. Copresenza de plicas e trazo.

Para pechar estas consideracións sobre o emprego do acento dobre na documentación romance do século XIII, resultaría interesante observar o que acontece nun documento de 1279 (neste caso, tampouco saíu da man de Johán Ares), non só en relación co uso do acento dobre senón tamén co simple, una vez que, na miña opinión, vén reforzar a vinculación entre este signo de puntuación, o acento, e as secuencias de vogais, sobre todo abertas, en hiato, sexan estas idénticas ou non. Así, como podemos comprobar no cadro 4, en canto o acento duplicado aparece, como era de esperar, sobre os hiatos homorgánicos ou duplicacións de grafías de referencia vocálica (*Beesteyros*, *ouuer*, *para aquesto*, *remijmento*, *bees*), nas combinacións de dúas vogais abertas diferentes colócase sistematicamente o acento simple sobre a primeira das vogais (non veñen agora ao caso outras ben coñecidas funcións que pode adoptar este elemento gráfico nos manuscritos medievais, tamén presentes no pergamiño): *boa moeda*, *Eanes*, *Reuordaos*, *uoentade*, *moesteyro*. Ocasionalmente, en contexto de nasalización vocálica, recórrese ao sinal xeral de abreviación (p̄ea). Unha vez máis, cremos, queda de manifesto a funcionalidade deste recurso gráfico na escrita romance, o que dificulta a súa interpretación como indicio de nasalidade vocálica, tal como a miúdo se apunta na edición de instrumentos notariais galegos para xustificar a súa conservación na transcripción.



Cadro 4. Santa Comba de Naves 1279 (ACO 1309).

1.3. Retomamos, despois desta xa longa paréntese, o tratamento das diferentes situacións gráficas que apuntamos no apartado 1.2. Nesta aproximación diferenciaremos os contextos tónicos ou átonos de nasalización, recibindo aínda un tratamento particular as formas *estraya* e *testemuya/o*, os hiatos homorgánicos e as diferentes formas dos indefinidos *un ~ unha*, *algún ~ algunha* e *ningún ~ ningunha*. A presentación vai acompañada por unha serie de táboas que recollen as ocorrencias das diferentes formas que nos interesen en cada momento encontradas nos documentos do notario, e que aparecen divididas en períodos de cinco anos (salvo o inicial, de catro) para observar a representatividade de cada opción gráfica ao longo do período. Para a valoración dos datos, débese ter moi en conta, por unha parte, a sobrerrepresentación no corpus de documentos da década dos 70 (50 documentos, 32 deles datados entre 1272 e 1275) fronte ás dúas seguintes (15 e 4 respectivamente), e pola outra, en estreita relación co que acabamos de dicir, que non haberá que dar relevo tanto á cantidade de ocorrencias de determinada forma como á ocorrencia ou non de determinadas variantes en certos períodos.

1.3.1. Comentaremos en primeiro lugar o que acontece coas palabras nas que a resonancia nasal provocada pola caída da consoante incide sobre unha *vogal átona*. Polo de agora, deixamos a un lado aquelas formas que presentan unha secuencia de dúas vogais idénticas, que abordaremos máis adiante. No contexto citado predomina a ausencia de marca, como ilustran a totalidade das ocorrencias das diferentes formas do verbo *nomear*, sobre todo o moi habitual participio *nomeado* na fórmula “por prezo (*sic*) nomeado” das cartas de venda, ou do substantivo *moeda*. Non sempre é así, como se pode ver nos casos de *moesteyro*, *termio/s* ou *doaçon* (v. Táboa 1). O que se deduce destes exemplos é que, se ben é amplamente dominante a ausencia de calquera marca de nasalidade, a sobreposición do trazo ten alguna expresión desde o ano 76: é un feito, o do emprego máis frecuente e extenso do sinal xeral de abreviación, que constatamos noutros contextos a partir deste momento (tũdo/s ~ tũda, lagẽa, rraçõeyro, contẽudo, põemos ~ põemolo). Antes desa data, no entanto, existen algunhas atestacións do trazo sobre vogal átona en casos como as formas verbais *dõar* e *contẽudo*, ou o substantivo *cõellas* (co valor de ‘coles’ e nasalización por analogía coa designación do animal), no ano 1275, ou en elementos onomásticos tales como *A Sẽara* (1272), no alcume [*Martin Martiiz, dito*] *Serodẽo* (1274) e o topónimo *Lagẽas* (1275).

Formas	1272-75	1276-80	1281-85	1286-90	1291-95	1296-1300
moesteyro	35	41	32	2	0	1
mōesteyro	0	3	0	0	0	0
termio/s	3	6	0	0	0	0
termiō/s	0	1	0	1	1	0
doaçon	4	0	0	1	0	0
dōazon	0	0	2	0	0	0

Táboa 1. Contexto átono

1.3.2. En *contexto tónico*, unha vez máis deixando a un lado as duplicacións vocálicas, concorre sistematicamente o trazo sobreposto; así acontece con todas as ocorrencias de *bõa/s*, *pẽa*, *terrẽo*, *cadẽa*, *mãõ*, *ymãõ/s*, *capões* e *quinões*, ou en formas onomásticas como os antropónimos *Adrãõ* e *Cãõ*, e os nomes de lugar *Meumães* (act. Miomás), *Aboberães* (act. Boborás), *P[ene]do de Susãõ*, *San Pedro de Giroçães* (act. Xurenzás), *Nunães* (act. Nonás), *Guimarães*, *Mandrães*, *Garauães*, *Çentrões* (act. Santrós), *Chãõ*, *Manções*, *Vençemões*, *San Çibrãõ*, *Lobães*. Só poderíamos aducir un caso de *boas* sen trazo, motivado sen dúbida por aparecer dividida a palabra por mudanza de liña. Contra o final do período, mesmo chega a colocarse o trazo de xeito ultracorrecto en *Verẽa* nun documento de San Clodio do Ribeiro de 1289.

1.3.3. De fóra das formas con posible nasalización da vogal tónica, deixamos propositadamente as formas *testemuyas* e *estraya* por unha peculiaridade gráfica que afecta unicamente a estes termos. Ademais da ocorrencia con ou sen trazo, reparamos na localización do sinal xeral sobre estes termos, pois pode aparecer deslocado para o fin da palabra e probablemente este sexa un feito que contribúa a explicar os numerosos casos de ausencia de trazo sobre estas formas (v. Táboa 2)⁵.

Formas	1272-75	1276-80	1281-85	1286-90	1291-95	1296-1300
testemuyas	3	1	2	1	0	0
testemūyas	0	0	1	0	0	0
testemuyās	1	0	1	0	0	0
estraya	18	2	0	0	0	1
estrāya	1	1	0	0	0	0
estrayā	5	3	2	0	0	0

Táboa 2. *Testemuyas* e *estraya*

⁵ Para *testemuyas*, palabra de elevada frecuencia na documentación, as escasas atestacións débense á súa ocorrencia habitualmente abreviada.

Esta circunstancia, xunto á ocorrencia habitual sen trazo sobreposto de formas como *testemuyo*, *juyo* (6 casos) ou *juyas*, fainos pensar, con todas as cautelas que se queiran debido ao reducido do corpus tomado en consideración, nunha incompatibilidade entre o emprego do trazo e os segmentos <uy> e <ay>, ou se se quere, vogal nasalizada contigua a <y>; unha incompatibilidade que tería que ver co trazado do punto sobre esta letra. De aí que case nunca concorra o trazo nas palabras con ese contexto <uy/ay> e, cando aparece, acostume deslocarse para o final da palabra (v. Cadro 5). Do termo *testemuyas* aínda se documentan dúas atestacións máis que non presentan a gafía <y>: unha con <i> curto e sen trazo que data de 1273, e outra de 1275 con <j> longo que xa presenta o sinal sobreposto, polo que non nos esclarecen demasiado sobre este punto.



1.3.4. As características gráficas dos contextos de nasalidade constituídos por dúas vogais homorgánicas requiren igualmente un tratamento particularizado. Recollemos nas táboas que se presentan a seguir datos relativos ao número de atestacións de cada unha das posibilidades gráficas⁶, distinguindo entre contextos con resonancia nasal na vogal átona e situacións con vogal tónica, aínda que, como se poderá apreciar, aquí o parámetro de tonicidade non incide de maneira relevante sobre o resultado. Se consideramos os testemuños de dúas palabras en particular como representativas de cada un deses contextos, caso de *alfonsijs* e *teer*⁷, apréciase que as plicas, recurso (amplamente) hexemónico nos primeiros anos, vai deixando lugar a outras opcións que inclúen o emprego do trazo sobreposto, o cal, combinado coas plicas, chega a ter certa presenza na década de 70 e, sobre todo, na primeira metade da de 80, para logo desaparecer (v. Táboa 3).

Formas	1272-75	1276-80	1281-85	1286-90	1291-95	1296-1300
alfonsijs	1	2+1?	0	0	0	0
alfonsiōs	20+1?	3	0	0	0	0
alfonsiō̄s	1	1	2	0	0	0
alfonsiḡs	1	2	0	3	2	0
téer	2+1?	2	0	0	0	0
tēer	0	0	2	0	0	0
tēer	0	0	1	3	0	0

Táboa 3. Ocorrencias sobre *alfonsijs* e *teer*.

⁶ Para a interpretación dos datos das táboas, téñase en conta que os algarismos acompañados de interrogación remiten a lecturas dúbidas do manuscrito.

⁷ Para o verbo *teer* ~ *tēer* consideramos non só a forma do infinitivo como outras do seu paradigma presentes nos documentos: *tēemos* ~ *teemos*, *tēedes* ~ *teedes*.

O que acabamos de dicir resulta aínda máis claro se consideramos as ocorrencias totais de cada unha das solucións para os hiatos homorgánicos durante o período, que, unha vez máis, non presenta diferenzas de relevo en función do parámetro de tonicidade: só destacaríase o feito de que no caso da vogal átona apareza aínda na década dos oitenta con ausencia de marca ou plicas, unhas posibilidades que xa non se verifican para a posición tónica (v. Táboas 4-5).

Grafía	1272-75	1276-80	1281-85	1286-90	1291-95	1296-1300
Ausencia	1	6	1+1?	1	0	0
Plicas	38+4?	20+2?	3+1?	0	1?	0
Plicas+trazo	0	2	9+3?	0	0	0
Trazo	5	4	6	8	0	2

Táboa 4. Ocorrencias sobre vogal átona

Grafía	1272-75	1276-80	1281-85	1286-90	1291-95	1296-1300
Ausencia	1	4+1?	0	0	0	0
Plicas	28+3?	20+1?	0	0	1?	0
Plicas+trazo	2+1?	2	6	1?	0	0
Trazo	3	4+1?	2+1?	4	3	0

Táboa 5. Ocorrencias sobre vogal tónica

En definitiva, en termos xerais, ollando para os totais absolutos destas secuencias de vogais idénticas (v. Táboa 6), falaríamos, en breve síntese, dun amplísimo predominio, no inicio do período, da representación con plicas, tanto en posición átona como tónica, que co paso do tempo vai deixando lugar ao trazo, mais cun período de coexistencia de ambos os símbolos que, no noso entender, chama a atención sobre a diferente funcionalidade de cada un deles. Ademais, a extensión do uso do trazo é tal que chega a atinxir analoxicamente ás secuencias homorgánicas de *mēestre* (1282), *Miguēel* (1287, 1289 [2]), aparecendo mesmo combinado co acento dobre nun dos testemuños de *Migueel* (1282).

Grafía	1272-75	1276-80	1281-85	1286-90	1291-95	1296-1300
Ausencia	2	10+1?	1+1?	1	0	0
Plicas	66+7?	40+3?	3+1?	0	2?	0
Plicas+trazo	2+1?	5	15+3?	1?	0	0
Trazo	8	8+1?	8+1?	12	3	2

Táboa 6. Ocorrencias totais sobre hiatos homorgánicos

1.3.5. Rematamos o noso persurso coas formas dos indefinidos *un-unha*, *algún-algunha* e *ningún-ninguna*, que presentan unha situación só en parte diverxente do exposto ata aquí (v. Táboas 7-8). Chamamos a atención sobre as formas *uno* ~ *una*,

que poderán entenderse como adopción da forma da escrita latina para o indefinido romance, polo que non resulta demasiado claro cal é a interpretación fónica que debemos dar ao segmento. A motivación para este conservadorismo escriptográfico deberá residir no escaso corpo da palabra, o que favorecería esta solución fronte á colocación de trazo sobre a palabra: é ben sabido que na manuscritura medieval foi habitual o rexistro do indefinido con <h> inicial ou unido a outros termos, como na locución *cadañu*, por mor da reducida entidade da palabra. Compróbese nos cadros como a solución que podemos designar como conservadora (uno-una) nos indefinidos non chega practicamente á década de oitenta, en que se afirman as formas con trazo sobreposto. Por outra parte, e tal como vimos tamén para as secuencias de vogais idénticas, a combinación de sinal xeral e plicas concéntrase fundamentalmente na primeira metade da década de 80.

Formas	1272-75	1276-80	1281-85	1286-90	1291-95	1296-1300
un	1+1?	0	0	3	0	0
uno-vno/s	10	7	0	0	0	0
ūu	0	0	3	1	0	0
úú/s	0	0	4	1	0	0
una-vna	20	14	1?	0	0	0
hūa-ūa	0	0	5	2	0	2

Táboa 7. Indefinidos *un ~ unha*

Formas	1272-75	1276-80	1281-85	1286-90	1291-95	1296-1300
nenuno	2+1?	1	0	0	0	0
nenūu, niñu nengū,	0	0	2	0	0	1
nenúú	0	0	2	0	0	0
neuna	1	0	0	0	0	0
nenhūa, nehūa	0	0	2	0	0	0
algūa	0	2	4	1	0	0

Táboa 8. Indefinidos *ningún ~ ningunha e algunha*

1.4. En síntese, na documentación de Johán Ares pasamos dunha situación inicial en que o trazo sobre as vogais átonas non se representa practicamente, mentres si se fai nas tónicas, en que as duplicacións vocálicas levan acento dobre e no caso dos indefinidos destaca o que consideramos conservadorismo gráfico, a un panorama no que se produce a extensión do emprego do sinal xeral e que supón, nun primeiro momento, unha convivencia do trazo coas plicas no contexto homorgánico, para no fin do periodo afirmarse a liña sobrescrita como opción gráfica privilexiada, non exenta esta consolidación de ultracorreccións (Verēa, Miguēel, mēestre). De calquera maneira,

lémbrese que, sobre todo para os últimos segmentos temporais do período en análise, dispomos dun número escaso de documentos e polo tanto de testemuños, o que haberá que ter en conta á hora de valorar os datos extraídos da documentación⁸.

2. O segundo conxunto documental, que inclúe documentos datados entre 1354 e 1464, ten como protagonistas o notario ourensán Gonzalo Pérez do Mato e a disputa secular entre o bispado de Ourense e o mosteiro de Santa Comba de Naves polo señorío do couto de Mende, situado nas inmediacións da cidade medieval. O punto de partida constitúeo a acta dun proceso xudicial de 1354⁹ que enfrontou a curia ourensá co notario da cidade Gonzalo Pérez do Mato sobre o dereito a percibir os dereitos señoriais do citado couto; este notario foi un valioso aliado do mosteiro na defensa dos seus dereitos sobre unha posesión e xurisdición concedida por privilexio de Afonso VII. A acta do preito presenta unha extensión (trátase de catro peles de pergamiño cosidas cunhas dimensións de 2710×490 mm.) que nos permite recompilar un volume importante de formas e ocorrencias cos contextos que a nós nos interesan. O conxunto de documentos complétase con outros catro diplomas relacionados coa personaxe e asunto enunciados máis arriba: en primerio lugar, cunha versión reducida do preito do que acabamos de falar (non inclúe, por exemplo, a documentación aducida como proba no xuízo ou as declaracións das testemuñas)¹⁰, con idéntica cronoloxía pero diferente redactor (o propio notario neste caso, ao tempo que a versión extensa mandouna escribir); cos testamentos de Gonzalo Pérez (1370)¹¹ e da súa filla Maior Pérez (1390)¹² e, finalmente, un compromiso entre o cabido de Ourense e o prior e o convento de Santa Comba sobre a xurisdición de Mende, que estaba en disputa novamente á morte de Leonor González, neta de Gonzalo Pérez, por diversas mandas que esta fixera ao citado cabido¹³.

2.1. Antes de entrar na análise do preito de Gonzalo Pérez, cómpre advertir que, ao tratar dese documento (e dos que seguirán), nos contextos de caída de nasal intervocálica encontraremos que se emprega un trazo ondulado, ao lado do signo xeral de abreviación, e que resultaría dun trazado rápido das plicas ou acento dobre. Este signo ondulado, en documentación da primeira metade do século XIV, é empregado para marcar a existencia dunha duplicación literal, polo que “herda” a funcionalidade das plicas. Se atendemos só por un instante ao que serán as primeiras manifestacións do trazo ondulado, recorrendo á documentación do mosteiro de Santa Comba de Naves, non encontramos mostras do seu emprego ata 1318. Como exemplo do seu uso na primeira metade do século XIV, podemos reparar no que acontece nun documento de 1333 (v. Cadro 6), no que aparece este trazo sobre hiatos homorgánicos, en formas como *leaas*, *maas*, *meesmo*, *teega*, *Moor*, *Rregoo* e *poo*. Se a constitución do hiato se debe á caída dunha consoante nasal intervocálica, aparece sobre a vogal o sinal xeral, caso de *çentêo* (non estará de máis apuntar que, por analoxía con esta forma, se coloca un trazo sobreposto en palabras como *meo* ou *ljnpeo*), *nouêes* e *bõa*.

⁸ Antes de pechar este apartado dedicado á escrita de Johán Ares, cómpre advertir que a realidade que acabamos de sintetizar non se correspondería coa situación que presentan dous documentos do notario moi peculiares desde un punto de vista gráfico, datados en 1287 (ACO Oseira 1448) e 1290 (ACO Oseira 1532), onde se verifica una ausencia practicamente total do trazo en contexto de caída de consoante nasal, cun emprego bastante sistemático das plicas sobre vogais duplicadas. Deixámoslos de lado ata unha análise máis detida dun punto de vista paleográfico.


⁹ Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras VII, 71.

¹⁰ Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras VII, 70.

¹¹ Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras I, 4.


¹² Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras I, 42.

¹³ Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo Catedralicio, Escrituras VII, 72-74.




Cadro 6. Santa Comba de Naves 1333 (ACO 2271)

Este valor do trazo ondulado, colocado sobre hiatos de vogais idénticas, consérvao no preito de 1354, como se pode comprobar nas mostras que aparecen na cadro seguinte (v. Cadro 7): *artigoos, Çeleiroo, paaço, sseer, tidoo, veer* (act. ‘ver’), *teegas, declarandoo e julgandoo*; mais tamén adopta funcións propias do sinal xeral de abreviación como a que nos interesa a nós aquí, a suposta marca de nasalidade, así como os valores de abreviación de consoante nasal implósiva (Coomba, sentença, noueenta), de elisión de diferenes segmentos literais (d’Ourense, dineyros, testemuyas), de til de ñ (Çeboliño, poño, viziño), entre outros (v. Cadro 8). É importante suliñar que a situación inversa, presenza de sinal xeral en lugar de trazo ondulado sobre hiatos homorgánicos, non se dá nunca.




Cadro 7. Duplicación vocálica (1354)




Cadro 8. Valores do trazo ondulado (1354)

2.2. Para abordar os contextos de caída de nasal intervocálica (ou de nasalización inducida por consoante nasal explosiva) do preito de 1354, procederemos de xeito semellante a como fixemos cos pergamiños de Johán Ares (salvo no caso dos indefinidos, que deixan de constituír grupo á parte) no tratamento das atestacións das diferentes variantes testemuñadas no documento, que ilustramos no cadro seguinte coas formas *lues* e *muar*.



Cadro 8. Lues e muar (1354)

2.2.1. Deixamos xa de parte aquelas situacións nas que o trazo asume, segundo a nosa interpretación, unha *función dupla* en formas como *escomūyon*, *pertēcian*, *gãañar* ou *dōaçon* (v. Cadro 9) representando tanto o carácter nasalizado da vogal como a consonante implosiva ou palatal. Precisamente este último termo, *doaçon*, pode ilustrar a preferencia, nas formas en que a caída da nasal afecta a unha *vogal átona*, pola non sobreposición de trazo de ningún tipo (8 casos), fronte ao uso en catro ocasións do signo xeral con dobre función e dúas veces do ondulado (unha sobre o hiato e outra con funcionalidade dupla).



Cadro 9. Contexto átono (1354)


Neste sentido, fóra das atestacións con trazo de *ēalleou*, *rrazōado* (2 ocorrencias, unha con recto e outra con ondulado) e *rrazōar*, nos restantes contextos átonos a tendencia é aínda máis clara para a ausencia de trazo, como en *contūdo* (un caso con trazo fronte a 6 ocorrencias con ausencia de *contiudo* e *contiudas*), pero non tanto co participio de *vir* (3 casos de *viudo* por 5 ocorrencias de *viudo*), e en todos os testemuños de *Meende* (22), *moeda* (2), *moesteiro*, *perteenças*, *rrazoeyro* (2), *teendo* (2), *termjo* (31) ~ *termyo*, *tiuda* e *veesse* (3)¹⁴. Para outros termos predomina o escrita con <n> sobre outras opcións: en *examinar* (*exam.ados* fronte a *examjnado* e dúas atestacións de *eysamynar*) alterna a escrita de trazo con <n>, e en *tenor* (dous casos de *tenor* e un de *teñor*) está presente en todos os testemuños.

2.2.2. En *contexto tónico* a ausencia de trazo é rara (dous casos de *lues* fronte a dous con trazo; un caso de *pessoa* fronte a 13 con sobreposición de liña; *poer* con unha ocorrencia de cada) e, tal como no contexto anterior, salvo escasas excepcións (con ondulado só temos unha das ocorrencias de *lūes* e a única atestación de *rrazōes*), acostuma ser o sinal xeral a aparecer sobre a palabra: *algũa/s* (3), *anciãos*, *bõa* (4), [Crus do] *Çentëo* (2), *çertedūe/s* (2), *firmedūe*, *hũa* (23 casos), *Lobães*, *mão/s* (4), *njhũa* (5), *pëa* (4), *posições*, *San Çibrão*.

2.2.3. A tendencia contraria, preeminencia do trazo ondulado sobre o recto (salvo nun testemuño de *escomūyon*), maniféstase nas diferentes atestacións de

¹⁴ Para as palabras *Meende* e *perteenças* é claro que non se consideran as ocorrencias de *Mēede* e *perteeças*, onde interpretamos o sinal xeral como abreviación de <n> implosivo. Por outro lado, convén rexistrar tamén a presenza no documento da variante *mosteiro* en 28 ocasións por unha única da palabra con hiato.

estrãya, *testemũya/s* (7 casos de ondulado fronte a un de sinal xeral e outro sen trazo) e *testemũyo* (6 con ondulado e 3 de sinal xeral). Nestes contextos a interpretación do trazo pode ofrecer dúbidas, pois, como se pode ver no cadro 10, podería entenderse como parte da morfoloxía da grafía <y> e nada tería que ver co carácter nasal da vogal. É así que o encontramos sobre as palabras *deuya*, *depoys* ou *mays*; neste último caso tamén ocorre trazada co sinal xeral de abreviación.



2.2.4. Mais onde verdadeiramente o trazo ondulado é amplamente hexemónico sobre o trazo recto, como sería esperable, é sobre as *secuencias de vogais idénticas* (v. Cadro 11), onde tamén son residuais as ausencias do trazo: só destacaríamos os catro casos de *geeral* fronte a outros catro de trazo ondulado na mesma forma e no seu plural (*gēeral* ~ *gēeraes*). Un bo exemplo desta preeminencia constitúeo o infinitivo *pertēecer* e as múltiples formas da conxugación do verbo presentes no documento, incluído o participio de presente *pertēcentes*: nun universo de 43 exemplos con trazo (non hai ocorrencia ningunha sen trazo) unicamente catro presentan o sinal xeral. Polo demais, emprégase na totalidade dos testemuños de *algũu/s*, *bõos*, *Esteuõo*, *gãanar* e o seu participio *gãanados*, *Grãadeira*, *omēes*, a forma de pretérito *rrazõou* do verbo *razõar*, *sõo* ou *vêer* (act. ‘vir’), nunha relación bastante exhaustiva dos casos. Só encontramos algunha resistencia á penetración do trazo ondulado, neste contexto, nos indefinidos: *hũu* ~ *ũus*, con dous casos fronte a cinco co sinal xeral, aínda que aquí as formas sen duplicación de vogal son maioritarias (20 ocorrencias de *hũ* e unha de *vn*); e tres casos co trazo ondulado de *njhũu* por sete de sinal xeral.




2.2.5. Da análise dos usos do redactor do preito de 1354 nos contextos que acabamos de presentar, cabe concluir, en apretada síntese, que a ausencia de trazo, ao igual que nos pergamiños de Johán Ares, é máis acusada no contexto átono. Sobre vogal tónica o redactor coloca habitualmente o sinal xeral de abreviación, en canto que para as secuencias de vogais idénticas, como era previsible, prefírese o trazo ondulado, unha tendencia que só contrarían os indefinidos *un* e *ningún*.

2.3. Se atendemos agora á *versión abreviada do mesmo documento*, redactado por man do propio notario, que unicamente subscribía o documento anterior, encontramos certo paralelismo no relativo aos usos gráficos no contexto átono e tónico:

no primeiro ocorre a miúdo a non sobreposición de trazo (contiudo [3], moesteiro [6], rraçoeyro, viudo), mais tamén aparece en formas do verbo *razoar* como *rrazõado* (2) e *rrazõou*, e no substantivo *termõ* (9 casos, xunto a 4 da variante *termjño ~ termiño*). Pola contra, é rara a ausencia da liña sobreposta á vogal tónica (*rrazões*, *lñes*, *hña* [12], *cidadão*, *nihña* [3] ~ *ninhña* ~ *nehña*, produções [2], *Lobães*, *mão*, *pesõa* [3]): o único caso estaría constituído polas tres ocorrencias de *pergameo*, se non consideramos os casos de *testemuyas* (4) ~ *testemoyas* (2), *testemuyo* (2) ~ *testemoyo*, sistematicamente sen trazo nesta versión do preito, que nos documentos xa analizados tamén presentaban unha situación peculiar.


2.3.1. Nas *duplicacións vocálicas* encontramos novamente o trazo ondulado, que nesta versión do preito ve reducida a súa finalidade precisamente á colocación sobre grañas dobres, polo que o comportamento do notario titular é ben diferente do do escribán neste punto. O cadro 12 serve de ilustración do que acabamos de dicir, pois aparece sobre hiatos de vogais idénticas coma os que encontramos en, por exemplo, *seellada*, *seelo*, *teegas*, *moordomos*, *deuia a auer*, *deuen aa* (sic) *seer*, *declarandoo e julgandoo*, *a aquel*, *vijnte*, *ueer*, e nalgún caso de hiato non homorgánico tal como o das formas *acaesçia*, *acaesçesse* ou *Nouoa*.



Cadro 12. Hiatos homorgánicos (abreviado de 1354)


Do mesmo xeito, o trazo ondulado ocorre habitualmente sobre hiatos orixinados pola caída dunha consoante nasal (*Meende*, *geeral*, *Esteuoo*, verbo *perteeçer* e as formas do seu paradigma, *perteenças*¹⁵, *teedor/es*, *boos*), aínda que ocasionalmente poden aparecer sen trazo ningún sobreposto: acontece con algunhas das ocorrencias de *Meende* (4 fronte a 12 con trazo), *perteeçian* ~ *perteeçian* e *geeral* (unha das tres do documento en ambos casos), *teedor/es* (tres casos, mais outros tres con trazo, xunto a un *teendores*) e o único testemunho de *gaañara*. Fóra das secuencias de vogais duplicadas, o trazo ondulado comparece sobre a combinación <oa> en *doaçon* e *pesoa/s* ~ *pessoa* (5 casos), aínda que neste último termo ocorre tamén con sinal xeral en tres ocasións (v. Cadro 13). E tal como vimos igualmente na versión extensa do preito, o único contexto de duplicación onde encontramos o trazo recto é nas formas de indefinido *hñu* (tres casos xunto a outros tres con crase *hñ*) e *nehñu* (con crase tres casos: *nihñ*, *nehñ* [2]).

¹⁵ Pola contra, nos catro casos en que xorde a palabra coa nasal implosiva abreviada, leva sobreposto sinal xeral.



Cadro 13. Contexto de nasalidade vocálica (abreviado de 1354)

Non podemos pechar este percurso polas grafías dobres do pergamiño sen aludir a que o trazo ondulado aparece igualmente sobre <n> duplicado, tanto con valor palatal como alveolar (sennorio, Espanna, galinnas; donna, annos), formas que poden ocorrer tamén con abreviación dun dos <n> mediante sinal xeral (salvo no caso de *Espanna*), e mesmo se rexistra aínda algún exemplo de plicas (sennorio).




Cadro 14. Duplicación <nn> (abreviado de 1354)

Encontramos, pois, nesta segunda versión do preito unha orientación do trazo ondulado para a súa función “tradicional”, de indicación de duplicacións, ao paso que na versión extensa adoptaba ademais unha serie de funcións propias do sinal xeral. Este será un dos aspectos, polas implicacións que pode ter na interpretación dos contextos de nasalidade, a atender na documentación que analizaremos a continuación. Veremos como os redactores, escribáns ou notarios da nosa documentación manifestan comportamentos escriturais que deberemos relacionar principalmente coa tendencia observada na versión extensa do preito de 1354.

2.4. Para a documentación que nos resta por analizar, os testamentos de Gonzalo Pérez e da súa filla Maior, da segunda metade do século XIII, e unha sentenza de 1464, evitando unha presentación casuística que certamente se tornaría reiterativa, sinalamos brevemente as mudanzas apreciadas na representación dos contextos de nasalidade vocálica relativamente aos documentos precedentes, ás dúas versións do preito, nomeadamente no relativo ao emprego do trazo ondulado. A menor extensión dos documentos e o consecuente reducido número de ocorrencias, sobre todo dos dous testamentos, tampouco nos permiten ter unha imaxe tan definida dos usos dos redactores como a que transmite a documentación xa analizada.

2.4.1. Relativamente ao testamento do notario Gonzalo Pérez do Mato, de 1370, indicamos con brevidade que se mantén a tendencia á non sobreposición do trazo sobre vogal átona (*perdoar, moymento, moeda* [2], *tiudo, contiudas ~ contiudo*, fronte a *tēer, vēer, omēes* con trazo) e con sólida presenza no tónico (*çidadão ~ çibdadão, hũu* [15], *pesōas ~ pessōas, algũas, bēes* [13], *hũa/s* [8], *ssōo, njnhũa* [3], *curmão, bōa/s* [3], *njnhũu/s* [2], *firmedũe, mão* [2], *testemõyo*). Canto ao emprego dunha liña recta ou ondulada sobre estas formas (v. Cadro 15), advírtese como se avanza na dirección marcada polo preito de 1354 (versión extensa): o trazo ondulado xa só é unha variante

do recto que pode aparecer (e nin moito menos hexemonicamente) sobre grafías dobres, principalmente mais non só (caso de *mão*). E agora xa se emprega o sinal xeral sobre formas en que aínda non aparecera ata aquí (herees, a sseer), uns contextos que eran privativos do trazo ondulado.



Cadro 15. Trazo recto e ondulado (1370)


2.4.2. Pola súa banda, o testamento de Maior Pérez (1390) confirma e acentúa a tendencia ilustrada pola manda de seu pai. O trazo ondulado como tal xa só se presenta esporadicamente e ás veces cunha morfoloxía moi próxima á do sinal xeral, pero que ocasionalmente conflúe formalmente con outro recurso abreviativo, a sobrescrita de vogal *a*, e marca distancias co trazo recto, como se pode ver no cadro 16. Por outra banda, sobre a realidade fónica será máis ben ilustrativa que outros datos que poidamos achegar a convivencia das formas do apelido *Gēstosa* e *Jestosa* no documento.



Cadro 16. Testamento de Maior Pérez (1390)


2.4.3. No compromiso ou sentenza de 1464 sobre a disputa polo señorío de Mende entre o cabido de Ourense e o prior e o convento do mosteiro de Santa Comba de Naves, “por rrazón -dise no documento- que entre nós eran et son e entendían seer ao adeante grandes pleitos e contendas, odios e malquerenças, por causa de lo qual se poderían rrecresçer peligros e danos”¹⁶, os usos gráficos do escribán difiren en certa medida da tendencia que revelan as mandas de Gonzalo e Maior Pérez. A situación que presenta fainos lembrar a da versión extensa do preito de 1354, cunha liña ondulada ben diferenciada da recta e que conflúe formalmente, como no testamento de Maior Pérez, coa forma de *a* sobrescrito (v. o caso de *cabidoo* no cadro 17) e que, ademais do valor co que viña sendo usado tradicionalmente, asume as diferentes funcións do sinal xeral, como se pode comprobar no cadro para as formas *Ourense*, *marauidis*, *ditas*, *señor* e *mes*.

¹⁶ Por certo, a resolución dos árbitros non foi demasiado favorable ao prior e ao convento de Santa Comba (entre outras cousas, supuxo compartir alternadamente a xurisdición do couto de Mende co cabido, un ano cada un deles), e en canto o cabido consentiu en todo o contido na sentenza, “preguntado -lese no documento- por los ditos señores juíces se consentía ou que decía, [...] o dito prior diso que el non decía nada”.



Cadro 17. Valores do trazo ondulado (1464)

En *contexto de nasalidade*, como se pode apreciar no cadro 18, aparece sempre que se trate de dúas vogais idénticas, sexa a primeira das vogais tónica ou átona (omêes bõos, arbitraçõs, questiõs, abçiõs, algũus), e ocasionalmente en secuencias non homorgánicas motivado por analoxía contextual (arbitraçõs). E, consecuentemente, a presenza de sinal xeral sobre as secuencias de vogais idénticas é residual (algũu): una vez máis, é nos indefinidos *hũu*, *algũu*, *njngũu* que se rexistra, pero só na forma do singular, pois no plural xa aparecen con ondulado (de harmonía co que acotece cos plurais *abçiõs* ~ *abçõs*, *alegaçõs*, *donaçõs*, *enformaçõs*, *questiõs*). Fóra destas secuencias homorgánicas, xa non se rexistra trazo sobreposto de ningún tipo sobre formas con caída de *n* intervocálico que afectan a vogal átona, así como tamén destaca, fronte ao resto da documentación en análise, a ausencia de sinal xeral sobre contextos tónicos como *defensoes* ou *boa/s*¹⁷.



Cadro 18. Contexto de nasalidade vocálica (1464)

3. Chegamos ao fin deste contributo no que procuramos realizar un breve percurso polas diferentes opcións de representación dos contextos de caída de nasal intervocálica observables nos manuscritos medievais. Unha aproximación deste tipo, entendo eu, deberá achegar elementos para a reflexión sobre a historia da escrita galega medieval, a edición de documentos ou a deriva da nasalidade vocálica, mais, tratándose dun corpus reducido como o que nós tivemos en conta aquí, non nos permite máis que extraer conclusións provisorias como as que fomos deixando caer ao longo destas páxinas; lembremos que no inicio deste traballo falabamos de “calas” na documentación medieval e así deben ser entendidas: a análise doutros conxuntos documentais poderanos levar a matizar, reorientar ou mesmo descartar as constatacións que fomos realizando ao longo da nosa presentación. Será importante que nos próximos tempos, xunto aos esforzos realizados na preparación de edicións de garantías, se intensifiquen os estudos grafemáticos sobre documentación medieval, contribuíndo así non só a unha mellor definición do proceso de construción da escrita galega medieval, senón tamén a achegar pistas sobre o dimensión fónica (entre outras) da lingua medieval.

¹⁷ Non entraremos aquí na xa importante influencia castelá no documento que se manifesta, por exemplo, no emprego de formas como *general*, *persona* ou *canónigos*.

BIBLIOGRAFÍA

- BOULLÓN AGRELO, A. I. e H. MONTEAGUDO (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- BOUZAS, P. (2012): “Análise fonética e fonolóxica dos documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (séc. XV)”, *Verba* 39, pp. 219-243.
- DONO LÓPEZ, P. (2010): *Colección de documentos en pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Naves. Introducción, edición e índices*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [Dispoñible en <http://hdl.handle.net/10347/2868>].
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A. (2005): *O Mosteiro feminino de San Miguel de Bóveda na Idade Media. Estudo histórico e colección documental (séculos XII-XV)*. Noia: Toxosoutos.
- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J. I. (2009): *Colección diplomática do mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LEIRÓS FERNÁNDEZ, E. (1951): *Catálogo de los pergaminos monacales del archivo de la S. I. Catedral de Orense*. Santiago: El Eco Franciscano.
- LUCAS ÁLVAREZ, M. e P. LUCAS DOMÍNGUEZ (1996): *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada-A Coruña: Seminario de Estudos Galegos-Ediciós do Castro.
- MARIÑO PAZ, R. (2002): “A desnasalización vocálica no galego medieval”, *Verba* 29, pp. 71-118.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2010): “Contribución á braquigrafía do galego medieval. Procedementos abreviativos e transcendencia escriptolingüística”, in P. Cano González, S. Cortiñas Ansoar, B. Dieste Quiroga, I. Fernández López & L. Zas Varela (eds.): *Actas del XXXIX Simposio de la Sociedad Española de Lingüística*. Santiago de Compostela: Unidixital [Ed. en CD-Rom].
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2011): “Hacia una edición *comprometida* de la prosa instrumental. Notas para un estudio crítico de la braquigrafía medieval gallega: el signo general de abreviación”, in M^a. A. Beas Teruel (coord.): *Nuevas líneas de investigación en el estudio diacrónico de la lengua española (Actas del IX Congreso de la AJHLE. Palma, 2-4 abril 2009)*. Palma: Edicions UIB, pp. 65-76.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2012a): “A representación gráfica da nasalidade vocálica e do trazo palatal no galego antigo e o seu tratamento editorial”, *Estudos de lingüística galega* 4, pp. 87-106.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2012b): “El anisomorfismo braquigráfico en el gallego medieval como fuente para la investigación filológica y lingüística: Compendios abreviativos híbridos”, in M. J. Torrens Álvarez & P. Sánchez-Prieto Borja (eds.): *Nuevas perspectivas para la edición y el estudio de documentos hispánicos antiguos*. Bern: Peter Lang, Col. Fondo Hispánico de Lingüística y Literatura (vol. 12), pp. 197-218.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2013): “En torno a la presentación crítica de un texto medieval gallego-castellano (s. XIV). Algunos aspectos grafemáticos”, in M. C. Fernández López, M. Suárez Fernández & A. Veiga (eds.), *Oh lux Iberiae. En torno a las letras en la España medieval*. Lugo: Axac, pp. 135-162.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M. (1989): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Sta. María de Oseira (Ourense). 1025-1310*, 2 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.

Signos ou evidencias de corrección na escritura orixinaria da *Historia Troiana* (BMP Ms. 558)¹

RICARDO PICHEL GOTÉRREZ
Instituto da Lingua Galega-USC

1. INTRODUCCIÓN

A *Historia Troiana* (Biblioteca Menéndez Pelayo de Santander, Ms. 558) é un manuscrito híbrido galego-castelán da segunda metade do século XIV que combina dous estadios de redacción ben diferenciados: o orixinario, encargado por Pedro I de Castela nos últimos anos do seu reinado (ca. 1365-69), composto en castelán e do que conservamos tan só o 40% do soporte orixinal; e o secundario, en que o os folios castelán superviventes (un total de 140 folios) alternan no estado actual do manuscrito con 90 folios máis redixidos en galego en época coetánea (ca. 1369-71) e que se corresponden co segundo estadio compositivo tras a restauración, no seo da corte nobiliaria coruñesa dos Freire de Andrade, do soporte castelán deteriorado. A dita intervención restauradora en terras galegas consistiu na substitución dunha boa parte do soporte deficiente por case un centenar de novos pergamiños galegos, utilizando como modelo, presumibelmente, os propios folios casteláns malogrados, mais aínda lexíbeis na súa práctica totalidade². Tras o estudo histórico-filolóxico e a preparación dunha nova edición desta obra³, pareceunos oportuno, polas súas implicacións do punto de vista escriptolingüístico, individualizar o conxunto de correccións coetáneas realizadas polos copistas e revisores responsábeis dos dous estadios redaccionais indicados, a sección castelá orixinaria (= HTc) e a sección galega restaurada (= HTg). Na maior parte dos casos, sabemos que as ditas correccións foron deitadas polos propios calígrafos do texto, do mesmo xeito que acontece cos apuntamentos marxinais⁴ advertidos no manuscrito. Case todas se refiren á escritura ordinaria galega, pois o soporte orixinario, a pesar dos múltiples erros de copia existentes, apenas foi sometido a unha revisión textual por parte dos artífices responsábeis desta primeira redacción.

2. FOLIOS GALEGOS DA *HISTORIA TROIANA*

Nos folios galegos rexistramos con carácter correctivo os puntos subscritos ou infralineares (Figs. 1-3), o trazo linear sobrepoñíbel con función de riscado (Figs. 3-5) e ocasionalmente o sinal cruciforme complementario nas marxes de dobra e de canal


¹ Este traballo enmárcase no proxecto de investigación *Corpus de Textos Antigos de Galiza* (COTAGAL) do Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela).

² Para unha contextualización da obra orixinaria e da súa transformación véxase Pichel Gotérrez (2012) e Rodríguez Porto (2012).

³ De próxima publicación, froito da miña Tese de doutoramento (Pichel Gotérrez 2013a). Desde hai case trinta anos, ademais dos fragmentos editados por Martínez Salazar (1900: 169-289), contamos coa edición da *Historia Troiana* debida a Kelvin M. Parker (1975); porén, como é ben sabido, trátase esta última dunha edición moi pouco fiábel, que, no entanto, foi obxecto de revisión exhaustiva por parte de Lorenzo (1982), quen corrixe numerosos erros de transcripción e edita certos fragmentos que non foran tomados en consideración até o momento. A nova edición que preparamos permite acceder a unha transcripción paleográfica e tamén á edición interpretativa do texto.

⁴ De feito, este traballo é complementario do estudo das notas marxinais coetáneas de carácter preventivo e correctivo da *Historia Troiana* (Pichel Gotérrez 2013b).

(Fig. 6). Tamén rexistramos casos puntuais nos que se inclúe unha nota marxinal coa lección correcta que se debe incorporar ao texto base, como veremos máis adiante.



De maneira similar ao que describiremos na alínea seguinte, dedicada aos folios casteláns da *Historia Troiana*, podemos distinguir tres tipos de intervención correctiva en HTg: a reescritura ou superposición dunha nova secuencia gráfica sobre unha lección previa errada, a adición (inter)linear de novos segmentos gráficos e a cancelación (raspado, riscado, subpuntuación) da secuencia espuria e, de ser o caso, a súa restitución polo segmento apropiado. Do mesmo modo que en HTc, a intervención correctiva nos folios galegos tivo lugar tanto na propia execución do texto base (en tinta negra), como na fase posterior de rubricación e decoración do manuscrito (en tinta vermella). Neste último caso, semella tamén que a supervisión se concentrou especialmente nas proximidades das rúbricas ou *tituli*, co cal deducimos que a vontade correctiva do rubricador ou decorador non era, nin moito menos, exhaustiva, senón máis ben casual e ocasional.

A superposición dunha nova secuencia gráfica sobre a lección previa supón a modificación parcial ou íntegra desta, e esta transformación pode ser relevante só desde a óptica escriptolóxica ou tamén pode implicar unha mudanza de carácter escriptolingüístico de interese. En primeiro lugar, do punto de vista puramente paleográfico, atopamos diversos exemplos de reescritura ao longo do manuscrito. Algúns dos erros veñen motivados pola anticipación ou duplografía dunha letra ou palabra próxima (Figs. 7-17): exs. *āchāl̄s* → *āchyl̄s* (en rúbrica), *como...* → *comygo*, *eurepa* → *europa*, *lo...* → *leodamata*, *mada...* → *madrastra*, *nē māāo mē* → *nē māāo nē*, *rriřa*. τ *el rrey* → *řiřa* τ *el rrey*, *seus se...* → *seus fyllos*, *sof...* → *sobre*, *tomaor por* → *tomada por*, *vuue* → *vyue*.




Fig. 7



Fig. 8




Fig. 9



Fig. 10




Fig. 11



Fig. 12




Fig. 13




Fig. 14




Fig. 15




Fig. 16



Fig. 17

Cómpre salientarmos tamén os dous casos de corrección dun <l> con valor palatal na grafía xeminada máis habitual (Figs. 18-19 *batala* → *batalla*, *orgulofo* → *orgullofo*), ou de <u> con valor consonántico en <v> (Figs. 20-21 *auedes* → *avedes*, *aueriā* → *averiā*). Outros exemplos (Figs. 22-26): *calandra* → *cafandra*, *emlaco* → *enjlaco*, *fortes* → *fofites*, *ouv...* → *ouřamos*, *seu* → *sey*. Na Fig. 27 observamos a intervención do rotulador corrixindo a secuencia inicial da forma *moitos*, que, por súa

vez, xa recibira outra emenda coa adición do segmento final <-t₉> invadindo a marxe de canal.



Fig. 18

Fig. 19

Fig. 20

Fig. 21

Fig. 22




Fig. 23

Fig. 24

Fig. 25

Fig. 26

Fig. 27

As intervencións correctivas advertidas na modalidade maiúscula (Fig. 28 $\circ \rightarrow \odot$) non se executan, por exemplo, nunha das letras capitais de inicio de capítulo (Fig. 29 *C*stes 'estes').




Fig. 28




Fig. 29

No ámbito braquigráfico, encontramos algúns exemplos de emenda do símbolo abreviativo por parte do calígrafo principal (Figs. 30-32): *alg^o* → *algu*, *carn^o* → *carn^o*, *q^l* 'qual' → *q^l*. Na fase de rotulación o calígrafo correspondente tamén aproveitou para engadir até en catro ocasións o signo xeral de abreviación no mitónimo *agamen^o* 'Agamenón' (Figs. 33-36) e o trazo quebrado supralinear, con valor de <er>, na forma verbal *fabiam* 'saberiam' (para emendar o tempo verbal: de copretérito a pospretérito; Fig. 37).



Fig. 30

Fig. 31

Fig. 32

Fig. 33

Fig. 34




Fig. 35




Fig. 36




Fig. 37

Para alén das leccións vistas até aquí, presentamos a continuación outro pequeno conxunto de intervencións correctivas relevantes polo seu interese do punto de vista escriptolingüístico. No plano consonántico rexistramos dúas correccións de <u> e <v> por (Figs. 38-39 *vestias* → *bestias*, *feu...* → *febreyro*) e a vacilación na escrita do presente de subxuntivo do verbo *prazer* (Fig. 40 *pla-za/pla-ga^s*). No plano vocálico observamos corrección e/ou vacilación en contexto pretónico (Figs. 41-43 *rreqza* → *rryqza*, *ougidos* → *vngidos*, *dizianlle* ou *dezianlle*); a mesma amálgama ou vacilación gráfica <i ~ e> encontrámola na desinencia temporal do pretérito *ferieu* (Fig. 44).

⁵ A forma está translineada.

Noutros casos, a intervención correctiva supón íntegra ou parcialmente unha transformación morfolóxica (Fig. 45 *dous fillos* → *doas fillas* ‘dúas fillas’) ou léxica (Figs. 46-49 *agerra* → adv. *Agorra* ‘agora’, *chaos* → *caaos*, *coutas/contas* → *coytas*).




Fig. 38

Fig. 39

Fig. 40

Fig. 41

Fig. 42




Fig. 43




Fig. 44




Fig. 45




Fig. 46



Fig. 47




Fig. 48




Fig. 49

No exemplo da Fig. 45 (*dous fillos* → *doas fillas*, fol. 8vb) houbo un erro parcialmente emendado polo amanuense. Inicialmente apuntou “dous fillos”, mais despois deuse conta do erro (o substantivo era feminino) e executou a corrección: primeiro pechou a parte superior do <u> do numeral para asimilalo a un <a> (porén, non transforma o <o> en <u>) e, despois, engadiu un apéndice inferior no <o> do substantivo para convertelo en <a> (“fillas”). Polo que respecta ao exemplo da Fig. 46 (*agerra* → *Agorra*; fol. 5rb), o copista escribiu inicialmente *agerra* (‘a guerra’), talvez por unha reinterpretación discursiva errónea (“en dias del Príamo foi destruída toda súa casa e toda Troia, e morto *a guerra*” → ‘Príamo morreu a consecuencia da guerra?’), cando realmente a secuencia remata no substantivo *morto* e a seguir comeza un novo período oracional iniciado polo adverbio *agora* (“en dias del Príamo foi destruída toda súa casa e toda Troia, e [el] morto. *Agora* nomearemos as estorias que som mester...”). O calígrafo, así pois, advertido do seu erro, muda parcialmente a lección orixinal (‘art. *a* + subst. *guerra*’) polo adverbio; de feito hai unha marca cruciforme na marxe de canal a esta altura que dá conta do proceso de revisión: como se pode comprobar na imaxe, o <a> destácase no módulo e na cor e o ollo do <e> fécchase máis para asimilalo a un <o>. O feito de que non se chegase a cancelar un dos <r> de *agerra* pode deberse a un descoido ou simplemente puido ser considerada unha operación innecesaria, pola equivalencia gráfica entre <r> e <rr> operativa como representante da vibrante simple⁶.

A omisión involuntaria nuns casos e a restitución deliberada noutros supón o acrecentamento de certos segmentos gráficos por parte do calígrafo-revisor de HTg, quer no proceso de escritura do texto base, quer na fase de supervisión posterior. A dita adición non supón a reescritura dunha lección, mais a inserción dunha letra ou secuencia gráfica na caixa de liña correspondente, a miúdo rebordando as rectrices verticais da caixa de pautado, tanto en posición linear como exponencial (na entreliña).

No primeiro caso (adición linear), alén da adición de certos grafemas esquecidos no final dunha palabra (por exemplo, o <-s> dos plurais: Figs. 50-51), é frecuente a omisión de sílabas ou palabras no paso dunha liña a outra, o que motiva a súa

⁶ Aínda que de maneira ocasional, en HTg atópanse algúns exemplos de <rr> con valor de vibrante simple (exs. *arrado* ‘arado’, *ourro* ‘ouro’), así como tamén de <r> con valor de vibrante múltiple (exs. *bareiras* ‘barreiras’, *gararon* ‘cerraron’, *seras* ‘serras’, *suterar* ‘soterrar’).

restitución invadindo a marxe de canal e o intercolumnio ou, en menor medida, a marxe de dobra (Figs. 52-54). Esta circunstancia é habitual no caso das rúbricas ou *tituli*, cuxo branco proxectado non sempre se corresponde co espazo real da epígrafe (Fig. 55).




Fig. 50




Fig. 51




Fig. 52




Fig. 53




Fig. 54




Fig. 55

Porén, a práctica máis frecuente é a adición interlinear. Os engadidos van desde apenas unha letra até unha secuencia de dúas palabras e, polo xeral, a súa localización na cadea escrita vai sinalada con dous pequenos trazos (moitas veces unidos polo extremo superior) similares ás vírgulas. No primeiro caso, é significativo o acrecentamento até en catro ocasións do <u> como parte da desinencia da P3 do pretérito débil dos verbos da primeira conjugación (Figs. 56-59 *cuydo^u*, *chamo^u*, *do^u*, *rreyno^u*). En final de palabra, ás veces por encontrarse no final da liña, aparece na entreliña o <a> integrante da desinencia do copretérito (Figs. 60-61 *estau^a*, *velau^a*), o <-s> e o <-r> dalgunhas formas (Figs. 62-64 *may^r*, *donzela^r*, *po^r*). O <a> da forma *aql^as* (Fig. 65) foi engadido tras detectarse o erro abreviativo (*aqls* 'aqueles', en vez da forma feminina). Tamén é habitual a adición interlinear de segmentos de máis de unha letra (xeralmente sílabas) no interior ou no remate de certas palabras, especialmente no caso de formas verbais: *dey^ara*, *patru^ulus*, *sona^{da}s* (Figs. 66-68); *demanda^{do}*, *semella^{ua}*, *rreyna^{ua}*, *difo* → *dife* (corrección do <-e>) → *dife^{ro}* (Figs. 69-72).




Fig. 56




Fig. 57




Fig. 58




Fig. 59




Fig. 60




Fig. 61




Fig. 62




Fig. 63




Fig. 64




Fig. 65




Fig. 66




Fig. 67




Fig. 68




Fig. 69




Fig. 70




Fig. 71




Fig. 72

Rexístranse, ademais, múltiples engadidos de unha ou máis palabras na entreliña, xeralmente adverbios, preposicións e conxuncións de escasa entidade gráfica (Figs. 73-85 *cō*, *de*, *grā*, *me*, *moy*, *nō*, *por*, *p^rt*, *q̄*, *se*, *τ* *os*); tamén se encontran outras palabras como o indefinido *cada*, o adverbio *onde* e as formas verbais *estaua*, *difo* e *ey* (Figs. 86-90), así como a frase nominal *seu tio* (Fig. 91).




Fig. 73




Fig. 74



Fig. 75




Fig. 76




Fig. 77




Fig. 78




Fig. 79




Fig. 80




Fig. 81




Fig. 82




Fig. 83




Fig. 84




Fig. 85




Fig. 86



Fig. 87




Fig. 88




Fig. 89




Fig. 90




Fig. 91

Como xa adiantamos no comezo desta alínea, tendo en conta a morfoloxía gráfica e a cor empregada nestas intervencións, parece que os engadidos foron incorporados tanto na propia execución da escritura ordinaria como no proceso posterior de revisión e rotulación do manuscrito. Á primeira etapa corresponderían as secuencias cun *ductus*, grosor, tonalidade e módulo similares á do texto base (exs. Figs. 73-75, 80, 82-84 e 89). En troca, nos restantes casos a letra é moito máis fina e pequena, idéntica á empregada nunha boa parte das notas marxinais, polo que talvez nestes casos haxa que pensar nunha man revisora. Por último, de maneira excepcional, as secuencias entreliañadas foron deitadas en tinta encarnada (na propia rúbrica: Fig. 92 *leyxa*) e mesmo en tinta azul, no inicio dun capítulo encabezado por unha capital inicial desta mesma cor (Fig. 93 *marta*, *pol^e*).




Fig. 92




Fig. 93

Continuando coa tipoloxía de erros detectados polos artífices responsábeis de HTg, en certos casos o calígrafo ou revisor precisa cancelar unha determinada letra ou secuencia, normalmente duplográfica, e para iso pode proceder de varias maneiras. En primeiro lugar, pode raspar unha determinada secuencia e deseguido restituír a lección correcta (Figs. 94-95 *de atenas*, *efon*); ás veces só é necesario un raspado parcial para emendar a secuencia, por exemplo, no caso da forma *eutoy* 'Éutor' (Fig. 96), en que se eliminou a parte dereita do <y> para convertelo nun <r>. Puntualmente atopamos algún caso no que se executou o raspado, mais non se chegou a restituír o texto (Fig.

97), ou mesmo no que se executou a dita cancelación por erro ou na espera dunha corrección que nunca se chegaría a completar (Fig. 98 [*en/viaro*]).



Fig. 94



Fig. 95




Fig. 96




Fig. 97



Fig. 98

Nestes casos a secuencia errónea foi apagada e, en principio, emendada. Porén, noutros o que observamos é o estadio anterior á corrección definitiva; isto é, a secuencia en cuestión singularizada mediante distintos sinais ou indicadores que advirten o revisor ou lector do seu carácter espurio. Un dos recursos empregados é a subpuntuación, que consiste na colocación de un ou máis puntos por baixo da letra ou secuencia errada (Figs. 99-102): por exemplo, o <l> de *blanda* 'banda', as palabras *como*, *el* e *ne*. Ás veces a secuencia subpunteada vai acompañada de un ou máis trazos verticais aos lados para facela máis visíbel (Fig. 103 *dos*).




Fig. 99




Fig. 100



Fig. 101



Fig. 102




Fig. 103

Outro recurso de cancelación é o emprego do trazo linear medial sobrepoñíbel con función de riscado: rexistramos casos tanto en tinta negra (Figs. 104-106 *no*, *doze*, *entrou*) como en encarnado (Figs. 107-108 *talamo*, *cabo*). Neste último caso, o calígrafo escribira "areas do cabo da beyra", mais despois riscou a forma *cabo*, transformou o <o> da contracción en <a> e apagou a contracción *da* da liña seguinte, coa intención de comezar esta liña coa sílaba <rri-> para facela empalmar con *beyra* ('ribeira').



Fig. 104




Fig. 105




Fig. 106



Fig. 107




Fig. 108

Ambos os dous procedementos –subpunteado (en negro) e riscado (en vermello)–, acompañados ou non das barras verticais delimitativas, pódense combinar nunha mesma secuencia (Figs. 109-110), por veces extensa, de máis de unha liña (Figs. 111-112). Repárese nestes dous últimos casos, onde o enunciado duplográfico reproduce literalmente a secuencia anterior (Fig. 111) ou anticipa unha secuencia posterior mediata (Fig. 112).



Fig. 109




Fig. 110




Fig. 111




Fig. 112

Cómpre salientar, por último, dous casos excepcionais en que o revisor indica a presenza dunha forma errada por medio dun apuntamento marxinal en que anota a lección correcta co obxectivo de que se incorpore ou corrixa adecuadamente no texto base⁷: trátase das notas dos fols. 5r (Fig. 113 *uvyados*) e 13r (Fig. 114 *chē*). No primeiro caso, o revisor indica que se debe integrar a forma *uvyados* (participio do verbo (*h*)*uviar* ‘chegar, conseguir, acadar’ < lat. *OBVIARE* ‘saír ao encontro’) no inicio dunha das liñas da primeira columna, onde se deixou un reservado (talvez por incompreensión do verbo); porén, a translación desta nota ao texto base foi deficiente, xa que o copista confunde o segundo carácter por <n> e escribe *vnyados*. No outro caso, a última sílaba da forma *elychem* (forma deturpada do mitónimo Hécate, deidade grega das terras salvaxes e dos partos) do texto base foi raspada e reescrita seguindo o apuntamento correctivo da marxe de dobra (*chē*).

⁷ Véxase ao respecto Pichel Gotérrez (2013b).




Fig. 113




Fig. 114

3. FOLIOS CASTELÁNS DA *HISTORIA TROIANA*

No soporte orixinario da *Historia Troiana* non se emprega ningún dos sinais con carácter correctivo rexistrados en HTg (puntos subscritos ou infralineaes, trazo horizontal sobrepoñíbel con función de riscado) e descritos na epígrafe anterior. As correccións en HTc consisten fundamentalmente na adición, cancelación (mediante raspado) ou reescritura de certos segmentos gráficos, como veremos a seguir. Só en dúas ocasións se emprega unha barra oblicua linear (idéntica á vírgula ou ao trazo de xustificación usado no texto base) para indicar a localización exacta dun segmento entreliñado (Fig. 115, /ama), ou para illar unha secuencia errónea no inicio dunha rúbrica froito da anticipación do comezo da epígrafe seguinte (Fig. 116, *como ector* /sa).



Fig. 115




Fig. 116

A intervención correctiva en HTc ten lugar tanto na propia execución do texto base (véxanse, por exemplo, as secuencias corrixidas ou reescritas nas liñas finais do fol. 17vb, Fig. 117), como na fase posterior de rubricación e decoración do manuscrito, en que tamén se supervisa *grosso modo* a corrección do texto principal, polo menos os fragmentos localizados nas proximidades dunha rúbrica ou *titulus*.




Fig. 117

A maior parte das correccións execútanse na tinta negra ordinaria, mais tamén rexistramos casos de engadidos con tinta vermella. Do punto de vista paleográfico, hai diversos exemplos de adición ou reescritura ao longo do manuscrito. Moitos dos erros veñen motivados pola anticipación ou duplografía dunha letra ou palabra próxima (Figs. 118-129): exs. **tan tan** → **dar tan**, **entender...** → **entendederas**, **gñadas** → **gñados**, **leuos...** → **leuolos**, **liby...** → **libreys**, **lucura** → **locura**, **pararō** → **pasarō**, **antātes** → **andātes**, **na-turar...** → **na-turales**, **te t...** → **te ella**, **to... tomar** → **meta mas en tomar**, **fazia q̄ fiziese** → **fabia q̄ fiziese**. Neste último caso, o calígrafo escribiu primeiro *fazia* por indución ou anticipación da forma *fiziese* que aparece na mesma liña; porén, a lección correcta era *sabía*, mais non se chegou a emendar tamén o <f> inicial.



Fig. 118




Fig. 119



Fig. 120




Fig. 121




Fig. 122




Fig. 123




Fig. 124



Fig. 125




Fig. 126




Fig. 127




Fig. 128



Fig. 129

Noutros casos o erro non ten motivación clara (Figs. 130-131): exs. *fa popauā* → *fe popauā*, *vn tor-neo* (o calígrafo reescribiu o <r> implosivo); ou non nos é posíbel coñecer con exactitude a lección orixinal (Figs. 132-134): exs. *bue*, *Nego*, *rret[.l]yo*⁸.




Fig. 130




Fig. 131



Fig. 132




Fig. 133




Fig. 134

Na fase de rubricación, alén da superposición de distintos sinais de xustificación, tamén observamos algunhas intervencións correctivas, neste caso, en tinta vermella: adición dun <-r> (*y* → *yr*, Fig. 135), conversión dun <u> en <v>, con independencia do seu valor vocálico ou consonántico (*uos* > *vos*, *[P]ues* → *[P]ves*⁹; Figs. 136-137) e adición dunha lineta supralinear, neste caso, expletiva (tamén na Fig. 137).




Fig. 135



Fig. 136




Fig. 137

No ámbito braquigráfico tamén se observan casos de corrección e superposición de diferentes símbolos abreviativos (Figs. 138-140): *q̄nto* ‘quanto’, *deyfeby* → *deyfebʒ* ‘Deífibus’, *oto* ‘otro’ → *oty'e* ‘otrie’; tamén na fase posterior de decoración e revisión (Figs. 141-142): *pia\mo* → *pia\moʒ* ‘Príamos’, *com'o* → *com̄o*. Neste último caso, cómpre indicar que se trata dunha rúbrica con tinta esvaída que sería reescrita posteriormente en tinta marrón.



Fig. 138




Fig. 139




Fig. 140




Fig. 141




Fig. 142

Para alén das leccións descritas anteriormente, quixemos illar outro pequeno conxunto de intervencións polo seu interese escriptolingüístico, especialmente no caso das consoantes sibilantes (Figs. 143-146): trátase da corrección dun <c> (con valor de sibilante) por un <s> alto (*acacados* → *afacados*), dun <s> alto por unha variante sigmática <σ> (*afconas* → *azconas*) e dun <s> de dupla curva por un <ç> (*de mas...* → *de maças*). Repárese en que en ningún caso se cancela a letra errada e que a emenda se fai efectiva mediante reescritura, polo que fican as dúas leccións visíbeis. Por outra parte, na Fig. 147 observamos a corrección da secuencia *desí mas* pola locución temporal *des oymas* (en tinta vermella engadiuse un <o> ao carón do adverbio errado *defy* → *desyo mas*).

⁸ “ca Menalao re[.]jó el cavallo e lançó-l el venablo que traía” (fol. 87va). Forma deturpada, probabelmente *remetió*, do verbo *remeter/arremeter* (‘atacar, acometer’, ‘arroxar’ ou ‘facer correr apresuradamente’). Na *Crónica Troyana* castelá e nun dos testemuños facticios da *Historia Troyana Polimétrica* aparece *remessó*, igual que na *Crónica Troiana* galega (*remessou*); no outro testemuño da *Polimétrica* a secuencia é distinta e neste segmento aparece o verbo *aguijar* (ms. *aguio*).

⁹ Neste caso repárese en que se trata da primeira letra tras o branco reservado para a capital correspondente.




Fig. 143




Fig. 144



Fig. 145




Fig. 146



Fig. 147

No exemplo da Fig. 146 (fol. 120va) o resultado da corrección por *maças* non foi satisfactorio: o copista escribe primeiro *mas* (talvez por confusión coa locución adverbial *de mas*) e, ao detectar o erro, primeiro engade a cedilla por baixo do <s> erróneo e, a continuación del, o <c> e a secuencia final <-as>, resultando ao final unha lección confusa (*maças* ou *masiças*). Parker (1975: 213) transcribe *maziças* e Lorenzo (1982a: 272) corrixe, con dúbidas, por *masicas* ou *masiças* (formas inexistentes nos corpus consultados: TMILG e CdP). A lección *maças* aparece tamén na *Crónica Troiana* galega (fol. 105r), na *Crónica Troyana* castelá (fol. 96ra); cfr. *porras* nos dous testemuños facticios da *Historia Troyana Polimétrica* (fols. 198va e 168va).

Para alén da superposición das correccións na lección orixinal, puntualmente os autores de HTc eliminan un determinado segmento mediante o raspado: vémosto, por exemplo, nalgúns casos de duplografía (Fig. 148 *ufano[no]fo*). De ser necesario, o calígrafo procede a restituír o texto correcto por riba da lección raspada (Figs. 149-150: *q̄ se, en fus*). Por outra parte, xa indicamos que en HTc non se rexistran leccións riscadas, non sendo nun caso dubidoso (Fig. 151) onde parece que se risca un sinal tironiano redundante cunha barra oblicua trazada con tinta negra¹⁰.




Fig. 148




Fig. 149




Fig. 150




Fig. 151

Por último, ocasionalmente aparecen algúns exemplos de secuencias (palabras ou letras) entreliñadas (Figs. 152-155): *mānos*, *por*, *nō*, *uo* 'houbo'; neste último caso o novo segmento sería engadido probabelmente na fase de rubricación.




Fig. 152




Fig. 153




Fig. 154




Fig. 155

BIBLIOGRAFÍA

- CDE: M. DAVIES (2002-): *Corpus del Español: 100 million words, 1200s-1900s* (<http://www.corpusdelespanol.org>).
- CDP: M. DAVIES e M. J. FERREIRA (2006-): *Corpus do Português: 45 million words, 1300s-1900s* (<http://www.corpusdoportugues.org>).
- CORDE: REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (Banco de datos): *Corpus diacrónico del español* (<http://www.rae.es>).
- COTAGAL: R. PICHEL GOTÉRREZ (IP): *Corpus de Textos Antigos de Galiza*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.cotagal.org>).

¹⁰ Non podemos discernir se se trata de corrección coetánea ou posterior.

- LORENZO VÁZQUEZ, R. (1982): “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, *Verba* 9, pp. 253-290.
- MARTÍNEZ SALAZAR, A. (1900): *Crónica troyana: códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid*. A Coruña: Imprenta de la Casa de la Misericordia.
- PARKER, K. M. (1975): *Historia Troyana*. Santiago de Compostela: CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2012): “A fortuna da *Historia Troiana* petrística (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xénese, procedencia e vicisitudes”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 15, pp. 119-130 (http://dx.doi.org/10.5209/rev_MADR.2012.v15.39200).
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2013a): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (índice dispoñíbel en: <https://ucm.academia.edu/RicardoPichelGotérrez>).
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2013b): “As notas marxinais coetáneas da *Historia Troiana* (séc. XIV). Edición e estudo”, *Revista de Filoloxía Galega* 14, pp. 117-159 (dispoñíbel en: http://illa.udc.es/rgf/pdf/indice_RGF_14.pdf).
- RODRÍGUEZ PORTO, M^a R. (2012): *Thesaurum. La Crónica Troyana de Alfonso XI (Escorial h.I.6) y los libros iluminados de la monarquía castellana (1284-1369)*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- TMILG: X. VARELA BARREIRO (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela (<http://ilg.usc.es/tmilg>).

Edición crítica e léxico: sobre algunhas cuestións de vocabulario na poesía profana galego-portuguesa*

MANUEL FERREIRO
Universidade da Coruña

0. PRELIMINARES

A pesar de que, traballo a traballo, artigo a artigo, a fixación do corpus textual trobadoresco galego-portugués é unha tarefa que avanza aos poucos (non sen algún retroceso), neste fundamental corpus literario perviven importantes problemas de edición que inciden no ámbito do léxico (e da lexicografía).

Noutros contributos xa revisamos algunhas cuestións que din respecto a problemas lexicais en textos da poesía profana galego-portuguesa. Velái o caso de *veite* ‘pené’, provenzalismo que propuxemos con base na lectura fiel dos apógrafos italianos en lugar de *arreite*, produto dunha emenda lapiana dos manuscritos na edición de senllas composicións de Afonso X e de Fernand’ Esquio (Ferreiro 2010: 251-255)¹:

493 / 18,11 Alf X [B495/V78], v. 15:

E aquel mouro trouxe con o **veite**
dous compañões en toda esta guerra,
e demais á preço que nunca erra
de dar gran golpe con seu tragazeite.

1614 / 38,2 FerEsq [B1604/V1136, v. 9:

Escaralhado nunca eu diria,
mais que trage ante caralho ou **veite**,
ao que tantas molheres de leite
ten, ca lhe pariron tres en ñu dia,
e outras muitas prenhadas que ten.

Igualmente, noutro lugar tamén defendemos a existencia dun *abeto* ‘desexo’ como alternativa a *achaco* (Lapa 1970: 282), *abato* (Rodríguez 1980: 302) ou *abaco* (Lopes 2002: 187), lecturas que historicamente se propuxeron na edición da coñecida cantiga «Don Beeito, ome duro» de Joan Airas de Santiago (Ferreiro 2014: 518):

* Este traballo insíbese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (FFI2009-08917 e FFI2012-32801), subsidiado, respectivamente, polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología” e mais polo “Ministerio de Economía y Competitividad”.

¹ Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D’Heur (1975: 10-93), coas correccións incorporadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración de Giuseppe Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido por Tavani, e das referencias convencionais dos manuscritos. Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro & Martínez Pereiro & Tato Fontaiña (2007).

